

Observatorio Galego
de Dinamización Demográfica

# MOBILIDADE E MIGRACIÓNS EN GALICIA

Colección informes

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Mobilidade e migracións en Galicia.

Elabora:

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Edita:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

© da edición, Xunta de Galicia. 2024.

© do texto, Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. 2024.

Santiago de Compostela, 2024.

https://observatoriodemografico.xunta.gal/es/publicaciones

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Maquetación: alamces

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

# MOBILIDADE E MIGRACIÓNS EN GALICIA


Coordinadora:

María Xosé Rodríguez Galdo

Equipo de Coordinación:

María Xosé Rodríguez Galdo

María Cadaval Sampedro

Ana Belén Vázquez Eibes

Luis Domínguez Castro

Andrés Núñez González

Antía Pérez Caramés

Antía Domínguez Rodríguez

Secretaría:

Manuel Martínez Varela, Alberto Vázquez Sanmartín



XUNTA DE GALICIA



# ÍNDICE


PRESENTACIÓN. .......... 14

ARTIGO I

Informe sobre os movementos migratorios recentes en Galicia .......... 32

Introdución .......... 34

1 Os movementos migratorios internacionais .......... 34

1.1 A inmigración .......... 34

1.2 A emigración .......... 56

2 Os intercambios migratorios con outras partes de España .......... 72

2.1 A inmigración .......... 72

2.2 A emigración .......... 80

3 Crecemento poboacional, dinámica migratoria e equilibrio territorial .......... 82

Referencias bibliográficas .......... 85

ARTIGO II

Tendencias recentes da emigración xuvenil nas áreas rurais galegas .......... 86

Resumo .......... 88

1 Introdución .......... 88

**2 A delimitación das áreas rurais en Galicia ... 89**

**3 A situación xeodemográfica de Galicia no século XXI ... 91**

3.1 O aumento das desigualdades na distribución espacial da poboación ... 91

3.2. O agravamento do declive demográfico das áreas rurais ... 92

**4 A emigración rural en cifras: unha aproximación á súa evolución no século XXI ... 95**

4.1 A emigración rural no contexto da emigración autonómica ... 95

4.2 Evolución da emigración rural e composición por sexo e idade da poboación rural emigrante ... 96

**5 Principais causas da actual emigración rural xuvenil en Galicia ... 100**

**6 Conclusións ... 102**

**Referencias bibliográficas ... 103**

## ARTIGO III

## Elementos para unha análise da relación entre envellecemento demográfico e inmigración en Galicia ... 106

**1 Introdución ... 108**

**2 Estado da cuestión sobre as relacións entre inmigración e envellecemento ... 110**

**3 A achega demográfica da inmigración ... 114**

**4 A achega da inmigración á reprodución social de Galicia ... 118**

**5 Reflexións finais ... 123**

**Referencias bibliográficas ... 124**

## ARTIGO IV

## A dimensión da fuga de capital humano en Galicia e como reverter este proceso ... 126

**1 Introdución** ..................... **128**

**2 Unha revisión da literatura sobre as migracións de persoas con alto nivel de cualificación** ..................... **129**

**3 Propensión a emigrar da mocidade española: contextualización na Unión Europea** ..................... **131**

**4 A fuga de talento para Galicia** ..................... **132**

4.1 O fenómeno migratorio da poboación de Galicia ..................... 132

4.2.A situación do mercado laboral en Galicia e o proceso migratorio ..................... 137

4.3 Migración laboral dos mozos e mozas en Galicia: revisión da literatura ..................... 140

**5 Implicacións económicas e sociais da migración laboral dos mozos galegos con formación universitaria** ..................... **143**

**6 Recomendacións** ..................... **145**

**Conclusións** ..................... **150**

**Referencias bibliográficas** ..................... **152**

## ARTIGO V

**A evolución da emigración galega ao exterior e políticas autonómicas de retorno** ..................... **156**

**1 O retorno e a súa relación coa emigración** ..................... **158**

**2. Contextualización: o retorno na emigración galega** ..................... **160**

**3 O retorno da nova vaga da emigración galega** ..................... **163**

**4 As políticas de retorno da Comunidade Autónoma de Galicia** ..................... **168**

4.1 As políticas de retorno do Estado e os dereitos de cidadanía ..................... 168

4.2 As iniciativas autonómicas para o retorno e a súa evolución temporal ..................... 169

4.3. As políticas do retorno demográfico: breve caracterización ..................... 172

**5 Breves conclusións** ..................... **174**

**Referencias bibliográficas** ..................... **175**

## ARTIGO VI


## Inmigración e mercado laboral ........ 180

1 Introdución ........ 182

2 Os factores explicativos dos movementos migratorios ........ 182

3 Implicacións sobre o mercado de traballo da inmigración ........ 183

4 A situación do mercado laboral en Galicia e a inmigración ........ 184

5 A emigración retornada ........ 196

6 Conclusións ........ 198

Referencias bibliográficas ........ 198

## Índice de gráficas e táboas ........ 203



# PRESENTACIÓN





# PRESENTACIÓN

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica inicia coa publicación deste primeiro dossier, *Mobilidade e migracións en Galicia,* a colección de monografías temáticas que o Plenario do Observatorio tivo a ben aprobar na sesión do 29 de novembro de 2023. Nos anteriores informes deste observatorio sobre a situación demográfica de Galicia, de 2018 e 2023, a análise dos movementos migratorios ocupan un lugar destacado en consonancia, por unha parte, coa nosa propia historia migratoria e, de maneira particular hoxe en día, coa preocupación por afondar no seu significado no contexto dun acusado cambio poboacional e social[1].

Propoñémonos agora detérmonos primeiramente no apuntado en anteriores informes, sinalando as interpretacións que manteñen a súa vixencia antes que proceder a unha actualización exhaustiva dos datos dispoñibles e incorporar novas perspectivas de análise, tarefa que, por outra parte, se acomete nos distintos artigos que conforman este dossier. Nun segundo momento faremos a presentación das seis investigacións que foran solicitadas a especialistas no tema e que abranguen aspectos centrais dos actuais procesos migratorios en Galicia.

Centrármonos na análise da mobilidade da poboación esixe de seu ter moi en conta que o estudo da dinámica das poboacións humanas, obxecto principal da análise demográfica, permitiu establecer relacións entre as entradas e as saídas (nacementos e defuncións e migracións)[2] e o volume e a estrutura da poboación nun momento dado. Unha perspectiva de análise que, obviamente, preside todo estudo da dinámica da poboación e que imposibilita a interpretación illada de cada unha das súas compoñentes, como, unha vez máis, a nosa historia da poboación en Galicia mostra con toda evidencia como se aborda brevemente en páxinas posteriores[3]. Telo en conta é de especial relevancia no estudo das migracións ao manifestarse ademais hoxe como a variable demográfica máis sensible á actividade económica.

En Galicia, como se deixaba constancia nos devanditos informes, e igual que está a suceder nas sociedades desenvolvidas, as dinámicas migratorias son hoxe o elemento fundamental, ante o cambio de modelo reprodutivo, na explicación do crecemento ou decrecemento da poboación. Nesta dirección, xa se destacaba e analizaba en *Galicia, perspectivas demográficas* (2018), tema que obviamente se retomaba no informe de 2023, o papel dos fluxos migratorios exteriores á hora de determinar as variacións no crecemento real da poboación na nosa Comunidade Autónoma[4].

Coas súas características propias, que cómpre salientar como se busca con este monográfico, as dinámicas demográficas que afectan a Galicia forman parte dun amplo proceso xeral que está a afectar o conxunto

---

1 Como sabemos, o carácter transversal da demografía, entendida como a disciplina que estuda os fenómenos que condicionan a dinámica e evolución das poboacións, leva de seu a ter moi en conta as interaccións entre as dinámicas demográficas, económicas e sociais. A dinámica da poboación preséntase así inseparable do contexto sociocultural no que se produce, dado que as normas e valores sociais condicionan os comportamentos colectivos que subxacen a fenómenos demográficos como a fecundidade, a mortalidade ou a mobilidade. Decatémonos que igualmente a estrutura social e económica condiciona a probabilidade de ocorrer e o momento en que se experimentan acontecementos como ter descendencia, migrar ou ter unha morte prematura.

2 Xa entrañen as migracións saídas ou entradas de efectivos.

3 A modo de coda faise unha breve exposición nas páxinas finais desta presentación daqueles trazos máis salientables da nosa historia migratoria que poden servir de referencia no estudo das migracións actuais.

4 Por outra parte, centrar neste primeiro momento a nosa atención nos movementos migratorios exteriores non nos fai esquecer a importancia que continúan a ter os movementos migratorios internos dentro de España e de maneira especial no espazo interno da nosa Comunidade, como igualmente se abordaba nos capítulos de "poboación e territorio" nos informes anteriores. Trátase agora máis detidamente en dous dos artigos deste dossier: "Informe sobre os movementos migratorios recentes en Galicia" das profesoras Laura Suárez Grimalt, Antía Domínguez Rodríguez e Antía Pérez Caramés, como tamén especialmente no artigo "Tendencias recentes da emigración xuvenil nas áreas rurais galegas" das profesoras Rocio Toxo-Asorei e Ana Isabel García Arias.

do mundo occidental[5]. Verbo das migracións saliéntase o seu carácter de *migracións de substitución* como as denominaba NN.UU en 2001[6] ao constatar que na maioría dos países desenvolvidos, con sistemas complexos de reprodución (SCR), o saldo migratorio –o balance entre inmigración e emigración– constitúe o compoñente principal do crecemento, moi por riba do crecemento vexetativo (a diferenza entre restar os nacementos –máis escasos pola baixa fecundidade– e as defuncións –máis numerosas pola propia estrutura envellecida do histograma poboacional).

Enténdese así que dende hai apenas tres décadas a análise da mobilidade da poboación ocupe un espazo cada vez maior nos estudos das dinámicas poboacionais por entenderse como unha compoñente fundamental do crecemento poboacional[7]. De feito, se fixamos de primeiras a nosa atención no conxunto do mundo occidental, a mobilidade da poboación, con especial atención nos movementos trasfronteirizos, preséntase como a principal canle de modificación do tamaño da poboación[8]. Así mesmo, esta migración contemporánea, nun escenario mundial tan dinámico e complexo, concita moitas inquietudes (especialmente polo temor ás "alteracións étnicas" subseguintes) pero tamén leva de seu oportunidades e retos, especialmente no ámbito dos actuais procesos de globalización.

Unha migración internacional que adquiriu dinámicas cada vez máis complexas, mantendo algúns trazos e mostrando a emerxencia doutros novos, entre os que se sinalan: a feminización dos fluxos migratorios, que representan, segundo a ONU, o 51 por cento; o desenvolvemento da inmigración infantil; e inmigrantes provenientes do deterioración climática que, sendo xa maioritarios no mundo, continuarán *in crescendo* segundo previsións do Banco Mundial[9]. Sen esquecer nesta simple relación aos desprazados e refuxiados de guerra.

Trátase, con todo, de migracións que non acadan o volume que se podería deducir da atención que acaparan na actualidade, pois apenas o 3,5 por cento da poboación do mundo vive fóra do seu país natal. Agora ben, en Europa e América do Norte vive o 15 por cento da poboación mundial pero máis da metade do grupo de migrantes internacionais do mundo. As persoas que as protagonizan maioritariamente están en idade activa, cunha distribución por sexo xa non tan parella (51 por cento feminina). Subsisten aínda nestes tempos significativas barreiras económicas e institucionais á inmigración que se suman a unha oposición (en distintos grados) tanto social como política que se vive en países de economías avanzadas.

---

5 O que explica tamén que na análise das migracións predomine a visión dos países desenvolvidos.

6 NN.UU utiliza o concepto de migracións de substitución en referencia á migración internacional que se necesitaría para compensar as perdas no tamaño da poboación e as diminucións na poboación en idade de traballar, así como para compensar o envellecemento demográfico. En 2006 o británico D. Coleman define este mesmo proceso como a Terceira Transición Demográfica ("Immigration and ethnic change in low-fertility countries: A third demographic transition". *Population and Development Review,* v. 32, n. 3, p. 401- 446, 2006). As críticas a esta visión da inmigración como "solución" ao problema demográfico son recurrentes no ámbito demográfico, salientándose en verbas de A. Canales (2019) que "o predominio dunha visión utilitarista do migrante o invisibiliza como suxeito social e de dereitos" ("La centralidad de las migraciones en la reproducción de las sociedades avanzadas", en REMHU: *Revista Interdisciplinar da Mobilidade Humana*, vol. 27, núm. 57, 2019, e, pp. 101-121. Centro Scalabriniano de Estudos Migratórios).

7 Esta preocupación actual encubre, nalgunha medida, o interese de considerar a innata propensión a emigrar da especie humana.

8 Nunha perspectiva española de conxunto pódese así mesmo afirmar que dende o cambio de século os movementos migratorios exteriores convertéronse nunha compoñente fundamental da dinámica demográfica, con importantes repercusións para a vida económica, social e política do país. Sen os aportes poboacionais da inmigración non se explicaría, tendo en consideración os baixos índices de fecundidade en España, o crecemento da poboación española no seu conxunto. Cos datos do Padrón Municipal de habitantes, entre 1996 e 2006 a diferenza de poboación é de 5.039.570. Nese mesmo período o saldo vexetativo acumulado foi de 396.855 persoas, o que indicaría que o crecemento da poboación por saldo migratorio (entradas menos saídas) foi de 4.642.725 persoas..

9 Recóllense en BBVA (2023: "El desierto de las migraciones climáticas" en Monográficos Sostenibilidad, nº 8. Xaneiro de 2023) as estimacións do Banco Mundial sobre o número de afectados polas migracións climáticas que tan só en América Latina podían alcanzar a 17 millóns de persoas en 2050.

No caso de España, tanto a chegada moi numerosa de estranxeiros, atraídos polo boom do inicio dos anos 2000, como as marchas durante a grave crise económica que se iniciara en 2008 e a reactivación en anos posteriores dos fluxos migratorios, configuraron o perfil dunha gran parte da poboación de orixe inmigrante que reside en España na actualidade, aínda tendo en conta o "impacto asimétrico" da inmigración no conxunto do territorio español[10]. Decatémonos de que a emigración non é sempre unha viaxe só de ida (ensinóunolo ben a nosa historia migratoria, unha emigración cunha marcada vocación de "voltver" a Galicia). De feito, sabemos que hoxe as viaxes de volta son frecuentes e, cada vez máis, tamén para moitos inmigrantes que veñen de países cun menor nivel de desenvolvemento. Porén, os fluxos de saída tenden a ignorarse con frecuencia, en parte pola maior dificultade para reunir información certeira sobre eles.

No caso particular de Galicia, hai que retrotraer aos anos oitenta do pasado século, cando está coñecendo a fin do seu crecemento vexetativo, a constatación da pervivencia[11] do importante papel da emigración na súa dinámica demográfica, coincidente precisamente daquela co cambio de signo da balanza migratoria. Non está de máis lembrar que a nosa Comunidade, ata ben entrado o último cuarto do século pasado, podía considerarse un acaído paradigma de "país de emigración", exterior e interior. Foino por un tempo longo, que se retrotrae ata a segunda metade do século XVIII como se documenta nun importante feixe de traballos de demografía histórica. Sábese que durante un longo período de máis de douscentos cincuenta anos toda a vida social, económica, demográfica e cultural de Galicia se viu afectada pola presenza da emigración. Será precisamente a súa permanencia no tempo o que lle dea a Galicia a configuración dun país de emigración ata ben avanzado o século XX, mudada en "unha terra de adeuses", como significativamente lembraba R. Otero Pedrayo en 1954 no seu discurso de apertura do curso universitario.

Convertida a emigración en característica estrutural da súa sociedade nese longo período da nosa historia, aínda hoxe se proxecta a súa pegada na estrutura de idades da poboación principalmente[12] e no importante volume de xente vinculada a Galicia que reside no exterior.

Nas dúas últimas décadas, e de maneira máis acentuada dende 1999, Galicia está a vivir a súa particular transición migratoria. E de país expulsor de man de obra – en xeral, pouco cualificada-, pasou, nun lapso moi breve de tempo, a recibir achegas de poboación procedente do estranxeiro, especialmente poboación retornada e inmigrante, se ben esta última con achegas porcentuais máis reducidos que as relativas á media española nos mesmos anos.

Pero a pesar de que a inmigración en Galicia reflicte cifras inferiores ás doutras autonomías españolas, é evidente que no espazo galego se trata tamén dun feito de natureza crecente[13] e seica irreversible, que se veu alimentando, especialmente no caso da inmigración latinoamericana (aínda que non en todos os casos de inmigrantes desta procedencia, pensemos na inmigración ecuatoriana, peruana, colombiana...), pola existencia de sólidas redes migratorias tecidas por familiares de anteriores emigrantes a aquel continente (destaca na actualidade o caso da forte inmigración venezolana).

---

10 Noutro documento do BBVA Research (de outubro de 2024) co expresivo título de *Creciendo con más inmigración*, lese textualmente: "La inmigración ha pasado a ser motor de creación de empleo. De acuerdo con los datos de la Encuesta de Población Activa (EPA), en junio de 2024, España alcanzó un récord de 21,7 millones de personas ocupadas, 1,7 más que a finales de 2019. Esta generación de puestos de trabajo ha estado impulsada por la ocupación de personas con nacionalidad extranjera o doble nacionalidad. El empleo de este colectivo ha aumentado en 1,162 millones, un 36,5% más en poco más de cuatro años, y ha pasado de representar el 15,9% de la ocupación en el cuarto trimestre de 2019 al 20,0% en el segundo de 2024. Esta creación de empleo entre la población inmigrante es mayor que la que tuvo lugar entre 2000 y 2008 durante la expansión inmobiliaria, y es particularmente significativa si la comparamos con otros países europeos. Como destacamos en el último Observatorio Trimestral del Mercado de Trabajo de BBVA Research, FEDEA y la Fundación Sagardoy, la inmigración explica el 90% del crecimiento de la población activa dende 2021".

11 O que non equivale a dicir que non haxa importantes variacións na articulación das migracións no sistema demográfico en períodos ben longos da nosa historia.

12 No aspecto demográfico, a pegada que deixou na estrutura de idades explicaba fundamentalmente o menor crecemento vexetativo da poboación galega con respecto á española, un 0,2 por cento fronte ao 0,6 por cento anual no quinquenio 1981-1986 (M.X. Rodríguez Galdo, E. Pis Sánchez e M.T. Costa, 1992, *Evaluación del potencial de desarrollo endógeno de Galicia*).

13 Os gráficos 1, 2 e 3 permiten unha achega á valoración deste incremento migratorio.

## Gráfica 1. Taxa bruta de inmigración total. Provincias. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

## Gráfica 2. Persoas estranxeiras afiliadas á Seguridade Social en alta laboral. Galicia. Xuño 2011- agosto 2024




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Afiliacións á Seguridade Social.

Gráfica 3. Persoas afiliada á Seguridade Social en altal aboral.
Galicia. Xuño 2011- agosto 2024




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Afiliacións á Seguridade Social.

Como se sinalaba, a pegada da vella emigración está a representar unha potencialidade na proxección exterior de Galicia e ao mesmo tempo na atracción de poboación "retornada". A primeiros de século (2001) os retornados supuñan algo máis dun terzo dos inmigrantes en Galicia (34,3%). No último ano con datos (2021) os retornados case alcanzan a cuarta parte dos inmigrantes en Galicia (23%), podería pensarse que nesta caída inflúe poderosamente a crise da COVID, pero no ano previo, en 2019, a porcentaxe é aínda máis baixa (20,3%). Estes retornos son, a miúdo, protagonizados por descendentes (de segunda, terceira e ata coarta xeración) daquelas persoas que partiran hai anos de Galicia. Os datos máis actuais (2021) estannos a falar, porén, de retornos moi significativos de primeiras xeracións de emigrantes que volven ao seu concello de nacemento. Para o conxunto de Galicia representan o 54,4% do total de retornados para o ano de referencia. A distribución provincial amosa un predominio deste comportamento en Lugo (58,8%), seguida de Pontevedra (56,7%), Ourense (56,5%) e Coruña (50,4%). Se temos en conta o lugar de retorno a Galicia, hai unha maior tendencia a volver ao concello de orixe cando se fai dende o estranxeiro (55,8%) que dende o resto de España (53,9%).

Gráfico 4. Inmigración de retorno ao concello de nacemento Galicia. Xuño 2011- agosto 2024




Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir do IGE.

Táboa 1. Idade da inmigración externa (%)

| Idade | 2001 | 2021 |
|---|---|---|
| Menos de 16 anos | 17,2% | 13,7% |
| Entre 16 e 29 anos | 30,8% | 23,7% |
| Entre 30 e 54 anos | 37% | 42,4% |
| Máis de 55 anos | 15% | 20,3% |

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE INE. Estatística de variacións residenciais.

Se reparamos nos grupos de idade da inmigración externa cara a Galicia, hai un cambio de tendencia dende comezos do século. Os menores de 29 anos pasan do 48% ao 37,4%, mentres que os maiores de 30 anos pasan do 52% ao 62,7%. É dicir, a inmigración ten un perfil cada vez máis maduro, mesmo chegando os maiores de 55 anos a representar unha quinta parte do total. Este é un dato crítico á hora de empregar a inmigración como factor corrector da remuda xeracional. De cara a futuros estudos, será necesario analizar se os menores de 16 anos chegan cos seus proxenitores ou forman parte de proxectos de reagrupación familiar.

Gráfica 5. Idade media da emigración.Tramos de poboación. Galicia. Ano 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Gráfica 6. Idade media da inmigración. Tramos de poboación. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Unha valoración do papel que debe desempeñar a inmigración e o retorno na evolución da poboación galega non é fácil. A pesar da aparente solidez das tendencias demográficas (debido á inercia que impón a estrutura por sexo e idade, é dicir, ao peso dos comportamentos do pasado), a prospectiva verbo dos comportamentos poboacionais é difícil. Se atendemos á demografía, a prospectiva complícase porque cada vez máis a evolución da poboación se debe, como teimabamos en páxinas anteriores, á migración, o máis volátil dos fenómenos demográficos (e o sucedido a partir da crise de 2008 e de novo coa pandemia de Covid son unha boa mostra).

Agora ben, en Galicia as variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno[14] migratorio e de inmigración apenas logran compensar, e non sempre, os balances negativos do crecemento vexetativo, ao que hai que engadir o feito de que recobra importancia a emigración[15].

No que vai de século Galicia pasou dunha porcentaxe de poboación estranxeira do 0,9% ao 5,2% en 2023. En España, no mesmo período,  do 4% ao 13,4%. É dicir, o ritmo de crecemento do fenómeno migratorio está a ser máis intenso en Galicia, aínda que partindo de cifras máis baixas.

14 Coas matizacións que se sinalan máis adiante.

15 En España, tras décadas de relativa calma emigratoria, a emigración, tanto a interior en España como a nivel internacional, incrementouse nas comunidades autónomas que tradicionalmente foran expulsoras, como é, claro está, o caso de Galicia. Tras a crise de 2008, a diferenza de etapas anteriores cando as persoas que emigraban estaban escasamente formadas e partían maioritariamente de ámbitos rurais, os fluxos de saída tenden nestes tempos máis recentes a caracterizarse por un elevado nivel de instrución e orixe e formas de vida urbanas (o que deu lugar á súa categorización como "emigración do talento").

## Gráfica 7. Porcentaxe de poboación estranxeira por grao de urbanización




Fonte: IGE. Elaboración propia a partir do INE. Padrón municipal de habitantes

No informe do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica de 2023 documentábase que a porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia aumenta a medida que aumenta o grao de urbanización[16], e acada polo tanto na zona densamente poboada (ZDP) o seu valor máis alto (6,7% no ano 2023). A evolución histórica dos datos mostra que ese predominio tende a medrar, forzado polo maior atractivo vital e laboral dos núcleos urbanos máis importantes. As ZPP permanecen na terceira posición, pero logran recortar distancia coas ZIP que van perdendo posicións; porén este feito é debido ao peso das provincias occidentais de Coruña e Pontevedra, porque en Lugo e Ourense son as ZIP as que teñen máis presenza estranxeira, por riba das súas capitais, únicos núcleos ZDP nesas demarcacións. Polo que atinxe á distribución entre homes e mulleres, acúrtase a distancia ata case equipararse, mesmo os homes superan as mulleres nas ZDP e con máis claridade nas ZPP. O mercado laboral pode estar detrás destas cifras.

## Gráfica 8. Procedencia da inmigración externa por grao de urbanización




Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de INE. Padrón municipal de habitantes

16 Emprégase a terminoloxía empregada polo IGE ao analizar o grao de urbanización en Galicia.

En canto á procedencia da inmigración externa, hai un certo equilibrio entre a que chega dende outras comunidades autónomas españolas e a que procede doutros países, para o ano 2001, agás nas ZPP, onde predominan os arribados dende o resto de España. Por contra, en 2021, ese equilibrio rómpese en favor dos procedentes do estranxeiro nas ZDP e dos que proveñen do resto do territorio español. Este comportamento pode derivarse das cadeas familiares destes últimos e da maior facilidade dos estranxeiros para asentarse nos núcleos máis grandes, pero agás nas ZPP as diferenzas son demasiado pequenas para tirar conclusións. Haberá que afondar neste aspecto.

Gráfica 9. Saldos migratorios ZDP. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Este comportamento repítese ao considerar o indicador a nivel provincial no caso da Coruña e Pontevedra. Lugo e Ourense destacan por unha porcentaxe de poboación estranxeira moi elevada, tanto na ZDP como na ZIP, pero máis elevada nesta última.

Gráfica 10. Saldos migratorios ZIP. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

## Gráfica 11. Saldos migratorios ZPP. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

De feito, estes valores son superiores ás porcentaxes de poboación estranxeira observadas na ZDP (zonas densamente poboadas) das outras provincias. No período 2000-2022 a porcentaxe de poboación estranxeira incrementouse en todas as subzonas de urbanización. No ano 2022 a ZDP é a subzona na que a incidencia de poboación estranxeira é maior, ao redor do 5,6%.

## Gráfica 12. Idade media migración ZDP. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Gráfica 13. Idade media migración ZIP. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Gráfica 14. Idade media migración ZPP. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

O Informe de 2023 remataba o capítulo dedicado ás migracións repensando que demografía significa esencialmente natalidade, familia e migración e, por tanto, modelo de convivencia e posibilidade de gozar de benestar a medio e longo prazo. E para garantir un modelo viable é necesario elaborar un novo pacto xeracional e cultural porque non hai alternativa a unha realidade que é intercultural ou non será. A globalidade está a provocar que os movementos migratorios se diversifiquen e aceleren. Querer cambiar o signo das migracións sen transformar o modelo de convivencia e de crecemento, baseado este en boa medida na baixa cualificación, constitúe un espellismo perigoso. O reto será saltar a unha economía baseada na innovación, á vez que se aplica unha política migratoria proactiva[17]. Incluso en Galicia, en pouco tempo, ter unha soa identidade nacional na familia pode chegar a ser a excepción.

17 Merece destacar o Programa Arraigo Formación da Xunta de Galicia (coa colaboración da ONG Cáritas e empresas), único programa de España, en declaracións de representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que ofrece aos inmigrantes en situación irregular un "itinerario completo de arraigamento", que inclúe a seleción e capacitación dos beneficiarios, a procura de empresas que necesitan persoal, unha formación individualizada e o outorgamento de microcredenciais (certificados de aprendizaxes de curta duración).

O reto da diversidade en sociedades como a nosa non pode presentarse en termos dicotómicos (favor ou contra) e debe xestionarse coma un recurso. Precísase valorar que unha sociedade políglota e con rexistros culturais diversos ten un potencial de capacitación humana que nos pode permitir actuar globalmente nunha economía mundial interconectada, promovendo unha sociedade creativa e innovadora.

Ademais das políticas a favor do retorno de emigrantes, a Administración galega enfróntase neste momento á necesidade de artellar políticas posibles de retención e captación do talento para facilitar o retorno dunha xeración adulta nova, en posesión dun importante capital humano e con motivacións fundamentalmente económicas e de promoción da súa carreira profesional e de investigación, que previamente os levou a desenvolver o seu proxecto profesional no exterior.

A serie de gráficas seguintes nos que se recollen as taxas brutas de emigración interior e exterior (gráficas números 15, 16 e 17) e igualmente nas gráficas números 18 e 19 as taxas brutas de inmigración interior e exterior poden servir de apoio visual a algunhas das consideracións expostas no texto precedente, se ben, como se presenta decontado, achegan datos que se analizan por extenso en artigos que conforman este dossier.

## Gráfico 15. Taxa bruta de emigración interior. Provincias. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

## Gráfico 16. Taxa bruta de emigración exterior. Provincias. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Gráfico 17. Taxa bruta de emigración total. Provincias. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Gráfico 18. Taxa bruta de inmigración interior. Provincias. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Gráfico 19. Taxa bruta de inmigración exterior. Provincias. Galicia. 2011-2022




Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Indicadores migratorios.

Deixamos anotado en páxinas precedentes que a actualización exhaustiva dos datos actualmente dispoñibles e a incorporación de novas perspectivas de análise foi o requirimento feito ao feixe de especialistas que elaboraron os seis artigos que dan forma fundamental a este dossier que se inicia co traballo das investigadoras da universidade de A Coruña Laura Suárez Grimalt, Antía Domínguez Rodríguez e Antía Pérez Caramés, "Informe sobre os movementos migratorios recentes en Galicia". Nel ofrécese unha panorámica pormenorizada da evolución dos fluxos de inmigración e emigración coa fin de comprender a súa relevancia na transformación demográfica de Galicia nos últimos vinte anos. Enfróntase a dificultade de contabilizar a poboación migrante, o que significa unha importante eiva para a obtención dun valor de saldo migratorio real, que se trata de superar calculando o saldo migratorio a través da poboación (os nacementos e as defuncións). A presentación do saldo migratorio como resultado do cálculo do crecemento poboacional eliminando o efecto do crecemento natural sustenta a conclusión de que o saldo migratorio en Galicia foi positivo en todo o período estudiado excepto entre os anos 2012 e 2016, froito do impacto da crise do 2008.

O segundo traballo, "Tendencias recentes da emigración xuvenil nas áreas rurais galegas", foi elaborado polas investigadoras do Campus Terra de Lugo (USC) Rocío Toxo-Asorei e Ana Isabel García Arias. As autoras desta investigación detéñense primeiro en analizar as características das dinámicas demográficas e dos fluxos migratorios recentes que tiveron lugar nas áreas rurais galegas (delimitadas con base nos criterios establecidos polos principais organismos europeos) e en identificar as principais causas que os motivaron, con especial atención nos determinantes da actual emigración rural xuvenil en Galicia.

Nas zonas rurais (ZPP, zonas pouco poboadas) os saldos migratorios non compensaron os saldos vexetativos tan negativos que determinaron a tendencia á perda de poboación nestas áreas, e agrandouse aínda máis a fenda entre zonas rurais e non rurais. Porén, a crise sanitaria sufrida no ano 2020 debido á pandemia causada pola COVID-19 rompeu con esta tendencia, ao incrementar a taxa de crecemento migratorio nas zonas rurais, favorecendo unha desaceleración no seu proceso de perda de poboación. Pola contra, nas áreas non rurais, as taxas de crecemento migratorio non foron suficientes para compensar as taxas negativas de crecemento vexetativo e, por primeira vez, perderon poboación nos anos 2020 e 2021. Con todo, no ano 2022 as áreas non rurais volveron mostrar comportamentos similares aos da época de pre-pandemia. Destacan nas conclusións da súa contribución que neste século tres cuartas partes das emigracións rurais tiveron como destino algún concello de Galicia. Mentres que a emigración a outra comunidade autónoma descendeu, a taxa de variación da emigración ao estranxeiro e da emigración interna foi positiva. No caso concreto da emigración interna, incrementouse en case un trinta por cento, e foron os grupos de idade entre 29 e 34 anos onde se rexistraron as maiores saídas, que foron maiores nas mulleres que nos homes. Polo tanto, son as mulleres novas as que protagonizan en maior medida a emigración rural interna cara a zonas máis urbanizadas, e tamén as que incrementan máis as súas saídas cara a outras comunidades autónomas no grupo de idade de 20 a 24 anos.

A investigación de Antía Domínguez-Rodríguez e Antía Pérez-Caramés, da Universidade da Coruña ten por título "Elementos para unha análise da relación entre envellecemento demográfico e inmigración en Galicia". Como facilmente se deduce do mesmo título, as autoras tentan profundar con rigor analítico na relación existente entre o proceso de envellecemento da poboación en Galicia e a dinámica da inmigración. O interese da súa abordaxe reside principalmente en que se adoita asociar a chegada de inmigrantes co posible freo ou mesmo reversión da tendencia ao envellecemento demográfico.

Da necesaria análise da situación demográfica actual de Galicia, atendendo tanto a aspectos estruturais (distribución por sexo e idade da poboación), como de dinámica (facendo referencia aos procesos de cambio poboacional) conclúese que a poboación galega se encontra nun estado de certa estabilidade en canto ao seu volume de habitantes, que se caracteriza por unha dinámica demográfica de débil crecemento, alentada por un saldo vexetativo negativo, dado o envellecemento da poboación, e un saldo migratorio positivo, que achega pouca poboación se é que consegue compensar a magnitude do crecemento natural.

Se ben a dinámica estrutural segue a tendencia cara a un maior envellecemento, a chegada e instalación de poboación procedente do estranxeiro ralentiza lixeiramente este proceso, ao achegar poboación en idades adultas mozas á pirámide da poboación galega. Con todo, aínda sendo positiva en termos demográficos, a

achega da inmigración non serve para reverter o carácter inexorable do proceso de envellecemento. Porén, existe outra dimensión na que a achega da inmigración é particularmente importante para a sociedade galega e que tamén ten ver coa forma en que se produce a reprodución, pero neste caso a reprodución social.

Nesta dirección, saliéntase que a man de obra migrante e, especialmente, o traballo das mulleres migrantes, son significativos naquel conxunto de traballos considerados esenciais e que están relacionados coa sustentabilidade e o mantemento da vida, sexa a través dos coidados ou da produción de alimentos. Tamén, o traballo das mulleres migrantes como coidadoras de criaturas, maiores e persoas en situación de dependencia, a través da fórmula do emprego do fogar, demostrou ser un mecanismo ao alcance dunhas poucas familias para garantir a reprodución social. Neste senso, foi unha ferramenta privada de conciliación en condicións de débil investimento social en coidados e de escasa corresponsabilidade.

Rematan o seu artigo destacando a achega dobre que ten a inmigración para a sociedade e a poboación galega, tanto no que se refire ao ámbito estrito da reprodución das xeracións, isto é, da substitución xeracional ou demográfica, como na reprodución social a través da súa implicación nos traballos de coidados dentro e fóra dos fogares.

O profesor da Universidade de Vigo Alberto Vaquero García inicia o primeiro dos seus traballos, "A dimensión da fuga de capital humano en Galicia e como reverter este proceso", cunha serie de consideracións extraídas da literatura económica. Así, apúntase que a mobilidade dos recursos humanos permite mellorar os axustes en cantidade de traballo e salarios, xa que as persoas buscan a maior rendibilidade do seu investimento. O problema é cando a perda temporal de capital humano derivada da emigración se converte en permanente, isto é, non hai retorno. Así mesmo, a situación complícase aínda máis cando o capital humano que se incorpora ten un menor nivel de experiencia ou formación que o que emigrou, polo que o efecto neto en formación resulta deficitario. Acerca do carácter da mobilidade das persoas con titulación universitaria, cada vez maior a nivel mundial pois hoxe en día o mercado laboral é o mundo, saliéntase que dentro deste fenómeno crecente de globalización se dan tamén outros de aglomeración e concentración da poboación ao redor de certos focos ou polos xeográficos, que responden non só a cuestións estritamente económicas e que implican unha alta concentración de capital humano nun espazo reducido. A mobilidade implica, así mesmo un proceso migratorio que condiciona a transición cara á vida adulta e provoca unha serie de riscos nas traxectorias vitais e nas condicións de vida das persoas mozas con importantes efectos nos orzamentos públicos, nas taxas de natalidade ou na creación de novas empresas.

Teima este investigador en que nun contexto globalizado e interconectado, como o actual, é inevitable que as persoas con máis capital humano, se teñen ocasión, decidan marcharse a aqueles territorios que lles ofrecen mellores condicións, tanto laborais como non laborais. A mobilidade dos traballadores e traballadoras é algo innato na economía; o problema é cando esta situación implica renunciar, de forma continuada, a persoas altamente formadas que se ven obrigadas a emigrar. Este é o verdadeiro problema. A mobilidade temporal é incluso algo que se ven defendendo dende o ámbito empresarial ou universitario, pero evitando que sexa de natureza permanente.

Antes de proceder a unha análise particularizada da perda de capital humano en Galicia, buscouse conceptualizar a migración de persoas con alto nivel de formación e profundar nas razóns que xustifican a decisión de emigrar das persoas mozas. Á hora de abordar a cuantificación da fuga de talento en Galicia sinálase que as fontes estatísticas dispoñibles só permiten unha aproximación a esta realidade. A partir da EVR (Enquisa de variacións residenciais), en 2022 producíronse 32.697 movementos de saída de Galicia (e rexistráronse 59.948 movementos de entrada), o que permite sinalar un saldo migratorio neto (entradas menos saídas) de 27.251 movementos. Por motivos laborais, e a partir da Estatística de mobilidade do mercado de traballo nas fontes tributarias da AEAT, a poboación nacida en Galicia que emigra por cuestións de natureza laboral acaba traballando como asalariada nun número limitado de CCAA. A Comunidade de Madrid e Cataluña son os destinos máis frecuentes. Entre ambas CCAA recollen o 50% da poboación asalariada que saíu de Galicia entre 2016 e 2022. Estas dúas CCAA son tamén as que máis traballadores inmigrantes achegan a Galicia.

Con todas as cautelas expostas, pódese sinalar que, debido ao proceso migratorio das persoas con titulación universitaria, Galicia incorre anualmente nun custo por xerar titulados que emigran fundamentalmente por cuestións laborais de, como mínimo, 209 millóns de euros (supoñendo que os estudantes terminan a súa formación en catro anos), cantidade que se amplía aos 366 millóns (se terminan en sete). Ademais, este proceso migratorio supoñería unha perda de nacementos anual de, como mínimo, 1.353 nenos e nenas. Así mesmo, deixaríanse de crear anualmente ao redor de 470 novas empresas. Para tratar de frear esta situación, o autor debulla unha serie de recomendacións (nun total de sete) .

As profesoras da Universidade da Coruña Belén Fernández-Suárez e Sandra López-Pereiro presentan os resultados da súa investigación no artigo titulado "A evolución da emigración galega ao exterior e políticas autonómicas de retorno", no que fan uso para o estudo da emigración dos datos de saídas e entradas que proporciona a Enquisa de variacións residenciais (EVR) para o colectivo de galegos/as de nacionalidade española e residentes no estranxeiro.

Os resultados máis significativos apuntan a que entre 2008 e 2021 os movementos migratorios en Galicia -do perfil de persoas con nacionalidade española e nacidos en España- experimentaron unha evolución significativa, cun aumento das saídas cara ao estranxeiro ata 2015 e producíndose un cambio de tendencia a partir dese ano, cando os retornos comezan a incrementarse. Este fenómeno leva a que dende 2017 Galicia presente un saldo migratorio positivo neste perfil, con máis entradas que saídas. As saídas están protagonizadas principalmente por persoas menores de 45 anos, mentres que os retornos se concentran en persoas maiores de 55 anos, suxerindo un regreso de migrantes que marcharan en décadas anteriores. A nivel de xénero, ambos fluxos teñen unha lixeira masculinización e, xeograficamente, A Coruña e Pontevedra concentran a maior parte das saídas e entradas. No caso dos destinos migratorios, os galegos emigran principalmente a países europeos e americanos. Destacan Suíza, Reino Unido e Estados Unidos, mentres que os retornos proceden de países con tradición migratoria galega, como Suíza e Venezuela.

Unha importante conclusión apunta a que seguimos a perder poboación nas idades iniciais da vida laboral, polo menos no que podemos caracterizar baixo a etiqueta de "nova vaga emigratoria galega".

Verbo das políticas de retorno, fortemente incentivadas dende o goberno autonómico, consideran que poden estimular a chegada de descendentes de galegos predispostos á emigración. Porén, a cuestión máis difícil de cotexar é o volume dese retorno, ata que punto eses retornos van provocar unha instalación duradeira en Galicia, e finalmente, se esa afinidade e proximidade coa identidade galega pode servir para a súa integración na sociedade de destino, debate que se aborda en relación coas bolsas BEME (bolsas excelencia mocidade exterior).

As políticas de emigración e retorno en Galicia evolucionaron dende un enfoque asistencialista inicial a unha estratexia máis centrada na empregabilidade e no rexuvenecemento demográfico; así programas como *Reencontros con Galicia*, conviven con novas iniciativas enfocadas en atraer xente nova e talento cualificado, como as bolsas para estudos e programas de formación profesional. Nesta dirección, sinalan que dende 2020 as políticas de retorno teñen un enfoque transversal que implica diversos departamentos e están orientadas a atraer galegos e galegas no exterior, especialmente a xente máis nova, para dinamizar demograficamente e economicamente Galicia. Esta estratexia busca fomentar o retorno de persoas con vínculos co territorio e captar talento para fortalecer o tecido produtivo galego.

O segundo dos traballos neste dossier do profesor A. Vaquero García aborda os factores explicativos dos movementos migratorios e as implicacións sobre o mercado de traballo, coa ollada posta na inmigración, pero tamén na emigración retornada. Alén dos aspectos negativos que adoitan destacarse sobre os fenómenos migratorios, o autor chama a atención sobre a importante achega da inmigración á sociedade a través da súa inserción laboral. A inmigración ten o beneficio, segundo reflicte este estudo, de tornar en positivo un crecemento vexetativo inicialmente negativo. Ademais, identifica que as persoas que chegan se distínguen pola súa vontade de integración e estabilidade a longo prazo, ao contrario do que sucedía no pasado, con aspiracións sociais e económicas a longo prazo e co reagrupamento familiar coma unha prioridade.

Malia isto, Galicia está lonxe de ser unha comunidade altamente dinámica na atracción de inmigrantes, debido sobre todo ás menores oportunidades laborais que presenta. Sen esquecer que boa parte do retorno da emigración, sobre todo aquela que chegou de países de América do Sur, se fai a unha idade avanzada, o que limita os efectos positivos destacados previamente con respecto á poboación en idade de traballar. Con todo, conclúe este autor, obsérvase un cambio de perfil dos retornados nos últimos anos, que podería contribuír a mellorar a situación demográfica de Galicia. É clave neste proceso o papel da administración autonómica á hora de recuperar o talento emigrado.

Considerouse de interese introducir, a modo de coda, nas páxinas finais desta presentación, como se a anunciaba na anterior nota 3, un moi breve recordatorio daqueles trazos máis salientables da nosa historia migratoria que poden servir de acaída referencia no estudo das migracións actuais. Se ben se sinalaba que, en concreto, a maior preocupación pola análise das migracións en canto que variable demográfica ten un percorrido relativamente recente, non é así se fixamos a atención nos estudos de demografía histórica en Galicia. Falouse da emigración en Galicia como característica estrutural da súa sociedade porque cando a emigración persiste no tempo acaba converténdose nun trazo estrutural, inseparable da sociedade na que se produce, como efectivamente veu ocorrendo en Galicia nun longo período que se prolonga ata ben avanzado o pasado século XX.

En *Galicia país de emigración*[18] salientase o significado desta variable demográfica ao mostrarse como resultado de mecanismos inherentes ao sistema demográfico, e tamén das formas de organización e reprodución dos grupos domésticos e do lento proceso de adaptación e integración do sistema produtivo nunha economía capitalista. E, ao tempo, como se sinalaba, a emigración mostrase como unha característica estrutural dun réxime de baixa presión demográfica e como un factor fundamental sen o que non é posible comprender a propia evolución da sociedade galega. De ningún modo a constante presenza da emigración en Galicia dende o século XVIII e a súa perdurabilidade —poderíase dicir en toda a nosa historia contemporánea— poden interpretarse como un efecto temperá da súa transición demográfica. Dende as últimas décadas do século XVIII, cando empeza a agudizarse a emigración, como amosan diversas estimacións demográficas[19], Galicia está inserida claramente, dentro do mapa da Península Ibérica, nun réxime de baixa presión demográfica que se manifesta nunha mortalidade máis benigna que a media española e nunha fecundidade xeral menor. E se Galicia presenta xa nestes anos un desnivel entre mortalidade e fecundidade notables en comparación coa media española, a menor fecundidade non é debida a unha limitación consciente dos nacementos senón a unha nupcialidade menor fortemente influída pola elevada emigración masculina. O papel de "contención" (do crecemento demográfico) de ambas as dúas variables demográficas (nupcialidade e emigración) analizase en "Emigración y frenos malthusianos. Una lectura dende el análisis de las primeras fases de la transición demográfica en Galicia"[20]. O interese da análise conxunta de ambas as dúas variables deriva de que se trata de dúas variables demográficas nas que os elementos culturais e económicos xogan un papel máis relevante, polo que poden facilitar unha mellor comprensión do réxime demográfico galego e a súa mesma capacidade de evolución, dada a súa flexibilidade para "adaptarse" á reprodución do sistema.

En resumo. Un réxime demográfico que presenta no longo período sinalado, como trazos básicos, unha nupcialidade tardía, elevada solteiría, fecundidade natural (que empezaría a rachar en determinados ámbitos xeográficos con anterioridade, pero sen mostras claras de empezar a cambiar de signo ata as primeiras décadas do século XX), mortalidade moderada, notoria presenza da familia extensa e múltiple, e forte emigración. E onde todos os seus elementos aparecen conectados entre si e relacionados co sistema social e económico de reprodución.

18 M.X Rodríguez Galdo, (1993)

19 F. Bustelo (1974), R. Rowland (1988), F. Dopico (1988), F. Dopico e R. Rowland (1990), A. Eiras Roel (1990).

20 M.X.Rodríguez Galdo e A. Losada (2006).



# ARTIGO I



# INFORME SOBRE OS MOVEMENTOS MIGRATORIOS RECENTES EN GALICIA

**Laura Suárez Grimalt**

Profesora axudanta doutora. Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI). Universidade da Coruña. Email: laura.suarez.grimalt@udc.es

**Antía Domínguez Rodríguez**

Profesora axudanta doutora. Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI). Universidade da Coruña. Email: a.drodriguez@udc.es

**Antía Pérez Caramés**

Profesora contratada doutora. Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI). Universidade da Coruña. Email: antia.perez@udc.es

## Introdución

Nas últimas décadas, Galicia experimentou transformacións significativas nas súas dinámicas demográficas, nas que os fluxos migratorios, tanto de entrada como de saída, se definiron como importantes protagonistas da súa estrutura poboacional. Este capítulo ofrece unha panorámica pormenorizada da evolución dos fluxos de inmigración e emigración, co fin de comprender a súa relevancia na transformación demográfica da comunidade. A partir de diferentes fontes estatísticas de datos secundarias do Instituto Nacional de Estadística (Estatística de variacións residenciais, Estatística do padrón continuo e o Padrón de españois residentes no estranxeiro) examínanse os fluxos migratorios que teñen Galicia como destino ou orixe nos últimos 20 anos, e proporciónanse os datos necesarios para entender os retos e oportunidades asociados á dinámica migratoria da comunidade.

## 1 Os movementos migratorios internacionais

Neste apartado analizaremos a dinámica migratoria en Galicia de carácter internacional, isto é, os intercambios de poboación entre Galicia e o estranxeiro, sexa na dirección de chegada, o que se denomina inmigración internacional, ou ben na de saída, o que constituirá a emigración internacional.

## 1.1 A inmigración

### 1.1.1 Os fluxos de inmigración dende o estranxeiro

Na gráfica 20 vemos a evolución dos fluxos de inmigración a Galicia en algo máis das dúas últimas décadas (entre 1998-2021) en función do lugar de nacemento da persoa que protagoniza a inmigración. Como vemos, na inmigración internacional predominan as persoas nacidas no estranxeiro, que representan un 86% da totalidade das chegadas só no último ano de observación, 2021. Porén, non son a totalidade dos fluxos, porque as persoas nacidas en Galicia tamén teñen unha contribución importante. Concretamente, no ano 2021 supuñan o 12% do total de chegadas procedentes do estranxeiro. Este continxente son retornos de persoas previamente emigradas.

A evolución que segue a inmigración internacional de persoas foráneas amosa dous momentos álxidos: os primeiros anos do século XXI, coincidindo co que en España se chamou "boom migratorio" (Arango, 2009) e o momento poscrise, previo á Covid-19, entre os anos 2015-2019, en que se recupera a inmigración tras o período da recesión.

Gráfica 20. Evolución dos fluxos de poboación a Galicia en función do lugar de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Se analizamos a tendencia por sexo, tal e como se recolle na gráfica que vén a continuación, comprobaremos como a participación de mulleres e homes nos fluxos de inmigración do estranxeiro é parella, e non existe apenas distancia numérica nos volumes de chegadas observados para cada ano do período 1998-2021.

Gráfica 21. Evolución dos fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro en función do sexo




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Tamén resulta de interese analizar a procedencia das persoas que participan do proceso de inmigración internacional a Galicia. Se extraemos os principais países de orixe destas persoas migrantes, comprobamos como a grand maioría son países de América Latina (Cuba, República Dominicana, Arxentina, Brasil, Colombia, Perú, Uruguai e Venezuela), pero tamén aparecen dous países europeos (o veciño Portugal e Romanía) e un africano (Marrocos). No seu conxunto, representan unha fusión das tendencias xerais da inmigración a España no seu conxunto, na que moitos destes países aparecen tamén representados nos primeiros postos, cuns matices propios, derivados, principalmente, da experiencia secular da emigración galega, así como dos lazos de veciñanza e intercambio poboacional que se manteñen con Portugal (Oso, Lamela e López de Lera, 2005). Efectivamente, no que respecta aos países latinoamericanos, atopámonos con países con vínculos históricos

claros coa emigración galega, como Cuba, Venezuela, Arxentina e, en menor medida, Brasil ou Uruguai, pero tamén aparecen outros nos que a emigración galega foi pouco significativa, como a República Dominicana, Colombia ou Perú. No seu conxunto, supoñen un panorama no que as raíces da emigración teñen peso, pero tamén fenómenos máis recentes, como o proceso de refuxio dende Venezuela ou Colombia e, en xeral, para todos os países considerados, a procura de oportunidades e mellores condicións de vida.

Gráfica 22. Fluxos de poboación procedente do estranxeiro en función dos principais países de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Outra variable que nos permite describir a inmigración internacional que chega a Galicia é a nacionalidade.

Táboa 2. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por lugar de nacemento e nacionalidade

| | Nacionalidade española | | | Nacionalidade estranxeira | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Resto de España | Galicia | Estranxeiro | Resto de España | Galicia | Estranxeiro |
| **1998** | 190 | 3.724 | 1.565 | 5 | 28 | 1.338 |
| **1999** | 224 | 3.967 | 1.908 | 2 | 53 | 2.352 |
| **2000** | 243 | 4.180 | 2.244 | 15 | 57 | 5.808 |
| **2001** | 128 | 2.031 | 1.808 | 6 | 55 | 7.367 |
| **2002** | 235 | 4.286 | 3.914 | 9 | 79 | 9.663 |
| **2003** | 243 | 4.092 | 3.296 | 13 | 73 | 9.336 |
| **2004** | 218 | 4.026 | 2.528 | 10 | 87 | 12.497 |
| **2005** | 195 | 3.481 | 2.100 | 15 | 90 | 13.952 |
| **2006** | 218 | 3.579 | 2.189 | 13 | 77 | 16.872 |
| **2007** | 257 | 3.431 | 2.101 | 22 | 66 | 20.509 |
| **2008** | 173 | 2.373 | 1.541 | 19 | 76 | 17.983 |
| **2009** | 163 | 1.966 | 1.103 | 31 | 74 | 11.798 |
| **2010** | 114 | 1.760 | 1.424 | 33 | 78 | 10.469 |
| **2011** | 174 | 2.058 | 1.476 | 32 | 79 | 10.028 |

| | Nacionalidade española | | | Nacionalidade estranxeira | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Resto de España | Galicia | Estranxeiro | Resto de España | Galicia | Estranxeiro |
| **2012** | 155 | 1.773 | 1.137 | 32 | 67 | 7.158 |
| **2013** | 139 | 1.674 | 1.105 | 25 | 73 | 6.252 |
| **2014** | 174 | 1.927 | 1.324 | 24 | 73 | 6.855 |
| **2015** | 212 | 2.297 | 1.757 | 31 | 86 | 7.711 |
| **2016** | 298 | 2.491 | 2.336 | 27 | 97 | 10.487 |
| **2017** | 262 | 2.820 | 3.120 | 33 | 95 | 12.748 |
| **2018** | 320 | 2.885 | 3.500 | 39 | 94 | 17.345 |
| **2019** | 374 | 2.752 | 3.584 | 50 | 86 | 20.086 |
| **2020** | 269 | 1.893 | 1.680 | 36 | 54 | 10.615 |
| **2021** | 306 | 2.363 | 2.712 | 31 | 60 | 14.247 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Gráfica 23. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro con nacionalidade española por lugar de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Nos fluxos de inmigración internacional a Galicia o predominante na actualidade é que veñan persoas con nacionalidade estranxeira e que aquelas con nacionalidade española, ben que son emigrantes galegos/as que retornan, ben porque posúen algún tipo de vínculo con Galicia que lles permite acceder á nacionalidade española, son unha minoría. Pero isto non sempre foi así. Durante os anos noventa prodúcese a cancelación do ciclo migratorio en Galicia (Bouzada Fernández, Lage Picos e Saco Álvarez, 2005; Pérez-Caramés, 2016), de forma que o saldo migratorio, negativo durante décadas dada a persistencia da emigración, pasa a rexistrar valores debilmente positivos debido, fundamentalmente, ao retorno da emigración. Así, na seguinte táboa, táboa 3, comprobamos como a finais da década dos noventa a inmigración procedente do estranxeiro con nacionalidade española era a predominante, cunha proporción sobre o total do fluxo de 80% no ano 1998, que descende abruptamente ata caer por debaixo da metade de chegadas do estranxeiro no ano 2001. A partir de aquí, e durante todos os anos para os que temos datos do século XXI, a proporción de persoas de nacionalidade española decrecerá continuamente, é no ano 2021 do 27%. Con todo, non deixa de ser relevante a participación na inmigración de persoas cuxo vínculo con Galicia se plasma na

posesión da nacionalidade española, feito que constitúe unha singularidade con respecto ao que acontece coa inmigración internacional noutras comunidades autónomas.

Táboa 3. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por nacionalidade

| | Nacionalidade española | | Nacionalidade estranxeira | |
|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % |
| **1998** | 5479 | 80,0 | 1371 | 20,0 |
| **1999** | 6099 | 71,7 | 2407 | 28,3 |
| **2000** | 6667 | 53,1 | 5880 | 46,9 |
| **2001** | 3967 | 34,8 | 7428 | 65,2 |
| **2002** | 8435 | 46,4 | 9751 | 53,6 |
| **2003** | 7631 | 44,7 | 9422 | 55,3 |
| **2004** | 6772 | 35,0 | 12594 | 65,0 |
| **2005** | 5776 | 29,1 | 14057 | 70,9 |
| **2006** | 5986 | 26,1 | 16962 | 73,9 |
| **2007** | 5789 | 21,9 | 20597 | 78,1 |
| **2008** | 4087 | 18,4 | 18078 | 81,6 |
| **2009** | 3232 | 21,4 | 11903 | 78,6 |
| **2010** | 3298 | 23,8 | 10580 | 76,2 |
| **2011** | 3708 | 26,8 | 10139 | 73,2 |
| **2012** | 3065 | 29,7 | 7257 | 70,3 |
| **2013** | 2918 | 31,5 | 6350 | 68,5 |
| **2014** | 3425 | 33,0 | 6952 | 67,0 |
| **2015** | 4266 | 35,3 | 7828 | 64,7 |
| **2016** | 5125 | 32,6 | 10611 | 67,4 |
| **2017** | 6202 | 32,5 | 12876 | 67,5 |
| **2018** | 6705 | 27,7 | 17478 | 72,3 |
| **2019** | 6710 | 24,9 | 20222 | 75,1 |
| **2020** | 3842 | 26,4 | 10705 | 73,6 |
| **2021** | 5381 | 27,3 | 14338 | 72,7 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Se desagregamos os fluxos de inmigración por sexo e nacionalidade, observamos como a tendencia que observabamos cara á maior presenza de persoas de nacionalidade estranxeira a medida que se avanza no século XXI se mantén. É minoritaria entre finais dos noventa e comezos deste século, inverte as proporcións de participación, para ambos os sexos, e afiánzase este patrón nas máis de dúas décadas do século XXI.

Táboa 4. Porcentaxe de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por sexo e nacionalidade

| | Home | | Muller | | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nacionalidade española | Nacionalidade estranxeira | Nacionalidade española | Nacionalidade estranxeira | |
| **1998** | 40,45 | 8,20 | 39,53 | 11,81 | 100 |
| **1999** | 37,26 | 12,30 | 34,45 | 16,00 | 100 |
| **2000** | 28,00 | 21,39 | 25,14 | 25,47 | 100 |
| **2001** | 19,33 | 30,34 | 15,48 | 34,85 | 100 |
| **2002** | 25,22 | 26,49 | 21,16 | 27,13 | 100 |
| **2003** | 24,42 | 26,93 | 20,33 | 28,32 | 100 |
| **2004** | 18,68 | 31,45 | 16,29 | 33,58 | 100 |
| **2005** | 15,45 | 35,23 | 13,67 | 35,65 | 100 |
| **2006** | 13,98 | 36,71 | 12,11 | 37,20 | 100 |
| **2007** | 11,56 | 41,99 | 10,38 | 36,07 | 100 |
| **2008** | 9,72 | 41,80 | 8,72 | 39,76 | 100 |
| **2009** | 11,33 | 39,91 | 10,02 | 38,73 | 100 |
| **2010** | 12,65 | 37,33 | 11,11 | 38,91 | 100 |
| **2011** | 14,22 | 36,85 | 12,56 | 36,38 | 100 |
| **2012** | 15,68 | 34,62 | 14,02 | 35,69 | 100 |
| **2013** | 16,58 | 33,83 | 14,90 | 34,69 | 100 |
| **2014** | 17,54 | 33,35 | 15,47 | 33,64 | 100 |
| **2015** | 18,63 | 31,30 | 16,64 | 33,42 | 100 |
| **2016** | 17,58 | 32,06 | 14,99 | 35,37 | 100 |
| **2017** | 16,97 | 31,55 | 15,54 | 35,94 | 100 |
| **2018** | 14,06 | 34,43 | 13,67 | 37,84 | 100 |
| **2019** | 13,20 | 35,70 | 11,71 | 39,38 | 100 |
| **2020** | 14,12 | 36,67 | 12,29 | 36,92 | 100 |
| **2021** | 14,21 | 35,86 | 13,08 | 36,85 | 100 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Na seguinte gráfica, gráfica 24, vemos a evolución dos fluxos de inmigración do estranxeiro a Galicia en función da nacionalidade. Vemos que o predominante é a inmigración internacional de nacionalidade estranxeira, se ben isto non era así a finais dos anos noventa, en que a predominancia do retorno na inmigración internacional facía que na composición por nacionalidade das chegadas o máis habitual era a nacionalidade española. Esta tendencia cambia coa entrada no novo século e mantense invariable dende entón. Con todo, a presenza de persoas con nacionalidade española na inmigración dende o estranxeiro non é insignificante, o que dá mostra da experiencia histórica de emigración, así como dos diversos mecanismos existentes e postos en marcha para obter a nacionalidade española, ao ser de segunda ou mesmo terceira xeración e residir no estranxeiro (Golías, 2018).

Gráfica 24. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por nacionalidade española/estranxeira




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

De entre as principais nacionalidades participantes e, alén da española, destaca particularmente nos últimos anos Venezuela, o que se explica tanto pola situación política, social e económica que está a vivir o país, como polo vínculo histórico existente coa emigración galega de mediados do século pasado. A continuación vén un país sen vínculos coa emigración previa galega, pero que tamén está a xerar un elevado volume de persoas desprazadas, como é Colombia e, nas dúas últimas posicións, están Portugal, un país de permanente contacto migratorio con Galicia, e tamén Brasil.

Gráfica 25. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por sexo de persoas con nacionalidade estranxeira por principais países de nacionalidade




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

A análise da evolución temporal dos fluxos de chegada do estranxeiro por grupos de idade amosa, por unha banda, o tránsito dunha migración vinculada ao retorno, máis avanzada en idade, que se distribúe con certa ecuanimidade entre os dous grupos de idade adulta e mesmo avanzada, a unha inmigración internacional, con menos vínculos con Galicia, máis orientada cara ao laboral e económico na súa motivación e que, en consecuencia, rebaixa a participación das idades máis avanzadas en favor das persoas adultas mozas e, mesmo cara aos últimos anos de observación, cara ás persoas de menor idade.

Gráfica 26. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por sexo e grupos quinquenais de idade




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

## 1.1.2 A poboación residente en Galicia. O stock de poboación procedente do estranxeiro

Entre as persoas nacidas no estranxeiro e residentes en Galicia sobresae a poboación de América do sur seguido da poboación nacida na Unión Europea. Porén, mentres que no caso dos e das nacidas en América do Sur aumentaron nos 20 anos estudiados, no caso das e dos nacidos na Unión Europea a tendencia é cara ao descenso no número de residentes en Galicia.

Por outra banda, hai un maior número de mulleres nacidas en América central e do sur que homes, mentres que entre os europeos e países africanos son maioría os homes.

Gráfica 27. Porcentaxe de poboación nacida no estranxeiro e residente en Galicia por sexo e rexión de nacemento




Fonte: Estatística do padrón continuo. 2003-2022. INE.

En canto a estrutura por idade da poboación nacida no estranxeira e residente en Galicia observase na pirámide de poboación que aínda que nos dous anos analizados sobresae a poboación nova, no ano 2003 centrase entre as idades de 20 a 40 anos, mentres que no ano 2022 o avultamento da poboación chega ata os 60 anos. Polo tanto, a pirámide da poboación estranxeira residente en Galicia é mais envellecida no ano 2022 que no ano 2003.

Gráfica 28. Pirámide de poboación nacida no estranxeira e residente en Galicia, 2003 e 2022




Fonte: Estatística do padrón continuo. 2003-2022. INE.

Na gráfica 29 se observa a poboación nacida no estranxeiro e residente en Galicia por nacionalidade e por sexo. Así co paso dos anos, entre o 2003 e o 2022, aumenta a poboación de nacionalidade española e nacida no estranxeiro, aumentando en maior medida no caso das mulleres. Entre a poboación de nacionalidade estranxeira obsérvase unha variación o longo dos anos: un aumento progresivo ata o 2010, onde se estabiliza ata o ano 2013, a partir de aí comeza a descender ata o ano 2017 que comeza a aumentar pero dunha maneira máis lenta. Neste caso aínda que tamén aumenta en maior medida no caso das mulleres, a diferenza entre sexo non é tan ampla.

Gráfica 29. Poboación nacida no estranxeira e residente en Galicia, por sexo, ano e nacionalidade (española e estranxeira)




Fonte: Estatística do padrón continuo. 2003-2022. INE.

Tanto para homes como para mulleres destacan as nacionalidades de países de América do Sur e da Unión Europea-28 sen España. Observando a gráfica 11, e centrándonos en primeiro lugar nos homes, nótase un cambio entre o ano 2003 e o ano 2013, onde mentres que as nacionalidades de países de América do sur descenden, aumentan en gran medida os de países europeos UE-28. Esta situación tamén se da no caso das mulleres, pero mentres que entre os homes cambiaría a orde por nacionalidade, no caso das mulleres seguiría a mesma orde, ca nacionalidade de países de América do Sur segue destacando. Porén, esta situación no ano 2022 descende levemente, incluso por debaixo dos valores do ano 2013.

No caso da nacionalidade de países africanos, nos atopamos que tanto no caso dos homes como nas mulleres, no período estudiado dáse un aumento progresivo.

Gráfica 30. Poboación de nacionalidade estranxeira, residente en Galicia, por sexo e rexión de nacionalidade, ano 2003, 2013 e 2022




Fonte: Estatística do padrón continuo. 2003-2022. INE.

Na pirámide da poboación de nacionalidade estranxeira e residente en Galicia observase unha poboación principalmente nova, tendo unha cúspide moi pequena e unha base, aínda que máis ampla ca cúspide, tamén pequena.

Así, se comparamos o inicio do período analizado e o último ano, vemos como deuse un aumento de poboación de nacionalidade estranxeira residente en Galicia, especialmente entre as idades mozas.

Gráfica 31. Pirámide de poboación de nacionalidade estranxeira e residente en Galicia




Fonte: Estatística do padrón continuo. 2003-2022. INE.

En canto a poboación nacida no estranxeiro e residente en Galicia por país de nacemento e idade, nos atopamos cunhas diferenzas en función do país, (analízanse os 10 primeiros do período estudiado). Observando as súas pirámides no caso dos países como Francia ou Suíza, aínda que tamén pode verse no caso de Portugal, Uruguai ou Arxentina, a variación entre os anos estudiados se debe ao envellecemento da poboación, sen apenas evidenciar maiores cambios pola chegada de poboación nova. Noutros casos como Marrocos ou Venezuela, evidénciase que a diferenza entre o ano 2003 e o ano 2022, se debe a un aumento na chegada de poboación nacida neses países. Por outra banda, no caso de países como Brasil ou Colombia observase unha migración feminizada, mentres que noutros como Marrocos máis masculinizada.

Gráfica 32. Pirámides de poboación nacida no estranxeiro e residente en Galicia por sexo, grupos quinquenais de idade para os principais países de nacemento

- Francia




- Portugal




Fonte: Estatística do padrón continuo. 2003-2022. INE.

- Suiza




- Marrocos



- Cuba




- Arxentina



- Brasil




- Colombia



- Urugai




- Venezuela



Se observamos as pirámides pero por país de nacionalidade (os 10 primeiros do período estudiado), vemos como cambian os países e tamén a evolución entre os anos analizados. Coas nacionalidades como a arxentina ou a colombiana (principalmente entre as mulleres), se observa unha diminución desta poboación, o que indica non necesariamente unha diminución na chegada de poboación de ditos países senón unha maior chegada ca nacionalidade española ou que posteriormente a adquiren aquí. Outros como Venezuela, Brasil, Romanía ou Marrocos vemos como se produciu un aumento de poboación con ditas nacionalidades, nacionalidades cunha gran afluencia nos últimos anos. Por outro lado, o caso de Portugal e Italia, no caso de Portugal dáse un leve aumento especialmente nos homes no período analizado. No caso de Italia o aumento é moito maior tanto en homes como en mulleres, probablemente froito da poboación procedente doutros países, como Arxentina, pero con nacionalidade italiana.

Gráfica 33. Pirámides de poboación de nacionalidade estranxeira e residente en Galicia por sexo e grupos quinquenais de idade para os principais países de nacionalidade

- Portugal



## Venezuela




## Brasil



- Colombia




- Marrocos



## Rumanía




## Arxentina



- Italia


85 e mais
80-84
75-79
70-74
65-69
60-64
55-59
50-54
45-49
40-44
35-39
30-34
25-29
20-24
15-19
10-14
5-9
0-4
HOMES
2022
2003
MULLERES
2022
2003
1.200
800
400
0
400
800
1.200

- Perú


85 e mais
80-84
75-79
70-74
65-69
60-64
55-59
50-54
45-49
40-44
35-39
30-34
25-29
20-24
15-19
10-14
5-9
0-4
HOMES
2022
2003
MULLERES
2022
2003
1.200
800
400
0
400
800
1.200

- Uruguai




Fonte: Estatística de Padrón Continuo. 2003-2022. INE.

## 1.2 A emigración

### 1.2.1 Os fluxos de emigración cara o estranxeiro

Na gráfica 34 observasen os fluxos emigratorios dende Galicia cara o estranxeiro por tipo de emigración: total, re-emigración, nova emigración e retorno. Os datos proceden da Estatística de variacións residenciais, que rexistra a emigración a partir das baixas por cambio de residencia (a de algún proceso de depuración estatística como as baixas por caducidade); procedemento para o que se ten constatado que produce unha notable infraestimación do número de saídas.

En primeiro lugar, o total amósanos un crecemento da emigración que inicia uns anos da explosión da crise económica do 2008 e xa so descende con impacto da crise da Covid-19, para volver a crecer no último ano de observación.

Gráfica 34. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por tipo de migración




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

Se dividimos os fluxos segundo a súa nacionalidade e mantemos o tipo de emigración, no caso da poboación de nacionalidade española, táboa 4, a maioría durante todos os anos analizados é a nova emigración seguida da de retorno. Ademais, ao longo dos anos analizados a porcentaxe de re-emigración vai aumentando. É importante sinalar que a poboación coa nacionalidade española non necesariamente é nacida en España, de aí a alta porcentaxe de emigración de retorno.

Táboa 5. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por tipo de migración e nacionalidade española (%)

| | Retorno | Re-emigración | Nova emigración | Total |
|---|---|---|---|---|
| **2002** | 11,09 | 3,48 | 85,42 | 100 |
| **2003** | 9,07 | 3,64 | 87,30 | 100 |
| **2004** | 14,11 | 3,77 | 82,11 | 100 |
| **2005** | 14,25 | 5,19 | 80,56 | 100 |
| **2006** | 16,70 | 6,58 | 76,73 | 100 |
| **2007** | 17,58 | 6,89 | 75,53 | 100 |
| **2008** | 21,68 | 5,05 | 73,27 | 100 |

| | Retorno | Re-emigración | Nova emigración | Total |
|---|---|---|---|---|
| **2009** | 24,12 | 5,45 | 70,43 | 100 |
| **2010** | 22,87 | 6,41 | 70,72 | 100 |
| **2011** | 20,47 | 5,81 | 73,72 | 100 |
| **2012** | 20,73 | 7,06 | 72,21 | 100 |
| **2013** | 19,06 | 7,52 | 73,42 | 100 |
| **2014** | 20,45 | 9,00 | 70,54 | 100 |
| **2015** | 20,39 | 10,08 | 69,52 | 100 |
| **2016** | 19,66 | 12,08 | 68,26 | 100 |
| **2017** | 21,41 | 13,28 | 65,31 | 100 |
| **2018** | 21,08 | 14,17 | 64,75 | 100 |
| **2019** | 19,50 | 14,04 | 66,46 | 100 |
| **2020** | 17,64 | 17,22 | 65,14 | 100 |
| **2021** | 21,49 | 15,68 | 62,83 | 100 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

O escenario coa emigración de nacionalidade estranxeira por tipo de migración é diferente. Neste caso prevalece a re-emigración aínda que atopamos diferenzas o longo dos anos. Nos primeiros anos analizados vemos como o retorno era o que presentaba uns maiores valores, porcentaxe que vai baixando a medida que avanzan os anos. Por outro lado, a nova emigración é case insignificante sobre todo a partir do ano 2006.

Táboa 6. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por tipo de migración e nacionalidade estranxeira (%)

| | Retorno | Re-emigración | Nova emigración | Total |
|---|---|---|---|---|
| **2002** | 83,05 | 10,17 | 6,78 | 100 |
| **2003** | 73,68 | 18,80 | 7,52 | 100 |
| **2004** | 30,21 | 68,53 | 1,26 | 100 |
| **2005** | 48,66 | 49,41 | 1,93 | 100 |
| **2006** | 25,68 | 73,65 | 0,67 | 100 |
| **2007** | 20,00 | 79,73 | 0,27 | 100 |
| **2008** | 17,23 | 82,48 | 0,29 | 100 |
| **2009** | 14,31 | 85,42 | 0,27 | 100 |
| **2010** | 14,67 | 85,14 | 0,20 | 100 |
| **2011** | 21,55 | 77,93 | 0,52 | 100 |
| **2012** | 19,09 | 80,44 | 0,47 | 100 |
| **2013** | 17,93 | 81,48 | 0,59 | 100 |
| **2014** | 19,81 | 79,50 | 0,70 | 100 |
| **2015** | 15,32 | 84,25 | 0,43 | 100 |
| **2016** | 15,65 | 83,72 | 0,63 | 100 |
| **2017** | 12,54 | 87,05 | 0,41 | 100 |
| **2018** | 15,40 | 84,31 | 0,28 | 100 |
| **2019** | 20,04 | 79,56 | 0,40 | 100 |
| **2020** | 21,29 | 78,35 | 0,36 | 100 |
| **2021** | 14,83 | 84,83 | 0,34 | 100 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE

Se facemos a análise por sexo, aínda que a pauta é similar ao longo dos anos entre homes e mulleres, a partir do ano 2007 e ata o ano 2019 amplíase a fenda entre homes e mulleres, e son os primeiros os que mostran un maior fluxo migratorio cara o exterior.

Gráfica 35. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por sexo




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

A emigración dende Galicia cara ao estranxeiro é principalmente de poboación nacida en España. Os seguintes países de nacemento con maior fluxo son: Portugal, Romanía, Brasil, Venezuela e Arxentina. En todos os casos, prodúcese un aumento da emigración a partir do ano 2008 e sucesivos (gráfica 36).

Gráfica 36. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por principal país de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

Se o analizamos por nacionalidade, a maioría da emigración dende Galicia cara ao estranxeiro é de poboación de nacionalidade española, xa sexa por nacemento ou nacionalizado. Alén de ver o efecto das crises e dos anos, os e as brasileiros e portuguesas son as que presentan unha maior afluencia emigratoria.

Na gráfica 37 pódese observar o fluxo migratorio cara ao estranxeiro segundo a nacionalidade, español/estranxeiro. Máis aló do efecto das crises en ambas as nacionalidades, a partir do ano 2005 a emigración

de estranxeiros/as dende Galicia cara o estranxeiro comeza a aumentar, posicionándose nese momento sempre por riba da emigración de españois. Se atendemos as diferenzas por sexo, no caso da emigración de poboación de nacionalidade española existen poucas diferenzas, unicamente entre o ano 2011 e o ano 2019, onde hai unha maior emigración de homes. No caso da poboación de nacionalidade estranxeira, a diferenza entre homes e mulleres comézase a notar xa a partir do ano 2007 e mantense ata o ano 2019, e son novamente os homes os que máis emigran.

Gráfica 37. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por nacionalidade española/estranxeira e sexo




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

Se observamos segundo o país de destino, o principal país de destino case todos os anos analizados é Suíza, país cunha grande traxectoria de emigración galega. Por outro lado, destaca o crecemento de Reino Unido como país de destino a partir do ano 2016. Ademais vese claramente o impacto da crise do 2008 en todos os países de destino, cun maior pronunciamento no caso de Suíza.

Gráfica 38. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por país de destino




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

Por idade prevalece a emigración cara o estranxeiro de poboación en idade activa, principalmente entre os 25 e os 49 anos, grupo de idade que ademais vai aumentando a medida que avanzan os anos. Por outro lado, o grupo de idade de maiores de 75 anos, diminúe co paso dos anos, mentres que os de menos de 25 anos aumentan. Isto mostra un cambio nas dinámicas, diminuíndo a emigración da poboación maior e aumentando a emigración das familias ou de poboación moi moza, xa sexa por estudos ou por unha primeira saída ao mercado laboral.

Gráfica 39. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por grupos de idade




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

## 1.2.2 Poboación galega residente no estranxeiro

No 2024 hai un total de 534.972 persoas galegas residentes no estranxeiro, cunha repartición case igual entre homes e mulleres (un 51% son mulleres), o que supón o redor dun 20% da poboación total galega.

O continente americano é o onde se atopa a maior parte da poboación inscrita en Galicia e que reside no estranxeiro. Arxentina é o país cun maior número de residentes galegos (168.263 no ano 2015 e 181.037 no ano 2024), seguido de Venezuela e Brasil no ano 2015, aínda que no caso de Venezuela os números baixan para o ano 2024. Así, a porcentaxe o longo dos 10 anos analizados apenas varía, situándose en torno o 78% dos galegos e galegas residentes no continente americano. O continente europeo é o seguinte cun peso relevante, aínda que cunha porcentaxe moito máis baixa, sobre un 21% nos 10 anos analizados, é Suíza o país que destaca (con 39.567 no ano 2015 e 41.188 no ano 2024), seguido de Francia e Alemaña, pero con menos da metade de casos. O resto dos continentes teñen un peso case insignificante, sen chegar en ningún dos casos o 1%.

Táboa 7. Porcentaxe de poboación inscrita nalgún municipio galego, residente no estranxeiro por sexo e rexión de residencia, por ano

| | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Total Europa | 21.03 | 21.09 | 21.14 | 21.19 | 21.28 | 21.42 | 21.52 | 21.53 | 21.65 | 21.60 |
| Total África | 0.19 | 0.19 | 0.19 | 0.19 | 0.19 | 0.20 | 0.20 | 0.20 | 0.19 | 0.19 |
| Total América | 78.22 | 78.13 | 78.04 | 77.98 | 77.88 | 77.72 | 77.63 | 77.61 | 77.49 | 77.52 |

| | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Total Asia | 0.21 | 0.23 | 0.25 | 0.26 | 0.26 | 0.27 | 0.26 | 0.26 | 0.27 | 0.29 |
| Total Oceanía | 0.35 | 0.36 | 0.38 | 0.38 | 0.38 | 0.39 | 0.39 | 0.39 | 0.40 | 0.40 |

Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

Se analizamos a evolución por sexo do total dos e das galegas residentes no estranxeiro, obsérvase como hai un maior número de mulleres que de homes en todos os anos, aínda que con valores moi próximos, concretamente hai en torno a 94 homes por cada 100 mulleres en todos os anos. Por outro lado, nótase un aumento da poboación residente no estranxeiro no inicio da década analizada, que vai estabilizándose a partir do ano 2020.

Gráfica 40. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

Indo ao detalle de cada un dos continentes analizados e comezando co que ten maior peso, o americano, obsérvase o mesmo crecemento que se vía na totalidade, manténdose tamén a diferenza entre homes e mulleres, neste caso 92 homes por cada 100 mulleres en todos os anos. É lóxico xa que como vimos é o continente con maior peso. Así, ademais de Arxentina, Brasil e Venezuela comentado anteriormente, outros países como Uruguai ou Cuba tamén destacan por o alto número de residentes galegos, 40.505 e 36.414 no ano 2015 e 40.818 e 48.674 no 2024, respectivamente.

Gráfica 41. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total América




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

No continente europeo, aínda que o crecemento é similar ao observado na totalidade, a diferenza entre homes e mulleres é totalmente distinta. Neste caso, nos primeiros anos analizados temos un maior número de homes que de mulleres, 102 e 101 homes por cada 100 mulleres, indicando así unha maior tendencia de residencia no estranxeiro dos homes galegos. Así, nos últimos anos esta diferenza vai desaparecendo e incluso no último ano analizado móstrase levemente un maior número de mulleres que de homes, 99 homes por cada 100 mulleres.

Entre os países que destacan, ademais de Suíza, Francia e Alemaña, xa comentado previamente, tamén está Reino Unido con 12.882 no ano 2015 e 16.155 no ano 2024. Así, aínda que con variacións, atopamos que os países europeos cun maior número de residentes son os tradicionais da emigración.

Gráfica 42. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total Europa




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

En Oceanía, aínda que con unhas porcentaxes moi baixas, apenas existe variación o longo dos anos, e novamente son os homes os que móstranse cuns valores maiores o longo de todo o período analizado, entre 117 e 110 homes por cada 100 mulleres. Como é de esperar Australia é o país cun maior número de residentes, 1.703 no ano 2015 e 2.026 no ano 2024.

Gráfica 43. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total Oceanía




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

En Asia tamén nos atopamos con que prevalecen os homes fronte as mulleres, entre 121 e 134 homes por cada 100 mulleres, e son eles os que teñen unha variación maior, manténdose elas máis estables o longo dos 10 anos analizados. Destacan China e Emiratos Árabes Unidos, como países con maior número de residentes, con 193 e 146 no ano 2015 e 211 e 298 no ano 2024, respectivamente.

Gráfica 44. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total Asia




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

E, por último, en África, é onde atopamos a diferenza entre homes e mulleres maior, e son eles os de maior residencia, 182 homes por cada 100 mulleres no ano 2018. Ademais neste caso nos atopamo que, aínda que nos primeiros anos analizados se mantén estable, cara o final do período os homes comezan a baixar, pero non así as mulleres, o que provoca que o índice de masculinidade baixe ata un 138%, o que indica que hai 138 homes por cada 100 mulleres. No ano 2015 Sudáfrica é o país que contaba con maior número de galegos e galegas residindo, 208, seguido de Namibia con 163 e Marrocos con 127. Porén, o longo do período analizado isto cambia e no ano 2024 é Marrocos o país con maior número de residentes, 213, seguido de Sudáfrica, 179, e Namibia, 111.

Gráfica 45. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total África




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

Se centramos a análise nos 10 países con maior número de residentes no período analizado para ambos os sexos podemos ver como seguen destacando os países do continente americano (Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai, EEUU e Venezuela) e do europeo (Suíza, Francia, Alemaña e Reino Unido). Si poñemos atención a súa distribución por idade, observamos nas pirámides de poboación como hai unha diferenza notable entre as pirámides dos países americanos e as dos países europeos. Mentres que os países americanos

teñen unhas pirámides moi envellecidas, excepto EEUU a cal non é tan envellecida, os países europeos mostran unhas pirámides onde o maior peso recae nas idades centrais e por tanto, na poboación activa, mostrando unhas cúspides moi reducidas sobre todo no caso de Alemaña e Suíza, o que pode ser evidencia de retorno ou, en xeral, de non permanencia nestes países en idades avanzadas. Francia tende en maior medida cara a unha pirámide mais envellecida, e Reino Unido moi concentrada nas idades activas e cunha pequena base e pouca poboación menor.

Nas pirámides tamén podemos observar a evolución e tendencia na última década, mostrándose os resultados para os anos 2015 e 2024. Así, nos países americanos, excepto en Venezuela, hai un maior número de residentes galegos e galegas no último ano analizado, 2024. No caso de Venezuela excepto nos e nas maiores de 85 anos, existían un maior número de residentes no ano 2015.

En canto aos países europeos, non seguen unha tendencia clara, variando nas diferentes idades dentro dos propios países.

Doutra banda, os residentes homes e mulleres están bastante igualados, excepto na poboación de máis de 85 anos que a tendencia é a un maior número de mulleres, pero froito da maior esperanza de vida xeneralizada entre as mulleres.

Gráfica 46. Poboación inscrita nalgún municipio galego, residente no estranxeiro, por sexo, grupos quinquenais de idade e país de residencia

- Arxentina



## Brasil


85 e mais
80-84
75-79
70-74
65-69
60-64
55-59
50-54
45-49
40-44
35-39
30-34
25-29
20-24
15-19
10-14
5-9
0-4
HOMES
2024
2015
MULLERES
2024
2015
6.000
4.000
2.000
0
2.000
4.000
6.000

## Cuba


85 e mais
80-84
75-79
70-74
65-69
60-64
55-59
50-54
45-49
40-44
35-39
30-34
25-29
20-24
15-19
10-14
5-9
0-4
HOMES
2024
2015
MULLERES
2024
2015
6.000
4.000
2.000
0
2.000
4.000
6.000

● EEUU




● Francia



- Reino Unido




- Suíza



- Uruguai




- Venezuela



- Alemaña




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

Case dous tercios da poboación galega residente no estranxeiro naceu no país estranxeiro no que reside, e case o resto en Galicia, e é unha porcentaxe residual aqueles que naceron no resto de España ou noutro país estranxeiro. Polo tanto, a maior parte da poboación galega no exterior é, con toda probabilidade, descendente de emigrantes, e non protagonista da emigración. Isto é, a diáspora cada vez é menos autóctona e máis foránea. En números, aqueles que naceron no país estranxeiro no que residen supoñen máis do dobre que aqueles que naceron en Galicia (para ambos os sexos: 320.013 no estranxeiro e 152.541 en Galicia no ano 2024; 368.325 no estranxeiro e 131.613 en Galicia no ano 2024). A evolución tende cara a unha baixada dos nacementos en Galicia e un aumento nos países estranxeiros, xa sexan no que residen ou outro, aumentando o dobre no período estudiado aqueles que naceron noutro país estranxeiro diferente ao que residen (30.520 no ano 2024 e 16.197 no ano 2015, para ambos os sexos). E apenas existen diferenzas porcentuais entre homes e mulleres, aínda que séguese a mostrar un maior número de mulleres residentes en países estranxeiro ca homes.

### Táboa 8. Porcentaxe de poboación inscrita en Galicia por lugar de nacemento por sexo, 2015, 2020 e 2024.

| | 2015 | | 2020 | | 2024 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Lugar de nacemento | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Galicia | 31.1 | 30.7 | 27.6 | 27.4 | 24.7 | 24.5 |
| Resto de España | 0.6 | 0.6 | 0.7 | 0.7 | 0.7 | 0.6 |
| No país estranxeiro de residencia | 64.6 | 65.0 | 66.7 | 67.0 | 68.7 | 69.0 |
| Noutro país estranxeiro | 3.3 | 3.3 | 4.7 | 4.7 | 5.7 | 5.7 |
| Non consta lugar de nacemento | 0.4 | 0.4 | 0.3 | 0.3 | 0.2 | 0.2 |
| **Total** | **100.0** | **100.0** | **100.0** | **100.0** | **100.0** | **100.0** |

Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

A poboación que reside no estranxeiro nacida en Galicia, como era de esperar, está inscrita nas principais cidades galegas, en orde: A Coruña, Vigo, Ourense, Santiago de Compostela e Pontevedra. Despois aparecen outros municipios máis pequenos como poden ser A Estrada, Ferrol, Vimianzo, Lalín, Santa Comba, Carballo, Celanova, Ribeira ou Silleda. Así, os datos difiren moito, no ano 2024 nacidos na Coruña residentes no estranxeiro eran 7.145 e en Vigo 6.649, mentres que en Ferrol 1.530 ou 1.073 no caso de Silleda.

Atendendo a evolución na década analizada a tendencia sempre é a mesma: destaca a cidade de A Coruña con valores próximos os 7.000 e Vigo con valores en torno a 6.500, logo Ourense cunha tendencia a baixa pero con valores que van dende 4.024 no ano 2015  ata os 3.637 no ano 2024, a cidade de Santiago de Compostela que se sitúa en torno os 3.500 en todos os anos. Outros municipios como Sanxenxo ou Outes no período estudiado pasaron de estar por enriba dos 1000 (Sanxenxo 1.075 e Outes 1.058 no ano 2015 para ambos os sexos), a quedarse nos 967 no caso de Sanxenxo e 902 en Outes, no ano 2024 para ambos os sexos. Na situación contraria atopámonos cos municipios de Mondariz-Balneario e Rábade con 24 e 27, respectivamente, nacidos alí e residentes no estranxeiro, valores que se manteñen similares ao longo dos 10 anos analizados.

As razóns que explican estas diferenzas e as súas oscilacións ao longo do tempo teñen que ver, loxicamente, co diferente tamaño poboacional destes municipios, así como pola distinta capacidade de movemento e de retención de poboación.

No 2024 hai un total de 3467 persoas inscritas nalgún municipio galego que residen no estranxeiro e naceron noutro lugar de España, o que non chega a un 1% da poboación total galega (0,13%), e unha repartición case igual entre homes e mulleres (o 51% son mulleres). Entre a poboación nacida en España e residente no estranxeiro, inscrita en Galicia pero nacida noutra CCAA, sobresaen as comunidades de Castela e León e de Madrid, de cerca están outras como Andalucía, Cataluña ou Asturias e o País Vasco. Se atendemos a evolución no tempo estudiado mentres que no caso de Castela e León baixou o número, de 593 a 566, no caso de Madrid aumentou progresivamente entre o 2015 e o 2024, de 504 a 678.

Gráfica 47. Porcentaxe de poboación inscrita en Galicia, residente no estranxeiro, por sexo e CCAA de nacemento




Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

Novamente destaca Arxentina como principal país con poboación residente e nacida no estranxeiro e inscrita en Galicia, en todos os anos supón preto do 40%, tanto para homes como para mulleres, do total dos 10 países máis numerosos, o que representa 59.241 homes e 64.490 mulleres no 2015 e 69.625 homes e 75.738 mulleres no ano 2024.

Brasil, Cuba e Uruguai tamén teñen unha gran presenza aínda que con porcentaxes moito máis baixas (en torno o 10%). Así, no caso de Brasil os valores entre homes e mulleres son similares, mentres que en Cuba e Uruguai hai máis mulleres que homes en todos os anos. Atendendo a evolución temporal nos tres casos a tendencia é a un aumento na década analizada.

Táboa 9. Poboación inscrita nalgún municipio galego, residente no estranxeiro, nacida no estranxeiro por sexo, ano e país de nacemento, (n e %).

| | 2015 | | | | | 2020 | | | | | 2024 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | | Mulleres | | Total | Homes | | Mulleres | | Total | Homes | | Mulleres | | Total |
| País de nacemento | Nº | % | Nº | % | % | Nº | % | Nº | % | % | Nº | % | Nº | % | % |
| Arxentina | 59,241 | 39.5 | 59,241 | 39.5 | 40.0 | 66,758 | 40.1 | 72,608 | 41.1 | 40.6 | 69,625 | 39.5 | 75,738 | 40.4 | 40.0 |
| Cuba | 17,494 | 11.7 | 17,494 | 11.7 | 12.5 | 22,267 | 13.4 | 26,218 | 14.8 | 14.1 | 25,533 | 14.5 | 29,722 | 15.9 | 15.2 |
| Brasil | 16,536 | 11.0 | 16,536 | 11.0 | 10.7 | 19,577 | 11.8 | 19,659 | 11.1 | 11.4 | 21,091 | 12.0 | 21,303 | 11.4 | 11.7 |
| Venezuela | 16,054 | 10.7 | 16,054 | 10.7 | 10.4 | 12,531 | 7.5 | 12,298 | 7.0 | 7.2 | 12,220 | 6.9 | 12,093 | 6.5 | 6.7 |
| Uruguai | 15,451 | 10.3 | 15,451 | 10.3 | 10.5 | 16,472 | 9.9 | 18,299 | 10.4 | 10.1 | 17,063 | 9.7 | 18,868 | 10.1 | 9.9 |
| Suíza | 9,948 | 6.6 | 9,948 | 6.6 | 6.2 | 11,174 | 6.7 | 10,548 | 6.0 | 6.3 | 11,872 | 6.7 | 11,260 | 6.0 | 6.4 |
| México | 4,753 | 3.2 | 4,753 | 3.2 | 3.1 | 5,797 | 3.5 | 5,733 | 3.2 | 3.4 | 6,188 | 3.5 | 6,098 | 3.3 | 3.4 |
| Alemaña | 4,328 | 2.9 | 4,328 | 2.9 | 2.7 | 4,758 | 2.9 | 4,458 | 2.5 | 2.7 | 5,003 | 2.8 | 4,712 | 2.5 | 2.7 |
| Francia | 3,792 | 2.5 | 3,792 | 2.5 | 2.4 | 4,152 | 2.5 | 3,976 | 2.3 | 2.4 | 4,542 | 2.6 | 4,353 | 2.3 | 2.4 |
| EEUU | 2,279 | 1.5 | 2,279 | 1.5 | 1.5 | 2,914 | 1.8 | 2,784 | 1.6 | 1.7 | 3,317 | 1.9 | 3,215 | 1.7 | 1.8 |

Fonte: Estatística de Padrón de españois residentes no estranxeiro. 2015-2024. IGE.

# 2 Os intercambios migratorios con outras partes de España

## 2.1 A inmigración

### 2.1.1 Os fluxos de inmigración doutras partes de España

Nas seguintes gráficas e táboas preséntanse os datos relativos á chegada a Galicia de inmigración procedente doutras partes de España. Esta achega é demograficamente de menor importancia que a inmigración internacional, pero ten tamén importancia para a dinámica demográfica e migratoria no seu conxunto.

Como podemos comprobar, a inmigración doutras autonomías vai en aumento entre os anos 1998 e 2009, momento no que alcanza o valor máximo rexistrado en toda a serie temporal con cerca de 22.000 chegadas doutras Comunidades Autónomas. A partir de aquí e, coincidindo co revés que supón a entrada en recesión económica, o fluxo de inmigración interna mingua, chegando a un mínimo por baixo das 16.000 inmigracións no ano 2017, que marcha o peche da crise e a entrada na poscrise. A partir de aquí e ata o último ano de observación, a tendencia sería de incremento progresivo, situándose o último valor observado, o do ano 2021, en máis de 19.000 inmigracións.

Unha cuestión de interese é a composición desta inmigración interna. Se atendemos ao seu lugar de nacemento podemos distinguir entre aquelas persoas que naceron en Galicia e que, polo tanto, serán retornados/as; quen naceu noutras autonomías españolas e, por último, as persoas nacidas no estranxeiro que se desprazan internamente. Este último grupo será particularmente importante, dado que na actualidade comeza a gañar peso na inmigración interna e, como se sabe por outros estudios, as pautas de desprazamento interno das persoas inmigrantes son diferentes das nativas, desprazándose con maior frecuencia e a maiores distancias (Recaño, 2016). No caso que nos atinxe, existe unha certa equiparación numérica na inmigración interna de persoas retornadas a Galicia e aquela que naceu noutras comunidades autónomas. Pola súa banda, a inmigración interna de persoas nacidas no estranxeiro amosa unha tendencia alcista.

Gráfica 48. Evolución dos fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España en función do lugar de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE

Na inmigración interna existe unha lixeira predominancia dos homes, se ben a participación das mulleres, con independencia do seu lugar de nacemento (Galicia, resto de España, estranxeiro) é elevada, por iso é polo que as diferenzas por sexo neste fluxo migratorio non revistan notables diferenzas.

Táboa 10. Evolución dos fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España en función do sexo e do lugar de nacemento

| | Homes | | | Mulleres | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Resto de España | Galicia | Estranxeiro | Resto de España | Galicia | Estranxeiro | |
| 1998 | 2.488 | 2.325 | 300 | 2.207 | 2.168 | 277 | 9.765 |
| 1999 | 2.080 | 2.655 | 318 | 2.200 | 2.419 | 346 | 10.018 |
| 2000 | 2.151 | 2.911 | 478 | 2.201 | 2.675 | 483 | 10.899 |
| 2001 | 2.224 | 2.940 | 573 | 2.068 | 2.644 | 612 | 11.061 |
| 2002 | 2.548 | 3.429 | 1.215 | 2.484 | 3.149 | 1.184 | 14.009 |
| 2003 | 2.806 | 3.975 | 1.380 | 2.665 | 3.542 | 1.246 | 15.614 |
| 2004 | 2.988 | 4.128 | 1.585 | 2.945 | 3.741 | 1.574 | 16.961 |
| 2005 | 3.420 | 4.190 | 1.854 | 3.266 | 3.829 | 1.685 | 18.244 |
| 2006 | 3.498 | 4.184 | 1.868 | 3.415 | 3.753 | 1.783 | 18.501 |
| 2007 | 3.389 | 4.372 | 2.539 | 3.288 | 4.001 | 2.178 | 19.767 |
| 2008 | 3.463 | 4.577 | 2.941 | 3.312 | 4.043 | 2.529 | 20.865 |
| 2009 | 3.454 | 4.765 | 3.318 | 3.359 | 3.992 | 2.889 | 21.777 |
| 2010 | 3.434 | 3.975 | 2.848 | 3.280 | 3.468 | 2.524 | 19.529 |
| 2011 | 3.420 | 3.863 | 2.739 | 3.106 | 3.309 | 2.357 | 18.794 |
| 2012 | 3.400 | 3.674 | 2.462 | 3.157 | 3.401 | 2.305 | 18.399 |
| 2013 | 3.351 | 3.310 | 2.050 | 3.116 | 2.956 | 2.017 | 16.800 |
| 2014 | 3.111 | 3.241 | 1.717 | 2.875 | 2.949 | 1.759 | 15.652 |
| 2015 | 3.100 | 3.278 | 1.786 | 2.961 | 3.067 | 1.757 | 15.949 |
| 2016 | 2.903 | 3.073 | 1.654 | 2.791 | 2.885 | 1.731 | 15.037 |
| 2017 | 3.181 | 3.008 | 1.783 | 2.946 | 2.979 | 1.982 | 15.879 |
| 2018 | 3.236 | 3.073 | 2.189 | 2.985 | 2.961 | 2.269 | 16.713 |
| 2019 | 3.305 | 3.166 | 2.491 | 3.004 | 3.047 | 2.664 | 17.677 |
| 2020 | 3.448 | 3.355 | 2.876 | 3.212 | 3.171 | 3.051 | 19.113 |
| 2021 | 3.705 | 3.421 | 2.749 | 3.470 | 3.210 | 2.767 | 19.322 |
| Total | 74.103 | 84.888 | 45.713 | 70.313 | 77.359 | 43.969 | 63.291 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE.

Se, dentro da inmigración interna, temos en consideración a orixe das persoas estranxeiras que a protagonizan, obtemos unha gráfica como a que presentamos a continuación, que recolle os dez principais países de nacemento das persoas foráneas que veñen residir a Galicia procedentes doutras autonomías. Como vemos, a composición por comunidades de orixe non difire substancialmente da observada no caso da inmigración internacional, nin tampouco do stock de inmigrantes que Galicia ten na actualidade,

distinguíndose países de América Latina, tanto con vínculos coa experiencia previa de emigración galega como sen eles, o veciño Portugal, e outros países que están tamén presentes na inmigración internacional a España (entre eles, Marrocos, Romanía ou China).

Se consideramos agora a orixe daquelas persoas que inmigran internamente a Galicia tendo nacido noutras comunidades autónomas, atopámonos, por unha banda, con tres autonomías que constitúen as máis dinámicas en termos económicos e tamén as que teñen sido destino, dende os anos sesenta de emigración interior galega: Madrid, Cataluña e o País Vasco. Tamén aparecen as autonomías coas que se comparte fronteira: Castela e León e Asturias. E, por último, outras que son destino de fluxos de emigración laboral galega máis recente, vinculada ao sector do turismo e a hostalaría, como Canarias, Andalucía ou a Comunidade Valencia. En si, estas procedencias debuxan unha cartografía que chama a considerar a existencia de lazos de ida e volta nos movementos de poboación que se trazan e consolidan ao longo de décadas de intercambios migratorios.

Gráfica 49. Fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España por sexo de persoas nacidas noutros lugares de España por CCAA de nacemento función do lugar de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE

Unha cuestión de interese é comprobar como a inmigración interna está protagonizada primordialmente por persoas que posúen nacionalidade española, coa única salvedade das persoas que naceron no estranxeiro, onde aproximadamente un tercio das inmigracións de nacidos/as no estranxeiro son con nacionalidade española.

Táboa 11. Fluxos de inmigración a Galicia doutras partes de España por lugar de nacemento e nacionalidade

| | Nacionalidade Española | | | Nacionalidade Estranxeira | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Resto de España | Galicia | Estranxeiro | Resto de España | Galicia | Estranxeiro | |
| 1998 | 4.680 | 4.492 | 360 | 15 | 1 | 217 | 9.765 |
| 1999 | 4.269 | 5.070 | 369 | 11 | 4 | 295 | 10.018 |
| 2000 | 4.336 | 5.584 | 452 | 16 | 2 | 509 | 10.899 |
| 2001 | 4.284 | 5.579 | 493 | 8 | 5 | 692 | 11.061 |
| 2002 | 5.006 | 6.575 | 713 | 26 | 3 | 1.686 | 14.009 |
| 2003 | 5.446 | 7.504 | 829 | 25 | 13 | 1.797 | 15.614 |
| 2004 | 5.895 | 7.852 | 937 | 38 | 17 | 2.222 | 16.961 |
| 2005 | 6.624 | 8.009 | 999 | 62 | 10 | 2.540 | 18.244 |
| 2006 | 6.845 | 7.922 | 935 | 68 | 15 | 2.716 | 18.501 |
| 2007 | 6.594 | 8.355 | 1.017 | 83 | 18 | 3.700 | 19.767 |
| 2008 | 6.670 | 8.595 | 1.102 | 105 | 25 | 4.368 | 20.865 |
| 2009 | 6.702 | 8.739 | 1.271 | 111 | 18 | 4.936 | 21.777 |
| 2010 | 6.592 | 7.426 | 1.216 | 122 | 17 | 4.156 | 19.529 |
| 2011 | 6.359 | 7.157 | 1.293 | 167 | 15 | 3.803 | 18.794 |
| 2012 | 6.439 | 7.058 | 1.257 | 118 | 17 | 3.510 | 18.399 |
| 2013 | 6.349 | 6.244 | 1.241 | 118 | 22 | 2.826 | 16.800 |
| 2014 | 5.874 | 6.169 | 1.147 | 112 | 21 | 2.329 | 15.652 |
| 2015 | 5.962 | 6.320 | 1.194 | 99 | 25 | 2.349 | 15.949 |
| 2016 | 5.580 | 5.941 | 1.225 | 114 | 17 | 2.160 | 15.037 |
| 2017 | 6.031 | 5.959 | 1.369 | 96 | 28 | 2.396 | 15.879 |
| 2018 | 6.114 | 6.019 | 1.516 | 107 | 15 | 2.942 | 16.713 |
| 2019 | 6.201 | 6.190 | 1.598 | 108 | 23 | 3.557 | 17.677 |
| 2020 | 6.526 | 6.504 | 1.750 | 134 | 22 | 4.177 | 19.113 |
| 2021 | 7.058 | 6.603 | 1.810 | 117 | 28 | 3.706 | 19.322 |
| Total | 142.436 | 161.866 | 26.093 | 1.980 | 381 | 63.589 | 396.345 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE

As diferenzas por sexo na inmigración que chega a Galicia procedente doutras comunidades autónomas, tal e como se recolle na seguinte gráfica, son insignificantes, á marxe da nacionalidade (española/estranxeira) das persoas que protagonizan os movementos.

Gráfica 50. Fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España por sexo e nacionalidade




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE

Gráfica 51. Fluxos de inmigración a Galicia procedentes doutras partes de España por sexo de persoas con nacionalidade estranxeira por principais países de nacemento




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE

Se analizamos a chegada a Galicia de persoas nacidas do estranxeiro, pero que proceden doutras comunidades autónomas nas que residían con anterioridade, o que comprobamos é que os principais países de orixe son tamén países con grande presenza en Galicia, polo que é posible que se trate de desprazamentos nos que as redes sociais e familiares das persoas migrantes xoguen un importante papel no desprazamento.

A inmigración que chega a Galicia procedente doutras autonomías españolas concéntrase en idades adultas mozas, entre os 25-49 anos, se ben a proporción de menores de 25 anos vense incrementando ao longo dos anos, en detrimento da proporción de persoas de 50 e máis e, especialmente, aquelas de 75 e máis anos.

Gráfico 52. Fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España por grupos quinquenais de idade




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 1998-2021, INE

## 2.1.2 A poboación residente en Galicia nacida noutras partes de España

En canto a poboación que naceu noutras CCAA e reside en Galicia, observamos como destaca a poboación nacida na comunidade veciña de Castela e León, seguido de Madrid, Asturias e País Vasco. Se analizamos a evolución no caso das comunidades veciñas, Castela e León e Asturias, baixa o número de poboación residente en Galicia, mentres que no caso de Madrid ou Cataluña aumenta dita porcentaxe.

Gráfica 53. Poboación nacida noutros lugares de España e residente en Galicia por sexo e CCAA de nacemento




Fonte: Estatística de padrón continuo. 2003-2022. INE.

Se o analizamos por idade téndese a unha inmigración de xente nova, máis nova e destacado no ano 2003, e cunha distribución similar entre homes e mulleres. No ano 2022 vemos, por unha banda, un efecto do paso do tempo, e por outro lado, un aumento na residencia en Galicia de poboación nacida noutras CCAA nas idades de entre 40 e 60 anos.

Gráfica 54. Pirámide da poboación nacida noutros lugares de España e residente en Galicia por sexo e grupos quinquenais de idade




Fonte: Estatística de padrón continuo. 2003-2022. INE.

Se analizamos a poboación que naceu en Galicia pero que emigrou a outras CCAA, destacan Cataluña e Madrid como as CCAA con maior número de residentes galegos/as. No período analizado obsérvase como descende no caso de Cataluña pero ten un aumento progresivo no caso de Madrid, e en ambos os casos un maior número de mulleres que de homes. Outra comunidade que destaca é o País Vasco, a cal tamén experimenta un descenso no período analizado, e neste caso cun número similar entre homes e mulleres, máis homes no ano 2003 e máis mulleres no 2022. Canarias, como CCAA habitual de emigración hai unhas décadas, apenas experimenta variación entre os anos analizados, e destaca un maior número de homes residentes.

Gráfica 55. Porcentaxe de poboación nacida en Galicia e residente noutras CCAA por sexo e CCAA de residencia




Fonte: Estatística de padrón continuo. 2003-2022. INE.

Se o analizamos por grupos de idade na pirámide de poboación que observamos na gráfica 34, no ano 2003 destaca o grupo de idade de 50 a 60 anos, como o maior número de nacidos en Galicia e residentes noutras CCAA. Igualmente vemos que é entre a poboación moza onde se encontra o maior número de poboación, cunha base moi estreita e unha cúspide, aínda que menos, tamén estreita.

No ano 2022, atopámonos cunha pirámide máis envellecida, cunha base estreita pero cunha cúspide moito máis avultada, pero tamén cun gran número de poboación entre as idades novas.

Gráfica 56. Pirámide de poboación nacida en Galicia e residente noutras CCAA grupos quinquenais de idade




Fonte: Estatística de padrón continuo. 2003-2022. INE.

## 2.2 A emigración

### 2.2.1 Fluxos de emigración dende Galicia cara a outras partes de España

Na gráfica 57 obsérvanse os fluxos de emigración dende Galicia cara a outras CCAA nas dous últimas décadas. Destaca en primeiro lugar o caso de Madrid, que, excepto o inicio do século XXI sempre mostra os maiores datos. É dicir, parece que o fluxo de poboación que marcha de Galicia cara a Madrid é o principal dende o ano 2006 e mantense o longo dos anos, cunha baixada no 2020 pola crise da Covid-19. Doutra banda, a emigración cara a Cataluña tamén ten unha relevancia, aínda que menor que Madrid, e mostra un leve descenso o longo dos anos.

O caso de Canarias vese como o inicio do período analizado experimenta un forte descenso, baixando o número de persoas que emigran dende Galicia cara a Canarias. A partir da crise do 2008 estabilízase, pero sempre con valores moi por debaixo dos que atopábamos o inicio do período.

Por último, aparece o caso de Castilla y León e a Comunidade Valenciana, que aínda que con valores baixos se mantén estable ao longo do período.

Gráfica 57. Fluxos de emigración dende Galicia a outras partes de España por CCAA de destino




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

Se o analizamos por grupos de idade, o grupo central, de 25 a 49 anos, é o que ten un maior peso, seguido do grupo de 50 a 74 anos, Porén, a medida que avanzan os anos vai diminuíndo e ganando porcentaxe os menores de 50 anos.  Isto móstranos o forte carácter laboral que ten a emigración galega cara a outras partes de España.

Gráfica 58. Fluxos de emigración dende Galicia a outras partes de España por grupos de idade




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

Ao separar por nacionalidade os fluxos cara a outras partes de España atopámonos con que a maioría teñen a nacionalidade española, xa sexa por nacemento ou por tela adquirido unha vez chegado a España. Ademais despois dunha leve subida ata o ano 2007 do fluxo de nacionalidade estranxeira despois mantense estable e incluso descende levemente nalgúns anos.

Se facemos a análise diferenciando o sexo, no caso da nacionalidade estranxeira é bastante semellante o longo dos anos, excepto entre o ano 2004 e o 2011 onde dábase en maior medida un fluxo masculino. No caso da nacionalidade española, excepto entre o 2007 e o ano 2009, hai un maior fluxo masculino en todos os anos.

Gráfico 59. Fluxos de emigración dende Galicia a outras partes de España por nacionalidade e sexo




Fonte: Estatística de variacións residenciais, 2002-2021, INE.

## 3 Crecemento poboacional, dinámica migratoria e equilibrio territorial

Na gráfica 60 temos o saldo migratorio co exterior e co resto de España, para homes e mulleres. O saldo migratorio é o resultado da resta entre os inmigrantes e os emigrantes, o que significa que se o resultado é positivo nese ano chegou máis xente da que se marchou a Galicia. Dado que o saldo migratorio se calcula con datos de inmigracións e emigracións, e non mediante a ecuación compensadora (restando do crecemento total o crecemento vexetativo), existen claras diferenzas de magnitude, polos problemas de infraestimación, principalmente da emigración, que rexistran as fontes estatísticas que meden os fluxos migratorios.

O saldo migratorio co exterior é positivo en case todos os anos, cunha tendencia semellante entre homes e mulleres, é negativo entre o ano 2012 e o ano 2015, e cun aumento progresivo dende o ano 2013 ata o ano 2019, xa que no ano 2020 baixa polo efecto da pandemia do Covid-19 e o confinamento, para comezar a remontar no ano 2021.

O saldo migratorio interautonómico sitúase en torno a cero en todos os anos analizados, cunha tendencia practicamente igual para homes e mulleres.

Gráfico 60. Evolución do saldo migratorio interautonómico e exterior por sexo. 2008-2021




Fonte: Fenómenos demográficos básicos. Estatística de migracións, resultados anuais, migración interior e exterior, INE.

O saldo migratorio interautonómico por idade é positivo para todas as idades excepto para as idades entre os 15 e os 30 anos, aproximadamente, e para os maiores dos 75 anos no ano 2008. Mentres que no ano 2021 hai unha tendencia máis positiva, solo tendo valores negativos entre os 25 e os 29 anos, e entre 20 e 24 anos, entre as mulleres, e entre os 30 e os 34 anos nos homes. Cunha tendencia entre homes e mulleres similar.

Gráfica 61. Saldo migratorio interautonómico por idade, ano 2008 e 2021




Fonte: Fenómenos demográficos básicos. Estatística de migracións, resultados anuais, migración interior, INE.

Doutra banda, o saldo migratorio exterior é positivo para todas as idades, con valores maiores entre os 20 e os 30 anos, sobre todo no ano 2008, cunha tendencia similar entre homes e mulleres.

Gráfica 62. Saldo migratorio exterior por idade, ano 2008 e 2021




Fonte: Fenómenos demográficos básicos. Estatística de migracións, resultados anuais, migración interior, INE.

Así, a dificultade coa que nos atopamos a hora de contabilidade poboación migrante dificulta tamén a obtención dun valor de saldo migratorio real. Por esta razón, para finalizar, mostrase o saldo migratorio calculado a través da poboación, os nacementos e as defuncións. É dicir, o saldo migratorio como resultado do cálculo do crecemento poboacional eliminando o efecto do crecemento natural. Deste xeito, nos atopamos que o saldo migratorio en Galicia foi positivo en todo o período estudiado excepto entre os anos 2012 e 2016, froito do impacto da crise do 2008, como se viu ao longo de todo o informe.

Gráfica 63. Saldo migratorio, a través da ecuación compensatoria (tendo en conta a poboación, os nacementos e as defuncións), por ano.




Fonte: Fenómenos demográficos básicos (defuncións e nacementos) e Padrón continuo. INE. 2002-2022.

## Referencias bibliográficas


- ARANGO, Joaquín (2009). «Después del gran boom: la inmigración en la bisagra del cambio». *Anuario CIDOB de la Inmigración*, 2009, pp. 52-73, https://raco.cat/index.php/AnuarioCIDOBInmigracion/article/view/355622
- OSO, Laura; LAMELA, Carmen e LÓPEZ DE LERA, Diego (2005). "La inmigración internacional en Galicia: latinoamericanos, comunitarios y otros". En Carlota Solé i Puig e Antonio Izquierdo Escribano (eds). *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía* (pp. 89-104). Barcelona: Anthropos.
- GOLÍAS, Montserrat (2018). "The Grandchildren of Galicia. Lived and Imagined Citizenship". En Renée DePalma e Antía Pérez-Caramés (eds.). *Galician Migrations. A Case Study of Emerging Super-diversity* (pp. 81-92). Nova Iorque: Springer.
- BOUZADA FERNÁNDEZ, Xan Manuel; LAGE PICOS, Adolfo e SACO ÁLVAREZ, Alberto (2005). La cancelación del ciclo migratorio gallego. Emigrantes retornados y microempresa. *Revista gallega de empleo*, 4: 59-78.
- PÉREZ-CARAMÉS, Antía (2016). Crisis económica y migraciones en Galicia: análisis sociodemográfico de los cambios recientes en los movimientos de población. *Administración & Cidadanía: revista da Escola Galega de Administración Pública (EGAP),* 11 (1): 227-240.
- RECAÑO, Joaquín (2016). La consolidación de las migraciones internas de inmigrantes como factor estructural de la movilidad geográfica en España. *Panorama Social,* 24: 49-71.

# ARTIGO II

# TENDENCIAS RECENTES DA EMIGRACIÓN XUENIL NAS ÁREAS RURAIS GALEGAS

**Rocio Toxo Asorei e Ana Isabel García Arias**

**Grupo de Investigación Ecoagrasoc**

**Universidade de Santiago de Compostela**

**Campus de Lugo**

## Resumo

Ao igual que acontece noutras rexións europeas, a emigración rural constitúe un tema ao que non se lle presta demasiada atención nos estudos migratorios centrados en Galicia. Neste contexto, o obxectivo principal deste traballo consiste en analizar as características dos fluxos migratorios recentes que tiveron lugar nas áreas rurais galegas e identificar as principais causas que os motivaron. En primeiro lugar, abordaremos a delimitación das áreas rurais con base en criterios establecidos polos principais organismos europeos. Posteriormente, analizaremos a dinámica demográfica das áreas rurais galegas para contextualizar as características que mostraron os movementos migratorios nesas áreas ao longo do presente século. Finalmente, examinaremos os determinantes da actual emigración rural xuvenil en Galicia e valoraremos a súa congruencia cos factores referidos na investigación científica a nivel europeo. Os resultados deste traballo contribúen a abrir novas vías de reflexión e investigación fundamentais non só para o avance dos estudos sobre emigración rural, senón tamén para enfocar o deseño de medidas ou accións de desenvolvemento rural no noso territorio.


## 1 Introdución

A concentración da poboación en áreas urbanas é un fenómeno mundial (Banco Mundial, 2024). Na Europa Occidental, o declive demográfico e o despoboamento constitúen dúas das características máis destacadas que experimentan moitas áreas rurais, caracterizadas tamén por presentar unhas estruturas demográficas moi envellecidas e masculinizadas (Karcagi e Katona, 2012; Stockdale, 2006). Neste marco, en moitas zonas da periferia europea a emigración da poboación moza forma parte «dun proceso xeral de diminución da poboación rural» (Thissen et al., 2010, p. 429), polo que os efectos desta actual emigración veñen agravar, aínda máis, a situación de partida. Ademais, como a poboación moza constitúe o grupo de emigrantes máis numeroso nos fluxos migratorios que teñen como orixe as áreas rurais europeas, a súa emigración —con escasos retornos— pon en xaque a sostibilidade destes territorios. Por esta razón, é frecuente que a emigración da poboación moza sexa vista como un problema para as áreas rurais (Laoire e Stockdale, 2019; Shucksmith, 2010; Stockdale, 2006).

A pesar do sinalado, na investigación científica non se concede demasiada importancia á emigración rural, en comparación coas análises centradas noutro tipo de fluxos migratorios relacionados co rural, como os asociados á contraurbanización (Stockdale, 2002). Con todo, nas últimas décadas publicáronse diversos estudos sobre migracións rurais e tamén sobre migracións rurais xuvenís, moitos deles centrados no Reino Unido e, de forma especial, en Escocia. Isto pode ter que ver coas características das migracións de estudantes nese país, pois a migración estudantil constitúe unha parte cada vez máis importante da mobilidade interna da poboación moza no Reino Unido (Laoire e Stockdale, 2019; King, 2002). No caso concreto de España, existen moi poucos estudos centrados exclusivamente na emigración rural xuvenil, aínda que se realizaron importantes contribucións a esta temática procedentes de investigacións levadas a cabo no campo dos estudos rurais, realizadas dende diferentes enfoques que recollen a expresión dos procesos de cambio rural (Toxo-Asorei, 2022).

Laoire e Stockdale (2019) salientaron a importancia de adoptar a perspectiva da traxectoria vital nos estudos das migracións rurais, poñendo en relación a emigración dende as áreas rurais cos principais eventos e transicións que experimentan as persoas durante a súa adolescencia e nos primeiros anos da etapa adulta. De feito, hai dous momentos cruciais na vida das persoas mozas que impulsan a súa decisión de emigrar ou non emigrar: a transición da educación secundaria á educación superior e máis a entrada ao mercado laboral (Laiore e Stockdale, 2019; Svendsen, 2018; Thissen et al., 2010). No primeiro caso, debido ás limitacións da oferta formativa no medio rural, e no segundo caso, debido á falta de oportunidades de emprego adecuadas á formación da poboación moza das áreas rurais, principalmente para as persoas con maior nivel formativo e de forma especial para as mozas. Pois, normalmente, as adolescentes teñen maiores aspiracións educativas que os adolescentes e ademais tenden a orientar a súa educación cara aos sectores

terciario e cuaternario (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Thissen et al., 2010). Non obstante, a tendencia á sobreemigración rural feminina —que constitúe unha característica común nas áreas rurais periféricas— tamén foi explicada a partir doutros factores. De acordo con diversos autores, para moitas mozas os lazos comunitarios e os roles sociais establecidos no rural poden ser vistos como parte do control social exercido pola comunidade local, o que impide a súa autorrealización, limita a súa liberdade á hora de explorar outras identidades persoais e sociais e empúxaas, en definitiva, a sopesar a decisión de emigrar ás áreas urbanas. Este argumento tamén está asociado, en certa medida, á emigración de minorías sexuais, debido a que o medio rural se caracteríza por ser un espazo altamente heteronormativo (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Camarero e Sampedro, 2008; Díaz, 2005; Laoire e Stockdale, 2019; Pérez, 2013; Thissen et al., 2010). Mais tampouco hai que esquecer o apuntado por Rico e Gómez (2003) no contexto español, ao sinaralen que as características da oferta dos servizos existentes na meirande parte das áreas rurais constitúen unha das causas da sobreemigración rural feminina, posto que «a muller valora enormemente este tipo de cuestións, co que o pobo, sobre todo se se trata dun pequeno, non lle atrae tanto á hora de fixar a súa residencia» (p. 171). Finalmente, tamén cómpre destacar outro tipo de factores que foron sinalados como determinantes na decisión de emigrar das áreas rurais, como o arraigamento ao lugar de orixe e a historia migratoria familiar (Thissen et al., 2010).

Tomando como área de estudo o contexto galego, o obxectivo do presente traballo consiste en realizar unha aproximación ás tendencias da emigración rural en Galicia no século XXI. Para iso, comezaremos por delimitar as áreas rurais galegas con base nos criterios establecidos polos principais organismos europeos. A continuación, describiremos os principais trazos da dinámica demográfica de Galicia no presente século, prestando especial atención ás áreas rurais. Ese será o contexto no que, posteriormente, encadraremos a análise da emigración rural, realizando unha aproximación cuantitativa e abordando algunhas das súas principais causas, sobre todo as da emigración xuvenil. Coa nosa achega tentamos contribuír ao necesario avance do campo da emigración rural en Galicia e abrir novas vías de reflexión e investigación.

## 2 A delimitación das áreas rurais en Galicia

No ano 1991 a Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) introduciu unha metodoloxía baseada no grao de urbanización (Degurba) para poder clasificar as unidades administrativas locais, que en España se corresponden cos municipios. Baseada en información sobre o número de habitantes, a densidade de poboación e a contigüidade das ditas unidades administrativas locais, diferenciaba entre cidades (denominadas zonas densamente poboadas, ZDP), vilas e suburbios (denominadas zonas de densidade intermedia, ZIP) e áreas rurais (denominadas zonas escasamente poboadas, ZPP). Esta metodoloxía foi revisada e harmonizada coa metodoloxía da OCDE en 2011. A nova metodoloxía, mellorada e actualizada, conserva a nomenclatura das tres áreas resultantes (ZDP, ZIP e ZPP) e baséase na contigüidade xeográfica e na densidade de poboación, medida agora por limiares mínimos de poboación aplicados a celas de cuadrículas de poboación de 1km$^2$ (Eurostat, 2019). En España, o Instituto Nacional de Estadística (INE) tamén emprega esta clasificación do grao de urbanización para clasificar os municipios españois (Calvo et al., 2013).

No ano 2016, o Instituto Galego de Estatística (IGE) aplicou a metodoloxía descrita aos concellos galegos para determinar o seu grao de urbanización, o que deu lugar á Clasificación dos concellos galegos segundo o grao de urbanización (GU 2016). Así, os concellos galegos clasificáronse en tres grandes zonas: o 2,2 % dos concellos foron considerados zonas densamente poboadas (ZDP), o 21,1 % foron considerados zonas intermedias (ZIP) e o 76,7 % foron considerados zonas pouco poboadas (ZPP). Os concellos englobados na categoría ZDP correspóndense cos concellos que albergan as sete cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Pola súa parte, os sesenta e seis concellos clasificados como ZIP están principalmente situados nas provincias da Coruña e Pontevedra e a súa localización xeográfica coincide —a grandes trazos— co trazado da Autoestrada do Atlántico (AP-9), aínda que tamén figuran nesta categoría importantes cabeceiras comarcais do interior de Galicia. Por último, os

restantes douscentos corenta concellos agrupados baixo a categoría ZPP correspóndense cos concellos rurais, que abranguen o 81,8 % da superficie territorial de Galicia (IGE, 2016). A representación cartográfica desta clasificación municipal pode observarse no mapa 1

Mapa 1. Clasificación dos concellos galegos segundo o grao de urbanización, con indicación do trazado da Autoestrada do Atlántico (AP-9)




Fonte: elaboración propia a partir do IGE (2016).

No contexto deste traballo consideramos esta clasificación a máis idónea para delimitar os concellos rurais de Galicia, de maneira que cando aludamos aos concellos rurais, estaremos facendo referencia aos concellos agrupados baixo a categoría ZPP (mapa 1).

# 3 A situación xeodemográfica de Galicia no século XXI

En Galicia as tendencias demográficas do século pasado derivaron na configuración dun novo modelo demográfico, caracterizado pola inversión das migracións ao estranxeiro, a forte caída da fecundidade e da natalidade e a aceleración do proceso de envellecemento. Todo isto foi acompañado da crecente concentración da poboación nas áreas urbanas e do despoboamento xeneralizado de moitas comarcas rurais do interior e tamén dalgunhas do litoral (Aldrey, 2006; López e Ríos, 2021). Nas seguintes subseccións describiremos a evolución demográfica de Galicia no transcurso do presente século, centrándonos especialmente na situación que experimentaron as áreas rurais.

## 3.1 O aumento das desigualdades na distribución espacial da poboación

De acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes (IGE, 2024c), a poboación de Galicia pasou de ter 2.731.900 persoas no ano 2000 a 2.696.177 persoas no ano 2023, o que supuxo unha variación porcentual do -1,3 %. Esta lectura superficial da evolución demográfica a nivel autonómico agocha a existencia de importantes disparidades. Para comprender a dinámica demográfica de Galicia no século XXI, debemos ter presente as repercusións que tivo o estalido da crise económica mundial do ano 2008 na evolución da inmigración estranxeira. No contexto da Unión Europea, os países do sur foron os máis afectados pola crise, cunhas consecuencias que afectaron o aumento dos fluxos migratorios de saída, tanto de poboación estranxeira como de poboación nacional (Domingo e Blanes, 2016; González-Ferrer, 2013; OIM, 2015). España foi un dos países que experimentou as variacións do saldo migratorio máis acusadas, ao pasar de ser o país europeo co maior saldo migratorio positivo no ano 2002 a rexistrar valores negativos no saldo migratorio no ano 2012 (Banco Mundial, 2024). No contexto español, Galicia non constituíu un dos principais destinos (Muñoz e Antón, 2010), aínda que o volume de inmigración recibida foi suficiente para incrementar o tamaño da poboación autonómica durante a primeira década do século XXI. Por conseguinte, observamos dúas fases diferentes na evolución da poboación durante o período 2000-2023. Na primeira fase (2000-2010), a poboación galega creceu de forma suave e case ininterrompida dende o inicio do século ata o ano 2010, cando alcanzou o máximo de poboación, con 2.797.653 habitantes. Na segunda fase (2011-2023), Galicia emprendeu un descenso demográfico progresivo e practicamente continuado ata o ano 2023 (IGE, 2024c).

No ámbito provincial, tamén apreciamos os contrastes que ocultan os valores a nivel autonómico. Por unha parte, Lugo e Ourense continuaron a súa senda descendente herdada do século anterior, con traxectorias moi similares. Rexistran no período 2000-2023 variacións porcentuais do -11,4 % e -11,8 %, respectivamente. Nestas provincias, o saldo migratorio foi positivo dende o ano 2000 ata o 2012 e negativo nos anos 2013 e 2014, e retomáronse valores positivos no ano 2015 —en Lugo— e no 2017 —en Ourense—, que se prolongarían ata o 2021. Non obstante, como o volume de inmigración recibida foi insuficiente para compensar os valores negativos do saldo vexetativo, o tamaño da poboación das provincias orientais diminuíu anualmente (IGE 2024a, 2024b e 2024c). Por outra parte, A Coruña e Pontevedra experimentaron unha expansión demográfica cunha curva similar á de Galicia, pero con taxas de variación da poboación de signo positivo (1,4 % A Coruña e 3,5 % Pontevedra), favorecidas pola inmigración exterior. De todas formas, a evolución da poboación nas catro provincias viuse moi afectada pola crise económica do ano 2008, que se deixou sentir de forma máis inmediata nas provincias orientais que nas occidentais. Así, mentres que A Coruña e Pontevedra alcanzaron o máximo de poboación no ano 2011, en Lugo e Ourense o decrecemento demográfico agravouse a partir dos anos 2009 e 2010, respectivamente (IGE, 2024c).

En vista dos datos sinalados, dedúcese que os 2.696.177 habitantes cos que contaba Galicia no ano 2023 estaban desigualmente distribuídos nas catro provincias. En efecto, na dita data, o 41,7 % da poboación galega residía na provincia da Coruña, o 12 % na de Lugo, o 11,3 % na provincia de Ourense e o 35 % na de

Pontevedra (IGE, 2024c). Entre as causas do menor grao de ocupación das provincias orientais con respecto ás provincias occidentais atópase o declive demográfico asociado á emigración dos séculos pasados, primeiro a países de América e Europa, e posteriormente ás provincias máis industrializadas de España e aos principais enclaves industriais galegos situados nas provincias da Coruña e Pontevedra. Foi especialmente a partir da década de 1970 cando se apreciou a conformación dun modelo desequilibrado de distribución espacial da poboación, caracterizado por movementos migratorios internos dende o interior cara a costa que gardan estreita relación co trazado da Autoestrada do Atlántico (AP-9). Por conseguinte, as provincias occidentais presentan hoxe en día un maior dinamismo a nivel demográfico con respecto ás provincias do interior. Nestas últimas, tamén se observa unha tendencia á concentración da poboación ao redor das súas capitais provinciais (Aldrey, 2006). Neste contexto, a porcentaxe de poboación residente nos concellos da área de influencia da Autoestrada do Atlántico (AP-9) mostra o grao de concentración da poboación nas provincias occidentais e máis a intensidade que adquiriu este proceso nas últimas décadas. Este indicador pasou de representar o 58,1 % sobre o total da poboación galega no ano 2000 ao 63,4 % no ano 2023. Dito con outras palabras, no ano 2023 máis do 60 % da poboación de Galicia (1.709.173 habitantes) residía no 23,9 % dos municipios galegos, todos eles situados nas provincias da Coruña e Pontevedra (Dalda e Viña, 1997; IGE, 2024c; Villar, 2000). No polo oposto estaría a poboación residente nos concellos das serras, que descendeu un 35,1 % nese mesmo período (126.081 persoas no ano 2000 e 81.795 persoas no ano 2023), representando no ano 2023 o 3 % da poboación galega (IGE, 2024c; Pérez, 1995). A este fenómeno de concentración non é allea a desagrarización do rural galego. Deste xeito, o acelerado axuste estrutural experimentado pola agricultura galega dende mediados dos anos 80 do século pasado contribuíu en gran medida á expulsión de poboación das áreas rurais, xa que a conseguinte destrucción de emprego na agricultura non foi compensada pola xeración de emprego noutros sectores nestas áreas (López-Iglesias e Pérez-Fra, 2004; López-Iglesias, 2019). Estes datos permítennos entrever, polo tanto, a existencia de diferentes estruturas demográficas tanto a nivel provincial como a nivel intraprovincial.

## 3.2 O agravamento do declive demográfico das áreas rurais

En concordancia co apuntado na sección anterior, se segmentamos a poboación en función das tres categorías do grao de urbanización do territorio, podemos apreciar a tendencia crecente á concentración da poboación nos concellos máis urbanizados de Galicia. Tal e como se como mostra na gráfica 64, en xeral obsérvanse dúas tendencias totalmente diferentes na evolución da poboación galega: o crecemento da poboación das áreas intermedias (ZIP) e das cidades (ZDP), e o decrecemento da poboación rural (ZPP). A nivel demográfico, os concellos da ZIP foron os que presentaron o maior dinamismo no transcurso deste século, mostrando unha variación da poboación do 12,5 % no período 2000-2023 (890.670 habitantes no 2000 e 1.002.347 habitantes no 2023), variación que foi posible grazas á evolución negativa da ZPP. Mais cómpre destacar un certo estancamento na curva de crecemento da ZIP a partir do ano 2012, manténdose a taxa de variación interanual da poboación en valores inferiores ao 0,4 % dende esa data e ata o último ano do período analizado. Pola súa parte, a poboación dos concellos da ZDP tamén presentou unha taxa de variación de signo positivo no período 2000-2023 (1,4 %), ao pasar de ter 974.547 habitantes no ano 2000 a 988.604 no 2023. Porén, a diferenza do observado na ZIP, o crecemento demográfico na ZDP foi moito máis moderado e estable, sen mostrar variacións porcentuais interanuais superiores ao 0,8 % en valor absoluto. Por último, as áreas rurais (ZPP) perderon poboación de forma continua ao longo de todo o período 2000-2023, que mostran unha taxa de variación do -18,6 % no ano 2023 con respecto ao inicio do século. En números absolutos, isto tradúcese nunha perda de 161.457 habitantes, ao pasar dos 866.683 habitantes no ano 2000 aos 705.226 no ano 2023. A pesar de que o decrecemento demográfico nas áreas rurais foi sostido durante todo o período de análise, as perdas de poboación cobraron maior intensidade entre os anos 2011 e 2018. E se ben a poboación rural non deixou de caer a partir do ano 2018, si que se apreciou unha certa desaceleración nos valores negativos da taxa de variación interanual da poboación dende o ano 2020, coincidindo co inicio da pandemia da COVID-19 (IGE, 2016 e 2024c).

Gráfica 64. Evolución da poboación de Galicia segundo o grao de urbanización do territorio (2000-2023)




Fonte: elaboración propia a partir do IGE (2016 e 2024c).

Na gráfica 65 podemos observar a magnitude da contribución do crecemento natural e do crecemento migratorio na evolución demográfica das áreas non rurais (ZDP e ZIP) e das áreas rurais (ZPP) no período 2000-2022[1]. Por unha banda, nas áreas non rurais (ZDP e ZIP) a taxa de crecemento migratorio foi a principal variable que determinou a existencia de dúas etapas diferenciadas na evolución da taxa de crecemento total nestas áreas. Na primeira etapa (2000-2012), o volume de inmigracións recibidas superou o volume de emigracións e compensou as perdas de efectivos demográficos por crecemento natural, dando lugar a taxas de crecemento total positivo que chegaron a alcanzar valores do 8,6 ‰ no ano 2008. Na segunda etapa do período analizado (2013-2022), a taxa de crecemento natural foi acumulando valores negativos, pasando do -1,5 ‰ no ano 2013 ao -5,7 ‰ no 2022. De forma paralela, a taxa de crecemento migratorio —que xa comezara a descender a partir do ano 2008— acadou valores negativos nos anos 2013 e 2014. No ano 2015 as inmigracións volveron a superar as emigracións e a taxa de crecemento migratorio mantívose en cifras superiores ao 0 ‰ ata o final da etapa, aínda que en xeral mostrou valores positivos máis moderados e flutuantes que na etapa pre-crise. Todo isto explica que nesta segunda etapa a taxa de crecemento total da poboación unicamente fose positiva nos anos 2017, 2018, 2019 e 2022. Os datos descritos suxiren unha relación entre a evolución da taxa de crecemento migratorio das áreas non rurais e a pandemia da COVID-19. Pois, nun escenario no que a evolución da taxa de crecemento migratorio semellaba mostrar unha tendencia crecente encamiñada á recuperación dos valores da época pre-crise, nos anos 2020 e 2021 os valores deste indicador caeron por debaixo do 4,5 ‰, que repuntan ata o 9,9 ‰ no ano 2022. Doutra banda, no período 2000-2022 as áreas rurais (ZPP) presentaron unha evolución moi diferente ás áreas non rurais (ZDP e ZIP).

1 Para esta análise cambiamos o período de tempo debido á dispoñibilidade dos datos no momento da redacción deste documento.

Gráfico 65. Evolución das taxas de crecemento total, crecemento natural e crecemento migratorio nas áreas non rurais (ZDP e ZIP) e nas áreas rurais (ZPP) de Galicia (2000-2022)

(a) Galicia, áreas non rurais




(b) Galicia, áreas rurais




Fonte: elaboración propia a partir do IGE (2016, 2024a, 2024b e 2024c).

Polas particularidades da composición por sexo e idade da poboación rural, nestas áreas a principal variable que determinou a evolución da taxa de crecemento total da poboación foi a taxa de crecemento natural. Podemos diferenciar tres etapas. A primeira etapa (2000-2010) caracterízase por mostrar taxas de crecemento natural inferiores ao -10 ‰, con taxas de crecemento migratorio de signo positivo dende o ano 2003 que contribuíron a conter a taxa de crecemento total en valores situados entre o -5,3 ‰ e o -9 ‰. Na segunda etapa (2011-2016) as emigracións superaron as inmigracións, polo que a taxa de crecemento migratorio foi negativa en todos o anos. Ademais, como a taxa de crecemento natural aumentou anual e paulatinamente ata situarse en valores lixeiramente superiores ao -10 ‰ na maioría deses anos, os valores da taxa de crecemento total caeron en picado ata acadar no ano 2015 o récord de todo o século: -14,5 ‰. Finalmente, na terceira etapa (2017-2022) a taxa de crecemento natural continuou a senda descendente, que rexistra o valor negativo máis elevado do século no ano 2022 (-13,1 ‰). Non obstante, a taxa de crecemento migratorio retomou o signo positivo que perdera no ano 2010 e alcanzou os valores máis elevados do século nos anos 2020, 2021 e 2022, rexistrando

o valor máximo no ano 2020 (10,7 ‰). Aínda que o volume de inmigración recibido durante esta etapa foi insuficiente para incrementar o tamaño da poboación rural, contribuíu moi notablemente a reducir as perdas de efectivos demográficos, facendo posible que —por primeira vez no século— a taxa de crecemento total rexistrase un valor positivo no ano 2020 (0,2 ‰). Esta situación, inédita nas áreas rurais galegas no contexto do século XXI, tamén foi similar á que experimentaron outras áreas rurais españolas durante os anos 2020 e 2021, como consecuencia da caída da emigración rural e do incremento da inmigración rural interna procedente das áreas urbanas, a raíz do impacto da COVID-19 (González-Leonardo et al., 2022).

Os datos ata aquí comentados son claros en relación ás causas do declive demográfico das áreas rurais: a poboación rural decrece principalmente por esgotamento natural. Non obstante, polos efectos —directos e indirectos— que ten a emigración xuvenil no agravamento do declive demográfico das áreas rurais e máis no agravamento das consecuencias derivadas dese proceso, a emigración rural xuvenil é considerada un dos problemas máis urxentes para a sostibilidade futura de moitas áreas rurais europeas (Shucksmith, 2010). Por esta razón, nas seguintes páxinas centraremos o noso estudo na análise do fenómeno da emigración rural en Galicia no presente século, prestando especial atención á emigración rural protagonizada pola poboación en idade xuvenil, que no marco deste estudo será a comprendida entre os 16 e os 34 anos.

# 4 A emigración rural en cifras: unha aproximación á súa evolución no século XXI

Para cuantificar as emigracións rurais producidas en Galicia dende o inicio do século, cinguirémonos ás definicións oficiais establecidas polo IGE (s.f.). Entenderemos por emigración rural calquera cambio de concello de residencia que teña orixe nun concello rural —seguimos a clasificación de concellos galegos segundo o grao de urbanización (IGE, 2016)— e diferenciaremos tres tipos de emigración: emigración rural interna (a que ten orixe nun concello rural galego e destino noutro concello de Galicia), emigración rural externa a outra comunidade autónoma (a que ten orixe nun concello rural galego e destino noutro concello doutra comunidade autónoma) e emigración rural externa ao estranxeiro (a que ten orixe nun concello rural galego e destino no estranxeiro). Os datos que utilizaremos de base serán os da Estatística dos Movementos migratorios publicada polo IGE (2024b), que recolle as variacións residenciais producidas en Galicia con información desagregada ata o nivel municipal (IGE, s.f.). Estes datos, cruzados coa clasificación de concellos GU 2016 (IGE, 2016) e cos datos de poboación proporcionados polo Padrón municipal de habitantes (IGE, 2024c), serán os que nos permitan esbozar unha panorámica da evolución da emigración rural en Galicia no presente século[2].

## 4.1 A emigración rural no contexto da emigración autonómica

No período comprendido entre os anos 2000 e 2021, en Galicia producíronse un total de 1.889.843 emigracións. Os datos recollidos na táboa 1 deixan entrever que o volume de emigracións rexistradas en cada tipo de emigración (interna, externa a outra comunidade autónoma e externa ao estranxeiro) está asociado ás distancias que existen entre o lugar o orixe e o lugar de destino, de maneira que o volume de emigracións descende progresivamente a medida que se incrementa a distancia entre o lugar de orixe e o lugar de destino da emigración. Se consideramos o número total de emigracións producidas no período 2000-2021, a nivel autonómico o 69,4 % das emigracións (1.310.961) tiveron como destino algún

2 O período temporal de análise estivo condicionado pola dispoñibilidade de datos de migracións desagregados para o nivel municipal no inicio deste traballo.

municipio de Galicia, o 22,3 % (422.052 emigracións) tiveron como destino outra comunidade autónoma e o 8,3 % (156.830 emigracións) tiveron como destino outro país. Este esquema, que se reproduciu tamén a nivel provincial, é coherente tanto co patrón da emigración propio dos países económicamente máis desenvolvidos de Europa (Thumerelle, 1997), como coa tendencia que mostra a emigración galega dende as últimas décadas do século XX (Aldrey, 2006).

Tomando como base o grao de urbanización do territorio, o 72,8 % do total de emigracións tiveron orixe nas áreas non rurais (1.374.978 emigracións), mentres que o restante 27,2 % das emigracións (514.865) tiveron orixe nas áreas rurais. En xeral, no período 2000-2021 o destino principal da emigración interna foron as áreas intermedias (ZIP), seguidas das áreas urbanas (ZDP) e das áreas rurais (ZPP). A poboación urbana (ZDP) emigrou en maior medida ás zonas intermedias (ZIP) e as poboacións das áreas intermedias (ZIP) e máis das áreas rurais (ZPP) emigraron principalmente ás cidades (ZDP). Finalmente, no tocante á emigración externa apréciase unha maior propensión a realizar este tipo de emigracións a medida que aumenta o grao de urbanización do territorio, e é a emigración exterior ao resto do Estado a principal opción elixida durante o período de análise (táboa 12).

Táboa 12. Emigracións segundo o grao de urbanización e o tipo de emigración no período 2000-2021

(a) Número de emigracións

| Orixe | Destino | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ZDP | ZIP | ZPP | Outras CC AA. | Outro país | Total |
| ZDP | 65.191 | 227.743 | 137.657 | 185.404 | 65.738 | **681.733** |
| ZIP | 188.341 | 183.225 | 117.869 | 147.542 | 56.268 | **693.245** |
| ZPP | 141.493 | 138.362 | 111.080 | 89.106 | 34.824 | **514.865** |
| **Total** | **395.025** | **549.330** | **366.606** | **422.052** | **156.830** | **1.889.843** |

(b) Porcentaxe (%) de emigracións sobre o total de Galicia

| Orixe | Destino | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ZDP | ZIP | ZPP | Outras CC AA. | Outro país | Total |
| ZDP | 3,4 | 12,1 | 7,3 | 9,8 | 3,5 | **36,1** |
| ZIP | 10,0 | 9,7 | 6,2 | 7,8 | 3,0 | **36,7** |
| ZPP | 7,5 | 7,3 | 5,9 | 4,7 | 1,8 | **27,2** |
| **Total** | **20,9** | **29,1** | **19,4** | **22,3** | **8,3** | **100,0** |

Fonte: elaboración propia a partir do IGE (2016 e 2024b)

## 4.2 Evolución da emigración rural e composición por sexo e idade da poboación rural emigrante

Como comentamos na sección anterior, no período comprendido entre os anos 2000 e 2021 producíronse un total de 514.865 emigracións nas áreas rurais galegas (ZPP). No ano 2021 as emigracións rurais aumentaron un 28 % con respecto ao ano 2000, ao pasar das 18.172 emigracións rexistradas no ano 2000 ás 23.409 emigracións contabilizadas no ano 2021 (IGE, 2024b). Non obstante, como veremos, a evolución da emigración e da composición por sexo e idade da poboación rural emigrante presentou características diferentes en función do tipo de emigración.

### 4.2.1 Emigración rural interna

A emigración rural interna representa o 76 % das emigracións producidas nas áreas rurais de Galicia no período 2000-2021 (390.935 emigracións), representa tamén entre o 74 % e o 76 % do total das emigracións rurais producidas en cada unha das catro provincias (77,2 % na Coruña, 76,2 % en Lugo, 74,9 % en Ourense e 74,6 % en Pontevedra). Nos vintedous anos que abrangue o período analizado, as emigracións rurais internas aumentaron un 29,4 %, ao pasar das 13.741 emigracións internas rexistradas no ano 2000 ás 17.784 emigracións internas do ano 2021. En termos relativos, a taxa bruta de emigración interna nas áreas rurais tamén reflicte a evolución das cifras absolutas, xa que no período 2000-2021 o valor do indicador incrementouse en 9,2 puntos (15,9 ‰ no ano 2000 e 25,1 ‰ no ano 2021). O valor máximo da taxa bruta de emigración rural interna rexistrouse no ano 2018 (26,7 ‰), aínda que dende o ano 2009 e ata o 2019 xa non descendera do 23 ‰. A maior caída interanual da emigración interna nas áreas rurais galegas rexistrouse no ano 2020 (26,6 ‰ no ano 2019 e 22,9 ‰ no ano 2020), mostrando nesa data un valor máis propio da etapa pre-crise. Porén, no ano 2021 o indicador recuperou de novo os valores rexistrados na etapa previa á pandemia, ascendendo ao 25,1 ‰. As zonas intermedias (ZIP) constituíron o principal destino da emigración rural interna das provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que as emigracións que tiveron orixe nas áreas rurais de Lugo e Ourense dirixíronse en maior medida ás cidades (ZDP). Esta realidade é acorde coa distribución xeográfica dos concellos da ZIP, xa que o 81,8 % deles están situados nas provincias occidentais (IGE, 2016).

Gráfica 66. Taxa bruta de emigración segundo sexo, idade e tipo de emigración nas áreas rurais de Galicia nos anos 2002 e 2021

(a) Emigración interna



(b) Emigración a outra comunidade autónoma




(c) Emigración ao estranxeiro




Fonte: elaboración propia a partir do IGE (2016, 2024b e 2024c).

Se consideramos as variables sexo e idade, a taxa de emigración rural interna aumentou en todos os grupos de idade —dende 0 a 65 e máis anos—, aínda que con diferenzas moi significativas en ambos os sexos ao longo do período analizado (Figura 4a). No ano 2002, a taxa de emigración interna feminina foi superior á masculina dende os 0 aos 39 anos e a partir dos 65 anos e máis, e é a taxa de emigración interna masculina superior á feminina entre os 40 e os 64 anos. Nesa mesma data, as maiores desigualdades nos valores do indicador rexistráronse no grupo de idade de 16-19 anos (20,7 ‰ nos homes e 25,1 ‰ nas mulleres), no de 20-24 anos (24,3 ‰ nos homes e 34,6 ‰ nas mulleres) e no de 25-29 anos (38,9 ‰ nos homes e 48,5 ‰ nas mulleres). De 2002 ao 2021, non só aumentou a taxa de emigración interna, senón que as desigualdades entre sexos tamén se incrementaron moi considerablemente. No ano 2021, as maiores diferenzas entre sexos nos valores do indicador rexistráronse no grupo de idade de 16-19 anos (27,9 ‰ nos homes e 34,7 ‰ nas mulleres), no de 20-24 anos (34,9 ‰ nos homes e 45,2 ‰ nas mulleres), no de 25-29 anos (47,5 ‰ nos homes e 70,1 ‰ nas mulleres) e agora tamén no de 30-34 anos (55,4 ‰ nos homes e 64,4 ‰ nas mulleres). Tanto no ano 2002 como no ano 2021, as maiores taxas de emigración interna se rexistraron nos homes de 30-34 anos e nas mulleres de 25-29 anos. Foi nestes grupos de idade onde observáronse os maiores incrementos nos valores do indicador no período 2002-2021, especialmente nas mulleres (21,6 puntos máis nas mulleres de 25-29 anos e 22 puntos nas mulleres de 30-34 anos, con respecto ao ano 2002). En xeral, nos restantes grupos de idade, os valores da taxa de emigración interna mostráronse bastante equilibrados entre homes e mulleres, tanto no ano 2002 como no 2021.

### 4.2.2 Emigración rural a outra comunidade autónoma

Despois da emigración interna, a emigración con destino a outra comunidade autónoma constitúe o segundo tipo de emigración rural máis frecuente, representando o 17,3 % do total das emigracións rexistradas nas áreas rurais no período 2000-2021 (89.106 emigracións). No transcurso deste período, o número de emigracións externas a outra comunidade autónoma pasou das 4.431 emigracións no ano 2000 ás 3.553 emigracións no ano 2021, o que supuxo un descenso do 19,8 %. A evolución das emigracións externas a outra comunidade autónoma tamén se viu influenciada pola crise económica do ano 2008 e polo inicio da pandemia da COVID-19 no ano 2020, ao igual que aconteceu na emigración interna.

No período 2002-2021, os valores da taxa de emigración rural a outra comunidade autónoma tamén mostraron diferenzas entre sexos e grupos de idade, aínda que moito máis reducidas que no caso da emigración rural interna (Figura 4b). No ano 2002, na poboación comprendida entre os 25 e os 59 anos, os valores do indicador foron superiores nos homes con respecto ás mulleres, especialmente nos grupos de idade de 25-29 anos (16,3 ‰ nos homes e 13 ‰ nas mulleres) e 30-34 anos (12,9 ‰ e 10,5 ‰), aínda que sen chegar a superar os 3,4 puntos de diferenza entre ambos os sexos. Porén, esta taxa se mostrou moi equilibrada entre homes e mulleres con idades inferiores aos 24 anos e superiores aos 60 anos. No último ano do período analizado, a taxa de emigración a outra comunidade autónoma tamén estivo moi equilibrada entre sexos na poboación menor de 20 anos e na de 65 anos e máis. Nos restantes grupos de idade a taxa de emigración masculina a outra comunidade autónoma foi superior á feminina, agás no grupo de 20-24 anos (9,1 ‰ nos homes e 11,4 ‰ nas mulleres). A diferenza do ano 2002, no ano 2021 as desigualdades nos valores do indicador entre ambos os sexos reducíronse, rexistrándose unha diferenza máxima de 2,3 puntos no grupo de idade de 20-24 anos. En comparación coa taxa de emigración rural interna, en xeral a taxa de emigración rural a outra comunidade autónoma concentrouse na poboación de 25 a 29 anos, reducíndose na poboación menor de 29 anos e aumentando na poboación maior de 25 anos. Destaca, non obstante, o incremento experimentado nas mulleres de 35-39 anos (5 ‰ no ano 2002 e 9,6 ‰ no 2021).

### 4.2.3 Emigración rural ao estranxeiro

Ao igual que acontece no conxunto de Galicia, a emigración rural ao estranxeiro constitúe o tipo de emigración menos frecuente. No período 2002[3]-2021, nas áreas rurais galegas producíronse un total de 34.824 emigracións ao estranxeiro, o equivalente ao 6,8 % do total das emigracións rexistradas nas áreas

3 Soamente dispoñemos de datos de emigracións ao estranxeiro para os anos 2002 e posteriores.

rurais no período 2000-2021. No último ano da serie, as emigracións externas ao estranxeiro aumentaron un 9,5 % con respecto ao ano 2002, ao pasar das 1.893 emigracións rexistradas no ano 2002 ás 2.072 emigracións contabilizadas no ano 2021.

En canto á composición por sexo e idade da poboación emigrante (Figura 4c), os grupos que mostraron as maiores taxas brutas de emigración ao estranxeiro foron o de 30-34 anos (7,5 ‰ nos homes e 6,5 ‰ nas mulleres), seguido do de 25-29 anos (6,2 ‰ nos homes e 6,4 ‰ nas mulleres) e do de 35-39 anos (5,9 ‰ nos homes e 4,3 ‰ nas mulleres). No período 2002-2021 as taxas de emigración rural ao estranxeiro aumentaron en todos os grupos de idade, agás no de 16-19 anos (homes e en mulleres), no de 45-49 anos (mulleres), no de 50-54 anos (homes e mulleres) e no de 55-59 anos (mulleres). No ano 2002 as desigualdades nos valores da taxa de emigración ao estranxeiro entre sexos comezaron a observarse a partir dos dezaseis anos, pero no ano 2021 esas diferenzas xa se notaron dende o grupo de 0-15 anos (1,7 ‰ nos homes e 2,5 ‰ nas mulleres). Nese mesmo ano, os únicos grupos de idade nos que os valores do indicador se mostraron realmente próximos foron no de 25-29 anos (6,2 ‰ nos homes e 6,4 ‰ nas mulleres) e no de 65 anos e máis (1,5 ‰ nos homes e 1,3 ‰ nas mulleres). Salvo nos grupos de idade de 0-15 anos e 25-29 anos, a taxa de emigración rural ao estranxeiro foi superior nos homes con respecto ás mulleres, atopándose as maiores diferenzas entre sexos na poboación de 45-49 anos (4,8 ‰ nos homes e 2,2 ‰ nas mulleres).

## 5 Principais causas da actual emigración rural xuvenil en Galicia

Do total das emigracións rurais rexistradas no período 2000-2021, o 38,2 % foron realizadas pola poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos, constituíndo o grupo de idade maioritario nos fluxos emigratorios orixinados nas áreas rurais galegas[4]. Esta realidade é semellante á referida por outras persoas investigadoras noutras áreas rurais europeas (Laoire e Stockdale, 2019) e extensible, polo xeral, a calquera emigración (Livi-Bacci, 1993). Por esta razón, centraremos a análise das causas da emigración rural galega na poboación xuvenil, ao ser o grupo de idade máis proclive a emigrar.

De acordo co profesor Elías Trabada (2007) a emigración rural xuvenil é «un fenómeno sociolóxico de natureza pluricausal, onde a miúdo intervén máis dun factor», aínda que na construción teórica das súas causas un deses factores exerza o papel desencadeante (p. 417). Aínda que o estudo da emigración rural en Galicia no presente século está moi pouco desenvolvido (Toxo-Asorei, 2022), son varios os factores destacados na literatura local como impulsores da decisión de emigrar das áreas rurais galegas no século XXI:

- **As limitacións da oferta educativa e do mercado de traballo no medio rural ou de servizos de mobilidade que os acheguen**. Para moitas persoas adolescentes do rural, a prolongación da etapa formativa tras a finalización da educación obrigatoria, implica a necesidade de trasladar a súa residencia —durante o período lectivo— ás áreas urbanas onde se localizan os principais centros de ensino post-obrigatorio. Nuns casos, por tratarse de persoas sen posibilidade de satisfacer as súas necesidades de desprazamento mediante a oferta de transporte público. Noutros casos, pola distancia existente ao centro de ensino, que fai inviable os desprazamentos diarios de ida e volta. Finalizada a etapa de formación superior, a inserción laboral deses mozos e mozas adoita producirse nas áreas non rurais (ZDP e ZIP), xa que o tipo de empregos para os que se formaron non existen —ou son escasos— nos seus respectivos lugares de orixe (Saco, 2010; Trabada, 2007). Frecuentemente, esta situación de falta dos empregos desexados tamén implica trasladar a residencia a lugares próximos aos centros de traballo situados en zonas urbanas, polas mesmas razóns de falta de servizos de mobilidade ou pola distancia. Mais tamén hai que destacar que a necesaria dependencia do transporte privado para a poboación

4 As emigracións realizadas pola poboación menor de 16 anos representaron o 13,1 %, as realizadas pola poboación con idades comprendidas entre os 35 e os 64 anos representaron o 33,6 % e as realizadas pola poboación de 65 e máis anos representaron o 15,1%.

moza do rural, implica unha serie de gastos relacionados coa compra de vehículos, combustible e incluso peaxes, que pode facer que resulte incompatible o mantemento dun emprego nunha área non rural co mantemento da residencia principal no medio rural (Roseman, 2013).

- **A falta de alternativas ao emprego agropecuario nas explotacións familiares**. Trabada (2007) ten identificado diversos atrancos para que a poboación moza continuase na agricultura e polo tanto no rural: problemas de convivencia entre xeracións ou con irmáns; tardanza no relevo na titularidade da explotación; as condicións laborais nas explotacións, especialmente nas leiteiras, que non deixan tempo para o tempo libre; ou a prevalencia dunha imaxe negativa do traballo agropecuario.
- **A procura dun estilo de vida urbano**. Para Saco (2010), a emigración rural motivada por este tipo de factor está estreitamente asociada á expansión do modo de vida urbano, xa que cando os habitantes do rural senten frustradas as súas aspiracións de vivir de forma similar ao da cidade en termos de equipamentos e prestacións, a emigración constitúe unha saída lóxica. Pero máis aló dos equipamentos e prestacións, Valiña (2019) tamén salientou outros aspectos de gran importancia na decisión de emigrar ao estranxeiro a partir do ano 2008, nas mozas do rural: a posibilidade de adquirir maior liberdade de movemento en sociedades urbanas lonxe da presión familiar e comunitaria.
- **Os antecedentes migratorios da familia**. Este factor foi destacado por Valiña (2019) no contexto da emigración feminina a Suíza dende a Terra de Soneira a partir da crise do 2008. Moitas desas mulleres recuperaron as correntes migratorias dos seus parentes, aproveitándose das vantaxes que lles brindaba a experiencia migratoria familiar. Foi concretamente nas mulleres nacidas a partir dos anos oitenta, onde a autora apreciou unha diferencia motivacional importante con respecto ás xeracións de emigrantes do século pasado: á parte do factor económico, agora tamén destacaba a procura de novas experiencias vitais en sociedades urbanas, en liña co comentado no punto anterior.

Cando se analiza a emigración galega en termos xerais adoita admitirse que o factor económico é o máis determinante (Aldrey, 2005). Certamente, os resultados da análise estatística da composición por sexo e idade da poboación rural emigrante semellan corroborar esa afirmación, xa que as maiores taxas de emigración se concentran na poboación de adultos mozos en idade de ter rematados os seus estudos superiores e de incorporarse ao mercado laboral. Non obstante, como as estatísticas de migracións soamente miden os cambios de concello de residencia que foron comunicados de forma oficial, en realidade as estatísticas só recollen unha parte das migracións rurais efectivamente realizadas (Susino, 2012). Pero ademais, as estatísticas non reflicten as idades nas que se producen os cambios de concello de residencia, senón que reflicten o momento no que oficialmente se comunican eses cambios de municipio de residencia, polo que poden resultar enganosas se se utilizan como base para o estudo das causas da emigración rural xuvenil. De feito, nun estudo de caso realizado recentemente no concello de Boimorto para explorar as causas da emigración rural xuvenil (Toxo-Asorei, 2022), concluíuse que o principal factor que desencadeou a primeira emigración na poboación xuvenil foron os estudos superiores. Unha vez finalizada a etapa formativa superior, as segundas e posteriores reemigracións ou novas emigracións realizadas por eses mozos e mozas estiveron asociadas ou ben ao xurdimento dunha oportunidade laboral fóra do seu concello, ou ben ao proceso de emancipación derivado da formación de parellas estables en concellos cabeceira de comarca ou concellos limítrofes coa cidade de Santiago. Porén, como a tendencia xeral da poboación moza é a de non comunicar o cambio de concello de residencia ata que se produce algunha situación que obriga a facelo, a nivel estatístico a inmensa maioría desas persoas que emigraran de Boimorto continuaban considerándose habitantes do concello de orixe.

Por último, cómpre destacar que se ben todos os factores mencionados na literatura comparten o feito de influír na decisión de emigrar das áreas rurais, difiren no rol que desempeñan na formación da decisión de emigrar. Por unha banda, estarían aqueles factores asociados ao obxectivo que se pretende alcanzar mediante a emigración, como pode ser o estudar unha determinada titulación, empregarse nun determinado sector ou cambiar o estilo de vida rural polo estilo de vida urbano. Por outra banda, estarían os factores que permiten facer efectiva a emigración, como por exemplo as propias habilidades académicas, o nivel de cualificación profesional obtido, a situación económica familiar ou a historia migratoria da familia. Esta distinción permítenos percibir con maior claridade a diferencia que existe entre os obxectivos individuais proxectados e os aspectos contextuais que poden contribuír a favorecer ou a obstaculizar os obxectivos propostos, contribuíndo á comprensión do papel que teñen os factores de tipo contextual na

decisión de emigrar das áreas rurais (Toxo-Asorei, 2022).

## 6 Conclusións

Galicia ábrese ao século XXI nun contexto marcado polo declive demográfico a nivel autonómico e a forte tendencia á concentración da poboación en torno aos concellos máis urbanizados, deixando a meirande parte do territorio rural sumido nun profundo retroceso demográfico. Mais esta realidade non representa unha excepcionalidade demográfica, senón que constitúe un comportamento moi similar ao experimentando noutras zonas de Europa occidental. Este dualismo demográfico entre os concellos rurais e os non rurais estivo marcado por dous grandes acontecementos que alteraron os ritmos migratorios da poboación: a crise económica de 2008 e a crise sanitaria de 2020. A crise do 2008 freou a bonanza económica que favorecía unha tendencia crecente da poboación autonómica grazas a un saldo migratorio positivo, comportamento que acadou o punto de inflexión no ano 2010.

Non obstante, nas zonas rurais (ZPP) os saldos migratorios non compensaron os saldos vexetativos tan negativos que determinaron a tendencia á perda de poboación nestas áreas, agrandándose aínda máis a fenda entre zonas rurais e non rurais. Porén, a crise sanitaria sufrida no ano 2020 debido á pandemia causada pola COVID-19 rompeu con esta tendencia, ao incrementar a taxa de crecemento migratorio nas zonas rurais, favorecendo unha desaceleración no seu proceso de perda de poboación. Pola contra, nas áreas non rurais, as taxas de crecemento migratorio non foron suficientes para compensar as taxas negativas de crecemento vexetativo e, por primeira vez, perderon poboación nos anos 2020 e 2021. Con todo, no ano 2022 as áreas non rurais volveron a mostrar comportamentos similares aos da época de pre-pandemia.

Neste contexto, analizar a emigración rural xuvenil e as súas causas é necesario para deseñar medidas que freen a sangría demográfica das áreas rurais. Neste primeiro cuarto de século, tres cuartas partes das emigracións rurais tiveron como destino algún concello de Galicia. Mentres que a emigración a outra comunidade autónoma descendeu, a taxa de variación da emigración ao estranxeiro e da emigración interna foi positiva. No caso concreto da emigración interna, incrementouse en case un trinta por cento, e son os grupos de idade entre 29 e 34 anos onde rexistráronse as maiores saídas, que foron maiores nas mulleres que nos homes. Polo tanto, son as mulleres novas as que protagonizan en maior medida a emigración rural interna cara a zonas máis urbanizadas, e tamén as que incrementan máis as súas saídas cara a outras comunidades autónomas no grupo de idade de 20 a 24 anos.

En canto aos factores sinalados na literatura como determinantes na decisión de emigrar das áreas rurais galegas durante a etapa xuvenil, a grandes trazos coinciden cos apuntados noutros contextos rurais de Europa occidental: a existencia dun contexto socioeconómico que non favorece a obtención do emprego ou a formación desexada e a procura dun estilo de vida urbano. Aínda que a causa da primeira emigración adoita ser o feito de marchar estudar fóra do seu concello, os antecedentes migratorios na familia, a situación económica e os conflitos no seo das explotacións familiares tamén foron factores destacados por contribuír á decisión de emigrar. Por outra banda, a sobreemigración feminina segue a contribuír ao ben coñecido fenómeno da masculinización do rural, que é causa do seu agravamento. Noutros contextos rurais europeos e españois, a sobreemigración feminina foi asociada, entre outros aspectos, á necesidade de fuxir de ámbitos sociais onde predominan os roles tradicionais. Polo tanto, cómpre preguntarnos se esta explicación sería extrapolable ao contexto galego e en que medida os principais factores determinantes da emigración rural servirían, tamén, de pretexto para escapar do control social que moitas mozas perciben por parte das súas comunidades locais. Mais, para iso, é necesario que a comunidade científica decida participar en maior medida da realización de estudos centrados na emigración xuvenil, xa que o maior interese pola análise doutro tipo de migracións constitúe a principal limitación para o avance científico nesta parcela dos estudos migratorios en Galicia.

## Referencias bibliográficas


- Aldrey, J. A. (2006). *A poboación galega, 1900-2005: cambio demográfico e implicacións territoriais*. Vigo: Ir Indo.
- Banco Mundial (2024). Migración neta. Recuperado de: https://datos.bancomundial.org/indicator/SM.POP.NETM
- Bjarnason, T. e Thorlindsson, T. (2006). Should I stay or should I go? Migration expectations among youth in Icelandic fishing and farming communities. *Journal of Rural Studies*, (22), 290-300.
- Calvo, E., Iglesias, C., López, E., Santiago, I., Silveira, S. e Villar, E. (2013). El grado de urbanización en Galicia: diferencias socioeconómicas entre las distintas zonas. *Revista Galega de Economía*, 22(2), 57-78.
- Camarero, L. e Sampedro, R. (2008). ¿Por qué se van las mujeres? El continuun de movilidad como hipótesis explicativa de la masculinización. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, (124), 73-105.
- Dalda, J. L. e Viña, A. (1997). El territorio de inserción de la A-9. En E. Pérez (dir.), *Infraestructuras y desarrollo regional: efectos económicos de la autopista del Atlántico* (pp. 25-119). Madrid: Civitas.
- Díaz, C. (2005). Aproximaciones al arraigo y al desarraigo femenino en el medio rural: mujeres jóvenes en busca de una nueva identidad rural. *Papers: revista de sociología*, (75), 63-84.
- Domingo, A. e Blanes, A. (2016). La nueva emigración española: ¿una generación perdida?. P*anorama Social*, (23), 157-178.
- González-Ferrer, A. (2013). La nueva emigración española. Lo que sabemos y lo que no. *Zoom Político,* (18), 1-20.
- Eurostat (2019). Degree of urbanisation. En EUROSTAT: *Methodological manual on territorial typologies* (pp. 38-48). Luxembourg: Publications Office of the European Union. Recuperado de: https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3859598/9507230/KS-GQ-18-008-EN-N.pdf/a275fd66-b56b-4ace-8666-f39754ede66b
- González-Leonardo, M., Newsham, N. y Fresolone-Caparrós, A. (2022). Rural revival? The rise in internal migration to rural areas during the COVID-19 pandemic. Who moved and Where?. *Journal of Rural Studies*, (96), 332-342.
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2016). Clasificación das parroquias e dos concellos galegos segundo o grao de urbanización (GU-2016). Recuperado de: https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2024a). Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. Serie 1975-2022. Recuperado de: https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2024b). Movementos migratorios. Estatística de variacións residenciais. Recuperado de:

  https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0201003&num_pag=2
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2024c). Padrón municipal de habitantes. Recuperado de:

  https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0201001002&num_pag=1
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (s.f.). Movimientos migratorios. Notas explicativas. [Arquivo PDF]. Recuperado de: https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/notasExplicativas/nota_explicativa_movementos_migratorios_2007_es.pdf

- Karcagi, A. e Katona, J. (2012). Factors of population decline in rural areas and answers given in EU member states strategies. *Studies in Agricultural Economics*, (114), 49-56.
- King, R. (2002). Towards a New Map of European Migration. *International Journal of Population Geography*, (8), 89-106.
- Laoire, C. N. e Stockdale, A. (2019). Migration and the Life Course in Rural Settings. En M. Shucksmith (ed.), Routledge International Handbook of Rural Studies (pp. 36-49). New York: Routledge.
- Livi-Bacci, M. (1993). *Introducción a la demografía*. Barcelona: Ariel.
- López-Iglesias, Edelmiro (2019). O sector agrario e agroalimentario en Galicia: balance das transformacións dende a integración europea, 1986-2016. *Revista galega de economía*: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, 28(3), 1-20.
- López-Iglesias, E. e Pérez-Fra, M. (2004). Axuste agrario e despoboación rural: as tendencias recentes en Galicia. *Grial. Revista Galega de Cultura*, (162), 36-43.
- López, E. e Ríos, R. (2021). El devenir demográfico de Galicia a la luz de sus recientes transformaciones socioeconómicas. En I. Dubert e A. Pérez-Caramés (coords.), *Invasión migratoria y envejecimiento demográfico* (pp. 145-166). Madrid: Catarata.
- Muñoz, R. e Antón, J. I. (2010). De la España que emigra a la España que acoge: contexto, dimensión y características de la inmigración latinoamericana en España. *América Latina Hoy*, (55), 15-39.
- Organización Internacional para as Migracións (OIM) (2015). *Informe sobre las migraciones en el mundo 2015. Los migrantes y las ciudades: Nuevas colaboraciones para gestionar la movilidad*. Ginebra: Organización Internacional para las Migraciones.
- Pérez, A. (1995). *A xeografía. O espacio xeográfico e o home*. Vigo: Galaxia.
- Pérez, J. (2013). ¿Por qué se van? Mujeres de pueblo y desarraigo en la ruralidad valenciana. *Encrucijadas. Revista Crítica de Ciencias Sociales*, (6), 101-116.
- Rico, M. e Gómez, J. M. (2003). Mujeres y despoblación en el medio rural de Castilla y León. *Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, (2), 151-184.

- Roseman, S. R. (2013). Unemployment and labor migration in rural Galicia (Spain). *Dialect Anthropol,* (37), 401-421.
- Saco, A. (2010). Desarrollo rural y despoblación en Galicia: escenarios y desarrollos de futuro. *Revista de Estudios sobre Despoblación Rural*, (9), 11-30.
- Shucksmith, M. (2010). *How to promote the role of youth in rural areas of Europe?*. Brussels: European Parliament. Recuperado de: https://www.europarl.europa.eu/RegData/etudes/note/join/2010/438620/IPOL-AGRI_NT(2010)438620_EN.pdf
- Stockdale, A. (2002). Towards a Typology of Out-migration from Peripheral Areas: *A Scottish Case Study. International Journal of Population Geography*, (8), 345-364.
- Stockdale, A. (2006). Migration: Pre-requisite for rural economic regeneration?. *Journal of Rural Studies,* (22), 354-366.
- Susino, J. (2012). Fuentes demográficas para el estudio de la migración en España. *Revista Interdisciplinar da Mobilidade Humana*, 20(39), 51-76.
- Thissen, F., Fortuijn, J. D., Strijker, D. e Haartsen, T. (2010). Migration intentions of rural youth in the Westhoek, Flanders, Belgium and the Veenkoloniën, The Netherlands. *Journal of Rural Studies*, (26), 428-436.
- Thumerelle, P. (1997). *Las poblaciones del mundo*. Madrid: Cátedra.
- Trabada, E. (2007). O rural de Galicia dende unha perspectiva global. En E. Trabada (dir.) *Estudo sociolóxico sobre o territorio rural de Galicia* (pp. 386-446). Santiago de Compostela: Cáritas Española Editores.
- Toxo-Asorei (2022). *Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI*. Recuperado de: http://hdl.handle.net/10347/29810
- Valiña, C. V. (2019). *Elas, as emigrantes. Mulheres da Terra de Soneira na Suíça.* Santiago de Compostela: Através Editora.
- Villar, G. (2000). Los cambios demográficos 1991-1996. En IDEGA, *La Autopista del Atlántico: movilidad, demanda de transporte y localización empresarial* (pp. 225-242). Santiago de Compostela: IDEGA.



# ARTIGO III



# ELEMENTOS PARA UNHA ANÁLISE DA RELACIÓN ENTRE ENVELLECEMENTO DEMOGRÁFICO E INMIGRACIÓN EN GALICIA

**Antía Domínguez Rodríguez**

**Profesora axudanta doutora. Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI). Facultade de Socioloxía. Universidade da Coruña.**

**Email: a.drodriguez@udc.es**

**Antía Pérez Caramés**

**Profesora contratada doutora. Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI). Facultade de Socioloxía. Universidade da Coruña.**

**Email: antia.perez@udc.es**

## 1 Introdución

Os movementos migratorios están presentes dende o inicio da pegada humana na terra e son, xunto cos nacementos e as defuncións, unha das compoñentes fundamentais da dinámica demográfica. Porén, habitualmente o seu estudo ten sido relegado en favor de explicacións máis estáticas das variacións na poboación, que practicamente comprendían que o necesario era atender á evolución de natalidade e mortalidade, e considerábase practicamente anecdótico o efecto das migracións nos procesos de cambio das poboacións.

Hai que entender que a demografía xurde, de man da difusión da estatística e da recollida de datos sobre a poboación, en alianza co proceso de desenvolvemento dos Estados-nación como unha ferramenta da gobernamentalidade política (Foucault, 2006), para o cal a riqueza das nacións ten que ver co tamaño da súa poboación. Neste senso, enténdese que a preocupación principal teña sido aquela relacionada co balance entre mortalidade e natalidade, antes que coa circulación de persoas entre diferentes Estados.

Así entendidas, as cuestións de poboación están entrelazadas coas teorías que, dende o século XIX, circulan sobre os niveis de progreso e civilización das sociedades, en clara liña coa hexemonía positivista e evolucionista do pensamento social característico da época de nacemento da demografía. Neste marco, a principal formulación teórica dos estudos da poboación, a teoría da transición demográfica, pode lerse como unha narrativa da modernización social (Greenhalgh, 1995; McCann, 2016), que, na súa proposta inicial, obvia o papel da compoñente migratoria.

A formulación primeira da teoría da transición demográfica, na proposta de autores como Frank Notestein (1945) ou Kingsley Davis, foi utilizada para explicar como o proceso de desenvolvemento leva aparellada unha mellora das condicións hixiénico-sanitarias da poboación, que supón unha caída na mortalidade (primeiro infantil, e logo do resto de idades), facendo innecesaria unha natalidade tan elevada, polo que esta tamén se reduce. O resultado do axuste á baixa das taxas de mortalidade e natalidade é o que dá lugar ao tránsito do réxime demográfico antigo a un réxime demográfico moderno, onde ambas as taxas son reducidas e o crecemento da poboación está contido.

Este esquecemento do papel das migracións e a súa achega á dinámica demográfica explícase, parcialmente, polo feito de que nas sociedades do réxime antigo a maior parte do cambio poboacional se debía ao saldo vexetativo (isto é, á diferenza entre nacementos e defuncións). Tamén, segundo Termote (1983), o feito de que para analizar os movementos migratorios sexa preciso ter en conta a un tempo as dimensións temporal e espacial fai que o seu estudo sexa máis complexo, ao introducir o dilema da escala.

Porén, nas sociedades postransicionais, nas que tanto a natalidade como a mortalidade están en valores baixos, ou mesmo negativos, polo impacto do envellecemento da poboación, son precisamente as migracións as que cobran protagonismo na dinámica poboación. De feito, nos países considerados de moi baixa fecundidade[1] son precisamente os movementos migratorios os que permiten o mantemento dos valores poboacionais ou mesmo un certo crecemento. Esta é a conclusión á que chega o informe de Lutz e Scherbov (2007), e que, tendo en conta a proxección de poboación para os países europeos cara a 2050, conclúen que a inmigración xoga un efecto compensatorio da fecundidade, que é particularmente notable no caso dos países de baixa ou moi baixa fecundidade. Con todo e como matizan Billari e Dalla-Zuanna (2011), este achega substitutiva da inmigración con respecto ao papel que anteriormente xogaba a fecundidade no crecemento poboacional é feble e dificilmente sostible no tempo polas consecuencias que tamén ten para os países de orixe.

1 A cuestión da moi baixa fecundidade ten sido un tema de discusión permanente na demografía dende as publicación pioneiras de Kohler, Billari e Ortega (2001, 2002) ao respecto a comezos do século XXI. Os autores sosteñen que existe un patrón constatable en todos os países instalados en réximes demográficos postransicionais cara a una fecundidade moi por debaixo dos niveis de substitución (que habitualmente se establecen en 2,1 fillos/as por muller) e sitúanse en valores por debaixo e 1,3.

Para o caso galego contamos xa con algúns traballos que valoran a contribución do fenómeno migratorio á dinámica demográfica. Neste ámbito destacan os resultados dun proxecto de investigación ao respecto, co título "Demografía de los extranjeros", que conta xa con case dúas décadas, e que abordou singularmente o caso galego (Izquierdo Escribano, 2006; López de Lera e Izquierdo Escribano, 2005). Tamén, recollendo o efecto da recesión económica iniciada en 2008 atopámonos cos traballos de Izquierdo Escribano (2016) e Pérez-Caramés (2010, 2016). No contributo presente, alén de revisar os achádegos destes traballos, actualizaremos a análise e ampliarémola, tanto temporalmente, para abranguer un período amplo que inclúa as consecuencias da pandemia, como teoricamente, partindo dun concepto de reprodución ampliado, próximo da reprodución social.

Con todo, os traballos actuais sobre a achega demográfica da inmigración son moito máis cautos que os realizados hai algo máis de dúas décadas, cando a hipótese da inmigración como solución ao "problema" demográfico tivo máis auxe, momento este no que se falaba de "migracións de substitución" (Keely, 2009), para dar conta da posibilidade de que a inmigración suplise ou paliase as consecuencias da transición demográfica, concretadas na triada de despoboamento, desnatalidade e envellecemento. As Nacións Unidas chegaron mesmo a realizar un informe no ano 2000 no que testaron estatisticamente esta hipótese (United Nations Department of Economic and Social Affairs, 2000). As conclusións que alcanzaron apuntaban a que os volumes de poboación que sería preciso desprazar aos países afectados polo "problema" para que os indicadores de substitución da poboación se mantivesen estables eran de tal magnitude que o informe resultou risible, e chegou a ser cualificado de "fábula" (Coleman, 2002). Na actualidade, concíbense ás migracións de substitución máis como un concepto ou unha proposta teórica antes que como unha ferramenta de planificación política en materia de poboación (Meyerson, 2001; Saczuk, 2012). De feito, análises máis recentes que volveron poñer a proba o experimento das Nacións Unidas a través da medida da idade prospectiva, reafirman o carácter pouco realista desta solución (Craveiro et al., 2019).

O fracaso empírico e político da inmigración como "solución" ao "problema" demográfico afasta as visións meramente utilitaristas da inmigración, que fan fronte aos discursos xenófobos sobre a presenza migratoria facendo énfase na súa achega demográfica, antes que ancorando a defensa da chegada e instalación de migrantes en argumentos baseados nos dereitos humanos. Pero tamén debería afastar ás ideas conspirativas da "gran substitución", que axitan o medo a unha suposta substitución da poboación branca cristiana europea pola inmigración non europea e a súa descendencia (Domingo e Garha, 2002; Le Bras, 2022; Domingo, 2023).

A estrutura deste capítulo é a seguinte. A continuación presentamos unha aproximación ás principais achegas sobre a relación entre o envellecemento da poboación e os movementos migratorios co obxecto de trazar un estado da cuestión da investigación ao respecto. Nun terceiro punto, presentamos unha análise das implicacións demográficas que ten a chegada de poboación inmigrante, doutras partes do Estado e do estranxeiro, a Galicia na última década. En cuarto lugar, analizamos o papel da poboación inmigrante na reprodución social en Galicia, pechando o capítulo cunhas reflexións finais.

## 2 Estado da cuestión sobre as relacións entre inmigración e envellecemento

A continuación veremos cal é a evolución recente do tamaño da poboación galega, así como das súas principais compoñentes de cambio (vexetativa ou natural, e migratoria). Analizaremos tamén as principais características da estrutura por sexo e idade da poboación e do seu cambio na última década.

Nos últimos 10 anos a poboación galega experimentou un decrecemento, aínda que dende o 2018 se mantén bastante estable. Así, neste período de 10 anos pásase de 2.760.720 habitantes no 2013 a 2.699.424 no 2023. Porén, que o número de poboación apenas varíe non indica que a poboación non cambie, xa que pode modificar a súa estrutura por idade e sexo.

Gráfica 67. Evolución da poboación galega nos últimos 10 anos.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos de "Cifras de población y censos demográficos" do INE.

Na actualidade en Galicia, como en España e noutros países da Unión Europea, unha das principais preocupacións é o envellecemento da poboación e como un cambio na estrutura da poboación por idade está a ter un impacto na sociedade e as súas dinámicas.

O envellecemento da poboación vémolo reflectido na pirámide de poboación, onde cada vez en maior medida se ve un aumento da cúspide e diminución da base. Elimínase así paulatinamente a forma de pirámide que muda cara a unha forma cilíndrica ou de peón, como o denomina Antonio Izquierdo no seu artigo "El lugar de las migraciones en la pirámide de la triste figura" (Izquierdo, 2016).

Deste xeito, a pirámide de poboación, ou peón, é o resultado dos movementos naturais da poboación (nacementos e defuncións), pero tamén dos movementos migratorios, tanto as chegadas, inmigración, como as partidas, emigración. Deste xeito, a variación da pirámide, e en consecuencia da poboación, vai ser froito destes 3 fenómenos: nacementos, defuncións e migracións.

Na gráfica 2, obsérvase como tanto no ano 2013 como no ano 2023 é a metade superior a que se mostra máis avultada en comparación coa metade inferior. Ademais, co paso dos anos esta diferenza entre metades dáse en maior medida, tendo o ano 2023 unha poboación maior máis avultada ca no ano 2013.

Gráfica 68. Pirámide poboacional de Galicia, ano 2013 e 2023.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos de "Cifras de población y censos demográficos" do INE.

Outra sinal deste envellecemento da poboación é o aumento da idade media da poboación. Neste período de 10 anos houbo un aumento de 2,5 anos en homes e mulleres, un aumento levemente maior entre os homes. Pero se nos fixamos na idade mediana, aquela que deixa a metade da poboación por debaixo desa idade e a outra metade por enriba, obsérvase que no mesmo período produciuse un aumento de 4 anos, tanto en homes como en mulleres. Isto nos indica que no ano 2023 temos aproximadamente a metade da poboación feminina con menos de 50 anos, e a outra metade con máis, e a metade dos homes con menos de 48 anos, e a outra metade con máis.

Esta situación indícanos que cada vez temos un maior número de poboación maior, resultado tamén do aumento da esperanza de vida, éxito froito da mellora na saúde e nas condicións de vida. Polo tanto, obsérvase que a porcentaxe de poboación maior de certa idade, a partir dos 65 anos, vai en aumento. Deste xeito, na gráfica 3 vemos como a porcentaxe da poboación maior de 65 anos ten un aumento progresivo no período estudiado e prodúcese o mesmo efecto no resto de grupos de idade. Isto constátanos a evidencia dun aumento poboacional en idades avanzadas.

Se atendemos aos indicadores relativos ao envellecemento, o índice de envellecemento pasou de 182,6% no ano 2013 a un 218,1% no ano 2023. Tendo en conta que o dito índice representa a poboación maior de 64 anos sobre a poboación menor de 16 anos (definición do INE), supón que, tal e como estabamos a observar, houbo un aumento da poboación maior de 64 anos e/ou diminución da menor de 16 anos. É máis, no ano 2023, a poboación de máis de 64 anos é máis do dobre da poboación de menos de 16 anos.

Doutra banda, a taxa de dependencia, a cal nos pon en relación a poboación de máis de 64 anos e menor de 16 anos sobre a poboación entre 16 e 64 anos, é de 42,7% en Galicia, cun aumento de 6 puntos na última década, fronte a un 30,9% en España, cun aumento de so 4 puntos no mesmo período.

Porén, é importante cuestionarse se podemos considerar a poboación de 65 anos avellentada na actualidade. Este concepto está mudando cara a outra comprensión de poboación envellecida. Así, se nos fixamos na poboación de 80 e más anos, no 2013 supoñía un 7,6% da poboación total, no ano 2023 esta porcentaxe ascendeu ata un 8,8%, se fósemos máis atrás no tempo observaríamos como a diferencia é maior, e o aumento da poboación de máis de 80 anos é notable. Porén, aínda que non se chega os 65 anos nas mesmas condicións de saúde e vida, a ganancia en anos non se dá na mesma relación en anos de vida con boa saúde. É dicir, este aumento da esperanza de vida non é igual ao aumento de anos en boa saúde, senón que non se ganan os mesmos anos de vida que de vida en boa saúde (Solé-Auró, et al., 2020).

Doutra banda, a poboación non envellece toda por igual. Existen diferenzas tanto por clase social ou nivel educativo, coma por xénero ou territoriais, polo que aínda que aquí se trate a Galicia por igual é preciso poñer a lupa nas desigualdades e como estas circunstancias teñen un impacto nas sociedades, e implican unhas diferenzas territoriais no envellecemento.

Gráfica 69. Proporción de persoas maiores de certa idade, 2013, 2018 e 2023.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, Indicadores de estrutura da poboación.

Ata aquí a evidencia do aumento da poboación maior ca implicación do envellecemento da poboación. Deste xeito parece quedar claro que efectivamente dáse un envellecemento da poboación en Galicia, o cal se evidencia na actualidade e na última década. Este fenómeno está amplamente estudiado, Pérez Díaz e Abellán García, 2020, entre outros, e parece que, polo menos polo momento, non se reverterá.

Porén, como se mencionaba previamente a modificación na estrutura por idade da poboación, non so se ve afectada polos nacementos e defuncións, senón que os movementos migratorios tamén teñen un impacto e modifica a mesma. Neste capítulo nos centramos precisamente no efecto destes movementos migratorios, tratando de discernir con datos como os movementos migratorios modifican a pirámide poboacional.

Na gráfica 4, podemos observar como o crecemento da poboación é negativo aínda que a partir do ano 2019 pasa a ser positivo e oscila en torno o cero os últimos anos, verificando así o comentado previamente sobre a evolución da poboación. O saldo vexetativo, os nacementos menos as defuncións, é negativo en todo o período estudiado, mantendo, ademais, unha tendencia cara o descenso, o que supón que durante

estes anos morría máis poboación da que nacía. Porén, como vimos contando a variación da poboación non so se ve modificada polo movemento natural senón que tamén os movementos migratorios teñen un impacto. Deste xeito, na gráfica 4 móstrase como o saldo migratorio (a diferenza entre os inmigrantes (aqueles que chegan) menos os emigrantes (aqueles que se van)) pasa a ser positivo cun crecemento case constando (cunha caída no ano 2020, consecuencia da pandemia do Covid-19 e o confinamento e cerre de fronteiras) a partir do ano 2015. Isto implica que este movemento migratorio teña un efecto mitigador no crecemento da poboación, o cal se ve fortemente afectado polo saldo vexetativo.

Gráfica 70. Saldo vexetativo, saldo migratorio e crecemento da poboación.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, Indicadores demográficos básicos.

## 3 A achega demográfica da inmigración

Indo máis ao detalle, podemos analizar o aporte demográfico a poboación galega. Isto o podemos facer tendo en conta a dinámica da poboación e a estrutura. Comezaremos por analizar como é a dinámica migratoria, e de fecundidade, para posteriormente coñecer como se ve modificada a estrutura de idade.

Deste xeito, analizaremos o saldo migratorio da poboación por idade. Nas gráficas 71 e 72, atopámonos co saldo migratorio co estranxeiro (gráfica 71) e co resto de comunidades autónomas (gráfica 72), ambas por idade e sexo.

Ao analizar o saldo migratorio co estranxeiro obsérvase como, excepto nas idades centrais do ano 2013, temos un saldo migratorio positivo para todas as idades, e é máis pronunciado nas idades entre os 15 e os 40 anos. Isto nos indica que, aínda que exista unha emigración de cara ao estranxeiro, é maior a inmigración dende o estranxeiro a Galicia, mostrando así unha leve ganancia de poboación, máis pronunciada nas idades centrais.

Gráfica 71. Saldo migratorio co estranxeiro por idade e sexo.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, Estatística de migracións.

Porén, o escenario da migración interautonómica é distinto. Neste caso vemos unhas curvas similares en todos os anos e, aínda que a partir dos 35 anos (a partir dos 30 no último ano analizado) é positivo, observamos que nas idades mozas o saldo é negativo. É dicir, vaise máis xente nova da que chega dende outra comunidade autónoma, o que indica que Galicia perde poboación moza por esta vía.

Gráfica 72. Saldo migratorio interautonómico por idade e sexo.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, Estatística de migracións.

Por outra banda, a baixada no número de nacementos é un feito que se está a dar na totalidade de España. Así, en Galicia no ano 2022 hai 5000 nacementos menos que no ano 2013. Se analizamos os nacementos por país de nacemento da nai (España e estranxeiro), o peso dos nacidos de nai nacida no estranxeiro pasou dun 15,3% no ano 2013 a un 23% no ano 2022 (últimos datos dispoñíbeis).

O índice sintético de fecundidade (ISF), que mide o número medio de fillos que tería unha muller en toda a súa vida fértil, se sitúa en torno a 1, tendo un certo repunte ata o ano 2017 chegando o 1,12, para volver descender ata o 1,01 no ano 2022. Se comparamos o da poboación de nacionalidade española e a poboación de nacionalidade estranxeira vemos como no caso da española se mantén en torno a este 1, e incluso baixa do 1 a partir do ano 2018, mentres que entre a poboación estranxeira oscila entre o 1,3 e o 1,5 (no ano 2017).

Con esta información podemos concluír que as migracións teñen un aporte positivo a poboación galega, e a diferenza co que ocorría en décadas pasadas, na actualidade hai unha maior ganancia de poboación pola chegada de poboación migrante,  a pesar dos datos negativos entre a migración interautonómica, e principalmente proveniente do estranxeiro. Ademais, esta ganancia dáse en maior medida nas idades mozas, entre os 15 e os 40 anos, poboación que ten un aporte tanto na demografía (máis alo dunha mera contabilización senón a través da fecundidade) e tamén económica, xa que se trata de poboación en idade activa.

Porén, como se observaba na gráfica 4, o crecemento da poboación segue a oscilar preto do cero o que indica que o aumento da poboación por un saldo migratorio positivo non compensa o saldo vexetativo negativo. En todo caso, o que si que podemos dicir é que o aporte da migración dáse en gran medida entre poboación en idade activa e moza.

Deste xeito, as pirámides de poboación móstrannos como, por un lado, a evolución é cara a un envellecemento da poboación, e por outro, e o máis interesante destas gráficas, como aumenta a poboación estranxeira nas idades centrais e mozas, facendo que, aínda que a pirámide cada vez teña máis forma de peón, vaia collendo máis peso entre as idades de 30 a 50 anos.

Aínda así, no período analizado, a porcentaxe de mulleres en idade fértil diminuíu tanto para a poboación nacida en España como a poboación nacida no estranxeiro, aínda que a porcentaxe de mulleres nacidas no estranxeiro sempre é maior: un 59% fronte un 35,6% no ano 2023, e un 72,4% fronte un 41% no ano 2013.

Gráfica 73. Pirámides de poboación de Galicia, poboación segundo o lugar de nacemento: estranxeiro e España. 2013, 2018 e 2023.

a) 2013




b) 2018



c) 2023




Fonte: elaboración propia a partir dos datos de "Estadísica Continua de Población" do INE.

Así, no ano 2022, os homes de nacionalidade estranxeira que procedían do estranxeiro tiñan 11 anos menos que os españois procedentes do estranxeiro, e 7 menos entre as mulleres. Isto indícanos que a inmigración de poboación estranxeira é máis nova que a inmigración da poboación española, polo que esta inmigración estranxeira apórtanos peso entre a poboación en idade activa galega, o que compensa a poboación envellecida autóctona galega. Porén, por outra banda, a poboación que emigra cara o estranxeiro de nacionalidade estranxeira é maior que os nativos que emigran, 5 anos entre os homes e 7 entre as mulleres. Polo que novamente se observa esta perda de poboación moza autóctona en maior medida que poboación estranxeira.

Isto resúmese en que no 2023 a poboación migrante en Galicia tiña, aproximadamente 42 anos, mentres que a poboación non migrante tiña 49 anos.

## 4 A achega da inmigración á reprodución social de Galicia

A Demografía como disciplina se preocupa dende as súas orixes por procurar comprender as condicións que garanten a reprodución da poboación (Canales, 2020). Cinguida estritamente ao estudo da articulación entre tres compoñentes: fecundidade, mortalidade e migracións, a pregunta principal que, de maneira abstracta, constitúe o principal interrogante en torno ao cal se conforma o pensamento demográfico é a de como fan as sociedades para manterse, para sobrevivir, ao longo do tempo e co paso das xeracións. A pregunta ten un grande calado e mesmo fondura filosófica. Porén, dada tamén a natureza aplicada dos estudos de poboación, a maneira en que se vén resolvendo a abordaxe da cuestión da reprodución é entendendo esta a través do cambio xeracional e, polo tanto, asumindo a mecánica substitutiva do recambio dunha xeración por outra de tamaño semellante como definición operativa da reprodución.

Por outra banda, existe tamén unha certa superposición equívoca entre o concepto de reprodución biolóxica e o de reprodución demográfica, de xeito que existe un énfase maior na fecundidade cando se fala de reprodución demográfica por un certo deixe bioloxicista que, de sempre, ten caracterizado á disciplina (Le Bras, 1998; Pérez 2002).

Xa hai entón quen na disciplina avoga por un concepto de reprodución máis próximo do que se manexa na economía política e, particularmente, nos estudos de xénero e feministas. Este concepto de reprodución, entendida como reprodución social, comprende todo tipo de traballos que garanten o mantemento e a sustentabilidade da vida social tal e como a coñecemos e, polo tanto, implican moito máis que a reprodución biolóxica, e abranguen, principalmente, os traballos de coidados que son necesarios para o sostemento das vidas humanas. Aínda que cun debate renovado na actualidade en torno aos limites do que comprende ou non a reprodución social (para un bo resumo, ver Allain, 2023) esta noción de reprodución social, ou de traballo reprodutivo, pon o énfase na articulación entre as esferas produtiva e reprodutiva da vida (Batthacharya, 2017) e, principalmente, naqueles traballos que habitualmente fican á sombra do capital, como os seus talleres ocultos (Fraser, 2020).

Se a acepción de reprodución social que queremos traer para a Demografía é esta máis ampla, cunha clara ancoraxe na economía crítica, precisamos ir alén da dimensión puramente estatística no tratamento do mesmo e aproximarnos ás achegas sobre reprodución que se realizan dende outros ámbitos de coñecemento, como a Socioloxía, a Antropoloxía ou a Economía. Así, Greenhalgh (1995) indica que a reprodución da vida social supón considerar a relevancia e imbricación da cultura e o xénero, pois ambos elementos se entrelazan na creación e mantemento dos grupos familiares, das comunidades e dos países, enténdese, pois, que o traballo reprodutivo está envolto nas relacións de xénero, que son relacións de diferenza e desigualdade en crenzas, recursos e poder.

É por isto que neste capítulo pretendemos avaliar a achega da inmigración á reprodución partindo dunha concepción da mesma entendida como reprodución social e, en consecuencia, avaliaremos a participación das persoas migrantes no ámbito do traballo, particularmente en aquel, doméstico e de coidados, que ten que ver coa esfera ampliada da reprodución social.

A presenza da poboación inmigrante é particularmente importante con respecto á poboación ocupada. Á marxe das migracións de retiro, estatisticamente pouco relevantes en Galicia (aínda que con certo impacto social nalgúns territorios específicos), a maior parte da inmigración concéntrase en idades activas. Así, e segundo podemos ver nos datos que se recollen no seguinte gráfico, algo máis do 6% das persoas ocupadas en Galicia son inmigrantes, proporción que se aproxima ao 7% entre as mulleres. Esta proporción segue unha tendencia xeral crecente nas últimas dúas décadas, é especialmente notorio o seu incremento entre comezos do século XXI e ata o inicio da recesión económica e tamén nos anos que seguen á pandemia por Covid19. Con todo, a achega da inmigración á poboación ocupada é menor que no conxunto do Estado, onde a poboación inmigrante representa un 15% do total de persoas ocupadas.

Gráfica 74. Participación da inmigración na poboación ocupada
en España e Galicia por sexo (%), 2002-2024




Fonte: Enquisa de Poboación Activa, varios anos. Instituto Nacional de Estadística, INE (www.ine.es).

Porén, se ollamos a como se distribúen as persoas traballadoras migrantes por ocupacións decatarémonos de que abundan naqueles empregos de menor cualificación e recoñecemento, e é a súa participación moi escasa naqueles postos de maior cualificación e valoración social.

Na táboa 13 móstrase a repartición das persoas de nacionalidade española e estranxeira nas distintas categorías de ocupación no ano 2023. Como podemos comprobar, aquelas máis cualificadas, que teñen que ver con postos directivos e técnicos, están en mans da poboación autóctona e a participación migrante está moi por debaixo do 6% que representan en xeral no total de poboación ocupada. Pola contra, existen unha serie de ocupacións, na parte baixa da táboa, nas que a proporción de traballadores/as migrantes rexistra porcentaxes máis altas. Entre estas, a de maior peso é a de ocupacións elementais, na que se ocupa o 13% da poboación migrante (un 10% no caso dos homes migrantes e un 15% no caso das mulleres). Nesta categoría están aquelas ocupacións de menor cualificación, salarios máis baixos e maior precariedade. Tamén rexistran unha alta presenza naqueles empregos relacionados coa hostalería e os servizos persoais, nos que un 9% da poboación ocupada é inmigrante, e é esta porcentaxe de semellante magnitude en ambos os sexos. A continuación estarían os traballos que teñen que ver co sector primario (agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, onde a man de obra migrante representa un 5,5% do total, e son aquí debido en exclusiva á participación dos homes migrantes (8,3%). Por último, a achega do traballo migrante en ocupacións relacionadas coa construción é tamén importante e, no caso dos homes, supera a media.

Táboa 13. Distribución da poboación por ocupación, nacionalidade e sexo en Galicia, 2023

| **Total** | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Miles de persoas | % | Miles de persoas | % | Miles de persoas | % |
| Ocupacións militares | 5,4 | 0,5 | 4,3 | 0,7 | 1,1 | 0,2 |
| Directores/as e xerentes/as | 28,8 | 2,6 | 20,2 | 3,5 | 8,6 | 1,6 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais | 204 | 18,1 | 78,6 | 13,4 | 125,4 | 23,1 |
| Técnicos/as : profesionais de apoio | 128,8 | 11,4 | 76,9 | 13,1 | 51,8 | 9,5 |
| Empregados/as contables, administrativos/as e outros/as empregados/as de oficina | 93,9 | 8,3 | 30,3 | 5,2 | 63,6 | 11,7 |
| Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as | 256,7 | 22,7 | 86 | 14,7 | 170,7 | 31,4 |
| Traballadores/as cualificados/as no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro | 56,6 | 5 | 37,5 | 6,4 | 19,1 | 3,5 |
| Artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores de instalacións e maquinaria) | 147,2 | 13 | 130,8 | 22,3 | 16,4 | 3 |
| Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as | 96,6 | 8,6 | 81,4 | 13,9 | 15,2 | 2,8 |
| Ocupacións elementais | 110,6 | 9,8 | 39,5 | 6,7 | 71,1 | 13,1 |
| **Total** | **1.128,6** | **100** | **585,5** | **100** | **543** | **100** |

| **Española** | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Miles de persoas | % | Miles de persoas | % | Miles de persoas | % |
| Ocupacións militares | 5 | 0,5 | 3,9 | 0,7 | 1,1 | 0,2 |
| Directores/as e xerentes/as | 27,9 | 2,7 | 19,5 | 3,7 | 8,4 | 1,7 |
| Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais | 195,7 | 19,2 | 75,7 | 14,3 | 120 | 24,6 |
| Técnicos/as : profesionais de apoio | 119,6 | 11,7 | 71,6 | 13,5 | 48 | 9,9 |
| Empregados/as contables, administrativos/as e outros/as empregados/as de oficina | 89,1 | 8,8 | 28,2 | 5,3 | 60,9 | 12,5 |
| Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as | 217,7 | 21,4 | 73,3 | 13,8 | 144,5 | 29,7 |
| Traballadores/as cualificados/as no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro | 52,8 | 5,2 | 33,7 | 6,3 | 19,1 | 3,9 |
| Artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores de instalacións e maquinaria) | 133,3 | 13,1 | 118,1 | 22,2 | 15,2 | 3,1 |
| Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as | 87,4 | 8,6 | 73,5 | 13,8 | 13,9 | 2,9 |
| Ocupacións elementais | 89,6 | 8,8 | 33,6 | 6,3 | 55,9 | 11,5 |
| **Total** | **1018,1** | **100** | **531,1** | **100** | **487** | **100** |

| **Estranxeira** | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Miles de persoas | % | Miles de persoas | % | Miles de persoas | % |
| Ocupacións militares | 5,4 | 0,5 | 4,3 | 0,7 | 1,1 | 0,2 |
| Directores/as e xerentes/as | 28,8 | 2,6 | 20,2 | 3,5 | 8,6 | 1,6 |
| Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais | 204 | 18,1 | 78,6 | 13,4 | 125,4 | 23,1 |
| Técnicos/as : profesionais de apoio | 128,8 | 11,4 | 76,9 | 13,1 | 51,8 | 9,5 |
| Empregados/as contables, administrativos/as e outros/as empregados/as de oficina | 93,9 | 8,3 | 30,3 | 5,2 | 63,6 | 11,7 |
| Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as | 256,7 | 22,7 | 86 | 14,7 | 170,7 | 31,4 |
| Traballadores/as cualificados/as no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro | 56,6 | 5 | 37,5 | 6,4 | 19,1 | 3,5 |
| Artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores de instalacións e maquinaria) | 147,2 | 13 | 130,8 | 22,3 | 16,4 | 3 |
| Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as | 96,6 | 8,6 | 81,4 | 13,9 | 15,2 | 2,8 |
| Ocupacións elementais | 110,6 | 9,8 | 39,5 | 6,7 | 71,1 | 13,1 |
| **Total** | **1.128,6** | **100** | **585,5** | **100** | **543** | **100** |

Fonte: Enquisa de Poboación Activa, ano 2023. Instituto Nacional de Estadística, INE (www.ine.es).

Estes datos veñen probar non só que a inserción laboral da poboación traballadora migrante en Galicia é segmentada, desigual en función das diversas ocupacións, como acontece nos mercados laborais de calquera país receptor de inmigración, senón que ademais esta segmentación atravesa unha liña que divide, en liñas xerais, os traballos segundo unha dobre consideración. Así, dun lado fican os traballos con maior cualificación, nivel retributivo e consideración social e noutra aqueles menos cualificados, con peores condicións salariais e laborais en xeral e con menor valoración social. Por outra banda, este conxunto de traballos que ocupan a máis poboación migrante son tamén, en xeral, traballos que resultan esenciais, fundamentais para a reprodución da vida, pois teñen a ver coa produción, distribución e posta a disposición de alimentos, e tamén cos servizos de atención ás persoas. É neste senso que entendemos que a achega da inmigración á reprodución social vai alén da súa participación demográfica, e ten implicacións na economía da vida.

Consideremos agora como se organizan socialmente os coidados en Galicia. Formando parte dun Estado de benestar característico do sur da Europa, onde o nivel de investimento social é feble e agárdase que a maior parte do esforzo en protección social proveña das familias, nomeadamente a través do traballo non remunerado das mulleres nos fogares, a maneira en que se distribúe socialmente o traballo de coidados necesario, con intensidade, nas etapas inicial e final da vida das persoas, é profundamente desigual. Así, cando analizamos quen se encarga de atender tanto ás criaturas como ás persoas en situación de dependencia, comprobamos que maior parte do traballo cae nas mans das familias, e son moi subsidiaria a participación das políticas públicas na provisión de coidados.

Na seguinte táboa recóllense as fórmulas de coidado a criaturas ata os 12 anos de idade segundo a figura que exerce estes coidados de forma principal ou maioritaria. Como vemos, a solución máis habitual para garantir a atención das crianzas menores é o recurso a avoas e avós, sexan ou non membros do fogar (cunha incidencia de 61,4% no caso de non formar parte do fogar e de 17,3%, entre quen si é parte do fogar). Porén

resulta destacable a participación de persoas remuneradas, cunha incidencia superior aos 11 puntos en calquera dos dous anos. Boa parte destas persoas remuneradas son, en concreto, traballadoras migrantes.

Táboa 14. Número de núcleos familiares con criaturas de 0 a 12 anos segundo quen lle presta os coidados, anos 2012 e 2017

| | 2012 | | 20017 | |
|---|---|---|---|---|
| | Incidencia | Número | Incidencia | Número |
| Persoas remuneradas | 11,46 | 10.424 | 11,51 | 9.952 |
| Avó/as membros do fogar | 17,31 | 15.738 | 13,62 | 11.778 |
| Outras persoas membros do fogar | 5,19 | 4.723 | 3,05 | 2.638 |
| Avó/as non membros do fogar | 61,43 | 55.862 | 71,21 | 61.575 |
| Outras persoas non membros do fogar | 21,13 | 19.211 | 17,37 | 15.018 |
| **Total** | **116,52** | **105.958** | **116,76** | **100.961** |

Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares, anos 2012 e 2017. Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu).

Se analizamos agora a organización dos coidados ás persoas en situación de dependencia, vemos como a maior parte do traballo de atención recae nas persoas que compoñen no fogar, se ben esta incidencia tende a rebaixarse de forma leve ao longo do tempo. De non ser dentro do fogar, en segundo lugar son familiares de fóra do fogar quen principalmente se encargan de proveer de coidados na ocorrencia de dependencia. A participación dos servizos públicos e comunitarios é de menor importancia, se ben a incidencia da implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aprobada a finais do ano 2006, déixase notar na incidencia ao longo dos anos. Porén, o que tamén resulta destacable é a implicación de persoas remuneradas alleas ao fogar e dos servizos privados, cunha elevada incidencia e crecente entre 2007 (17,7) e 2023 (20,4). É de novo nesta figura en que atopamos a presenza migrante, xa que este é un sector de emprego que ocupa a moitas mulleres migrantes en Galicia.

Táboa 15. Distribución dos coidados entre as persoas en situación de dependencia, anos 2007, 2011, 2017 e 2023

| | 2012 | | 2012 | | 2012 | | 2012 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Incidencia | Número | Incidencia | Número | Incidencia | Número | Incidencia | Número |
| **Membros do fogar** | | | | | | | | |
| | 82,04 | 81.631 | 79,71 | 75.077 | 81,38 | 95.600 | 77,83 | 86.402 |
| **Parentes de fóra do fogar (fillo/a, pai/nai, nora/xenro...)** | | | | | | | | |
| | 26,45 | 26.318 | 27,03 | 25.461 | 29,84 | 35.054 | 33,62 | 37.319 |
| **Persoas non remuneradas de fóra do fogar (amigos/as, veciños/as...)** | | | | | | | | |
| | 5,43 | 5.404 | 2,29 | 2.157 | 4,56 | 5.355 | 3,95 | 4.386 |
| **Persoas remuneradas de fóra do fogar e/ou servizos prestados por empresas privadas** | | | | | | | | |
| | 17,71 | 17.619 | 16,93 | 15.948 | 17,43 | 20.482 | 20,35 | 22.590 |
| **Servizos sociais das Administracións públicas** | | | | | | | | |
| | 7,23 | 7.195 | 16,72 | 15.751 | 18,66 | 21.920 | 19,6 | 21.757 |
| **Servizos sociais de entidades de iniciativa social** | | | | | | | | |
| | 1,87 | 1.860 | 2,77 | 2.612 | 2,74 | 3.218 | 2,8 | 3.106 |

| | 2012 | | 2012 | | 2012 | | 2012 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Incidencia | Número | Incidencia | Número | Incidencia | Número | Incidencia | Número |
| **Total** | | | | | | | | |
| | | **140.027** | | **137.006** | | **181.629** | | **175.560** |

Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares, anos 2007, 2011, 2017 e 2023. Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu).

En síntese, cando falamos da achega da inmigración á reprodución en Galicia cómpre atender, non só a canta poboación incorporan, en que idades, e como contribúen ao número total de nacementos, xa que hai que dar conta tamén do papel que xoga a man de obra migrante nas condicións coas que se organiza socialmente a sustentabilidade da vida, sen perder de vista que, en moitas ocasións, isto o fan en condicións de irregularidade xurídica, ou en precariedade salarial e laboral.

## 5 Reflexións finais

Ao longo destas páxinas analizamos a relación existente entre o proceso de envellecemento da poboación en Galicia e a dinámica da inmigración. Dado que, con frecuencia, se soe asociar a chegada de inmigrantes co posible freo ou mesmo reversión da tendencia ao envellecemento demográfico, a análise demorada do vínculo entre estes dous procesos demográficos reviste interese.

Comezamos presentando un estado da situación demográfica actual de Galicia, atendendo tanto a aspectos estruturais (isto é, de distribución por sexo e idade da poboación), como de dinámica (é dicir, facendo referencia aos procesos de cambio poboacional). Desta revisión concluímos que a poboación galega atópase nun estado de certa estabilidade en canto ao seu volume de habitantes, que se caracteriza por unha dinámica demográfica de débil crecemento, alentada por un saldo vexetativo negativo, dado o envellecemento da poboación, e un saldo migratorio positivo, aínda que de escasa magnitude, que achega pouca poboación, se é que consegue compensar a magnitude do crecemento natural.

A dinámica estrutural segue a tendencia cara a un maior envellecemento, incrementándose paulatinamente o número e proporción de persoas maiores, se ben a chegada e instalación de poboación procedente do estranxeiro ralentiza lixeiramente este proceso, achegando poboación en idades adultas mozas á pirámide da poboación galega. Con todo e, aínda sendo positiva en termos demográficos a achega da inmigración, non serve para reverter o carácter inexorable do proceso de envellecemento.

Porén, existe outra dimensión na que a achega da inmigración é particularmente importante para a sociedade galega e que tamén ten a ver coa forma en que se produce a reprodución, pero neste caso a reprodución social. A man de obra migrante e, especialmente, o traballo das mulleres migrantes, é significativa naquel conxunto de traballos considerados esenciais e que están relacionados coa sustentabilidade e o mantemento da vida, sexa a través dos coidados ou da produción de alimentos. Tamén, o traballo das mulleres migrantes como coidadoras de criaturas, maiores e persoas en situación de dependencia, a través da fórmula do emprego do fogar, ten demostrado ser un mecanismo ao alcance dunhas poucas familias para garantir a reprodución social. Neste senso, ten sido unha ferramenta privada de conciliación en condicións de débil investimento social en coidados e de escasa corresponsabilidade.

Como conclusión, podemos incidir na achega dobre que ten a inmigración para a sociedade e a poboación galega, tanto no que se refire ao ámbito estrito da reprodución das xeracións, isto é, do recambio xeracional ou demográfico, como na reprodución social a través da súa implicación nos traballos de coidados dentro e fóra dos fogares.

## Referencias bibliográficas


- Allain, Jacqueline (2023). *The historiography of social reproduction and reproductive labor. History Compass, e12795,* doi: https://doi.org/10.1111/hic3.12795
- Batthacharya, Tithi (2017). *Social Reproduction Theory. Remapping Class, Recentering Oppression.* London: Pluto Press.
- Billari, Francesco C. e Dalla-Zuanna, Gianpiero (2011). Is *replacement migration actually taking place in low fertility countries?* Genus, 67 (3): 105-123: https://www.jstor.org/stable/10.2307/genus.67.3.105
- Canales, Alejandro I. (2020). *Migration, Reproduction and Society. Economic and Demographic Dilemmas in Global Capitalism*. Leiden: Brill.
- Coleman, David A. (2002). *Replacement migration, or why everyone is going to have to live in Korea: a fable for our times from the United Nations. Philosophical Transactions of the Royal Society* B, 357: 583-598, doi: https://doi.org/10.1098/rstb.2001.1034
- Craveiro, Daniela; Tiago de Oliveira, Isabel; Sousa Gomes, Maria; Malheiros, Jorge; Guardado, Maria João e Moreira, João Peixoto (2019). *Back to replacement migration: A new European perspective applying the prospective-age concept. Demographic Research, 40*: 1323-1344: https://www.jstor.org/stable/26727034
- Domingo, Andreu (2023). *Las metáforas sobre la población: suicidio demográfico, invierno demográfico y gran reemplazo*. En Andreu Domingo (ed.) La coartada demográfica y el discurso de la involución en España (pp. 59-93). Barcelona: Icaria.
- Domingo, Andreu e Garha, Nachatter S. (2022). *La gran mobilització: globalització i migracions.* Documents d'anàlisi geogràfica, 68 (3): 467-480: https://dag.revista.uab.cat/article/view/v68-n3-domingo-singh
- Foucault, Michel (2006). *Seguridad, territorio, población*. México: FCE.
- Fraser, Nancy (2020). *Los talleres ocultos del capital. Un mapa para la izquierda*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- Greenhalgh, Susan (1995). *Situating fertility. Anthropology and demographic inquiry*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Izquierdo Escribano, Antonio (2016). *El lugar de las migraciones en la pirámide de la triste figura.* Administración & cidadanía, 11: 193-214. Dispoñible en: https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5773446&orden=0&info=link
- Izquierdo Escribano, Antonio (ed.). *Demografía de los extranjeros: incidencia en el crecimiento de la población*. Bilbo: Fundación BBVA.
- Keely, Charles B. (2009). *Replacement Migration*. En Peter Uhlemberg (ed.) International Handbook of Population Aging. International Handbooks of Population, vol. 1. Nova Iorque: Springer, doi: https://doi.org/10.1007/978-1-4020-8356-3_17
- Kohler, Hans-Peter; Billari, Francesco C. e Ortega, José Antonio (2001). *Towards a Theory of Lowest-Low Fertility*. MPIDR Working Paper WP 2001-032. Disponible en: https://www.demogr.mpg.de/Papers/Working/wp-2001-032.pdf Consultado por última vez o 17 de setembro de 2024.
- Kohler, Hans-Peter; Billari, Francesco e Ortega, José Antonio (2002). *The Emergence of Lowest-Low Fertility in Europe During the 1990s*. Population and Development Review, 28 (4): 641-680, doi: https://doi.org/10.1111/j.1728-4457.2002.00641.x

- Le Bras, Hervé (1998). *Le démon des origines. Démographie et extrême droite*. Paris: Éditions de l'aube.
- Le Bras, Hervé (2022). *Il n'ya pas de grand remplacement.* París: Grasset.
- López de Lera, Diego e Izquierdo Escribano, Antonio (2005). *Demografía dos estranxeiros en Galicia. Incidencia no crecemento da poboación*. Revista Galega de Emprego, 4: 21-58.
- Lutz, Wolfgang e Scherbov, Sergei (2007). *The Contribution of Migration to Europe's Demographic* Future: Projections for the EU-25 to 2050. IIASA Interim Report September 2007. Dispoñible en: https://core.ac.uk/download/pdf/33899902.pdf Consultado por última vez o 16 de setembro de 2024.
- McCann, Carole R. (2016). *Figuring the Population Bomb. Gender and Demography in the Mid-Twentieth Century. Seattle*: University of Washington Press.
- Notestein, Frank (1945). *Population. The Long View*. En Theodore W. Schultz (ed.) Food for the World. Chicago: University of Chicago Press.
- Pérez, Julio (2002). *La madurez de masas*. Madrid: IMSERSO.
- Pérez Díaz, Julio e Abellán García, Antonio (2020). *Envejecimiento demográfico y cambios sociales en España*. En Sempere-Souvannavong, Juan-David; Cortés Samper, Carlos; Cutillas Orgilés, Ernesto; Valero Escandell, José Ramón (eds.). Población y territorio. España tras la crisis de 2008. Granada: Comares, 2020 (pp. 123-155).
- Pérez-Caramés, Antía (2010). *O papel dos movementos migratorios no avellentamento demográfico en Galicia. Estudos migratorios*: revista galega de análise das migracións, 3 (2): 97-114.
- Pérez-Caramés, Antía (2016). *Crisis económica y migraciones en Galicia: análisis sociodemográfico de los cambios recientes en los movimientos de población*. Administración & cidadanía, 11: 227-240. Dispoñible en: https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5773448&orden=0&info=link
- Saczuk, Katarzyna (2012). *Development and Critique of the Concept of Replacement Migration*. En Marek Kupiszewski (ed.) International Migration and the Future of Populations and Labour in Europe. The Springer Series on Demographic Methods and Population Analysis, vol. 32. Nova Iorque: Springer, doi: https://doi.org/10.1007/978-90-481-8948-9_13
- Solé-Auró, Aïda, Martín, Unai e Domínguez- Rodríguez, Antía (2020). *Educational Inequalities in Life and Healthy Life Expectancies among the 50-Plus in Spain*. Environmental REsearch and Public Health, 17, 3558. doi:10.3390/ijerph17103558
- Termote, Marc (1983). *La place de la migration dans la recherche démographique*. Cahiers québécois de démographie, 12 (2): 175-179.
- United Nations *Department of Economic and Social Affairs (2000)*. Replacement migration: is it a solution to declining and ageing populations? New York: UN Population Division.

# ARTIGO IV

# A DIMENSIÓN DA FUGA DE CAPITAL HUMANO EN GALICIA E COMO REVERTER ESTE PROCESO

**Alberto Vaquero García**

**ECOBAS, Universidade de Vigo, GEN**

## 1 Introdución[1]

A inserción laboral das persoas mozas, e especialmente daquelas que teñen estudos superiores, é un dos principais retos dos xestores públicos. As persoas, tras realizar un investimento en capital humano, buscan a obtención dun emprego que sexa acorde coa formación e experiencia. Ante a falta de oportunidades no seu lugar de residencia, posiblemente parte da poboación opte por emigrar cara á procura dun futuro mellor.

De producirse, este proceso afectará sobre todo as persoas mellor preparadas, xa que son as que teñen máis oportunidades, o que se traduce nun conxunto de problemas que para a nosa Comunidade Autónoma se acentúan cando se combinan con outras características como o forte envellecemento demográfico, que se ben está presente en todas as economías occidentais, en Galicia presenta unha especial relevancia, afectado ao noso mercado de traballo (Vaquero, 2005; Vaquero, 2010a; Arias et al. 2020). En efecto, á perda de capital humano que representa a migración das persoas con máis formación, hai que engadir a falta de substitución xeracional, xa que Galicia ten unha das poboacións de maior idade da Unión Europea (UE) e incluso a nivel mundial e unhas moi baixas taxas de natalidade.

A literatura económica sinala que a mobilidade dos recursos humanos permite mellorar os axustes en cantidade de traballo e salarios, xa que as persoas buscan a maior rendibilidade do seu investimento. O problema é cando a perda temporal de capital humano derivada da emigración se converte en temporal, isto é, non hai retorno. Así mesmo, a situación complícase aínda máis cando o capital humano que se incorpora ten un menor nivel de experiencia ou formación que o que emigrou, polo que o efecto neto en formación resulta deficitario.

A ninguén se lle escapa que a mobilidade das persoas con titulación universitaria é cada vez maior a nivel mundial; hoxe en día o mercado laboral é o mundo. Así mesmo, dentro deste fenómeno crecente de globalización, danse tamén outros de aglomeración e concentración da poboación ao redor de certos focos ou polos xeográficos, que responden non só a cuestións estritamente económicas[2] e que implican unha alta concentración de capital humano nun espazo reducido. Finalmente, a mobilidade implica un proceso migratorio que condiciona a transición cara á vida adulta e provoca unha serie de riscos nas traxectorias vitais e nas condicións de vida das persoas mozas con importantes efectos nos orzamentos públicos, nas taxas de natalidade ou na creación de novas empresas.

Dende o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica manifféstase un grande interese por coñecer a actual situación da perda de capital humano na nosa Comunidade Autónoma e polo tanto, cómpre contar con estudos que teñan en conta os efectos da emigración da poboación con maior nivel de capital humano. Dada a relevancia das súas implicacións económicas e sociais, neste documento búscase determinar a intensidade deste fenómeno en Galicia e, ao mesmo tempo, establecer unha serie de recomendacións que permitan corrixir esta situación cara a un escenario de recuperación das persoas que nalgún momento se viron obrigadas a emigrar, a retención de talento das novas cohortes de egresados e egresadas e para converter a Galicia nun polo de atracción de capital humano de fóra.

Para cumprir con este obxectivo, este capítulo presenta a estrutura que imos decribir. Tras esta introdución, o segundo apartado busca conceptualizar a migración de persoas con alto nivel de formación. O terceiro

1 O autor agradece a colaboración de Alejandro Domínguez Lamela, axudante de investigación do grupo GEN da Universidade de Vigo para a obtención da información estatística deste traballo. Esta investigación é unha versión actualizada dun estudo previo feito por Vaquero et al. (2020).

2 En liñas xerais, son catro as razóns de natureza económica que explican os movementos migratorios. Primeiro, un crecemento económico desigual entre países/zonas que provocaría un desprazamento de poboación cara a lugares con maior crecemento económico. Segundo, a existencia de diferenzas de riqueza entre países, o que xeraría un transvasamento de poboación entre zonas de menor a maior riqueza. Terceiro, unha elevada proporción de traballadores empregados nos países de orixe en actividades que xeran escaso valor engadido e con reducida rendibilidade económica. E, finalmente, as elevadas taxas de desemprego dos países de orixe, que debido ás escasas oportunidades laborais dos problemas, incentivan aos movementos migratorios polas escasas oportunidades laborais da poboación.

apartado sinala as razóns que xustifican a decisión de emigrar das persoas mozas. No cuarto apartado realízase unha análise particularizado da perda de capital humano en Galicia. O quinto recolle unha serie de simulacións sobre algúns dos efectos derivados desta perda de capital humano, para posteriormente, no sexto apartado, sinalar algunhas recomendacións de interese para evitar esa perda. Finalmente, recóllense as conclusións deste estudo.

## 2 Unha revisión da literatura sobre as migracións de persoas con alto nivel de cualificación

A literatura económica estuda o fenómeno das migracións, dende unha dobre perspectiva macroeconómica e microeconómica. Con todo, dende hai máis dunha década e para reducir as limitacións a esta visión parcial do fenómeno migratorio, profundouse nun enfoque integrador, que engloba achegas de ambas as correntes. As notas máis sobresalientes quedan resumidas na **Táboa 1**[3]. De todos os modelos sinalados, o que máis incide sobre a relación entre inmigración e mercado de traballo, considerando tanto intereses individuais como de grupo é o do capital humano, que por outra banda é o máis estendido para explicar as motivacións dos individuos cara á emigración. A teoría do capital humano (Schultz, 1960; Becker, 1975; Greenwood, 1975, 1993; Sjaastad, 1962 ) sostén que ou investimento en educación dás persoas leva parella un incremento da súa capacidade produtiva coa previsible mellora das condicións laborais. Ademais, e aínda que poden existir diferenzas innatas na produtividade dás persoas en base, por exemplo, a súa capacidade de traballo, intelixencia, situación familiar, estes diferenciais redúcense ao investir en educación, de aí a importancia do investimento educativo para superar estas eivas (Vaquero, 2015).

Seguindo este modelo, as posibilidades de migrar redúcense coa idade, consecuencia directa da diminución dos rendementos económicos a medida que o individuo cumpre máis anos. Así, a máis anos, menor será o tempo dispoñible para recuperar o investimento que supón a migración, ademais de xurdir novos e maiores custos, por exemplo, deixar o actual traballo, aumento dos custos familiares etc. O mesmo sucede co nivel de estudos, xa que un menor nivel de educación e formación supón unhas menores posibilidades de migración, ao reducirse as posibilidades de atopar un emprego. Isto último indícanos que non sempre os que se atopan con menor nivel educativo son os máis propensos a migrar, senón que pode ocorrer todo o contrario.

Un empeoramento das condicións laborais nos países/zonas de orixe supón un aumento da probabilidade de migrar, xa que con iso espérase que se melloren as expectativas laborais. A probabilidade de migrar aumentará se existe proximidade xeográfica, idiomática ou cultural. Ademais, obsérvase como as mulleres teñen maior propensión a emigrar a lugares próximos, mentres que os homes adoitan desprazarse cara a zonas máis afastadas. As posibilidades de migrar diminúen se existen cargas familiares, ao ter que realizar un maior esforzo, xa que neste caso, se deberá buscar un novo colexio para os fillos, unha vivenda en condicións e ampla para toda a familia etc. Finalmente, se a información sobre o país de destino é completa, aumentará a probabilidade de migrar. O mesmo se pode argumentar en relación coa lasitude ou rixidez da normativa en materia de migracións e as condicións de permanencia no país de destino.

Os movementos migratorios de traballadores con alta cualificación foron estudados, entre outros, por Brown (2000), González e Iglesias (2013) ou Iglesias e Llorente (2017) e sinaláronse importantes efectos macro e microeconómicos. Así, dende a óptica macro a emigración inflúe na produtividade dos territorios, xa que as persoas máis preparadas abandonarán o mercado laboral local, e fuxirán cara a outras zonas onde se garante unha maior produtividade. Dende a perspectiva micro, os individuos máis formados veranse incentivados a emigrar se con iso melloran as condicións laborais das súas zonas de orixe.

3 En Santiago (1993) recóllese un estudo máis completo das principais teorías sobre os fluxos migratorios.

Nos últimos anos incorporáronse diversos termos en relación cos movementos migratorios das persoas con alto nivel de formación, entre outros o *brain drain*, *brain gain* e o *brain waste*. O *brain drain* (fuga de cerebros/talento) fai referencia ao proceso de emigración da xente nova e ben formada (25-34 anos) en economías nas que as persoas cualificadas non poden desenvolver plenamente as súas capacidades ou, se poden, estas non son remuneradas de acordo co seu valor. Isto provoca unha redución da man de obra cualificada no país ou rexión de orixe, así como a perda de recursos investidos na formación desas persoas (Docquier e Rapoport, 2012). Así memso, esta situación trae consigo un conxunto de efectos negativos sobre a zona de residencia inicial, como a imposibilidade de substitución entre traballo cualificado e non cualificado (Piketty, 1997) ou a redución da taxa de crecemento económico pola perda de capital humano (Haque e Kim, 1995). As zonas emisoras dese capital humano serían as perdedoras, experimentando unha menor rendibilidade do investimento en educación e formación recibida polos seus residentes, cos consecuentes efectos negativos para o seu desenvolvemento endóxeno local. Pola contra, nos territorios receptores haberá un aumento do capital humano e ademais sen custo ningún, co consecuente incremento dos seus niveis de educación e formación e produtividade sen ter que realizar ningún investimento previo.

O territorio elixido como destino experimenta co *brain gain* (ganancia de cerebros/talento) un notable aumento do seu capital humano. A diferenza do *brain drain*, que considera que a zona de destino só soporta perdas pola emigración do capital humano, o *brain gain* sinala que os recursos humanos que emigran non teñen por que implicar unha perda neta e definitiva de capital humano. Pola contra, este capital humano debe ser considerado como un patrimonio potencial para a zona de orixe nun futuro. Tamén se pode considerar o *brain waste* (desperdicio de cerebros), que se dá tanto no territorio de orixe como no espazo de destino. No primeiro, os individuos permanecen infravalorados e con motivación insuficiente para permanecer retidos, o que provoca pola súa vez unha diminución do incentivo para adquirir formación e capacitación, xa que non aproveitan este investimento. No segundo, entorpécese a integración profesional e non todos os que emigran poden atopar un traballo ao nivel das súas capacidades.

As veces o *brain drain* confúndese coa emigración de alta cualificación, que fai referencia ás persoas recentemente formadas con estudos superiores, pero que carecen de emprego e experiencia. Tamén se confunde coa mobilidade xeográfica, que se refire aos movementos temporais entre postos de traballo dunha persoa que xa traballa e que, debido a circunstancias económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ten que cambiar de lugar de traballo. Neste traballo considéranse todo tipo de movementos migratorios, tanto de persoas con traballo e experiencia como daqueles que carecen dunha traxectoria laboral previa; polo tanto, óptase por un marco de mobilidade moito máis xeral.

A mobilidade destas persoas con alta formación segue un patrón moi concreto. O seu destino adoita ser zonas cunha alta concentración de actividades tecnolóxicas e financeiras (Sanssen, 1993). Ademais, adoita ser frecuente que estas persoas sexan previamente seleccionadas nos países de destino con base nos seus méritos (Bernard e Bell, 2018), polo que cando emigran son coñecedoras das súas condicións laborais. Con todo, isto non ten por que darse en todos os casos; por exemplo, cando na zona de orixe a taxa de desemprego é tan elevada que unha parte significativa da poboación, que adoita ser a que ten maior nivel de estudos, decide emigrar.

Ademais, a elección do destino está normalmente marcada por dous tipos de factores: os *hard factors*, relacionados co emprego, o salario e redes persoais (Brown e Meczynski, 2009), e os *soft factors*, vinculados a elementos de natureza cultural, ocio, prestación de servizos públicos. Aínda que os segundos son complementarios dos primeiros (Florida, 2002; Martín-Brelot et al. 2010), non se debe minusvalorar a relevancia dos *soft factors* sobre as decisións laborais dos individuos en materia migratoria. Con todo, os máis valorados son o salario e a conciliación laboral e familiar.

Aínda que existe certa literatura económica sobre os movementos de traballadores cualificados de España a outros países (Herrera-Ceballos, 2014; Blanco e González, 2022) e a nivel interior (González-Laxe et al. 2003; Cabrer et al. 2009; González-Leonardo e López-Gay, 2019a, 2019b; Vaquero et al. (2020); Blanco e González (2022), non abundan os traballos empíricos sobre estas cuestións. Dúas son as razóns detrás deste limitado número de estudos. Por unha banda, a escaseza de información completa para cuantificar esta realidade; pola outra, o emprego de diferentes fontes estatísticas, non sempre comparables. Isto complica contar con estudos de natureza cuantitativa que recollan o fenómeno migratorio das persoas con estudos universitarios.

# 3 Propensión a emigrar da mocidade española: contextualización na Unión Europea.

A partir dos anos 90, prodúcese a globalización dos movementos de poboación, como consecuencia de garantir a libre circulación de persoas, o que comporta un mercado de traballo global para persoas cunha alta cualificación e unha oferta e demanda xeral.

O informe sobre a situación laboral da poboación xuvenil en Europa en 2016 de Eurostat (2018)[4] revela que o 43% dos mozos españois estaría disposto a ir traballar fóra de España. O noso país, cunha taxa de desemprego xuvenil en 2017 do 36%, era o terceiro da UE con máis desempregados entre 20 e 34 anos que estarían dispostos a emigrar para conseguir un emprego ante a falta de oportunidades laborais. Un 15% estaría disposto a ir traballar a outro país europeo, un 28% a un país non comunitario e o 21% a outra Comunidade Autónoma. Así mesmo, constatase como naqueles países con menores taxas de desemprego, as persoas mozas manifestan un menor desexo por emigrar e que a poboación europea máis preparadas academicamente teñen maior predisposición a emigrar.

No *EU Mobile workers* do Centre for European Policy Studies (CEPS) avalíase a migración neta dos mozos europeos con alta cualificación entre 2007 e 2017[5]. A gráfica 75 mostra as ganancias ou perdas netas (migración neta) por niveis de estudo (inferior á educación secundaria, estudos secundarios e universitaria) entre 2007 e 2017. Constátase como a migración neta interior na UE por nivel educativo se repartiu de forma desigual. No Reino Unido recolle un rumbo cara á poboación con formación universitaria: 838.000 persoas en dez anos, mentres que só aumentou en 208.000 os efectivos con menor formación. En Alemaña predominou a migración neta de traballadores con educación secundaria e, en Italia, a de persoas con educación inferior á secundaria. En España obsérvase unha lixeira ganancia de persoas con educación secundaria e inferior á secundaria (10.000 e 15.000, respectivamente) e unha clara perda neta de persoas con educación universitaria (87.000). En consecuencia, os Estados membros do Sur de Europa- entre eles España- rexistran unha emigración neta de persoas altamente cualificadas. Así memso, este problema para os países exportadores de talento pode ser incluso maior se estas migracións se concentran en determinadas profesións que necesitan un alto grao de especialización; algúns dos casos más coñecidos serían os de persoas con estudos de enxeñeira, medicina ou enfermería.

Gráfico 75. Migración neta interior na UE por nivel educativo para o período 2007-2017 (en miles de persoas)




Fonte: CEPS (2019).

4 Eurostat news release Young people on the labour market in 2016, 51/2018, 27 de marzo de 2018

5 EU Mobile Workers: A challenge to public finances? (2019) https://cdn.ceps.eu/wp-content/uploads/2019/04/EU%20Mobile%20Workers.pdf

Ademais, a partir do informe do CEPS pódense sinalar tres motivacións para xustificar a emigración da poboación con formación universitaria dende os países do Sur cara os do Norte de Europa. En primeiro lugar, as diferenzas salariais, que funcionan como un factor de atracción para as persoas traballadoras en países con baixos salarios. Se ben na última década as diferenzas salariais foron reducíndose e considerando tamén que o custe da vida é diferente por países, as migracións por diferenzas nos salarios séguense a producir. En segundo lugar, as diverxencias en materia de desemprego, que sempre foron importantes entres eses dous grupos de países. E, finalmente, a "satisfacción vital" ou calidade de vida polos servizos públicos ou as prestacións sociais recibidas, que poden condicionar a captación de persoas con alta cualificación. As dúas primeiras son *hard factors*, mentres que a última é *soft factor*.

## 4 A fuga de talento para Galicia

### 4.1 O fenómeno migratorio da poboación de Galicia

Non existe ningunha fonte estatística oficial deseñada para analizar axeitadamente os fluxos de saída da poboación residente en España xunto coas características das persoas que realizan as migracións. Se ben o padrón de habitantes e o censo de poboación si que posibilitan o estudo do fluxo de entrada, non mide correctamente os fluxos de saída. Así memso, os censos e os rexistros poden ofertar unha información pouco actualizada e, resulta moi probable atoparse cunha infravaloración do fluxo real de saída dados os poucos incentivos que existen para darse de alta nos rexistros administrativos, incluso nos rexistros consulares dos países de destino.

Neste traballo óptase por utilizar a Estatística de Variacións Residenciais[6] (EVR) do Instituto Nacional de Estatística (INE), xa que permite determinar a totalidade dos movementos producidos durante un ano. Con todo, esta fonte presenta dúas importantes limitacións para o obxecto desta investigación. En primeiro lugar, resulta posible que unha mesma persoa represente máis dunha variación residencial se cambiou de domicilio, a efectos do Padrón municipal, máis dunha vez ao longo do mesmo ano. Isto significa que as variacións residenciais anuais non fan referencia ás persoas que realizan un cambio de residencia, senón ao número de cambios efectuados. En segundo lugar, debido a que a EVR elabórase con información das altas e baixas por cambios de residencia nos Padróns municipais, se non se produce a citada alta/baixa administrativa ese movemento migratorio non estaría contabilizado, aínda que si que se produciría. Ámbalas dúas deben terse en conta á hora de explotar a información rexistrada nesta base de datos (Vaquero et al. 2020).

Polo que respecta ás emigracións externas, que son aquelas con destino fóra da Comunidade Autónoma -resto de España ou ao estranxeiro- se comprobe como de media se sitúan en 30.000 movementos anuais, se ben no 2020 –debido ás restricións de mobilidade- o número caeu ata os 21.000 desprazamentos. Así memso nos dous últimos anos dispoñibles (2021 e 2022) a cifra experimenta certo aumento ata que alcanza os 32.697 movementos en 2022. En función do destino, os desprazamentos son maioritarios cara a outras CCAA, preto de 19.000 rexistros. Para o bienio 2021-2022 aumenta notablemente as variacións residenciais ao estranxeiro, alcanzado os 13.414 movementos, cando de media entre 2011-2018 eran algo máis de 10.000. En consecuencia, aumenta o fluxo de migracións externas cara o estranxeiro.

En relacións as inmigracións externas considéranse todas aquelas con orixe fóra de Galicia -resto de España ou ao estranxeiro- que chegan a Galicia. Neste caso prodúcese unha elevada captación de poboación a partir do 2017 -salvo no ano 2020- ata chegar ás 59.948 variacións en 2022. En segundo lugar, aumenta a importancia das chegadas do estranxeiro e xa no 2018 a cifra de persoas que residindo fóra de España

6 Un resumo da metodoloxía da EVR pódese atopar en https://www.ine.es/daco/daco42/migracion/variacións_residenciais_metodologia.pdf.

veñen a Galicia superan a cifra daquelas que proceden doutras CCAA Precisamente en 2022, a cifra de movementos do estranxeiro practicamente duplica a obtida de natureza interna. A táboa 16 resume os datos de movementos migratorios -emigracións e inmigracións- en Galicia para o período 2011-2022.

Táboa 16. Movementos migratorios en Galicia (2011-2022)

| | Emigración externa | A outra Comunidade Autónoma | Ao estranxeiro | Inmigración externa | Doutra Comunidade Autónoma | Do estranxeiro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 29.880 | 20.563 | 9.317 | 34.688 | 20.841 | 13.847 |
| 2012 | 29.441 | 19.551 | 9.890 | 30.687 | 20.365 | 10.322 |
| 2013 | 30.709 | 18.970 | 11.739 | 27.876 | 18.608 | 9.268 |
| 2014 | 30.154 | 19.862 | 10.292 | 27.875 | 17.498 | 10.377 |
| 2015 | 30.707 | 19.993 | 10.714 | 29.933 | 17.839 | 12.094 |
| 2016 | 29.532 | 18.745 | 10.787 | 32.557 | 16.821 | 15.736 |
| 2017 | 30.249 | 18.380 | 11.869 | 36.932 | 17.854 | 19.078 |
| 2018 | 30.366 | 19.198 | 11.168 | 42.757 | 18.574 | 24.183 |
| 2019 | 28.853 | 19.778 | 9.075 | 46.600 | 19.668 | 26.932 |
| 2020 | 21.001 | 14.862 | 6.139 | 35.617 | 21.070 | 14.547 |
| 2021 | 34.043 | 18.191 | 15.852 | 46.879 | 21.332 | 25.547 |
| 2022 | 32.697 | 19.283 | 13.414 | 59.948 | 20.667 | 39.281 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir do INE e IGE (Varios anos).

A táboa 17 realiza un exercicio comparativo do saldo migratorio de Galicia a partir da EVR, tanto en termos netos, como co resto de España e o estranxeiro. O saldo migratorio externo é a diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa. Así memso, xorden dous tipos de saldo migratorio externo: co resto de España (diferenza entre as altas procedentes das outras CCAA) e as baixas con destino nas mesmas, e co estranxeiro (diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino). Se o saldo é positivo indicaría que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Ao igual que se fixo cando se analizou a táboa anterior, cómpre indicar que os fluxos anuais fan referencia a migracións e non a mígrantes pois unha persoa pode cambiar a súa residencia en diferentes municipios máis dunha vez ao ano (Vaquero et al, 2020).

Polo que respecta ao saldo migratorio externo, nun primeiro momento ás ganancias (2011-2012) le suceden as perdas (2013-2015), pero a partir de 2016 e ata a último ano dispoñible, o saldo é sempre positivo. Así memso -e salvo o xa indicado para 2020- se produce un aumento notable dende indicador ata chegar as 27.251 variacións en 2022. En consecuencia, o saldo migratorio externo e netamente positivo. En segundo lugar, ese saldo positivo dende fai polo menos unha década procede do estranxeiro e no último ano con información dispoñible o rateo seria de 18 a 1 a favor dos movementos migratorios dende o estranxeiro respecto aos movementos do resto de España. Ou dito doutra forma, Galicia estase a converter nun país de destino para poboación de fóra de España. Unha das razóns que hai detrás destes resultados é que se trata dunha emigración de retornados. Así, segundo a Estatística de Migracións e cambios de residencia do INE, en 2022, alcanzouse unha cifra récord de retorno, cifrada en 7.957 galegos e galegas que deciden retornar a Galicia e establecerse aquí como lugar de residencia. Na súa primeira fase 2018-2022 axudou a que mais de 28.000 persoas volveran a Galicia, delas case un 60% teñen menos de 45 anos. Na segunda fase deste programa, a Xunta de Galicia estima que poderán retornar arredor de 30.000 persoas (2023-2026)[7].

7 Estratexia Retorna da Xunta de Galicia. https://emigracion.xunta.gal/es/estrategia-retorna-2023-2026

Táboa 17. Saldo migratorio. Galicia (2011-2022)

| | Saldo migratorio externo | Co resto de España | Co estranxeiro |
|---|---|---|---|
| 2011 | 4.808 | 278 | 4.530 |
| 2012 | 1.246 | 814 | 432 |
| 2013 | -2.833 | -362 | -2.471 |
| 2014 | -2.279 | -2.364 | 85 |
| 2015 | -774 | -2.154 | 1.380 |
| 2016 | 3.025 | -1.924 | 4.949 |
| 2017 | 6.683 | -526 | 7.209 |
| 2018 | 12.391 | -624 | 13.015 |
| 2019 | 17.747 | -110 | 17.857 |
| 2020 | 14.616 | 6.208 | 8.408 |
| 2021 | 12.836 | 3.141 | 9.695 |
| 2022 | 27.251 | 1.384 | 25.867 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir do INE e IGE (Varios anos)

Sen quitar importancia aos resultados previamente indicados, convén sinalar as limitación da EVR para o noso obxecto de estudo. Esta enquisa só contempla un reducido número de variables para determinar as características da persoa que emigra. Estas son, principalmente, o sexo, data e lugar de nacemento (se é estranxeiro, o país), nacionalidade e lugar de orixe e destino do movemento. Con todo, non permite coñecer os motivos desa variación residencial, que sería de gran interese para esta investigación, para determinar se son movementos relacionados por motivos laborais; de aí a necesidade de acudir a outras fontes de información.

Para poder afondar na tipoloxía dos movementos migratorios por motivos laborais, optase por utilizar a Estatística de Mobilidade do Mercado de Traballo (EMMT) nas Fontes Tributarias da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Grazas a estes rexistros pódense coñecer as altas, baixas e permanencias dos asalariados no mercado de traballo, si consideramos mobilidade xeográfica e sectorial e conectar esta información cun amplo conxunto de variables sociodemográficas, entre outras, o lugar de residencia, sexo, nacionalidade, idade e actividade. Con todo, esta información tamén presenta algunhas limitacións derivadas da súa construción, xa que se elabora a partir dos rexistros de asalariados da Declaración Resumen Anual de Retencións e Ingresos a Conta sobre Rendementos do Traballo (Modelo 190). En consecuencia, só recolle aos asalariados do Réxime Fiscal Común -excluíndo polo tanto aos contribuíntes do País Vasco e Navarra- e tampouco considera a aqueles que realizan unha actividade económica por conta propia (Vaquero et al. 2020).

Tendo en conta esta fonte, os asalariados que emigran procedentes de Galicia adoitan concentrarse nun reducido número de CCAA especialmente na Comunidade de Madrid e Cataluña (táboa 18 e táboa 19). Si consideramos o período 2015-2022 compróbase como de media case 2.500 asalariados que residían en Galicia se foron a vivir á Comunidade de Madrid, o que supón o 34% das mobilidades rexistradas. En segundo lugar estaría Cataluña, cunha media algo superior ás 1.150 persoas asalariadas, algo máis do 15% de media, e finalmente Canarias, que con case 700 asalariados recollería unha porcentaxe superior ao 9%. Así, entre estas tres CCAA se recollen case 6 de cada 10 migracións dende Galicia. Para o período 2021-2022, dos 6.520 asalariados que abandonaron Galicia, 2.300 (35,3%) foron a residir á Comunidade de Madrid, 972 para Cataluña (14,9%) e 578 (8,9%) para Canarias. No período 2021-2022 as dúas primeiras reciben algo mais da metade dos asalariados que abandonaron Galicia. A atracción da Comunidade de Madrid e Cataluña débese principalmente as diferenzas salariais, a unha maior estabilidade laboral, diferenzas nas xornadas, etc...

Táboa 18. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de saída (2015-2016 / 2018-2019)

| Comunidade Autónoma | 2015-2016 | | 2016-2017 | | 2017-2018 | | 2018-2019 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | % | número | % | número | % | Número | % |
| Madrid | 2.406 | 35,6 | 2.423 | 35,5 | 2.201 | 32,9 | 2.503 | 34,2 |
| Cataluña | 1.053 | 15,6 | 1.044 | 15,3 | 1.076 | 16,1 | 1.194 | 16,3 |
| Canarias | 668 | 9,9 | 689 | 10,1 | 703 | 10,5 | 707 | 9,7 |
| Andalucía | 433 | 6,4 | 439 | 6,4 | 504 | 7,5 | 527 | 7,2 |
| Castilla y León | 535 | 7,9 | 541 | 7,9 | 490 | 7,3 | 596 | 8,1 |
| Valencia | 355 | 5,2 | 342 | 5 | 418 | 6,2 | 403 | 5,5 |
| Illes Baleares | 340 | 5 | 343 | 5 | 340 | 5,1 | 380 | 5,2 |
| Asturias | 348 | 5,1 | 382 | 5,6 | 360 | 5,4 | 410 | 5,6 |
| Aragón | 142 | 2,1 | 160 | 2,3 | 132 | 2 | 166 | 2,3 |
| Castilla - La Mancha | 148 | 2,2 | 130 | 1,9 | 156 | 2,3 | 126 | 1,7 |
| Murcia | 113 | 1,7 | 125 | 1,8 | 123 | 1,8 | 123 | 1,7 |
| Cantabria | 99 | 1,5 | 115 | 1,7 | 100 | 1,5 | 99 | 1,4 |
| Extremadura | 67 | 1 | 51 | 0,7 | 49 | 0,7 | 47 | 0,6 |
| La Rioja | 60 | 0,9 | 50 | 0,7 | 44 | 0,7 | 44 | 0,6 |
| **Total** | **6.767** | **100** | **6.834** | **100** | **6.696** | **100** | **7.325** | **100** |

Fonte: Mobilidade do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, AEAT (Varios anos).

Táboa 19. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de saída (2019-2020 / 2021-2022)

| Comunidade Autónoma | 2019-2020 | | 2020-2021 | | 2021-2022 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | % | Número | % | Número | % |
| Madrid | 3.494 | 33,4 | 2.156 | 31,5 | 2.300 | 35,3 |
| Cataluña | 1.765 | 16,9 | 984 | 14,4 | 972 | 14,9 |
| Canarias | 896 | 8,6 | 625 | 9,1 | 578 | 8,9 |
| Andalucía | 808 | 7,7 | 615 | 9,0 | 530 | 8,1 |
| Castilla y León | 845 | 8,1 | 611 | 8,9 | 515 | 7,9 |
| Valencia | 664 | 6,3 | 455 | 6,6 | 456 | 7,0 |
| Illes Baleares | 504 | 4,8 | 388 | 5,7 | 309 | 4,7 |
| Asturias | 509 | 4,9 | 320 | 4,7 | 283 | 4,3 |
| Aragón | 220 | 2,1 | 178 | 2,6 | 140 | 2,1 |
| Castilla - La Mancha | 240 | 2,3 | 139 | 2,0 | 136 | 2,1 |
| Murcia | 229 | 2,2 | 152 | 2,2 | 109 | 1,7 |
| Cantabria | 164 | 1,6 | 116 | 1,7 | 95 | 1,5 |
| Extremadura | 86 | 0,8 | 69 | 1,0 | 55 | 0,8 |
| La Rioja | 49 | 0,5 | 44 | 0,6 | 42 | 0,6 |
| **Total** | **10.473** | **100** | **6.852** | **100** | **6.520** | **100** |

Fonte: Mobilidade do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, AEAT (Varios anos).

A táboa 20 e táboa 21 posibilitan determinar a mobilidade de persoas asalariadas que chegan a Galicia dende outras CCAA. A Comunidade de Madrid e Cataluña son tamén as dúas que mais persoas asalariadas aportaron a Galicia. En termos medios durante o período estudado a achega foi de 1.778 (28,8%) e 812 persoas asalariadas (13,2%) para a Comunidade de Madrid e Cataluña, respectivamente. A terceira comunidade autónoma que aporta máis persoas asalariadas foi Castilla y León, con arredor de 724 de media (12,1%); entre as 3 CCAA recollen o 54% das persoas asalariadas que veñen a Galicia. En 2022, o fluxo migratorio deste colectivo foi de 1.553 (29,1%) e 707 (13,2%), para a Comunidade de Madrid e Cataluña. Ambas CCAA aportaron o 42,3% das persoas asalariadas que foron a vivir a Galicia.

Táboa 20. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de entrada (2015-2016 / 2018-2019)

| Comunidade Autónoma | 2015-2016 | | 2016-2017 | | 2017-2018 | | 2018-2019 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | % | número | % | número | % | Número | % |
| Madrid | 1.093 | 25,9 | 1.225 | 25,9 | 1.440 | 26,8 | 1.925 | 1093 |
| Cataluña | 498 | 11,8 | 665 | 14 | 717 | 13,4 | 750 | 498 |
| Canarias | 545 | 12,9 | 632 | 13,3 | 694 | 12,9 | 746 | 545 |
| Andalucía | 434 | 10,3 | 498 | 10,5 | 551 | 10,3 | 592 | 434 |
| Castilla y León | 348 | 8,2 | 388 | 8,2 | 428 | 8 | 498 | 348 |
| Valencia | 392 | 9,3 | 376 | 7,9 | 426 | 7,9 | 407 | 392 |
| Illes Balears | 281 | 6,6 | 267 | 5,6 | 298 | 5,6 | 327 | 281 |
| Asturias | 113 | 2,7 | 135 | 2,8 | 168 | 3,1 | 207 | 113 |
| Aragón | 168 | 4 | 167 | 3,5 | 198 | 3,7 | 160 | 168 |
| Castilla - La Mancha | 95 | 2,2 | 95 | 2 | 136 | 2,5 | 140 | 95 |
| Murcia | 71 | 1,7 | 107 | 2,3 | 111 | 2,1 | 122 | 71 |
| Cantabria | 75 | 1,8 | 71 | 1,5 | 69 | 1,3 | 96 | 75 |
| Extremadura | 65 | 1,5 | 85 | 1,8 | 88 | 1,6 | 96 | 65 |
| La Rioja | 48 | 1,1 | 27 | 0,6 | 41 | 0,8 | 38 | 48 |
| **Total** | **4.226** | **100** | **4.738** | **100** | **5.365** | **100** | **6.104** | **4.226** |

Fonte: Mobilidade do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, AEAT (Varios anos).

Táboa 21. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de saída (2019-2020 / 2021-2022)

| Comunidade Autónoma | 2019-2020 | | 2020-2021 | | 2021-2022 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | % | Número | % | Número | % |
| Madrid | 2.855 | 30 | 2.352 | 32,2 | 1.553 | 29,1 |
| Cataluña | 1330 | 14 | 1017 | 13,9 | 707 | 13,2 |
| Canarias | 1092 | 11,5 | 753 | 10,3 | 611 | 11,4 |
| Andalucía | 850 | 8,9 | 659 | 9 | 579 | 10,8 |
| Castilla y León | 917 | 9,6 | 732 | 10 | 469 | 8,8 |
| Valencia | 679 | 7,1 | 419 | 5,7 | 332 | 6,2 |
| Illes Balears | 477 | 5 | 385 | 5,3 | 286 | 5,4 |
| Asturias | 396 | 4,2 | 266 | 3,6 | 216 | 4 |
| Aragón | 263 | 2,8 | 199 | 2,7 | 201 | 3,8 |
| Castilla - La Mancha | 172 | 1,8 | 142 | 1,9 | 104 | 1,9 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Murcia | 165 | 1,7 | 119 | 1,6 | 91 | 1,7 |
| Cantabria | 152 | 1,6 | 104 | 1,4 | 84 | 1,6 |
| Extremadura | 128 | 1,3 | 98 | 1,3 | 78 | 1,5 |
| La Rioja | 56 | 0,6 | 54 | 0,7 | 33 | 0,6 |
| **Total** | **9.532** | **100** | **7.299** | **100** | **5.344** | **100** |

Fonte: Mobilidade do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, AEAT (Varios anos).

A táboa 22 posibilitan a determinación da mobilidade de asalariados para Galicia procedente doutras CCAA. Compróbase como, en termos netos, en Galicia saíron mais persoas asalariadas das recibidas, perdeu -en media anual- en torno a 1.260 persoas traballadores no período 2015-2022. A única excepción foi o ano 2021 onde produciuse unha ganancia neta. En total durante o período estudado a perda neta foi de case 8.859 persoas asalariadas, a maior parte para a Comunidade de Madrid (5.040) e Cataluña (2.404). Finalmente compróbase como hai CCAA que proporcionan máis persoas asalariadas a Galicia das que saen de Galicia para eses territorios, destacado neste grupo Castilla y León (940) e Asturias (427). Xunto con estas dúas, Extremadura, Andalucía e Castilla-La Mancha son as outras que aportan máis persoas asalariados a Galicia das que reciben.

Táboa 22. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo neto para Galicia (2015-2016/2018-2019)

| | 2015-2016 | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Madrid | -1.313 | -1.198 | -761 | -578 | -639 | 196 | -747 |
| Cataluña | -555 | -379 | -359 | -444 | -435 | 33 | -265 |
| Valencia | -74 | -75 | -120 | -76 | -187 | -70 | -170 |
| Canarias | -320 | -301 | -275 | -209 | 21 | 107 | -109 |
| Illes Balears | -235 | -247 | -192 | -203 | -113 | -54 | -67 |
| Aragón | -53 | -35 | -20 | 14 | -68 | 3 | -32 |
| Murcia | -42 | -18 | -12 | -1 | -64 | -33 | -18 |
| Cantabria | -34 | -30 | -12 | -3 | -36 | -18 | -17 |
| La Rioja | -12 | -23 | -3 | -6 | 7 | 10 | -9 |
| Asturias | 52 | 33 | 86 | 27 | 175 | 31 | 23 |
| Extremadura | 8 | 20 | 20 | 49 | 66 | 35 | 29 |
| Andalucía | 1 | 59 | 47 | 65 | 42 | 44 | 49 |
| Castilla - La Mancha | 26 | 7 | 66 | -6 | 43 | 21 | 61 |
| Castilla y León | 10 | 91 | 204 | 150 | 247 | 142 | 96 |
| **Total** | **-2.541** | **-2.096** | **-1.331** | **-1.221** | **-941** | **447** | **-1.176** |

Fonte: Mobilidade do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, AEAT (Varios anos).

## 4.2.A situación do mercado laboral en Galicia e o proceso migratorio

A pesar de ser fontes diferentes e sempre coas debidas reservas a partir dás limitacións expostas, a combinación de ambas estatísticas permiten sinalar que, en 2022 dás 19.283 variacións residenciais producidas dende Galicia cara a outras CCAA (a partir dá EVR), 6.520 correspondía a persoas asalariadas (a partir da EMMT). Por tanto, o 34% das variacións residenciais producidas por persoas asalariadas débense a cuestións de natureza laboral. En cambio, dás 20.667 variacións residenciais producidas dende outras CCAA cara a Galicia, en 2022 5.344 correspondíase a traballadores asalariados, isto é, un 26%. O anterior implica unha saída neta de poboación dende Galicia cara a outras CCAA.

A pesar de que este exercicio comparativo presenta importantes limitacións e que non recolle todas as causas que provocan o fenómeno migratorio, posibilita sinalar, groso modo, a relevancia dos hard factors, para explicar os movementos de poboación asalariada. Isto posibilita introducir tres dos indicadores máis relevantes para aproximarse á súa incidencia: as taxas de actividade e desemprego para os mozos e mozas con educación superior e os salarios percibidos por CCAA.

A táboa 23 permite comprobar as diferenzas nas taxas de actividade por CCAA para os individuos entre 25 e 34 anos con educación superior, que é precisamente a cohorte de idade que máis se aproxima ao grupo de recentemente egresados, que é o noso obxecto de análise. A información foi obtida da publicación Sistema Estatal de Indicadores da Educación do Ministerio de Educación e Formación Profesional para os anos 2009, 2014, 2019 e 2021 (último dispoñible). Cataluña (93,8%) e Madrid (93,5%) presentan unha taxa de actividade media, 6 e 5,7 puntos porcentuais superior á de Galicia. Nesta clasificación as CCAA de Cataluña e Madrid ocuparían a primeira e terceira posición por taxas de actividade, respectivamente, mentres que Galicia se situaría no posto 13, 2,6 puntos porcentuais por baixo da media nacional (90,4%). Neste ano Galicia ocupa a posición número 16 (de 17) en relación á taxa de actividade por CCAA, superando só a Asturias.

Táboa 23. Taxas de actividade en educación superior por CCAA, para o grupo de idade de 25 a 34 anos (2009, 2014, 2019 e 2021)

| | 2009 | 2014 | 2019 | 2021 |
|---|---|---|---|---|
| Cataluña | 94 | 94,2 | 92,2 | 94,8 |
| La Rioja | 92 | 92,7 | 95 | 94,2 |
| Madrid | 93 | 93,8 | 92,2 | 92,9 |
| Navarra | 90 | 89,1 | 90,9 | 91,3 |
| País Vasco | 93 | 93 | 91,9 | 91 |
| Illes Balears | 92 | 92,2 | 89 | 89,7 |
| Castilla - La Mancha | 90 | 90,7 | 88,8 | 89,3 |
| Cantabria | 92 | 89,3 | 85,1 | 88,6 |
| Aragón | 91 | 91,3 | 92 | 88,3 |
| Murcia | 89 | 90,4 | 85,7 | 87,9 |
| Valencia | 89 | 89,5 | 88,2 | 87,8 |
| Andalucía | 89 | 90,1 | 85,2 | 87 |
| Canarias | 90 | 87,2 | 85,2 | 86,8 |
| Castilla y León | 88 | 88,4 | 88,1 | 86,2 |
| Extremadura | 88 | 91 | 86,1 | 85,9 |
| Galicia | 90 | 90 | 86,7 | 84,4 |
| Asturias | 89 | 89,9 | 85 | 83,3 |
| **España** | **91** | **91,5** | **89,1** | **89,9** |

Fonte: Sistema Estatal de indicadores de la Educación (Varios anos). Ministerio de Educación e Formación Profesional.

A táboa 24 realiza o mesmo exercicio de comparación tendo en conta a taxa de desemprego. En Galicia a taxa de paro media dos catro anos empregados é do 15,1%, un dato lixeiramente superior a media nacional (14,1%) e que contrasta co indicador do 9,6% de Cataluña ou o 10,3% de Madrid e que sitúa a Galicia na posición 11 desta clasificación. No último ano dispoñible a taxa de desemprego en Galicia (15%) foi dous puntos por riba da media nacional e moi superior a obtida en Madrid (9,6%) ou Cataluña (8,2%). Neste ano Galicia ocupa a posición número 12 (de 17) en relación ás maiores taxas de paro por CCAA.

Táboa 24. Taxas de paro en educación superior por CCAA, para o grupo de idade de 25 a 34 anos (2009, 2014, 2019 e 2021)

| | 2009 | 2014 | 2019 | 2021 |
|---|---|---|---|---|
| Extremadura | 17 | 23,3 | 21,8 | 23,7 |
| Canarias | 18 | 26,7 | 17,3 | 23 |
| Andalucía | 19 | 28 | 17,5 | 19,2 |
| Asturias | 15 | 24,4 | 15,1 | 17,6 |
| Castilla - La Mancha | 12 | 28,2 | 14,2 | 15,6 |
| Galicia | 12 | 21,5 | 12 | 15 |
| Illes Balears | 11 | 17,4 | 8 | 14,8 |
| Valencia | 15 | 24,1 | 13,9 | 13,9 |
| Castilla y León | 12 | 22,1 | 11,2 | 13,6 |
| Murcia | 12 | 18,9 | 12,7 | 13,2 |
| Navarra | 6 | 13,6 | 7,6 | 10,5 |
| Aragón | 9 | 19,3 | 8,3 | 10,3 |
| Cantabria | 10 | 19,7 | 11,7 | 10,3 |
| Madrid | 9 | 13,3 | 9,4 | 9,6 |
| País Vasco | 10 | 14,9 | 6,8 | 9 |
| La Rioja | 8 | 8,8 | 6,1 | 8,6 |
| Cataluña | 9 | 12,9 | 8,1 | 8,2 |
| **España** | **12** | **19,4** | **11,8** | **13** |

Fonte: Sistema Estatal de indicadores de la Educación (Varios anos). Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Finalmente, a táboa 25 realiza a comparación de salarios por CCAA. En Galicia o salario medio mensual sitúase en media en 1.864 euros por baixo da media nacional (1.952), que é moi inferior do resultado para a Comunidade de Madrid (2.220) ou Cataluña (2.068), que son xunto co País Vasco (2.286) as tres CCAA con salarios medios máis elevados. No último ano dispoñible o salario medio en Galicia foi case o 97% da media estatal e un 86,3% e 90,1% do obtido e Madrid e Cataluña, respectivamente. Neste ano Galicia ocupa a posición número 10 (de 17) en relación ao salario medio mensual por CCAA.

Táboa 25. Salario medio mensual por CCAA (2009, 2014, 2019, 2021 e 2022)

| | 2009 | 2014 | 2019 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| País Vasco | 2.118 | 2.147 | 2.333 | 2.546 |
| Madrid | 2.053 | 2.273 | 2.172 | 2.381 |
| Illes Balears | 1.721 | 1.708 | 1.940 | 2.312 |
| Navarra | 1.982 | 2.052 | 2.217 | 2.285 |
| Cataluña | 1.895 | 1.953 | 2.143 | 2.281 |
| Asturias | 1.842 | 1.908 | 2.078 | 2.115 |
| Cantabria | 1.818 | 1.905 | 1.960 | 2.113 |
| La Rioja | 1.796 | 1.830 | 1.987 | 2.085 |
| Castilla y León | 1.780 | 1.788 | 1.904 | 2.076 |
| Galicia | 1.735 | 1.775 | 1.889 | 2.056 |
| Aragón | 1.905 | 1.875 | 1.958 | 2.030 |
| Castilla - La Mancha | 1.709 | 1.740 | 1.881 | 1.961 |
| Valencia | 1.613 | 1.745 | 1.861 | 1.953 |

| | 2009 | 2014 | 2019 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 1.660 | 1.646 | 1.773 | 1.915 |
| Murcia | 1.708 | 1.644 | 1.775 | 1.876 |
| Canarias | 1.633 | 1.622 | 1.750 | 1.869 |
| Extremadura | 1.510 | 1.589 | 1.683 | 1.845 |
| **España** | **1.815** | **1.881** | **1.982** | **2.128** |

Fonte: Enquisa de Poboación Activa (Varios anos). INE (2024b)

Sen dúbida, estes e outros indicadores que se poderían incluír para completar á análise condicionan o investimento en capital humano por parte da poboación máis nova, nun escenario onde resulta necesario rendibilizar este investimento (Vaquero, 2010b, 2012; Vaquero et al. 2020).

## 4.3 Migración laboral dos mozos e mozas en Galicia: Revisión da literatura

Non abundan os traballos que analicen os movementos migratorios dende Galicia por cuestións laborais. Con todo, pódense citar entre outros os seguintes. En González-Laxe et al. (2013) cualifícase ao período 2003-2010 como a terceira etapa migratoria de Galicia, ao cuantificar en máis de 315.000 os residentes en Galicia que emigraron a outras CCAA. O perfil do emigrante sería o dun mozo (un 47% ten menos de 29 anos e o 39% entre 30 e 44 anos) e home (70%). Ademais, o 12% dos que emigran teñen estudos superiores (40.000), unha cifra que sería a metade das persoas egresadas polas universidades galegas durante estes anos. O anterior é especialmente preocupante posto que Galicia ten unha taxa de escolarización universitaria inferior á media nacional. Esta emigración focalizouse sobre todo cara á Comunidade de Madrid (22,4%), Cataluña (12,1%) e Canarias (10,2%). Precisamente, a Comunidade de Madrid e Cataluña, co 39% e 12%, respectivamente, da emigración universitaria foron destinos preferentes das persoas con titulación universitaria en Galicia. En Domingo e Blanes (2017) a partir da EVR e o Rexistro de Españois Residentes no Exterior (RERE) se sinala como a emigración de Galicia non foi consecuencia da demanda de capital humano do exterior, que non é o factor decisivo que xustificou a emigración dos mozos e mozas en Galicia. O anterior permite sinalar que o esperable é contar con certa migración de retorno unha vez que os emigrantes se decaten que as condicións económicas non son tan boas como as previstas.

Blanco e González (2020) cruzan datos de emigración de España cos censos dos países de destino da OCDE sobre inmigrantes e non inmigrantes pertencentes a OCDE, estimando os stocks de emigrantes en base ao seu nivel educativo e CCAA de orixe e información de mobilidade do Servicio Público de Emprego Estatal (SEPE) para estudar a emigración e a fuga de talento en Galicia entre 2001 e 2019. O resultado máis destacable é que Galicia é unha das CCAA máis afectadas pola perda de talento. Así memso, sinalan que a emigración externa aumentou de forma significativa tras a crisis de 2007 e mantense a niveis elevados dende entón. Pola súa banda, a emigración interna presenta uns niveis reducidos se faixe unha comparanza con outras CCAA, aínda que ofrece un saldo negativo e unha tendencia crecente.

En González et al. (2020) realízase unha análise dos movementos migratorios entre CCAA a partir dos Censos de Poboación de 2001 e 2011 para a poboación entre 25 e 34 anos, en función da Comunidade Autónoma de residencia, elaborando un conxunto de indicadores: índice emigratorio, índice de captación e índice de captación neta. O primeiro representa a proporción de persoas autóctonas emigradas respecto ás nadas na Comunidade Autónoma. O segundo é o cociente entre as persoas inmigrantes autóctonas doutras CCAA e as persoas nativas da rexión receptora que residen nesta, eliminando do denominador as

persoas emigradas autóctonas[8]. Finalmente o índice de captación neta ten o mesmo denominador que o índice de captación, pero no numerador calcúlase o balance entre as persoas inmigrantes chegadas dende outras rexións españolas e a poboación autóctona emigrada[9].

En Vaquero et al. (2020) a partir do traballo anterior analízanse os indicadores para Galicia en 2001 e 2011. A Táboa 26 recolle o resultados para o caso de emigrantes con titulación universitaria para 2011. Neste ano o índice migratorio para 2011 sinala como o 10% da poboación nada en Galicia entre 25 e 34 anos e con estudos universitarios residía fóra da Comunidade Autónoma (9% a nivel nacional). Considerando a situación de 2011, Galicia sería a novena Comunidade Autónoma (xunto con Navarra) con maior índice emigratorio. En consecuencia, Galicia non é das CCAA que máis persoas universitarias emite. Esta situación prodúcese, especialmente, en Castela e León (24%), Asturias, La Rioja e Extremadura (todas cun 17%). En relación ao índice de captación en Galicia é do 0,04 o que indica que por cada 100 nativos de Galicia con estudos universitarios, só se captan 4 universitarios doutras CCAA, situándose a moita distancia dos resultados obtidos para a Comunidade de Madrid ou as Illes Baleares (ambas cun 0,23). Así memso, se fixo unha actualización desta información a partir do Censo de 2021 e seguindo a metodoloxía de González et al. (2020). Compróbase, como en liñas xerais, os valores do índice de emigración resultan moi similares aos obtido en 2021 (Galicia pasaría do 0,10 ata o 0,12), polo tanto increméntase lixeiramente a propensión a emigrar, o que reforza o argumento de que a emigración do capital humano con maior formación aínda non se logrou corrixir. Así memso, Galicia estaría na mesma posición no anterior ranking de emigración, pero o que si cambia é a cifra de persoas que emigran, pero este dato vai a estar claramente condicionado pola pandemia, de aí que consideremos como mellor aproximación á poboación que emigra o dato de 2011, que se ben está máis lonxe no tempo, non está condicionado polas restricións de mobilidade. Optar polo dato de 2021 implicaría un nsco importante e polo tanto, se evita a súa utilización.

Táboa 26. Emigrantes e índice emigratorio da poboación autóctona entre 25 e 34 anos por comunidade autónoma de nacemento para universitarios (2011)

| | Número | Índice emigratorio |
|---|---|---|
| Andalucía | 22.150 | 0,07 |
| Aragón | 6.321 | 0,13 |
| Asturias | 7.203 | 0,17 |
| Illes Baleares | 1.172 | 0,04 |
| Canarias | 3.015 | 0,05 |
| Cantabria | 3.062 | 0,15 |
| Castilla - La Mancha | 24.139 | 0,24 |
| Castilla y León | 8.975 | 0,15 |
| Cataluña | 9.781 | 0,03 |
| Estremadura | 6.805 | 0,17 |
| Galicia | 9.865 | 0,1 |
| La Rioja | 1.655 | 0,17 |
| Madrid | 17.875 | 0,07 |
| Murcia | 3.237 | 0,07 |
| Navarra | 2.555 | 0,1 |
| País Vasco | 11.589 | 0,11 |
| Valencia | 12.074 | 0,07 |
| **España** | **151.473** | **0,09** |

Fonte: González et al. (2020)

8 Mide a capacidade de atracción cara ás persoas doutras CCAA respecto ás autóctonas que residen na rexión. Se o índice é 0,5, significa que por cada 10 persoas nativas residentes chegaron 5 persoas dunha Comunidade Autónoma diferente.

9 Enténdese como unha cociente entre o balance de entradas-saídas e a poboación local residente. Se é 0,5, a Comunidade Autónoma gañaría 5 persoas por cada 10 persoas nativas residentes, se é (-0,5), perdería 5 persoas por cada 10 nativas residentes na Comunidade Autónoma.

A táboa 27 recolle os movementos de inmigrantes universitarios e índice neto de captación para a poboación nativa entre 25 e 34 años por comunidade autónoma de destino. En 2011, a Comunidade de Madrid (xunto coas Iles Baleares) é o principal destino das persoas universitarias, polo elevado Índice de captación (0,23). Así, en 2011 por cada 100 nativos con estudos universitarios que residen en Madrid, chegaron 23 titulados universitarios doutras CCAA, mentres que en Galicia o ratio foi de 4 por cada 100 nativos. De novo, fíxose a estimación para o Censo de 2021 seguindo a metodoloxía de González et al. (2020), comprobándose como apenas hai diferenzas; así en Galicia se pasaría do 0,04 ao 0,05 e, de novo, as cifras de movementos migratorios estarían infraestimadas pola restricións de mobilidade. En consecuencia, o mellor segue sendo aplicar os valores de mobilidade de 2011 e non os de 2021.

Táboa 27. Inmigrantes e índice de captación da poboación autóctona entre 25 e 34 anos por comunidade autónoma de nacemento para universitarios (2011)

| | Número | Índice de captación |
|---|---|---|
| Andalucía | 9.423 | 0,03 |
| Aragón | 3.183 | 0,07 |
| Asturias | 2.693 | 0,08 |
| Illes Baleares | 6.506 | 0,23 |
| Ilas Canarias | 6.454 | 0,12 |
| Cantabria | 2.121 | 0,12 |
| Castilla - La Mancha | 5.763 | 0,07 |
| Castilla y León | 10.849 | 0,21 |
| Cataluña | 18.703 | 0,07 |
| Extremadura | 2.056 | 0,06 |
| Galicia | 3.910 | 0,04 |
| La Rioja | 1.512 | 0,18 |
| Madrid | 56.259 | 0,23 |
| Murcia | 4.331 | 0,1 |
| Navarra | 3.438 | 0,15 |
| País Vasco | 4.054 | 0,04 |
| Valencia | 9.369 | 0,06 |
| **España** | **320.395** | **0,06** |

Fonte: González et al. (2020).

Resulta de interese combinar os resultados obtidos polas dúas táboas anteriores, para coñecer o efecto neto de ambos movementos migratorios (táboa 28). Galicia non recolle nin de lonxe os niveis de perda neta de poboación universitaria de Castilla y León, que é a Comunidade Autónoma máis afectada, cun índice de captación neta de -0,24 en 2011. Pola contra, o índice de captación neta é elevado na Comunidade de Madrid, cun balance de 16 universitarios máis por cada 100 con titulación superior que residían nesa Comunidade Autónoma. Xunto coa Comunidade de Madrid, o grupo de CCAA que recollen unha captación neta confórmano Illes Baleares, Canarias, Castilla-La Mancha, Cataluña, Murcia e Navarra. As que peor cociente mostran son, ademais de Castilla y León, Asturias e Extremadura. Galicia experimenta unha perda neta, que pode ser consecuencia de variacións producidas no pasado máis recente, polo maior fluxo de poboación por estudos. Con todo, dita perda é moi inferior á detectada noutros territorios. Unha vez máis repetiuse o exercicio de simulación para o censo de 2021 seguindo a metodoloxía previamente indicada, constatándose como o indicador para Galicia sería de -0,08, en liña co obtido para 2011. En consecuencia, repítese o patrón do índice de captación.

Táboa 28. Balance interrexional e índice neto de captación da poboación autóctona entre 25 e 34 anos por CCAA e nivel educativo (2011)

| | Número | Índice neto de captación |
|---|---|---|
| Andalucía | -12.728 | -0,05 |
| Aragón | -3.138 | -0,07 |
| Asturias | -4.510 | -0,13 |
| Illes Baleares | 5.334 | 0,19 |
| Canarias | 3.439 | 0,06 |
| Cantabria | -940 | -0,06 |
| Castilla - La Mancha | -18.376 | -0,24 |
| Castilla y León | 1.874 | 0,04 |
| Cataluña | 8.922 | 0,03 |
| Extremadura | -4.750 | -0,14 |
| Galicia | -5.954 | -0,07 |
| La Rioja | -142 | -0,02 |
| Madrid | 38.384 | 0,16 |
| Murcia | 1.094 | 0,03 |
| Navarra | 883 | 0,04 |
| País Vasco | -7.534 | -0,08 |
| Valencia | -2.705 | -0,02 |

Fonte: González et al. (2020).

# 5 Implicacións económicas e sociais da migración laboral dos mozos galegos con formación universitaria

Os resultados expostos nos apartados precedentes teñen importantes efectos económicos e sociais que convén sinalar. A continuación, realízase unha aproximación, grosso modo, dalgunhas das repercusións da migración laboral dos mozos e mozas universitarios a partir dunha serie de simulacións en relación a:

- Os custos nos que se incorre pola xeración de persoas tituladas que posteriormente emigran.
- Perda de nacementos derivados da emigración das persoas con formación superior.
- Empresas que se deixan de crear pola emigración de persoas con estudos universitarios.

É necesario sinalar que todos os casos expostos son aproximacións moi simples, baseadas nunha serie de supostos, polo que os resultados deben tomarse coa debida prudencia. Por iso, establécese unha análise de sensibilidade para coñecer a potencial incidencia cuantitativa dos cálculos realizados.

As simulacións parten do balance interrexional das migracións sinaladas na Táboa 9, tomando como referencia o traballo de González-Leonardo et al. (2020), que indica que a perda de capital humano en Galicia con estudos universitarios era de 5.954 persoas a partir do Censo de 2011. Así memso, esta exposición segue a metodoloxía empregada en Vaquero et al. (2020). Polo tanto, en liñas xerais trátase dunha actualización do recollido neste estudo

### Simulación 1. Custos nos que se incorre en Galicia por xerar persoas egresadas que emigran.

Como se sinalou, a fuga de capital humano provoca que un número significativo de persoas universitarias abandone Galicia ante a esperanza de atopar un emprego fóra, sobre todo noutras CCAA. Por tanto, dende Galicia incórrese nun custo (privado e público) de formar persoas con estudos superiores e que ese capital humano altamente formado será empregado, a custo cero noutras CCAA. Por outra banda, tamén hai que considerar a poboación con estudos universitarios que ven traballar a Galicia, o que supón un aforro en termos de formación para Galicia, xa que se da a situación inversa á xa mencionada. En consecuencia, hai que considerar o balance de ambos fluxos, ou o que é o mesmo, o saldo neto de migrantes universitarios.

A partir do informe "Sistema Estatal de Indicadores da Educación 2023"[10] que publica o Ministerio de Educación e Formación Profesional obtense que, en 2020, o gasto por alumno en educación superior en España foi de 8.793 euros (páxina 63). Considerado o escenario máis optimista (que a persoa estudante finalice en 4 anos), o custo de xerar esta persoa titulada sería de 35.172 euros. Considerando as estimacións de González et al. 2020 –isto é, que en 2011 o saldo neto da emigración era de 5.954 titulados universitarios dende Galicia (Táboa 28)-, o custo total para Galicia sería de algo máis de 209 millóns de euros.

Ademais, cómpre advertir que o custo dun título universitario non é o mesmo por ámbito de coñecemento. Por exemplo, enténdese que o custo que implica unha persoa titulada en Economía é inferior ao custo dunha enxeñeira, polo tipo de formación que recibe e pola duración real da titulación. Considerando as restricións que supón este exercicio de simulación, e sinalando as potenciais limitacións, o custo total oscilaría entre os 209 e 311 millóns de euros. A táboa 29 recolle unhas simulacións que permiten unha análise de sensibilidade a partir dos datos anteriores.

Táboa 29. Análise de sensibilidade do custo dos fluxos de universitarios en Galicia

| Duración real (en anos) | Custe por estudante (en euros) | Custe total (millóns de euros) |
|---|---|---|
| 4 | 35.172 | 209,4 |
| 5 | 43.965 | 261,8 |
| 6 | 52.758 | 314,1 |
| 7 | 61.551 | 366,5 |

Fonte: elaboración propia.

### Simulación 2. Perda de nacementos en Galicia.

Nun contexto de perda de poboación e nunha sociedade envellecida como a galega, que a poboación en idade de ter fillos emigre, acentúa o problema demográfico. Considerando que as persoas egresadas que emigran atópanse -por franxa de idade- maioritariamente nesta situación, resulta necesario cuantificar o número de nacementos que se perden en Galicia polo proceso migratorio.

De novo, tomando como referencia a cifra de 5.954 da simulación anterior e que o 30% da poboación con estudos superiores que emigrou segundo o estudo de González-Laxe et al. (2013) eran mulleres pódese facer unha aproximación do efecto da emigración deste colectivo sobre o número de nacementos en Galicia. Para iso é necesario completar as dúas referencias anteriores coa taxa de fecundidade[11] publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE), 1,01 en 2023[12]. Tendo conta os valores anteriores, debido ao saldo neto de emigración de mulleres universitarias, en Galicia deixarían de nacer preto de 1.804 nenos e nenas,

10 https://www.educacionfpydeportes.gob.es/inee/indicadores/sistema-estatal/ultima-edicion.html

11 O descenso da fecundidade tamén afecta ao incremento da idade media en Galicia, en clara progresión, pero nunha menor medida. Así memso, cómpre recordar o cambio de modelo reprodutivo dos países occidentais.

12 Definido como o número de fillos, en medio, que se calcula terá unha muller durante a súa idade reprodutiva.

cifra que se reduciría a 1.353 nacementos se se asume que só terían nenos o 75% das mulleres. A táboa 30 realiza o análise de sensibilidade.

Táboa 30. Análise de sensibilidade da perda de nacementos pola emigración

| Porcentaxe de mulleres en idade fértil | Perdas de nacementos |
|---|---|
| 75 | 1.353 |
| 80 | 1.443 |
| 90 | 1.624 |
| 100 | 1.804 |

Fonte: elaboración propia.

### Simulación 3. Empresas que se deixan de crear pola emigración de persoas egresadas universitarias.

É coñecido que a capacidade de emprendemento ten moito que ver coa idade e a formación; as persoas máis novas e con maior formación teñen unha maior predisposición a emprender (Informe GEM Galicia 2022-23)[13]. Para realizar esta terceira simulación se parte novamente da cifra de 5.954 persoas egresadas universitarias e da taxa de actividade emprendedora total[14] recollida no Informe GEM Galicia, cifrada -en 2022- no 7,9% para o grupo de poboación de 25 a 34 anos. A partir desta información, o número de empresas que se deixarían de crear serían de 470 ao ano.

## 6 Recomendacións

Os anos de esforzo necesarios para terminar uns estudos universitarios e o custo económico que isto supón non sempre se ven rendibilizados coa obtención dun posto de traballo adecuado. A situación do mercado laboral combiou notablemente e non sempre se obtén unha rendibilidade inmediata do investimento en capital humano. Na Enquisa de Inserción Laboral dos Titulados universitarios 2019 do INE[15] sinálase como a taxa de paro catro anos despois de graduarse é do 8,0%, afectando moito máis ás mulleres (8,8%) que aos homes (7,0%). Só o 21,8% das mulleres e o 24,4% dos homes tardaron menos de tres meses en atopar o seu primeiro emprego.

Ademais, os mozos e mozas se ven abocados, en ocasións, a aceptar calquera traballo, aínda que non teña moita relación co estudado. Nun estudo publicado polo Observatorio Social da Caixa[16] (2019) sinálase que o 6,8% da poboación en España vive en fogares con persoas que están empregados por baixo do 20% do seu potencial de traballo; un indicador só superado por Grecia. No informe CYD[17] en 2023, España é o pais europeo con maior sobrecualificación. En concreto, no ano 2022 o 40% das persoas ocupadas entre 20 a 64

13 Informe GEM Galicia 2022-2023. https://www.gem-spain.com/wp-content/uploads/Informes-Regionales-Galicia/Informe-GEM-Galicia-2022-2023.pdf

14 A taxa de actividade emprendedora total (Total Early-stage Entrepreneurial Activity ou TEA) reflicte a porcentaxe de poboación adulta involucrada na fase central do proceso emprendedor (emprendemento nacente e novo), onde se localizan as iniciativas emprendedoras recentes ou en etapas iniciais.

15 Enquisa de inserción laboral dos titulados universitarios 2019 do Instituto Nacional de Estatística. https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259948984778&p=%2F&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalle&param3=1259924822888

16 Fundación La Caixa-Observatorio Social, La situación en Europa- Necesidades sociales: mercado de trabajo. https://elobservatoriosocial.fundacionlacaixa.org/es/-/seccion-la-situacion-en-europa-inf-mercado

17 Fundación CYD 2024. Informe CYD. https://www.fundacioncyd.org/publicaciones-cyd/informe-cyd-2023/

anos con estudos superiores desempeñaba tarefas de baixa cualificación (22,2% na UE27) o que implica o maior desaxuste relativo entre oferta e demanda de emprego.

Ante este panorama, un número significativo de persoas con titulación universitaria optan por emigrar, coa esperanza de atopar fóra un traballo ou outro mellor. No caso de Galicia, e si consideramos as condicións introducidas, parece comprobarse que as migracións netas de persoas egresadas universitarias deron como resultado un saldo neto negativo, xerando unha importante perda de capital humano e consecuencias económicas e sociais, tanto presentes como futuras, de calado.

Aínda que a mobilidade do factor traballo teña aspectos positivos nun marco de globalización económica, as consecuencias sobre as zonas de procedencia do traballador, ao tratarse de man de obra altamente cualificada, son unha mostra de ineficiencia dos sistemas produtivos interiores (González-Laxe et al.2013;, Vaquero et al. 2020; Bastida e Vaquero, 2021). Pero os problemas non acaban aquí. En Galicia esta perda neta de persoas con titulación universitaria agrávase máis co envellecemento demográfico -que irá en aumento debido á maior lonxevidade- o que limita a capacidade de mellora da economía galega. Precisamente, para mitigar esta fuga de talento, propóñense as seguintes recomendacións, xa indicadas nun traballo anterior (Vaquero et al. 2020). Para a súa correcta aplicación é necesario contar coa administración como polas empresas. Así memso, non se trata de realizar un exercicio de dirección senón establecer algunhas recomendacións que entendemos resultan de utilidade para mellorar a nosa situación de perda de capital humano.

### Recomendación 1. Realizar un maior esforzo en materia de emprego para posibilitar un mellor axuste da oferta coa demanda de traballo.

A solución para evitar esta fuga de talento é que Galicia ofreza á xente nova con estudos universitarios o que buscan fóra, isto é, postos de traballo que se adapten á súa cualificación. En Galicia existe un hándicap de empregos na área científica e tecnolóxica, e unha parte significativa destes titulados universitarios van traballar a outras CCAA, especialmente á Comunidade de Madrid e Cataluña, que son precisamente dúas das rexións máis intensivas en empresas científicas e tecnolóxicas. Porén, o problema non se soluciona coa creación de empresas destas características; os salarios deberían equipararse aos percibidos en outras CCAA, aínda que o custo de vida en Galicia pode permitir satisfacer uns salarios máis reducidos que noutras rexións cun custo de vida maior. En consecuencia, resulta necesario satisfacer remuneracións máis elevadas cas actuais se queremos reter o talento que se está a producir en Galicia.

Na nosa Comunidade Autónoma faltan moitos postos de traballos que permitan o desenvolvemento profesional das persoas con titulación universitaria. É vital conseguir un tecido produtivo que permita aproveitar o elevado investimento público e privado en ensino universitario. Sen dúbida, isto frearía a emigración, especialmente a da poboación con máis capital humano, o que redundaría en mellores indicadores demográficos. En consecuencia, mellorar o mercado de traballo é fundamental para frear a emigración dos mozos e mozas en Galicia nun escenario a curto prazo, No medio e longo prazo pasa, Así memso, por lograr que persoas con alta formación opten por residir en Galicia.

### Recomendación 2. Creación de empresas innovadoras, empresas de maior tamaño ou o establecementos de vínculos entre as pequenas e medianas empresas.

A creación de postos de traballo pasa necesariamente pola creación de empresas innovadoras e empresas de maior tamaño. Isto é a clave de bóveda sobre as que pivotan as políticas europeas nas últimas dúas décadas. Para iso debe terse en conta que Europa xera menos empresas innovadoras e creadoras de emprego que noutros países. Porén, crear empresas non é nada fácil; para iso, hai que actuar en todo o ecosistema emprendedor.

En Galicia o tamaño das empresas que conforman o seu tecido produtivo é moi reducido. O 96% confórmano PEMEs e algo máis do 80% das empresas galegas non superan os dous millóns de euros de facturación, por ser micropemes. Isto complica a demanda de persoas con titulación universitaria, e é aconsellable

aumentar o tamaño empresarial. O anterior non só permitirá aumentar a demanda de persoas con estudos universitarios, senón que mellorará as condicións de competitividade das empresas, nun marco cada vez máis globalizado economicamente.

Outra posibilidade sería encamiñarse cara a un "distrito industrial" (Bahamonde e Hermosilla, 2024). Isto implicaría que empresas con vínculos moi claros en Galicia e con actividades similares, pero sempre enfocadas cara a innovación e desenvolvemento tecnolóxico, colaboren entre elas, pero non baixo un sistema de dependencia, senón que libremente comparten experiencias e proxectos, para poder abordar no só o mercado nacional senón tamén internacional. O anterior podería ser replicado a partir da experiencia doutros países[18].

### Recomendación 3. Aplicación de políticas que permitan competir en igualdade de condicións

Dende a óptica pública é necesario establecer as condicións necesarias que permitan ao talento establecer empresas que compitan en igualdade de condicións coas doutros territorios. En consecuencia, Galicia ten que achegar máis á Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i). En 2022 a inversión en I+D a nivel nacional foi do 1,5% do PIB. Mentres que no País Vasco, a Comunidade de Madrid e Cataluña supuxo o 2,23%, 1,96% e 1,89%, respectivamente, en Galicia foi do 1,08%. Galicia investiu 279 euros por habitante, mentres que o País Vasco 804, a Comunidade de Madrid 761 e Cataluña 622[19]. En consecuencia Galicia debería tomar como referente a esas CCAA para mellorar as súas cifras en I+D. Así memso, dende a Xunta de Galicia debería reforzarse a política industrial, sobre todo pensando na forte competencia de moitos países, especialmente as economías asiáticas que cada vez producen máis bens a un custe máis reducido. En consecuencia para evitar o fenómeno da externalización empresarial que adoita implicar unha perda de competitividade e máis necesario que nunca contar coas ferramentas que aseguren unha industria con capacidade para competir. Os orzamentos autonómicos en materia industrial deben procurar este obxectivo,

Dende a óptica privada cómpre realizar un esforzo investidor maior, xa que achegan menos recursos en I+D que as administracións públicas. En Galicia o sector empresas representou en 2022 o 51,8% da I+D, fronte ao 56,4% que reflicten os datos medios para España. Por tanto, trátase dunha materia pendente para o tecido produtivo galego. Como é evidente, que as empresas decidan apostar pola I+D precisa dalgún estimulo fiscal. Se ben xa existe a nivel estatal, debería deseñarse algún tipo de beneficio fiscal autonómico que complemente os actuais e que posibilite un fomento deste tipo de actuacións.

### Recomendación 4. Impulsar as actividades relacionadas coa tecnoloxía en Galicia

O déficit de tecnoloxía dificulta a dixitalización do sector produtivo, incidindo de novo no atraso na "modernización" do mesmo e unha potencial perda de emprego. Este déficit de infraestrutura tecnolóxica tamén incentiva a emigración de persoas tecnólogas. Aínda que Galicia contaba, en 2020, con 2.961 empresas TICs[20], o que lle permitía alcanzar o quinto posto a nivel nacional, a maior parte destas empresas ten como moito dous asalariados. Así memso, o 70% consideraban difícil contratar novo persoal con formación axeitada en especialidades STEM (*Science, Technology, Engineering and Mathematics*).

Sería recomendable que dende Galicia se incentive a captación de empresas relacionadas coas TIC para que, ademais de xerar valor engadido á nosa economía, non se perda o capital humano que supón a emigración de persoas tecnólogas. Esta é outra das nosas materias pendentes, para poder reducir a saída de persoas tituladas desta área de coñecemento. Non podemos obviar que a innovación non é algo exclusivo dos sectores tecnolóxicos, senón que se pode perfectamente exporta cara a outros, aproveitando o *know-how* e a experiencia dos primeiros. Así memso, ese cambio debe partir do tecido empresarial e tamén da

18 Os autores sinalan como exemplos o Piamonte italiano e a rexión de Baviera en Alemaña.

19 COTEC (2024). Informe COTEC. Evolución de la I+D en España, https://cotec.es/informes/evolucion-de-la-id-en-espana/

20 Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia- AMTEGA (2021). https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_empresastic_2021.pdf

interconexión entre os centros tecnolóxicos, as universidades galegas e a administración, especialmente á autonómica (Bahamonde e Hermosilla, 2024).

### Recomendación 5. Mellorar a cooperación ente o sector produtivo e o Sistema Universitario de Galicia (SUG).

É preciso conseguir unha maior adecuación do SUG ás demandas do tecido produtivo galego. Cumpre acadar unha orientación moito máis real ás esixencias á nosa contorna. Se se quere que Galicia recupere a estes mozos e mozas con talento débese garantir os recursos necesarios para facer máis atractiva a súa volta. Para iso é imprescindible contar coa adecuada estabilidade laboral e posibilidades de promoción do persoal investigador de alta formación.

A Xunta de Galicia aprobou o Decreto 12/2024, de 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da súa competencia[21]. Un dos principais obxectivos desta norma é ofertar un marco laboral estable e atractivo para este colectivo, tratando de mellorar as condicións destas persoas e creando un marco de desenvolvemento profesional para o persoal de investigación. Así memso se conta co Programa Oportunius, unha iniciativa na que participa a Xunta de Galicia, o SUG, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e os Organismos Públicos de investigación (OPI) de Galicia, destinado a ofertar condicións atractivas para atraer e reter talento investigador de primeiro nivel[22].

Así memso cómpre crear os canles axeitados para mellorar as relacións de comunicación entre o tecido empresarial e o SUG. Os novos graos duais que se están potenciando no SUG poden ser unha ferramenta para precisamente acadar esa necesaria colaboración entre as empresas e os centros universitarios. A docencia e a investigación poden e deben realizarse tamén fóra do tradicional ámbito universitario.

### Recomendación 6. Garantir calidade de vida aos mozos e mozas

Reter e captar talento vai máis aló de mellorar as condicións de emprego e salariais. Resulta preciso garantir que as contornas de residencia ofrezan a adecuada calidade de vida (soft factors). Así, é necesario ofertar prazas en colexios e universidades para os descendentes, coidados para os ascendentes, sanidade de calidade etc.

Cómpre ir máis aló da remuneración obtida no posto de traballo e pensar no "salario emocional", isto é, todos os beneficios que recibe unha persoa traballadora da súa empresa que permitan unha mellora do seu nivel de benestar e satisfacción, sen que isto tradúzase necesariamente nun aumento dos salarios. Sen dúbida, un bo ambiente laboral, a flexibilidade no traballo, o teletraballo, a formación do traballador dentro da empresa ou o trato dende o staff directivo, repercuten sobre a produtividade do traballador. Por tanto, débese mellorar a cultura organizativa da empresa.

Para recuperar, total ou parcialmente, este investimento do persoal de alta cualificación é posible considerar diversas opcións, por exemplo, a "repatriación" dese capital humano ou a vía da colaboración dende o país de destino, a través do teletraballo. Os custos das opcións anteriores non son os mesmos. A primeira destas fórmulas adoita implicar un investimento elevado, debido a que se deben ofertar, polo menos, as mesmas condicións laborais que se gozan no país de destino. A segunda supón un investimento económico menor e, ademais, pode ser o primeiro paso para recuperar ao talento emigrado a través da contorna virtual. Ademais, esta alternativa pode ser interesante para o propio emigrante, xa que lle permite ofertar os seus servizos sen ter que perder o posto de traballo no país de destino (Aceituno et al. 2014).

21 Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240125/AnuncioG0692-170124-0002_gl.html

22 Xunta de Galicia (2024), Programa Oportunius. http://gain.xunta.gal/artigos/380/programa+oportunius

### Recomendación 7. Promover estratexias de retorno

Dende o goberno autonómico déronse os primeiros pasos para tentar recuperar ese capital humano que emigrou por cuestións de índole laboral. Na Estratexia galega de acción exterior Horizonte post 2020 (EGAEX) sinalábase, dentro do apartado de acción exterior e proxeccións demográficas, que se debe garantir a debida axuda aos mozos profesionais, traballadores cualificados e emprendedores para que poidan conxugar as melloras en conectividade e o desenvolvemento do mercado interior europeo. Ademais, neste documento está moi presente o desemprego xuvenil e a "fuga de cerebros" como dous das máis importantes debilidades que lastran o crecemento económico de Galicia.

Entre outras medidas se aposta pola retención de talento e da poboación nova. Algunhas das iniciativas xa aprobadas pola Xunta de Galicia van na liña do feito por outras CCAA, isto é, programas para a captación de talento ou para a repatriación do talento emigrado. A modo de exemplo pódese sinalar o Programa "Talento Novo", que persegue facilitar a incorporación de 5.500 mozos ao mercado laboral. En setembro de 2023, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto da nova Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027 para que o Parlamento de Galicia aprobe esta norma en 2024. Nesta proposta destaca o Estatuto de inversión da diáspora para a captación de talento e de investimento produtivo a favor das áreas xeográficas más avellentadas.

Así memso, sería necesario contar con outros instrumentos que complementen as medidas anteriores. Unha iniciativa moi interesante podería será o desenvolvemento de redes de investigadores e profesionais co tecido empresarial local. Outra cuestión que cómpre ter en conta sería afondar no destino destes traballadores, para saber en que empresa e sectores están a traballar, para comprender os motivos que provocaron a súa marcha. Para poder deseñar correctamente este tipo de actuacións, necesitamos coñecer o fluxo de retornados universitarios. Lamentablemente non dispoñemos de estatísticas que permitan nin tan sequera unha aproximación. Esta é unha cuestión vital para coñecer a intensidade real do fenómeno da fuga de capital humano en Galicia.

En resumo, estas medidas son de especial importancia para Galicia. En España, ao igual que na nosa Comunidade Autónoma produciuse unha saída constante de persoas cun perfil alto de formación ao estranxeiro, no seu maior parte nun desexo por atopar mellores oportunidades profesionais. Polo tanto, cómpre establecer medidas para captar a estas persoas para beneficiarse destas habilidades e competencias, e utilizalas para facer negocios nun mercado cada vez máis globalizado. Paralelamente as administracións públicas terían que aproveitar este capital humano para identificar e captar este talento disperso, xa que estas capacidades non só implicarían maiores dotacións de capital humano, senón amortizar os investimentos -públicos e privados- na formación destas xeracións (Bastida e Vaquero, 2021).

Non facer nada implicaría unha tripla perda para a zona de partida (Bastida e Vaquero, 2021), no noso caso en Galicia. Primeiro, do investimento feito na súa formación na nosa comunidade autónoma; segundo, o custo de oportunidade por non aproveitar o seu talento e capacidade, e, finalmente, o risco de elevar a vantaxe competitiva das empresas das zonas de destino. En consecuencia, é necesario captar a esas persoas, de forma que as capacidades adquiridas no destino póñanse ao dispor das empresas en Galicia, elevando as súas vantaxes competitivas e as súas posibilidades de competencia nun mercado globalizado.

## Conclusións

É evidente que a fuga de talento é un tema moi delicado e difícil de traballar. Aínda que adoita ser unha cuestión exposta de forma recorrente, non existe unha preocupación suficiente por tratar esta cuestión a través de información estatística oficial, unha cuestión que actualmente é imposible valorar de forma axeitada. As persoas que investigamos neste fenómeno en non poucas ocasións no podemos analizar completamente este fenómeno pola falta de estatísticas ou ben porque as fontes actuais non recollen todas as variables que serían necesarias.

A fuga de talento, entendida como a emigración a outros territorios de persoas de alta cualificación, é algo moi a ter presente, debido a que, aínda que a mobilidade de persoas traballadoras, cando non é obrigada resulta desexable, unha perda continuada de capital humano provoca importantes desaxustes a nivel económico nas zonas de orixe. Dende esta perspectiva, a fuga de talento que cualifica zonas receptoras como beneficiarias, e as emisoras, como perdedoras de capital humano, é un claro exemplo dunha menor rendibilidade local do investimento en educación e formación, coa conseguinte mingua no emprego dos recursos dos territorios de orixe. Resulta evidente que esta perda de talento local ten efectos negativos para o desenvolvemento endóxeno da zona emisora e posibilita a acumulación de capital humano nas áreas receptoras, que -sen custo ningún ou con menores custos- vén incrementado o seu nivel de educación e formación, co máis que probable aumento de produtividade.

Nun contexto globalizado e interconectado como o actual, é inevitable que as persoas con máis capital humano, se teñen ocasión, decidan marcharse a aqueles territorios que lles ofrecen mellores condicións, tanto laborais como non laborais. Ademais, a fuga de capital humano non debería ser algo irreversible. A mobilidade dos traballadores é algo innato na economía, o problema é cando esta situación implica renunciar, de forma continuada, a persoas altamente formadas que ven obrigadas a emigrar. Este é o verdadeiro problema. A mobilidade temporal é incluso algo que se ven defendendo dende o ámbito empresarial ou universitario, pero evitando que sexa de natureza permanente.

Non é fácil cuantificar a fuga de talento xa que as fontes estatísticas dispoñibles só permiten unha aproximación a esta realidade. Todo o máis que se pode chegar é a unha aproximación ao mesmo. A partir da EVR, en 2022 producíronse 32.697 movementos de saída de Galicia (e rexistráronse 59.948 movementos de entrada), o que permite sinalar un saldo migratorio neto (entradas menos saídas) de 27.251 movementos. Por motivos laborais, e a partir da Estatística de Mobilidade do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias da AEAT, a poboación nada en Galicia que emigra por cuestións de natureza laboral acaba traballando como asalariada nun número limitado de CCAA. A Comunidade de Madrid e Cataluña son os destinos máis frecuentes. Entre ambas CCAA recollen o 50% da poboación asalariada que saíu de Galicia entre 2016 e 2022. Estas dúas CCAA son tamén as que máis traballadores inmigrantes achegan a Galicia.

Os resultados expostos teñen importantes repercusións económicas e sociais. Con todas as cautelas expostas pódese sinalar que, debido ao proceso migratorio das persoas con titulación universitaria, Galicia incorre anualmente nun custo por xerar titulados que emigran fundamentalmente por cuestións laborais de, como mínimo, 209 millóns de euros (supoñendo que os estudantes terminan a súa formación en catro anos), cantidade que se amplía aos 366 millóns (se terminan en sete). Ademais, este proceso migratorio supoñería unha perda de nacementos anual de, como mínimo, 1.353 nenos e nenas. Así mesmo, deixaríanse de crear anualmente ao redor de 470 novas empresas.

Para tratar de frear esta situación, sinálanse unha serie de recomendacións. Primeiro, resulta necesario realizar un esforzo maior en materia de emprego que permita axustar a oferta coa demanda de traballo, o que pasa necesariamente por mellorar o noso mercado de traballo. Segundo, é preciso apostar pola creación de empresas innovadoras, de maior tamaño ou ben, conseguir establecer vínculos entre as pequenas e medianas empresas, sé o incremento de tamaño resultase complicado. Terceiro, débense aprobar políticas públicas e privadas que posibiliten competir en igualdade de condicións; se ben xa se están a aplicar dende a Xunta de Galicia algunhas iniciativas, queda moito camiño por recorrer. Cuarto,

cómpre impulsar as actividades relacionadas coa tecnoloxía en Galicia, xa que son precisamente estas empresas as que poden xerar un maior valor engadido a nosa economía e incentivar a permanencia do capital humano mais valioso. Quinto, a cooperación entre o sector produtivo e o Sistema Universitario de Galicia ha de mellorar, especialmente no proceso de recuperación de talento emigrado; de novo xa contamos con algunha iniciativa, pero é necesario unha aposta decidida por este proceso. Sexto, hai que garantir a calidade de vida en xeral e, en particular, aos mozos para que non emigren; se ben Galicia, polo xeral, non pode competir en salarios con outras rexións o co estranxeiro, sí que pode facelo en relación ao "salario emocional". Sétimo, se queremos recuperar -e incluso atraer talento- hai que desenvolver políticas de retorno ou captación de talento de natureza específica, como por exemplo programas de repatriación do talento emigrado ou o desenvolvemento de redes de investigadores e profesionais co tecido empresarial local. Finalmente, queremos recomendar que sería necesario un esforzo estatístico maior para coñecer a intensidade real do fenómeno migratorio en Galicia e, tras tomar todas o algunhas das medidas anteriores, para medir cal foi o seu impacto en relación a esa recuperación de capital humano.

## Referencias bibliográficas


- Aceituno Aceituno, P., Romero Martínez, S. J., Víctor-Ponce, P. e García Nuñez, J. (2014). *La implantación en España de un enfoque brain gain o de ganancia de cerebros científicos como instrumentos de atracción del conocimiento investigador*, Centro de Estudios Financieros-UDIMA, Madrid, http://hdl.handle.net/20.500.12226/365
- Agencia Estatal de Administración Tributaria (Varios años). *Movilidad del mercado de trabajo en las fuentes tributarias*, https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/datosabiertos/catalogo/hacienda/Movilidad_del_Mercado_de_Trabajo_en_las_Fuentes_Tributarias.shtml
- Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (2021). *Galicia dixital. O sector TIC de Galicia*, Santiago de Compostela, https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_empresastic_2021.pdf
- Arias Moreira, X.C, Docampo Amoedo, D., Cadaval Sampedro, Mª. e Armesto Piña, J.F. (2020). *Galicia 2040. Dinámica demográfica e cambio de paradigma. Novos escenarios da xestión social do envellecemento*, Foro Económico de Galicia, https://observatoriodemografico.xunta.gal/sites/default/files/documentacion/Galicia%202040.%20Din%C3%A1mica%20demogr%C3%A1fica%20e%20cambio%20de%20paradigma.pdf
- Bastida Domínguez, Mª. e Vaquero García, A. (2021). "No es momento para derroches: la recuperación de talentos dispersos como driver de competitividad", *Revista de Trabajo y Seguridad Social*, CEF 464, 197-232, https://www.laboral-social.com/no-es-momento-de-derroches-recuperacion-talentos-dispersos-como-driver-competitividad.html
- Bahamonde, A. e Hermosilla, D. (2024). *Galicia, distrito industrial*, Editorial Galaxia.
- Becker, G.S. (1975). *Human capital: a theorical and empirical analysis with special reference to education*, 2º Ed, NBER, New York, https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=1496221
- Bernard, A. e Bell, M. (2018). "Educational selectivity of internal migrants", *Demographic Research*, 39 (29), 835-854, https://www.demographic-research.org/articles/volume/39/29/
- Blanco Álvarez, J. e González López, M. (2022). "Emigración y fuga de cerebros en Galicia, 2001-2009", *Revista Galega de Economía*, 31(1), 1-23, https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8559991&orden=0&info=link
- Brown, J., e Męczyński, M. (2009). "Complexcities: Locational Choices of Creative Knowledge Workers", *Built Environment*, 35(2), 238–252, https://www.jstor.org/stable/23289838
- Brown, M. (2000). "Using the Intellectual Diaspora to Reverse the Brain Drain: Some Useful Examples", *The Regional Conference on Brain Drain and Capacity Building in Africa, United Nations Economic Commission for Africa*.
- Cabrer Borrás, B., Serrano Domínguez, G. e Simarro, R. (2009). "Flujos migratorios y movilidad del capital humano", *Investigaciones Regionales- Journal of Regional Research*, 16, 5-42, http://hdl.handle.net/10017/29595
- CEPS (2019). *EU mobile workers. A challenge to public finances?* Contribution for informal ECOFIN, Bucharest, 5-6 April, https://www.ceps.eu/download/publication/?id=10920&pdf=EU%20Mobile%20Workers.pdf
- COTEC (2024). *Informe COTEC. Evolución de la I+D en España*, https://cotec.es/informes/evolucion-de-la-id-en-espana/
- De Santiago Hernando, R. (1993): "Teoría clásica y estudios empíricos recientes sobre flujos migratorios", *Anales de estudios económicos y empresariales*, 8, 297-330, https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=788024.
- Domingo, A., e Blanes, A. (2018). The Galician Diaspora in the Twenty-First Century: Demographic

Renovation as a Response to the Economic Crisis. En DePalma, R. e Pérez-Caramés, A. (Eds.), *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity*, 93-111, Springer International Publishing, https://doi.org/10.1007/978-3-319-66305-0_8

- Docquier, F. e Rapoport, H. (2012). "Globalization, Brain Drain and Development", *Journal of Economic Literature*, 50, 681-730, https://www.aeaweb.org/articles?id=10.1257/jel.50.3.681
- Eurostat (2023). Young peope on the labour market-statistics. https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Young_people_on_the_labour_market_-_statistics
- Estratexia Galega de Acción Exterior (2015), https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/es/exteriores-ue/estratexia-galega-de-accion-exterior
- Estratexia Galega de Acción Exterior. Horizonte post 2020 (2018), https://ficheiros-web.xunta.gal/exteriores/documentos/libro-egaex.pdf
- Fernández Fernández, L., Neira Gómez, I.,, Ruzo Sanmartín, E., Bastida Domínguez, Mª., Rey Ares, L., Vaquero García, A., Piñeiro García, P., Bobillo Varela, M. y Zapata Huamaní, G. A. e Vaquero García, A.(2023). *Informe ejecutivo GEM Galicia 2022*, Santiago de Compostela, https://www.gem-spain.com/wp-content/uploads/Informes-Regionales-Galicia/Informe-GEM-Galicia-2022-2023.pdf
- Florida, R. (2002). "The Economic Geography of Talent", *Annals of the Association of American Geographers*, 92 (4), 743-755, https://www.jstor.org/stable/1515298
- Fundación CYD (2024). *Informe CYD 2023*, Madrid, https://www.fundacioncyd.org/publicaciones-cyd/informe-cyd-2023/
- García Abad, R. (2003). "Un estado de la cuestión de las teorías de las migraciones", *Historia Contemporánea*, 26, 329-351, https://doi.org/10.1387/hc.5455
- González, Mario V. e Iglesias, Carlos. "Home ownership as a sign of immigrants' consumer acculturation: The role of region-of-origin", *Journal of Global Marketing*, 26, 80-97.
- González Laxe, F. e Barreiro Gil, J. (2018). "Os retos para Galicia do século XXI no sistema europeo de transporte marítimo-terrestre", *Documento 26/2018 del Foro Económico de Galicia*, https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/4228f206-0e55-4006-add7-18e5c922b689.pdf
- González Laxe, F., Martín-Bermúdez, F., e Martín-Palmero, F. (2013). "Diferencias estructurales, emigración interregional y fuga de cerebros: el caso de Galicia", *Revista Galega de Economía*, 22 (2), 9–30, https://doi.org/10.38191/iirr-jorr.20.013
- González Leonardo, M. e López-Gay, A. (2019a). "Emigración y fuga de talentos en Castilla y León", *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 80, 2612, 1-31, https://doi.org/10.21138/bage.2612
- González Leonardo, M; López-Gay, A. e Recaño Valverde, J. (2019b). "Descapitalización educativa y segunda oleada de despoblación, Perspectives demogràfiques, julio, Centre d´Estudis Demogràfics, https://ced.cat/PD/PerspectivesDemografiques_016_ESP.pdf
- González-Leonardo, M., Recaño Valverde, J. e López-Gay, A. (2020). "Selectividad migratoria y acumulación regional de capital humano cualificado en España", *Investigaciones Regionales-Journal of Regional Research*, 47, 113-133, https://doi.org/10.38191/iirr-jorr.20.013
- Greenwood, M.J. (1975). "Research on internal migration in the United States: A survey, *Journal of Economic Literature*, 13(2), https://www.jstor.org/stable/2722115
- Greenwood, M.J. (1993)."Migration: A review", *Regional Studies*, 27 (4), 295-296, https://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/00343409312331347565
- Haque, N. U. e Kim, S. (1995). "Human capital flight": Impact of migration on income and growth, *International Monetary Fund Staff Papers*, 42 (3), 577-607, https://doi.org/10.2307/3867533
- Herrera Ceballos, M.J. (2014). Migración cualificada de trabajadores de España al extranjero. In J. Arango, D. Moya e J.O. Alonso (eds.), *Anuario de la Inmigración en España 2013, Inmigración y emigración: mitos y realidades* 90–107, Barcelona, https://raco.cat/index.php/AnuarioCIDOBInmigracion/issue/view/21883

- Iglesias Fernández, C. e Llorente Heras (2017). Inmigración de alta cualificación y su impacto en el mercado laboral de Europa, *Anuario CIDOB de la inmigración 2017*, doi.org/10.24241/AnuarioCIDOBInmi.2017.154
- Instituto Nacional de Estadística (2024a). *Estatística de variacións residenciais*, https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177013&menu=ultiDatos&idp=1254734710990
- Instituto Nacional de Estadística (2024b). *Enquisa de Poboación Activa*, https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=13930&L=0
- Martin-Brelot, H.; Grossetti, M.; Eckert, D.; Gritsai, O. e Kovácz, Z. (2010). "The Spatial Mobility of the Creative Class: A European Perspective", *International Journal of Urban and Regional Research*, 34 (4), 854-870, https://doi.org/10.1111/j.1468-2427.2010.00960.x
- Ministerio de Educación e Formación profesional (Varios anos). *Sistema Estatal de indicadores de la Educación*, https://www.educacionfpydeportes.gob.es/inee/indicadores/sistema-estatal/ultima-edicion.html
- Piketty, T. (1997). "Immigration et justice sociale", *Revue Économique* 48 (5), 1291-1309, https://www.persee.fr/doc/reco_0035-2764_1997_num_48_5_409941
- Sjaastad, L.A. (1962), "The costs and returns of human migration", *Journal of Political Economy*, 70 (5), 80-93, https://www.jstor.org/stable/1829105
- Sassen, S. (1993). *La movilidad del trabajo y del capital: un estudio sobre la corriente internacional de la inversión y del trabajo*, Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- Schultz, T. (1960). "Investment in human capital", *The American Economic Review*, 51, 1-17, https://www.jstor.org/stable/1818907
- Stiglitz, J. (1975). "The theory of "screening", education and the distribution of income", *The American Economic Review*, 65 (3), 283-300, https://www.jstor.org/stable/1818907
- Vaquero García, A. (2005). *Inversión educativa y mercado de trabajo en Galicia: un escenario de luces y sombras*, Universidade de Vigo.
- Vaquero García, A. (2010a). "Os novos retos no mercado de traballo ante o envellecemento poboacional en Galicia", *Administración & Cidadanía*, 5(1), 67-90, https://egap.xunta.gal/revistas/AC/article/view/3614/4190
- Vaquero García, A. (2010b). "Capital humano en España y su composición", *Revista del Colegio de Economistas de Madrid*, 123, 235-241, https://privado.cemad.es/revistas/online/Revistas/0123.pdf/140
- Vaquero García, A. (2012). "La inserción laboral de los jóvenes españoles en un contexto laboral de crisis", *Revista del Colegio de Economistas de Madrid*, 131, 218-229, https://privado.cemad.es/revistas/online/Revistas/0131.pdf/148
- Vaquero García, A., Fernández López, S., Espada Recarey, L., e Martíñez Cacharro, V. M. (2020). *Fuga de talento en Galicia ¿Mito o realidad?* 32, Foro económico de Galicia, https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/d285f0bd-decc-4264-b359-4aa4f54587b1.pdf
- Xunta de Galicia (2023). *Estratexia Retorna 2023-2026*, https://emigracion.xunta.gal/es/estrategia-retorna-2023-2026
- Xunta de Galicia (2024). *Programa Oportunius*, http://gain.xunta.gal/artigos/380/programa+oportunius



# ARTIGO V





# A EVOLUCIÓN DA EMIGRACIÓN GALEGA AO EXTERIOR E POLÍTICAS AUTONÓMICAS DE RETORNO

**Belén Fernández Suárez**

**Sandra López Pereiro**

## 1 O retorno e a súa relación coa emigración[1]

O retorno da poboación emigrante pode definirse como o proceso polo cal as persoas regresan ao seu país ou rexión de orixe tras un período significativo no estranxeiro ou noutra rexión (King, 2000: 8). O tempo pasado no país de orixe pode catalogar as persoas retornadas en distintos tipos segundo a duración do tempo no país de orixe: visitas ocasionais e de curta duración para ver a familia e amizades, retornos estacionais, retornos temporais de maior duración e coa intención de volver emigrar, e retornos permanentes que implican o reasentamento (King, 2000). Na conceptualización do retorno tamén ten moita relevancia saber quen está volvendo, pois no caso da "primeira xeración" serían aqueles emigrantes primixenios que regresan fronte ao retorno da "segunda xeración e posteriores" que implica a volta do coñecido como retorno "étnico" (Tsuda, 2009). Esta volta ás orixes ancestrais sería un fenómeno no que os descendentes de emigrantes regresan ao lugar de procedencia dos seus antepasados. Sería, polo tanto, un retorno motivado por unha conexión étnica ou cultural co país/rexión dos antepasados. Para Tsuda (2009) estes retornos non son só un movemento físico, senón tamén teñen unha carga simbólica cara ás raíces culturais ou familiares. Tamén podemos falar dunha volta a un espazo que pode considerarse como nostálxico e, polo tanto, cargado de afectos (Gil Araujo e Rovetta Cortés, 2024). Ademais, tamén sabemos que retorno ao país ou á rexión de orixe en boa parte dos casos non implica regresar a vivir no mesmo lugar, senón que pode supor certa mobilidade interna neste territorio (Pauli, 2021).

Se algo caracteriza o retorno como proceso migratorio, xustamente, é a súa ausencia ou escaso desenvolvemento dentro dos estudos migratorios (King, 2000). Este déficit foise cubrindo parcialmente, e o propio desenvolvemento das teorías sobre migracións foron engadindo nos seus postulados as migracións de retorno. Pasaremos a analizar o encaixe do retorno en tres das principais teorías migratorias: na nova economía da migración laboral, nos enfoques estruturais sobre migración e tamén o transnacionalismo.

O retorno da emigración dentro da teoría migratoria -especialmente, polos desenvolvementos académicos da nova economía da migración laboral- foi considerado como a última fase do proceso migratorio, ao que se suma que debe ser concibido coma unha estratexia calculada familiar da persoa emigrada que, unha vez logradas as súas metas, retorna ao fogar (Cassarino, 2004). As persoas actúan de forma colectiva para maximizar os ingresos, minimizar riscos sociais, e atenuar as restricións do mercado laboral do país de orixe. A migración é concibida como un proceso transitorio na biografía do emigrante na que se buscan metas concretas para mellorar a situación económica, e lograr eses obxectivos provoca a volta a casa (Jáuregui e Recaño, 2014).

Os enfoques estruturais das migracións, personalizados no traballo do sociólogo italiano Francesco Cerase sobre os retornados italianos dende o Reino Unido, poñen en relación as expectativas da persoa retornada co contexto social e económico no país de orixe (Cesare, 1974). Tendo en conta a influencia dos factores situacionais e estruturais na decisión de volver, e que o impacto nas propias expectativas das persoas emigradas inflúe moito na toma de decisión, podemos afirmar que a planificación dese retorno é imperfecta, e deberá valorarse unha vez que estean de volta (Gmelch, 1980). Ese retorno supón unha nova resocialización nos valores e hábitos da sociedade de orixe, en definitiva, implica unha readaptación na sociedade que abandonaron. Esas alteracións na sociedade de orixe que se produce durante o período de emigración, e tamén os cambios no círculo familiar e de amizades, poden provocar certa inadaptación por parte da persoa retornada, como sinalaron os traballos da antropóloga Carol Stack (1986) ou do sociólogo Abdelmalek Sayad (2010).

A visión do retorno tamén se viu transformada a través dos enfoques teóricos transnacionais nos estudos migratorios, púxose en valor o mantemento de vínculos da emigración co país de orixe e co país de acollida, e reforzouse o dinamismo dos intercambios. O transnacionalismo é un novo paradigma teórico que investiga a "intensidade dos intercambios, os novos modos de transacción e a multiplicación de actividades

1 Este informe forma parte dos resultados dos proxectos de investigación PID2019-105041RA-I00 e PID2023-148842NB-I00 financiados por MCIN/AEI/10.13039/501100011033.

das persoas migrantes que requiren viaxes e contactos transfronteirizos de forma sostida" (Portes, Guarnizo e Landolt, 1999: 219). Este novo desenvolvemento aplicado visualiza o retorno como unha reintegración baseada en visitas regulares aos países de orixe, co que se manteñen vínculos fortes co país de destino e tamén como esta relación está mediada a través do envío de remesas aos fogares (Cassarino, 2004). A persoa retornada tería unha identidade dobre, que implicaría unha adaptación no regreso, pero tamén o mantemento de trazos culturais adquiridos durante o proceso migratorio. A decisión de retornar en parte está na folla de ruta migratoria, é dicir, o proxecto migratorio concíbese como unha etapa temporal nas súas vida e existe a intención de regresar aos países de orixe (Vertovec, 2009). Para este enfoque, o retorno non ten por que ser definitivo, e podería dar lugar a unha nova mobilidade. Será o proceso de volta á casa e a nova reintegración na sociedade de orixe o que poida dar paso a un "transnacionalismo inverso", é dicir, a que se manteñan fortes vínculos sociais, culturais e laborais co país de acollida (King e Christou, 2014). En definitiva, debemos considerar que hoxe as migracións de retorno son máis dinámicas que en épocas pasadas, dado que son un proceso máis complexo en motivos e movementos, polo que se rompe coa visión das migracións como un movemento unilineal (Capote, 2016).

Esta volta ao país de orixe pode estar incentivada por políticas dos Estados/rexións dos países de procedencia se existe unha forte identidade nacional (Kılınç, 2022). Este retorno pode ser máis sinxelo no caso de manter a cidadanía política do país dos ancestros que facilita traspasar as fronteiras no caso da segunda xeración e posteriores. Por este motivo, no estudo do proceso de retorno un elemento central é a consideración do país de nacemento como criterio que dá lugar a distintos procesos de retorno (Jáuregui e Recaño, 2014). Non obstante, no caso do retorno étnico -aínda nos casos de contar cos dereitos políticos e a cidadanía do país de destino- podemos ver como a volta "Á casa" non está exenta de sufrir episodios de marxinación por non pertencer ao sistema cultural, e a súa inserción laboral pode implicar relegalos a postos de traballo no mercado laboral secundario a pesar do seu nivel educativo (Wessendorf, 2007; Cook-Martín e Viladrich, 2009).

Para finalizar, cabe sinalar que a maior parte dos procesos migratorios son temporais, especialmente, as migracións contemporáneas dentro de Europa (Dustmann e Weiss, 2007). A pesar de que un dos grandes problemas para analizar a emigración de retorno é a súa medición, ou máis a ben a dificultade para cuantificar a súa dimensión. A este obstáculo debemos engadir que as taxas de retorno poden variar significativamente dependendo do contexto histórico e xeográfico. Non obstante, as evidencias empíricas compiladas -tendo en conta a falta de rexistros históricos fiables e a variación da documentación sobre o retorno- permítennos apuntar que a metade dos emigrantes españois que foron a América antes de 1930 retornaron ao seu país (Núñez Seixas, 2000). Outro tipo de estudos tamén apuntan que a maior parte das migracións laborais asentadas en Europa central na etapa entre 1955 e 1973 acabaron retornando aos seus países, e as porcentaxes do retorno -dependendo do país de emigración e do país de destino- oscilan entre os 66 e o 85 por cento do total de emigrantes. Polo tanto, podemos sinalar que a cada vaga emigratoria lle corresponde un proceso de retorno (Dustmann e Weiss, 2007).

En relación co terceiro proceso emigratorio que afectou a Galicia, podemos situalo na etapa comprendida entre 2010 e 2015. Será neste momento no que o saldo migratorio é negativo debido ao incremento da emigración polo impacto da forte crise económica de 2008 e polo agravamento a raíz do proceso posterior de austeridade no gasto social. O efecto combinado de ambos procesos provocou unha tripla consecuencia migratoria: o retorno de poboación estranxeira residente en España aos seus países de orixe, intensificación dos procesos de reemigración a países europeos e a Estados Unidos desa poboación inmigrante residente en España, e finalmente, saída de poboación nativa na súa maioría con estudios terciarios cara a países europeos e Estados Unidos (Domínguez-Mújica et al., 2018; Pérez Caramés et al., 2018). Se nos centramos no terceiro caso, na emigración de nacionais a países do centro de Europa e Estados Unidos, atopámonos con que o proceso emigratorio comportou un retorno importante unha vez que comeza a recuperación económica en España, é dicir, será a partir do ano 2015 cando se fai máis acusada a volta á casa da poboación española máis nova e cualificada, como sinalan algúns estudos (Aragón e Díaz Bretones, 2020). A pesar do subrexistro estatístico do proceso de emigración española recente, algúns estudos, como o realizado por Luca Chao, Antonio Alejo e Jordi Giner-Monfort (2024) utilizando a Estatística de variacións residenciais (INE) no período 2008-2021, indican que no Reino Unido un 45% dos movementos rexistrados pode ser un retorno migratorio no caso das persoas de nacionalidade española e nacidas en España.

A pesar das dificultades estatísticas sinaladas para observar as mobilidades intraeuropeas recentes, podemos afirmar que Galicia é un territorio cun enorme potencial para investigar o retorno (Álvarez Silvar, 2012), é máis, é un territorio que pode caracterizarse pola súa superdiversidade migratoria (Lamela, 2018). Os fundamentos que xustifican ese estudo de caso virían dados pola diversidade dos retornos causadas polas distintas vagas migratorias. Podemos afirmar que se existe algún territorio que nos permita comprender a superdiversidade migratoria actual, sen dúbida, ese é Galicia. Centrándonos na emigración galega contemporánea, a que abarca o século XX e chega ata a actualidade, podemos falar da existencia dunha diáspora galega porque existe unha transmisión interxeracional dun sentido colectivo de pertenza a unha orixe común. Ademais, o caso galego tamén implica un sentimento político nacional/rexional de pertenza, e esa emigración foi quen de construír unha rede de asociacións de orixe étnico-empresarial. A emigración está presente na toma de decisións en Galicia a través da súa participación política en asuntos vinculados a este territorio e, finalmente, o retorno ao territorio galego é unha constante, e é un proceso fomentado dende as institucións de autogoberno galego (Domingo e Blanes, 2018).

Este capítulo do informe ten os seguintes apartados: un apartado que se centra en analizar a importancia do retorno dentro da emigración galega, e que fai referencia ás distintas vagas de retorno, concentrando a atención no recente proceso de retorno da emigración galega que emigrou ao estranxeiro despois da crise económica de 2008. Posteriormente, realízase unha explotación de fontes de datos demográficas sobre o retorno a Galicia. Continuaremos co estudo e evolución das políticas de retorno creadas pola Xunta de Galicia para apoiar o proceso de volta da súa cidadanía no exterior. Para rematar, realizaremos unhas breves conclusións.

## 2 Contextualización: o retorno na emigración galega

Galicia é un territorio con fonda traxectoria como país de emigración, e polo tanto, a emigración é un sinal de identidade moi marcado (Núñez Seixas, 2002; Juste e Verde Diego, 2014). Pensemos que mentres que a poboación residente en Galicia no 2022 é de apenas 2.690 mil persoas (IGE, PMH, 2022), a cidadanía galega residente no estranxeiro no ano 2024 ascendía a 534 mil persoas (INE, PERE, 2024), é dicir, aproximadamente o 20 por cento da poboación galega. A distribución da diáspora galega por lugar de nacemento dános unha visión de que a grande maioría está composta por nacidos no estranxeiro, concretamente, o 75 por cento, fronte a un 25 por cento dos residentes no exterior que naceron en Galicia (INE, PERE, 2024). A tendencia dende 2010 é de un incremento leve pero constate do volume de residentes galegos no exterior, e un aumento crecente do peso dos galegos nacidos no estranxeiro (Fernández-Suárez, 2021). Un atributo desa diáspora galega, especialmente, dos nacidos en Galicia é o seu avellentamento, menos do 16% dos nacidos en territorio galego están en idades laborais (Blanco Álvarez e González López, 2022). Estes datos demográficos veñen corroborar aquela afirmación que realizaba o escritor Manolo Rivas no seu artigo -"Galicia contada a un extraterrestre"- publicado no xornal El País: "*Galicia está e non está en Galicia. É un lugar e un deslugar*". Veremos, pois, brevemente como as distintas vagas emigratorias no século XX dan lugar a esa dispersión xeográfica.

Mesmo que se constatan movementos emigratorios previos ao século XX en Galicia (ver Eiras Roel, 1991), podemos dicir que a gran vaga emigratoria de Galicia cara a América se produce no período comprendido entre 1860 ata 1930, onde se calcula que se marcharon arredor de 1,5 millóns de persoas -cifra que para Bertrand (1999) estaría sobreestimada-, das que aproximadamente a metade non volverían (Dubert, 2019). O protagonismo galego na emigración española cara a América é claro, entre un 30 e un 40 por cento son nacidos en Galicia (Hernández Borge, 2019). A emigración dos galegos na etapa entre 1880 e 1930 ten consecuencias sobre a fecundidade e nupcialidade neste territorio. Por un lado, reduciu o índice sintético de fecundidade, e por outra, provoca unha nupcialidade restritiva, é dicir, eleva a porcentaxe de mulleres que non casaron nunca e orixina que aquelas que accedan ao matrimonio sexa en idades tardías (Rodríguez Galdo et al., 1998). A composición da emigración galega a ultramar de comezos do século XX indica que nun 70% dos casos tiña un protagonista masculino (Vázquez González, 1988), e eran as mulleres "caseteiras" – nais solteiras que non posúen gando nin terras e que traballan de xornal- as máis proclives a emigrar (Cardesín, 1992).

Por outro lado, o historiador Ramón Villares (2019) suxire que a emigración galega precisaba dunha revisión do mito tradicional que atribúe á emigración a causas unívocas como a miseria e a pobreza extrema. Segundo Villares, máis que a pobreza, foi a existencia de pequenas propiedades agrarias o que facilitou a emigración cara a América (nesta mesma liña, Rodríguez Galdo et al, 1998, sinala que as mulleres son fundamentais no sostemento da explotación agraria familiar durante a emigración masculina). Esta perspectiva subliña que a emigración non era tanto un recurso desesperado de persoas sen medios, senón unha opción viable para aqueles que, aínda que non eran ricos, contaban cunha base material mínima, como pequenas terras, que lles permitía financiar a viaxe. Nesta mesma liña, o citado autor apunta a unha clara correlación entre as rexións de Galicia con predominio de pequenas explotacións agrarias e unha maior propensión á emigración, en contraste con outras zonas peninsulares caracterizadas por grandes latifundios e man de obra xornaleira, onde había menos emigración. Estas comunidades tiñan máis dificultades para cubrir os custos da viaxe e probablemente estaban máis atadas ao traballo dependente e precario. Este enfoque axuda a entender a emigración galega como un fenómeno non só determinado por motivos económicos extremos, senón tamén por unha capacidade de planificación e mobilización de recursos familiares e locais.

Tras o declive da emigración cara a América, a partir das décadas de 1950 e 1970 Galicia viviu unha nova e importante vaga migratoria que tivo como principal destino os países do centro de Europa, aínda que nos anos sesenta en Galicia -ao igual do que sucede con Santa Cruz de Tenerife- se manteñen dúas correntes migratorias exteriores: unha ultramarina a países Latinoamericanos e outra a países europeos (Hernández Borge e González Lopo, 2012). A participación galega na emigración a Europa foi especialmente relevante, xa que Galicia chegou a representar entre o 25% e o 40% do total da emigración española durante ese período, segundo sinala Hernández Borge (2019), e perdeu na etapa comprendida entre 1951 e 1975 case 450 mil habitantes netos (Hernández Borge e González Lopo, 2012). A emigración galega nesta etapa opta por traspasar as fronteiras nacionais, pois na etapa comprendida entre 1961-1975 un 64 por centos dos emigrantes faino a un país estranxeiro, e son as migracións internas unha opción minoritaria no caso galego (Álvarez Silvar, 2012). Países como Alemaña, Suíza, Francia e Reino Unido convertéronse en destinos preferentes para miles de galegos que, motivados pola demanda de man de obra necesaria para a reconstrución tras a Segunda Guerra Mundial, atoparon nestas nacións oportunidades laborais principalmente nos sectores industrial e de servizos. A emigración cara a Europa destacouse por ser de tipo circular: moitos dos galegos que se desprazaban a traballar ao estranxeiro facíano de xeito temporal, e regresaban a Galicia en períodos de vacacións ou ao finalizar os seus contratos laborais. Esta situación fomentou o mantemento de fortes vínculos coa súa terra de orixe, o que facilitaba o retorno de moitos deses emigrantes, a diferenza do que acontecera en vagas migratorias previas cara a América.

Aínda que o fluxo migratorio cara a América diminuíra considerablemente, Venezuela seguiu sendo un destino importante durante a década de 1950, grazas ao crecemento económico derivado da explotación petroleira. Moitos galegos, especialmente aqueles que xa tiñan vínculos familiares ou comunitarios no continente americano, continuaron desprazándose a este país en busca de mellores oportunidades. Tamén nos atopamos con que a estabilidade política e a demanda de traballadores que vivía Venezuela durante ese período fixo que este destino seguise atraendo os emigrantes galegos, aínda que en números menores en comparación co que sucedera en décadas anteriores con países como Arxentina ou Cuba.

Ademais das migracións externas, houbo un importante movemento migratorio interno cara a outras rexións de España, especialmente Madrid, Cataluña e o País Vasco, aínda que en menor contía que dende outros territorios do Estado. Estas zonas, en pleno proceso de industrialización nas décadas dos 50 e 60, precisaban man de obra para a construción, a industria e o sector servizos, o que favoreceu a chegada de moitos galegos en busca de emprego. No País Vasco, por exemplo, a industria siderúrxica e naval converteuse nun dos principais polos de atracción para os emigrantes galegos, que se instalaron de forma temporal ou de maneira definitiva nas cidades industriais da rexión. A mobilidade interna, con menor relevancia que emigración ao estranxeiro, tamén permitiu o envío de remesas ás familias galegas que quedaban nas zonas rurais. Tanto as saídas cara a Europa e América como as migracións internas foron claves para o desenvolvemento económico de Galicia, contribuíndo ao progreso das economías familiares e das comunidades que recibiron eses ingresos.

O retorno dende Europa -e tamén dende América- está motivado pola conxuntura económica da crise do petróleo do 1973, ao que hai que sumarlle a escasa inserción dos emigrantes en países como Alemaña, Suíza e Francia (Vilar, 2003). No caso dos retornados españois de Europa na etapa 1960-1973 estímase en 900 mil casos constatados (Ródenas, 1997), tendo en conta que o volume de emigrantes nesta etapa alcanzou os dous millóns de emigrantes. A crise de 1973 implicará o inicio dunha nova etapa marcada polos regresos da emigración galega. A volta a Galicia dos emigrantes comporta sempre leituras complexas do seu impacto, por un lado, pódense realizar leituras que falan da carga social do retorno a causa dos custes da volta de persoas xubiladas, e quen considera que o retorno implicou beneficios económicos e mellora no nivel de vida (Rodríguez González, 1998).

Ese retorno galego en moitos pasos propicia a adaptación ao modo de vida urbano e a incorporación dunha cultura propia do proletariado industrial (case inexistente en Galicia), e será ese aforro conseguido durante os anos no estranxeiro, o que dea paso a unha instalación nas urbes galegas por parte dos “retornados” (Eiras Roel, 2009). O perfil deste movemento de volta a Galicia a comezos do século XXI está protagonizado polo retornados transxeracionais, é dicir, por unha maioría de descendentes de emigrantes españois de terceira ou segunda xeración que volven ao lugar de orixe dos seus pais ou avós (Álvarez Silvar, 2012). O destino do asentamento ao volver está dirixido ás urbes galegas e concellos limítrofes, e en segundo lugar, poboacións medianas (Narón, Lalín, Silleda). Este retorno entre 1996 e 2011 provocou a chegada de case 85 mil galegos, que se dividen a partes iguais entre os que volven de países europeos e os que o fan dende países de Latinoamérica (Álvarez Silvar, 2012). Este regreso é de carácter familiar, é dicir, prodúcese en grupo e en liñas xerais, as persoas retornadas teñen niveis educativos baixos (Álvarez Silvar e Izquierdo Escribano, 1997). Esta migración tamén desenvolveu estratexias de mobilidade social proxectadas sobre o país de destino, e relacionadas cun proxecto migratorio de volta, que implicaron demostracións do status social a través da adquisición de bens inmobles e outros bens de consumo (Oso, 2004).

Finalmente, a última nova vaga emigratoria en Galicia, desencadease a raíz da crise económica de 2008 que provoca un alto paro xuvenil e ao que se lle suman problemas estruturais do mercado laboral galego, como a precariedade e a temporalidade no emprego. Estas saídas diríxense a cidades globais europeas ou norteamericanas. O que caracteriza e diferencia a este movemento emigratorio dos anteriores é o capital cultural dos galegos que se van, nas saídas cara ao exterior máis da metade teñen niveis educativos medios ou estudos superiores. A acentuación do fluxo de partida despois da crise visibiliza unha tendencia previa que implica a emigración de recursos humanos con alta formación que partiron buscando oportunidades en outras partes do Estado (González Laxe et al., 2012) ou tamén en Europa. Nas migracións internas cara a outras partes do Estado pódese cuantificar que entre 2003 e 2020 un total de 315 mil residentes en Galicia cambiaron a súa residencia a outra comunidade autónoma. Do seu perfil podemos apuntar que se trataba de unha migración masculinizada (case un 70% eran homes), e estaba protagonizada por persoas novas, que se dirixe de forma máis acusada a Madrid, Cataluña e ás Canarias, e finalmente, que antes da crise aínda que os universitarios -40 mil entre 2003-2010- non eran o grupo maioritario, unha metade dos titulados atopaban traballo fóra de Galicia (González Laxe et al., 2012). A emigración galega a partir da crise de 2013 tende á infravaloración a consecuencia do subrexistro consular dentro da Unión Europea. Non obstante, os cálculos efectuados por Blanco-Álvarez e González-López (2022) indican que no 2010 residían fóra de Galicia o 7,2% de todas as persoas cualificadas (estudos universitarios e graos de formación profesional de nivel superior) e 5,4% das persoas sen cualificar, e é a rexión con taxas de emigración máis altas de España. Os niveis de emigración despois da crise manténense en niveis superiores aos anteriores a 2008 de forma constante. A emigración galega en datas posteriores a 2009 oscilou entre 9 e 12 mil persoas, das cales un 40% tiñan a nacionalidade española (Domingo e Blanes, 2018). Os destinos escollidos entre os egresados universitarios galegos (estudio sobre titulados da Universidade de Vigo) para residir son nun 82 por cento a propia comunidade galega, nun 10,6 por cento outra comunidade autónoma, e nun 7,2 por cento o estranxeiro (Vaquero García et al., 2020). Non obstante, sobre o retorno desta nova emigratoria galega está aínda por construír o relato académico (Cagiao, 2019), a excepción dos traballos recentes de Bermingham e Silva-Domínguez (2024) e Silva-Domínguez (2024).

# 3 O retorno da nova vaga da emigración galega

Para analizar o retorno a Galicia dende un enfoque demográfico vamos a utilizar os datos proporcionados pola Estatística de variacións residenciais (EVR) que publica o Instituto Nacional de Estatística (INE) e que está baseada en baixas e altas municipais de residencia en España. Esta é unha fonte que nos permite achegarnos aos movementos de saída e entrada en Galicia entre 2008 e 2021, para ver a evolución de estes fluxos, e imos a centrarnos no colectivo de galegos/as con nacionalidade española e nacidos en España. Se existen un fluxo difícil de medir sen dúbida este é un deles, xustamente, pola súa tendencia a subestimar os movementos de saída e entrada cara ao estranxeiro, principalmente, as mobilidades cara ao Espazo Schengen (Duque, 2011; Vázquez, Capote e López de Lera, 2021). A pesar do problema do subrexistro, non deixa de ser relevante analizar os datos secundarios e a explotación de microdatos que nos oferta esta fonte para ver tendencias e realizar comparacións. Para a explotación ímonos centrar nun perfil determinado: os movementos das persoas con nacionalidade española, que naceron en Galicia, e que saíron ou entraron en Galiciano período 2008-2021. Sería o perfil que pode adecuarse en maior medida, en definitiva, os movementos migratorios das persoas autóctonas, deixando fóra da análise os movementos de reemigrantes ou os retornos de persoas con nacionalidade española pero nacidos en países terceiros.

Na gráfica 76 podemos ver a evolución dos movementos migratorios deste perfil de galegos que emigran (saídas) e que regresan (entradas). Dende o ano 2008 as saídas aumentan de forma continuada ata o ano 2015, que será o punto de inflexión que implique un cambio de tendencia que dea paso a un descenso ou mantemento nas saídas cara a un país estranxeiro. A evolución posterior está condiciona por cuestións de orde política (como pode ser o Brexit no Reino Unido e as súas consecuencias) e tamén por cuestións sanitarias (a crise da covid19 no ano 2020).

As entradas de persoas nacidas en España e con nacionalidade española que se empadroan nun concello galego pode concibirse como retornos. Estes teñen unha evolución irregular, pero podemos dicir que entre 2008 e 2015 hai certa oscilación e que se ubican en torno a unha media de 2.145 anuais, producíndose un incremento a partir do ano 2016, e descende nos anos 2020 e 2021 posiblemente pola consecuencias da pandemia e do seu impacto na mobilidade.

Podemos sinalar como as saídas e o retorno son dous movementos migratorios que poden convivir de forma simultánea. Non obstante, cómpre ver que se empeza a producir un saldo migratorio positivo co exterior a partir do ano 2017 onde as entradas superan en volume ás saídas.

Gráfica 76: Saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española (2008-2021)




Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia.

Na gráfica 77 podemos ver como os perfís xeracionais das persoas que emigran de Galicia son distintos das persoas que retornan. As saídas están protagonizadas polas xeracións máis novas, como podemos ver un 62 por cento das persoas que se van no período 2008-2021 teñen menos de 45 anos. Pero se temos en conta que un 10,3 por cento das movementos de saída están protagonizados por menores de 15 anos, podemos sinalar que aínda que non son maioritarios, estanse a producir migracións familiares. Na mediana idade, entre 45 e 54 anos, tamén temos saídas a países estranxeiros que representan un 11 por cento do total, e finalmente, entre os 55 e 65 e máis anos se concentran case un 27 por cento das saídas. Polo que efectivamente, as saídas están protagonizadas por persoas mozas ou mozas-maduras, pero é un fenómeno, que abarca ao conxunto de idades en maior ou menor magnitude.

No que respecta ás entradas temos un panorama oposto ás saídas, onde se produce unha concentración dos retornos na etapa 2008 ata 2021 de persoas de 55 e máis anos, que representan case un 60 por cento do total. O resto de entradas máis voluminosas ubícase na franxa de 15 a 44 anos cun 25% do total do período analizado (2008-2021), case un 11 por cento na franxa etaria de 45 a 54 anos, e finalmente, só un 4 por cento das persoas retornadas son menores de 15 anos. Este peso das persoas maiores de 65 anos no retorno que ascende a case un 36 por cento seguramente teña relación con retornos de procesos migratorios previos á crise de 2008.

Gráfica 77. Saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española por grandes grupos de idade (2008-2021)




Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia.

En canto á distribución dos movementos segundo sexo, podemos ver a lixeira masculinización tanto do fluxo de saída como de entrada ao longo do período 2008-2021. No caso das saídas, podemos ver que a masculinización faise máis acentuada nos anos onde a crise económica é máis forte en España (2012 e 2015). Non obstante, no ano con maior diferencia 2015 os homes representaban o 56 por cento das saídas e as mulleres un 44 por cento das mesmas. Póren, na actualidade, existen unha pequena tendencia á masculinización dos fluxos de saída, pero con bastante equilibrio.

Con relación ás entradas, é dicir, aos retornos tamén podemos subliñar que os fluxos que volven teñen unha lixeira tendencia á masculinización durante todo o período (2008-2021), onde as entradas acumuladas dos homes representan un 55% do total de entradas, e polo tanto, a das mulleres equivale a un 45 por cento. A tendencia á masculinización da serie non se ve afectada pola crise, nin pola recuperación da mesma, mantense ese diferencial con escasas oscilacións. No caso galego, entre os nacidos en España e con nacionalidade española, emigran e retornan máis homes ca mulleres.

Gráfica 78. Evolución das saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española por sexo (2008-2021).




Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia.

Podemos ver como a nivel provincial existen diferenzas considerables (ver táboa 1). Nesta táboa podemos ver o agregado das saídas e entradas no período 2008-2021, ao que se lle suma a distribución da poboación por provincias en 2021 (utilizando datos do Padrón Municipal de Habitantes, IGE) para realizar a comparativa co volume de poboación de cada provincia para detectar en que medida algúns territorios expulsan ou atraen en maior proporción en relación á súa poboación.

No caso das saídas podemos sinalar que se concentran nas provincias que aglutinan a maior parte da poboación en Galicia, A Coruña e Pontevedra. Ambas provincias do eixo atlántico concentran case 8 de cada 10 saídas de Galicia ao estranxeiro durante o período 2008-2021. A emigración nestes territorios está lixeiramente máis acentuada en relación á distribución da poboación. A terceira provincia que maior volume de saídas aporta é Ourense con case un 14 por cento, e finalmente, a que menos poboación expulsa é Lugo con apenas un 7 por cento.

No que respecta ás entradas as provincias que maior capacidade de atracción teñen para incorporar persoas procedentes do estranxeiro son, de novo, A Coruña (43,7 por cento), seguida de Pontevedra (30,3 por cento), en terceira posición estaría Ourense (19 por cento) e finalmente, Lugo (con apenas un 7,1 por cento). En liñas xerais podemos dicir que a única provincia que gaña poboación autóctona neste período contando cun diferencial positivo, é dicir, máis entradas ca saídas é Ourense. Isto pode deberse a que este territorio está a atraer retorno que emigrou en etapas anteriores á crise económica de 2008.

Táboa 31. Saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española por provincia (2008-2021).

| | Ano 2021 | | Saídas | | Entradas | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Poboación | % | Frecuencia | % | Frecuencia | % |
| A Coruña | 1.120.134 | 41,6 | 17.221 | 43,7 | 14.917 | 43,7 |
| Lugo | 326.013 | 12,1 | 2.638 | 6,7 | 2.411 | 7,1 |
| Ourense | 305.223 | 11,3 | 5.405 | 13,7 | 6.497 | 19,0 |
| Pontevedra | 944.275 | 35,0 | 14.110 | 35,8 | 10.340 | 30,3 |
| **Total** | **2.695.645** | **100,0** | **39.374** | **100,0** | **34.165** | **100,0** |

Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatísticas de variacións residenciais. Elaboración propia.

Os países que reciben máis saídas dende Galicia (no acumulado do período 2008-2021) serían Suíza (17,2 por cento), en segundo lugar o Reino Unido (13,4 por cento), en terceiro lugar, os Estados Unidos (8,8 por cento), logo Alemaña (7,1 por cento), Uruguai (6,7 por cento), Francia (6 por cento), Arxentina (4,6 por cento), Brasil (3,6 por cento), México (3,3, por cento) e Portugal (3 por cento). Vemos como os países que atraen aos galegos son os que poden atraer máis á nova vaga migratoria que se dirixe cara a países europeos (Reino Unido, Francia, e Alemaña) e a Estados Unidos, países europeos con forte tradición de emigración galega como é o caso de Suíza, países latinoamericanos cunha comunidade de galegos fortemente asentada (Uruguai, Arxentina, Brasil ou México), e tamén un país limítrofe como é o caso de Portugal.

En canto o reparto do retorno a través das entradas podemos ver que non é exactamente igual, aínda que coinciden a maior parte de destinos, salvo que neste caso se incorpora con forza Venezuela con fortes lazos migratorios con Galicia, e que pode deberse á crise económica e política da última década que provocou un forte éxodo de venezolanos (Castillo e Reguant, 2017), escollendo moitos de estes retornados ancestrais a Galicia como destino migratorio en segundo lugar. As entradas máis voluminosas durante o período acumulado proceden de Suíza (19,3 por cento) onde a emigración de galegos se mantivo dende os anos sesenta ata a actualidade. Despois destes dous países, temos os casos de Reino Unido (8,6 por cento), Estados Unidos de América (8,4 por cento), Francia (7,5 por cento), Alemaña (7,3 por cento), Brasil (3,7 por cento), México (3,6 por cento), México (3,6 por cento), Arxentina (3,5 por cento) e Portugal (2 por cento).

No período analizado quizais merece especial mención o caso do Reino Unido, no que se pode apreciar o impacto do Brexit durante este período, pois o volume de retornos (2.937 movementos) é menor que o volume de chegadas (5.273 movementos). O Brexit pode estar provocando un incremento nas altas consulares dos autóctonos galegos, en definitiva, serán aqueles e aquelas que tiñan pendente ese rexistro no consultado como residentes no exterior os que poden emerxer nas estatísticas (Capote Lama, López Pereiro, Fernández-Suárez, 2024; Chao, Alejo e Giner-Montfort, 2024). En liñas xerais, salvo para o caso de Reino Unido e Venezuela, os movementos de saída son maiores ou moi similares (a excepción de Francia no que o retorno é un pouco máis elevado) que os movementos de retorno para os principais países durante a etapa 2008-2021.

Gráfica 79. Saídas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española por países principais (2008-2021).




Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia.

Gráfica 80. Entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española por países principais (2008-2021).




Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia.

Finalmente, en canto aos concellos de entrada e saída podemos ver como no caso galego os que acumulan un maior porcentaxe no período acumulado (2008-2021) son os concellos pequenos -tanto de saídas como de entradas-, é dicir, aqueles con unha poboación ata 10 mil habitantes son os que concentran un terzo das saídas e case un 38 por cento das entradas. O segundo tipo de concello serían as capitais de provincia, que no caso galego, polo tipo de tamaño de poboación baixo das súas urbes, nos casos de Lugo, Ourense e Pontevedra non chegarían aos 100 mil habitantes. O terceiro tipo que aglutina máis saídas e entradas son os municipios de entre 10 mil e 20 mil habitantes. En cuarto lugar, estarían os municipios vilegos que teñen entre 20 mil e 50 mil habitantes. Serían os concellos máis poboados e quizais os que atesouran máis oportunidades laborais e os que acumulan menor volume de saídas e entradas. Por tamaño de poboación cabe destacar que o diferencial entre saídas e retornos é maior entre os municipios de ata 10 mil habitantes e entre os que teñen máis de 100 mil habitantes, pero en termos contrapostos, hai máis entradas a municipios de menos de 10 mil habitantes, e menos retornos que saídas nas grandes urbes galegas. Isto pode indicar un retorno máis focalizado cara a concellos menos poboados en Galicia.

Gráfico 81. Entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España e con nacionalidade española (2008-2021) por países principais. nacionalidade española por países principais (2008-2021).




Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia.

Para concluír, podemos sinalar que entre 2008 e 2021, os movementos migratorios en Galicia -do perfil de persoas con nacionalidade española e nacidos en España- experimentou unha evolución significativa, cun aumento das saídas cara ao estranxeiro ata 2015 e producíndose un cambio de tendencia a partir dese ano, cando os retornos comezan a incrementarse. Este fenómeno leva a que dende 2017 Galicia presente un saldo migratorio positivo neste perfil, con máis entradas que saídas. As saídas están protagonizadas principalmente por persoas menores de 45 anos, mentres que os retornos se concentran en persoas maiores de 55 anos, suxerindo un regreso de migrantes que marcharan en décadas anteriores. Factores externos como o Brexit ou a pandemia da COVID-19 tamén influíron nestes fluxos. A nivel de xénero, ambos os fluxos teñen unha lixeira masculinización, e xeograficamente, A Coruña e Pontevedra concentran a maior parte das saídas e entradas. No caso dos destinos migratorios, os galegos emigran principalmente a países europeos e americanos, destacando Suíza, Reino Unido e Estados Unidos, mentres que os retornos proceden de países con tradición migratoria galega, como Suíza e Venezuela.

# 4 As políticas de retorno da Comunidade Autónoma de Galicia

## 4.1 As políticas de retorno do Estado e os dereitos de cidadanía

Por políticas de emigración podemos definir o "conxunto de decisión e acción públicas que os gobernos centrais dos estados establecen para a xestionar a saída cara a outros países e o retorno dos seus cidadáns (por terra, mar ou aire), así como o deseño de políticas públicas a través das institucións e programas para establecer vínculos cos emigrantes que residen permanentemente ou temporalmente no exterior" (Yrizar Barbosa e Alarcón, 2017: 168). A pesar de que a emigración e as súas políticas están presentes na gobernanza de moitos estados e gobernos rexionais existe unha ausencia de literatura arredor das políticas migratorias sobre as políticas de emigración, é dicir, prevaleceu máis o interese sobre a inmigración que sobre a emigración (Massey, 1999: 303). Así e todo, a análise das políticas de emigración empezou a gañar algo de peso académico recente grazas ao afloramento do paradigma transnacional no campo migratorio

(Fitzgerald, 2006). Nos estudos migratorios esa ausencia da emigración vai tamén acompañada dalgunhas voces que indican que cada vez é máis necesario a análise das políticas de emigración a nivel subnacional ou rexional (Yrizar Barbosa, 2017; Fitzgerald, 2006).

Non obstante, como sinalou no seu pioneiro traballo Schmitter Heisler (1985) cabe destacar a España como un estado -xunto con outros países expulsores de man de obra ao estranxeiro como Portugal ou Italia- pioneiro na articulación de medidas e políticas dirixidas á emigración española no exterior. O Estado español foi precursor na articulación de medidas e normativas dirixidas á emigración (a primeira lei de emigración data de 1907), e a acción tutelar do Estado cara á emigración é unha constante no caso español, ben pola consideración dos emigrantes como necesitados titorización estatal, ben porque o dereito migratorio implica que o Estado debe asistir e auxiliar aos nacionais máis ala das súas fronteiras. Estas medidas caracterízanse sempre durante o século XX por incorporar cambios ou accións despois de que as correntes migratorias mudan significativamente de signo ou intensidade (Sánchez Alonso, 2011).

As políticas enfocadas na emigración están fortemente relacionadas co réxime de cidadanía, xa que buscan que as persoas residentes no exterior manteñan o vínculo co seu país de orixe a través da conservación da nacionalidade (Fernández-Suárez, 2021). Estas actuacións, coñecidas coma políticas da diáspora, teñen como obxectivo preservar a conexión entre as comunidades migrantes e o Estado de orixe, fomentando a lealdade dos emigrantes cara ao seu país natal. Deste xeito, configúrase unha "cidadanía externa", que non só outorga un status legal aos nacionais que viven fóra, senón que tamén lles permite seguir formando parte da comunidade política, participando nos procesos electorais do país de orixe (Bauböck, 2007).

Manter e transmitir a condición de nacional é clave para a continuidade da diáspora española no exterior. A normativa que regula a adquisición da nacionalidade en España baséase no principio do "ius sanguinis", o que significa que se herda por descendencia de pai ou nai españois. Este principio está recollido nos Códigos Civís de 1954 e 1982. Ademais desta normativa, a través do Estatuto de cidadanía española no exterior o goberno estatal ofrece posibilidades para a obtención da nacionalidade para os descendentes de españois no exterior (fillos/as e netos/as), os migrantes procedentes de colonias españolas durante os séculos XV e XIX, os descendentes dos sefardís expulsados da península ibérica a finais do século XV e comezos do século XVI, os exiliados da ditadura e os brigadistas internacionais que combateron o franquismo durante a Guerra Civil (Bermingham e Silva-Domínguez, 2024; Gil Araujo e Rovetta Cortés, 2024).

Pero efectivamente, debemos recoñecer o papel das comunidades autónomas, especialmente da galega, no desenrolo de políticas dirixidas á emigración galega (Rovetta Cortés, 2016), e o recente pulo que na actualidade están desenrolando as medidas focalizadas cara ás políticas de retorno dende a comunidade autónoma.

## 4.2 As iniciativas autonómicas para o retorno e a súa evolución temporal

En Galicia as políticas dirixidas á emigración galega dan comezo en 1983 coa promulgación da Lei de recoñecemento da galeguidade (Lei 4/1983), que buscaba reforzar vínculos do goberno autonómico coas comunidades galegas no exterior, normativa que se modificou no ano 2013. Esta lexislación consideraba galegos/as aos residentes fóra de Galicia tanto no estranxeiro como noutra comunidade autónoma, e á súa liñase. Nesta primeira etapa (1983-2012), o foco púxose na emigración galega, e entre as políticas que se puxeron en marcha durante esta primeira fase nos atopamos coa creación dun departamento especializado en políticas dirixidas á emigración galega no goberno da Xunta de Galicia, coa posta en marcha de axudas para diáspora galega en América Latina, de subvencións dirixidas aos centros galegos no exterior e ao tecido asociativo da emigración galega, con partidas económicas para sufragar viaxes para volver a Galicia destinadas ao colectivo de emigrantes maiores de 65 anos.

A posta en marcha de políticas destinadas ao retorno emerxe na década dos 2000, e pártese dunha noción de persoa retornada como aquela que tiña emigrado de Galicia, persoas que estaban casadas/parellas de

feito cun galego/a, e os descendentes de primeiro ou segundo nivel dun galego/a, e que despois a partir de 2018 se inclúe a todas as persoas de orixe galega con independencia da distancia xeracional (Gil Araújo e Rovetta Cortés, 2024). Estas políticas dirixidas ao retorno iniciáronse coa posta en marcha dunha rede de puntos informativos municipais para atender as necesidades das persoas que regresaron a Galicia, e tamén coa creación dunha Guía do Retorno por parte da Xunta de Galicia. Xunto con estas medidas, aparecen as axudas para retornados e as súas familias (2002), as subvencións para financiar o tecido asociativo de persoas retornadas e inmigrantes (2005-12), as axudas para facilitar a acollida de destes dous colectivos dirixidas a concellos e ao terceiro sector, e as subvencións para a inserción laboral de ambos grupos migratorios  (2005-2012). Esta primeira etapa pode caracterizarse polo seu enfoque asistencialista sobre o proceso de retorno.

Gráfica 82. Resumo de iniciativas para a emigración galega da Xunta de Galicia.




Fonte: Gil Araújo e Rovetta Cortés (2024). Tradución ao galego e leves modificacións.

A segunda etapa de políticas autonómicas concibidas para apoio a volta a Galicia da emigración podemos cifrala a partir do ano 2013 coa promulgación da lei da galeguidade (7/2013) vén marcada nun primeiro momento pola incorporación dunha visión máis centrada na diáspora como potencial económico, e as medidas ao retorno se orientan pola lóxica de mellorar a empregabilidade e cubrir potenciais nichos laborais en Galicia con demanda de man de obra, sumando á necesidade de dinamizar o tecido empresarial galego. O retorno debe centrase na atracción de talento, emprendemento económico, e procúrase captar a emigrados/as galegos/as que poidan dinamizar Galicia a través do autoemprego no plano de xeración de riqueza (Rovetta Cortés, 2018). Este enfoque nace nun momento de recortes sociais polas medidas de austeridade, co que se pode percibir a través das políticas de retorno un posible intento de selectividade migratoria por parte do goberno autonómico (Cook-Martín e Viladrich, 2009).

A terceira etapa nas políticas dirixidas ao retorno daría comezo no ano 2020 e implica un cambio de paradigma e tamén un forte desenrolo das medidas dirixidas a fomentar esta volta a casa. Esta etapa está conectada cunha forte preocupación polo "devalo demográfico" de Galicia, e polo tanto, a volta a casa deste colectivo debe entenderse como unha estratexia capaz de aportar crecemento demográfico (Pérez Caramés, 2019). Esta estratexia integral do goberno da Xunta desenvolveuse en dous programas ambiciosos: Plan Retorna (2000-2023) e Estratexia Retorna (2023-2026). O primeiro programa Retorna deixaba claro as súas metas, que concretaba en catro puntos: atraer aos galegos residentes no exterior (nacidos ou non en Galicia), ofrecerlle unha cobertura integral das necesidades básicas, facilitar a súa integración educativa e laboral, e finalmente, executar as políticas necesarias para "superar o complexo reto demográfico de Galicia dende o fomento do retorno" (Plan Retorna, 2000).

O plan Retorna (2000-23), estaba composto por 50 medidas, contaba cun orzamento de 15 millóns de euros para accións específicas e 220 millóns de euros para iniciativas transversais. O seu obxectivo principal era lograr, entre 2018 e 2020, o retorno de 22.000 emigrantes ou descendentes de galegos, dos cales o 60% tiña menos de 45 anos. Entre as medidas específicas, creouse unha oficina de fiestra única para ofrecer información sobre axudas sociais, atender situacións de vulnerabilidade das persoas retornadas, favorecer a súa integración social e fomentar o autoemprego. Ademais, impulsouse o regreso de investigadores a Galicia para incorporarse a centros de I+D+I (Programa Talento Sénior e o Programa Oportunius dirixido a investigadores de ata 35 anos) e facilitouse a formación das persoas retornadas e a súa descendencia dentro do sistema educativo galego. Entre as medidas transversais, destacaron diversas medidas: a "tarxeta benvida", que intentaba fomentar a natalidade entre os retornados; tamén crearon bolsas para formación profesional e as axudas coñecidas como Excelencia Xuventude Exterior para estudar un máster en Galicia; realizouse apoio ao emprendemento; e moitas outras medidas que estaban en funcionamento en etapas anteriores.

O programa Retorna (2023-2026) mantén as metas establecidas no primeiro plan Retorna e intensifica as súas propostas chegando a cen propostas (2000-23). Pon en marcha sete liñas de actuación: informar, asesorar e colaborar coas persoas galegas retornadas no momento da súa volta a Galicia; intensificar o apoio integral ás familias no retorno buscando a súa plena integración; fomentar o retorno das familias galegas mediante o apoio á natalidade, á conciliación, á integración da xuventude e á súa continuidade educativa; facilitar a capacitación profesional das persoas galegas retornadas promovendo a súa formación e integración no mercado laboral; facilitar o autoemprego e a creación de PEMES por parte dos retornados e especialmente no ámbito rural; atraer e reter o talento dos galegos residentes no exterior cara a potenciar a competitividade do tecido produtivo galego; e fomentar o retorno dos empresarios e grandes inversores do exterior ofertándolles oportunidades de inversión en Galicia (Retorna, 2023).

A aposta polo retorno en ambos plans pode verse acentuada no segundo plan Retorna que se marca unha serie de metas: conseguir o retorno de 30 mil galegos/as do exterior dos que un 60 por cento teñan menos de 45 anos, é dicir, 18 mil persoas que contribúan á rexuvenecer a poboación galega (2023-26) cando no primeiro plan se puxo o obxectivo de 20 mil retornados dos cales 12 mil debían ter menos de 45 anos. Ademais, se no primeiro plan 15 millóns ían destinados a políticas específicas de rexuvenecemento e recuperación da poboación galega no segundo esta cifra subía a 50 millóns de euros, e finalmente, se no programa Retorna (2000-23) se invertían 220 millóns en políticas transversais para este colectivo, no segundo estas cifras acadaban os 400 millóns de euros en medidas transversais para os retornados galegos.

## 4.3 As políticas do retorno demográfico: breve caracterización

As políticas e medidas dirixidas á emigración galega no exterior conviven con toda unha batería de propostas encamiñadas cara ao retorno que se desenrola nos plans Retorna (2020-2023, 2023-2026). Podemos visualizar como dentro destes programas como conviven medidas clásicas da Xunta de Galicia de políticas dirixidas á diáspora galega -como o Programa Reencontros con Galicia que comezou nos anos noventa e que continúa na actualidade- con novas iniciativas como as bolsas de estudo de formación profesional e formación de posgrados universitarios dirixidos a traer retornados/as en idades máis mozas co fin declarado do rexuvenecemento da poboación galega.

Entre os programas dirixidos á emigración galega, máis alá do mantemento de lazos, tecido asociativo, e incluso, de axudas dirixidas a galegos e galegas en situación de vulnerabilidade atopámonos cun novo foco de interese de atraer a Galicia aos máis novos (entendo a mocidade nun sentido laxo), dando a coñecer este territorio a través de múltiples vías vinculadas con actividades de lecer, pero tamén orientadas ao voluntariado como é caso dos programas Conecta da Xunta de Galicia, que convive co programa Reencontros que trae de volta a casa a galegos/as maiores de 65 anos.

Táboa 32. Programas da Xunta de Galicia dirixidos á emigración galega por tipo de programa, beneficiarios/as, perfil das persoas beneficiarias e tipo de programa (2024).

| Plans/ Programas | Número beneficiarios/as anuais | Perfil de beneficiarios/as | Tipo de programa |
|---|---|---|---|
| **Programa Reencontros con Galicia** | | | |
| | 200 persoas (2024) | Emigrantes galegos/as maiores de 65 anos residentes en América: Arxentina, Uruguai, Brasil, Cuba, Venezuela, etc. | Identitario/ Terceira Idade |
| **Programa Conecta** | | | |
| | 50 persoas (2024) | Mocidade (16-17 anos) de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas con nacionalidade española que residan habitualmente no exterior para actividades marítimas ou coñecemento do empresas e patrimonio | Identitario/ Mociade |
| **Programa Conecta Voluntariado Galicia** | | | |
| | 20 persoas (2024) | Mocidade (21-30 anos) de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas con nacionalidade española que residan habitualmente no exterior para realizar tarefas de voluntariado | Voluntariado/ Mocidade |
| **Programa Conecta co Camiño** | | | |
| | 60 persoas (2024) | Mocidade (18-20 anos) de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas con nacionalidade española que residan habitualmente no exterior para realizar tramos do Camiño de Santiago | Identitario/ Mociade |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de resolucións das distintas convocatorias.

Táboa 33. Programas da Xunta de Galicia dirixidos ao retorno por tipo de programa, beneficiarios, perfil das persoas beneficiarias e tipo de programa (2024).

| **Plans/ Programas** | Número beneficiarios/as anuais | Perfil de beneficiarios/as | Tipo de programa |
|---|---|---|---|
| **Bolsas Retorna Talento FP** | | | |
| | 108 persoas (2024) | Persoas menores de 45 anos con formación de grao medio, nacionalidade española, residir un mínimo de 2 anos fóra de España, ser emigrante nacido en Galicia, ser emigrante non nacido en Galicia, pero residir 10 anos con nacionalidade española antes de emigrar, ser descendente por consanguinidades cunha persoa galega, para formación específica básica e ciclos de formación profesional dual. | Educativo |
| **Programa de Bolsas Excelencia Xuventude Exterior (BEME)** | | | |
| | 250 persoas (2024) | Persoas menores de 40 anos con título universitario, nacionalidade española, residir un mínimo de 2 anos fóra de España, ser emigrante nacido en Galicia, ser emigrante non nacido en Galicia pero residir 10 anos con nacionalidade española antes de emigrar, ser descendente por consanguinidades dun galego/a, e estar matriculado nun máster universitario dos ofertados. | Educativo/ Captación talento |
| **Programa Retorna Cualifica Emprego** | | | |
| | 200 galegos/as beneficiarios/as (2023) [2] | Persoas de nacionalidade española, galegos/as ou descendentes, que leven 1 ano vivindo fóra e que queiran retornen a Galicia. Contrato laboral de 1 ano, viaxe xestionado e pagado, axuda inicial de 1.300 o primeiro mes, asesoramento. | Emprego |
| **Programa Oportunius (2014-2024)** | | | |
| | 18 contratos Oportunius gañadores ERC / 31 gañadores ERC / 39 proxectos financiados polo ERC | Captación de retorno de investigadores ata 35 anos cun contrato estable e apoio económico para investigadores excelentes (gañadores grand ERC) | Investigación/ Captación de talento |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de resolucións das distintas convocatorias.

As políticas e medidas destinadas ao retorno da emigración galega a partir de 2020 teñen un enfoque transversal e implican a diversos departamentos autonómicos, pero poden ter o nexo en común de buscar incrementar os recursos humanos/poboacionais en Galicia, e vincular estes retornos coa empregabilidade. Ben sexan iniciativas para melloras as competencias formativas (Retorna Talento FP e Bolsas BEME), programas de atracción do talento investigador (Oportunius), ou ben conecten demandas de emprego de galegos/as no exterior con empresas que demandan man de obra (Retorna Cualifica Emprego).

A aposta polo volta da emigración galega vai dirixido aos residentes no exterior, e apenas se focaliza na emigración galega residente noutras autonomías do territorio estatal, onde tamén se pode percibir un

2 Este dato do retorno de 200 galegos procede na nota de prensa da Xunta de Galicia titulada: "Rueda destaca as vantaxes do programa Retorna Cualifica Emprego que xa propiciou a volta a Galicia de máis de 200 galegos no exterior". Enlace: https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/rueda-destaca-las-ventajas-del-programa-retorna-cualifica-emprego-ya-propicio-la

aumento do volume de galegos/as que residen nestas rexións (González Laxe et al., 2012). A evolución das políticas da Xunta enfocadas para atraer á diáspora galega e a captación dun "retorno" formado en Galicia e incluso a captación do talento exterior, ao igual que de traballadores descendentes de galegos/as no estranxeiro, nos permiten atisbar cómo Galicia implementa medidas de selectividade migratoria onde de incentiva a chegada de galegos/as con vínculos co territorio. A conexión destas medidas co obxectivo de dinamización demográfica de Galicia focaliza nas persoas máis novas -aqueles/as que descenden de galegos/as independentemente do tempo que transcorreu dende emigración- a nova axenda política do retorno galego.

## 5 Breves conclusións

Os datos de saídas e entradas que nos proporciona a Estatística de variacións residenciais (EVR) para o colectivo de galegos/as de nacionalidade española e residentes no estranxeiro indican que dende o ano 2017 se producen maiores movementos de regreso que volume de saídas. Non obstante, unha mirada máis profunda a esa escasa información estatística dispoñible apunta a que o perfil sociodemográfico das persoas que retornan (entradas) está caracterizado por idades próximas á xubilación: case un 60 por cento teñen entre 55 e máis anos, mentres que as persoas que están a marchar teñen un perfil inverso caracterizado polas idades máis novas, case un 52 por cento teñen entre 15 e 44 anos. Todo parece indicar que seguen a volver máis persoas en idades próximas ao final da súa vida laboral activa, e que seguemos a perder poboación nas idades iniciais da vida laboral, colectivo que podemos caracterizar baixo a etiqueta de "nova vaga emigratoria galega".

As políticas de retorno fortemente incentivadas dende o goberno autonómico poden ser un apoio para frear a conter a perda de poboación e poden incentivar a chegada de descendentes de galegos predispostos á emigración. A cuestión máis difícil de cotexar é o volume dese retorno, e nos preguntamos ata que punto eses retornos van a provocar unha instalación duradeira en Galicia, e finalmente, se esa afinidade e proximidade coa identidade galega pode servir para a súa integración na sociedade de destino, debate que abordan en relación ás bolsas BEME as autoras Bermingham e Silva-Domínguez, 2024.

As políticas de emigración e retorno en Galicia evolucionaron dende un enfoque asistencialista inicial a unha estratexia máis centrada na empregabilidade nun segundo momento, e finalmente, se centran no obxectivo do rexuvenecemento demográfico. Os programas clásicos, como Reencontros con Galicia, conviven con novas iniciativas enfocadas en atraer a xente nova e talento cualificado, como as bolsas para estudos e programas de formación profesional.

Dende 2020, as políticas de retorno teñen un enfoque transversal que implica diversos departamentos e están orientadas a atraer galegos/as que residen no exterior, especialmente os máis novos, para dinamizar demografica e economicamente Galicia. Esta estratexia busca fomentar o retorno de persoas con vínculos co territorio e captar talento para fortalecer o tecido produtivo galego.

## Referencias bibliográficas


- Álvarez Silvar, G. (2012). Migraciones y retorno en Galicia a comienzos del siglo XXI, en González Lopo, D. e Hernández Borge, J. (2012). *Gallegos en la diáspora: éxodos y retornos* (pp. 139-170). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez Silvar, G. e Izquierdo Escribano, A. (1997). Estado actual de la investigación sobre el retorno, en A. Izquierdo Escribano e G. Álvarez Silvar (coord.), *Políticas de retorno de emigrantes* (pp. 45-74). A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Aragón, R. e Díaz Bretones, F. (2020). Incertidumbres generadas durante el proceso del Brexit entre los trabajadores españoles altamente cualificados. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, (172), 3–20. https://doi.org/10.5477/cis/reis.172.3
- Bermingham, N., e Silva-Domínguez, C. (2024). Transgenerational Return Migration to Galicia, Spain: Discourses of Identity and Belonging. *Journal of Immigrant & Refugee Studies*, 1–15. https://doi.org/10.1080/15562948.2024.2366305
- Bertrand, J.-R. (1999). La emigración gallega, ¿sistema original?. *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades,* 11, 439-455.
- Blanco-Álvarez, J. e González-López, M. (2022). Emigration and brain drain in Galicia, 2001-2019. *Revista Galega de Economía*, 31(1), 1-24. https://doi.org/10.15304/rge.31.1.7961
- Cagiao, P. (2019). Memorias e vidas arredor da diáspora galega, en M. Gago (ed.). *Galicia, un relato no mundo* (pp. 203-231). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Capote, A. (2016). L'impact de la crise en Espagne sur l'immigration marocaine : migrations de retour ou nouvelles pratiques de circulation stratégiques?. *Pensée plurielle*, 42 (2), 93-105.
- Capote Lama, A.; López-Pereiro, S. y Fernández-Suárez, B. (2023). De la emigración al retorno: trayectorias de jóvenes andaluces cualificados en Europa, en J.A. Fernández Avilés; N. Marchal Escalona; V. Rodríguez-Rico Roldán; B. Fernández Rodríguez (ed.) *La política de retorno de emigrantes y la atracción del talento global en Andalucía. Nuevos retos de política social y económica* (pp. 481-502). Valencia: Tirant.
- Cardesín Díaz, J. M. (1992). *Tierra, trabajo y reproducción en una aldea gallega* (s.XVIII-XX). Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Cassarino, J.-P. (2004). Theorising Return Migration: The Conceptual Approach to Return Migrants Revisited (2004). *International Journal on Multicultural Societies*, 6, (2), 253 -279.
- Castillo Crasto, T. e Reguant Álvarez, M. (2017). Percepciones sobre la migración venezolana: causas, España como destino, expectativas de retorno. *Migraciones*, (41), 133–163. https://doi.org/10.14422/mig.i41.y2017.006
- Cerase, F. P. (1974). Expectations and Reality: A Case Study of Return Migration from the United States to Southern Italy. International Migration Review, 8(2), 245-262. https://doi.org/10.1177/019791837400800210
- Chao, L.; Alejo, A. e Giner-Monfort, J. (2024). Españoles en el Reino Unido. El impacto del Brexit: flujos, consecuencias y narrativas. *Papers*, en prensa.
- Cook-Martín, D. e Viladrich, A. (2009). Imagined homecomings: the problem with similarity among ethnic return migrants in Spain' in T. Tsuda (ed.), *Diasporic Homecomings: Ethnic Return Migration in Comparative Perspective* (pp. 133-158). Stanford University Press: Palo Alto, EE.UU.
- Domingo, A. e Blanes, A. (2018). The Galician Diaspora in the Twenty-First Century: Demographic Renovation as a Response to the Economic Crisis, en R. DePalma y A. Pérez-Caramés (eds.), *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity. Migration, Minorities and Modernity* (pp. 93-111). London: Springer. https://doi.org/10.1007/978-3-319-66305-0_8

- Domínguez-Mújica, J., Parreño-Castellano, Díaz-Hernández, J.R. & Moreno-Medina, C. (2018). International mobility of young adult Spaniards eight years after the onset of the economic crisis. *Food for thought. Belgeo. Revue belge de géoprahie*, 3, 1-21. https://doi.org/10.4000/belgeo.27986
- Dubert, I. (2019). Agoiros e agoreiros da morte de Galicia, en I. Dubert (ed.), *A morte de Galicia* (pp. 13-65). Vigo: Xerais.
- Duque, I. (2011). Anomalías y mejoras en las estadísticas de migración internacional durante las últimas décadas. *Revista Internacional De Sociología, 69*(M1), 45–78. https://doi.org/10.3989/ris.2011.iM1.386
- Dustmann, C. e Weiss, Y. (2007), Return Migration: Theory and Empirical Evidence from the UK. *British Journal of Industrial Relations*, 45: 236-256. https://doi.org/10.1111/j.1467-8543.2007.00613.x
- Eiras Roel, A. (1991). La emigración gallega a América: panorama general. In *La emigración española a Ultramar: 1492-1914* (pp. 17-40). Asociación de Historia Moderna.
- Eiras Roel, A. (2009). Las grandes migraciones de la transición demográfica, en J. Hernández Borge y D. González Lopo (coord.), *La emigración en el cine. Diversos enfoques* (pp. 17-59). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández-Suárez, B. (2018). Migratory Trends and Their Relation to Specific Policy Regarding Migrations in Galicia. In: DePalma, R., Pérez-Caramés, A. (eds): *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity. Migration, Minorities and Modernity,* 3. Springer, Cham. https://doi.org/10.1007/978-3-319-66305-0_9
- Fernández-Suárez, B. (2021). La realidad de las políticas de retorno migratorio en la Galicia actual, en I. Dubert e A. Pérez-Caramés (coord.). *Invasión migratoria y envejecimiento demográfico. Dos mitos contemporáneos* (pp. 217-232). Madrid: Catarata.
- Ferrás Sexto, C. (1996). Movementos migratorios, cambio socioeconómico e desenvolvemento rexional en Galicia (1970-1990). *Estudios migratorios,* 2, 85-121.
- Fitzgerald, D. (2006). Inside the Sending State: The Politics of Mexican Emigration Control. *International Migration Review*, 40, 259-293. https://doi.org/10.1111/j.1747-7379.2006.00017.x
- Gil Araujo, S. e Rovetta Cortés, A. I. (2024). Retorno, pensamiento de estado y amnesia histórica : Los programas de retorno de la Xunta de Galicia dende la perspectiva de Abdelmalek Sayad. (2024). REMHU, *Revista Interdisciplinar da Mobilidade Humana*, 32, e321988. https://doi.org/10.1590/1980-858525038800032103
- Gmelch, G. (1980). Return Migration. *Annual Review of Anthropology*, 9, 135–159. http://www.jstor.org/stable/2155732
- González Laxe, F.; Martín Bermúdez, F. e Martín Palmero, F. (2012). Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia. *Revista Galega de Economía*, 22 (2). https://doi.org/10.15304/rge.22.2.1531
- González-Martín, B. e Pumares, P. (2021). De vuelta a casa: el retorno de los jóvenes españoles dende Europa. *Revista Española de Sociología*, 30 (4), a73. https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.73
- Hernández Borge, J. (2019): Antes e agora. Emigración e avellentamento na Galicia contemporánea, en I. Dubert (ed.), *A morte de Galicia* (pp. 228-248). Vigo: Xerais.
- Hernández Borge, J. e González Lopo, D. L. (2012). La diáspora de los gallegos, en González Lopo, D. e Hernández Borge, J. (2012). *Gallegos en la diáspora: éxodos y retornos* (pp. 9-14). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Jáuregui Díaz, J. A. e Recaño Valverde, J. (2014). Una aproximación a las definiciones, tipologías y marcos teóricos de la migración de retorno. *Biblio 3W. Revista bibliográfica de Geografía y Ciencias Sociales,* XIX (1084). https://www.ub.edu/geocrit/b3w-1084.htm#_edn1
- Juste, M. P. & Verde Diego, C. (2014). Emigración de Retorno. *Migraciones*, (20), 201–230.
- King, R. (2000). Generalizations from the history of return migration in B. Ghosh (ed.), *Return Migration: Journey of Hope or Despair?* (pp. 7-55). Geneva: UN and IOM.

- King, R. e Christou, A. (2011). Of Counter-Diaspora and Reverse Transnationalism: Return Mobilities to and from the Ancestral Homeland, *Mobilities*, 6 (4), 451-466. https://doi.org/10.1080/17450101.2011.603941
- King, R. e Kuschminder, K. (2022). "Chapter 1: Introduction: definitions, typologies and theories of return migration". In *Handbook of Return Migration*. Cheltenham, UK: Edward Elgar Publishing. Retrieved Sep 21, 2024, from https://doi.org/10.4337/9781839100055.00008
- Kılınç, N. (2022). Revisiting second-generation return migration to the ancestral homeland. *In Handbook of Return Migration*. Cheltenham, UK: Edward Elgar Publishing. https://doi.org/10.4337/9781839100055.00030
- Lamela, C. (2018). From a Land of Emigrants to a Land of Immigrants? The Complex Realities Behind a Common Perception. In: DePalma, R. & Pérez-Caramés, A. (eds). *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity* (pp. 1-12). Cham: Springer, Cham. https://doi.org/10.1007/978-3-319-66305-0_1
- Massey, D. (1999). International Migration at the Dawn of the Twenty-First Century: The Role of the State. *Population and Development Review*, 25 (2), 303-322
- Núñez Seixas, X. M. (2000). Emigración de retorno y cambio social en la Península Ibérica: algunas observaciones teóricas en perspectiva comparada. *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos*, (1), 27-66.
- Núñez Seixas, X. M. (2002). History and collective memories of migration in a land of migrants: the case of Iberian Galicia. *History & Memory*, 14 (1/2), 229-258.
- Oso, L. (2004). *Españolas en París: Estrategias de ahorro y consumo en las migraciones internacionales*. Barcelona: Editorial Bellaterra.
- Pauli, J. (2021). "Chapter 9: Return migration". *In Handbook of Culture and Migration*. Cheltenham, UK: Edward Elgar Publishing. https://doi.org/10.4337/9781789903461.00016
- Pérez-Caramés, A. (2019). Apocalipse demográfica na Galicia actual. Que hai tras o medo ao avellentamento?, en Dubert, I. (ed.), *A morte de Galicia* (pp. 336-362), Vigo: Edicións Xerais.
- Pérez-Caramés, A., Ortega-Rivera, E.; López de Lera, D. & Domínguez-Mujica, J. (2018). La emigración española en tiempos de crisis (2008-2017): análisis comparado de los flujos a América Latina y Europa. *Notas de Población*, XLV, 107, 11-40.
- Portes, A., Guarnizo, L. E., & Landolt, P. (1999). The study of transnationalism: pitfalls and promise of an emergent research field. *Ethnic and Racial Studies*, 22(2), 217–237. https://doi.org/10.1080/014198799329468
- Ródenas, C. (1997). Emigración exterior y mercado de trabajo en España (1960-1985). *Exils et migrations ibériques au XXe siècle*, 3-4, 143-158. https://doi.org/10.3406/emixx.1997.1101
- Rodríguez Galdo, Mª. X., Freire Esparís, Mª.P., e Prada Castro, Á. (1998). Mulleres e emigración na historia contemporánea de Galicia, *Estudios migratorios*, 6, 9-41.
- Rodríguez González, R. (1998). A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas. *Estudios migratorios*, 5, 29-52.
- Rovetta Cortés, A.I. (2016). *Pertenencias danzantes: migración familiar y políticas de retorno.* Madrid: IEPALA.
- Sayad, A. (2010). El retorno, elemento constitutivo de la condición migrante. Empiria, *Revista de Metodología de Ciencias Sociales*, 19, 263-273.
- Silva-Domínguez, C. (2024). Retornados diaspóricos y estudiantes de movilidad en las universidades de Galicia. Un análisis comparado dende la perspectiva de la lengua gallega. *Migraciones*, 1–22. https://doi.org/10.14422/mig.2024.013
- Schmitter Heisler, B. (1985). Sending Countries and the Politics of Emigration and Destination. *The International Migration Review*, 19(3), 469–484. https://doi.org/10.2307/2545851

- Stack, C.B. (1996). *Call to Home: African Americans Reclaim the Rural South*. New York: Basic Books.
- Vaquero García, A., Fernandez López, S., Espada Recarey, L., e Martíñez Cacharrón, V. M. (2020). *Fuga de talento en Galicia ¿Mito o realidad?* (32). Foro económico de Galicia. Enlace: https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/d285f0bd-decc-4264-b359-4aa4f54587b1.pdf
- Vázquez González, A. (1988). La emigración gallega. Migrantes, transportes y remesas, en N. Sánchez Albornoz (comp.). *Españoles hacia América. La emigración en masa*, 1880-1930 (pp. 80-104). Madrid: Alianza.
- Vázquez, I., Capote, A. y López de Lera, D. (2021). La nueva emigración española en Alemania y Reino Unido: identidades migratorias en cuestión. *Revista Española de Sociología*, 30(4), a24. https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.24
- Vertovec, S. (2009). *Transnationalism*. London: Routledge. https://doi.org/10.4324/9780203927083
- Vilar, J. B. (2003). El retorno en las migraciones españolas con Europa en el siglo XX: Precisiones conceptuales y anotaciones bibliográficas. *Papeles de Geografía*, 37, 261-276.
- Villares, R. (2019): Estereotipos e debates sobre a emigración galega, en I. Dubert (ed.), *A morte de Galici*a (pp. 202-227). Vigo: Xerais.
- Wessendorf, S. (2007). "'Roots Migrants': Transnationalism and 'Return' among Second-Generation Italians in Switzerland." 33 (7), 1083-1102. https://doi.org/10.1080/13691830701541614
- Yrizar Barbosa, G. e Alarcón, R. (2017). Emigration Policy and State Governments in Mexico. *Migraciones Internacionales*, 5(19), 165–198. https://doi.org/10.17428/rmi.v5i19.1074
- Yrizar Barbosa, G. (2017). Políticas migratorias e instituciones hacia los marroquíes en el extranjero ¿Amenaza política o panacea transfronteriza?. *Frontera Norte*, 21(42), 53–77. https://doi.org/10.17428/rfn.v21i42.964

# ARTIGO VI



# INMIGRACIÓN E MERCADO LABORAL

**Alberto Vaquero García**

**ECOBAS, Universidade de Vigo, GEN**

## 1 Introdución[1]

En España e Galicia, o ciclo migratorio do século pasado, tal e como era coñecido -baseado nunha importante marcha da poboación- rematou a medidos da década dos setenta. Dende entón, tanto España como Galicia deixaron de ser uns territorios cunha forte emigración, para pasar a converterse, de paseniño, en destinos da poboación estranxeira. Así mesmo, a nosa Comunidade Autónoma presenta unha especial casuística migratoria debido ás persoas emigrantes retornadas, que volven a Galicia, un tipo de inmigración moi distinta á tradicional.

En consecuencia e debido aos movementos migratorios, tanto España como Galicia convertéronse nos últimos anos en terra de acollida dunhas persoas con características individuais, familiares e profesionais moi distintas ás da poboación nativa. Como é evidente, esta realidade transmítese tamén ao mercado de traballo, que é un dos escenarios onde se observan máis cambios e, polo tanto, precisan unha maior atención por parte das políticas públicas. Ao anterior hai que engadir que as cohortes actuais de persoas inmigrantes teñen características moi diferentes ás dos primeiros desprazados. Adoitan contar cun maior nivel de formación e educación, posúen certa experiencia laboral e, no canto de pensar en estar un breve espazo de tempo no seu destino, moitas persoas veñen para quedar.

Como xa se indicou, a cuestión laboral é posiblemente a que máis incide na decisión sobre emigrar e na capacidade de inclusión dos inmigrantes na sociedade, xa que é a condición necesaria para contar cos recursos que melloran a calidade de vida. Nesta investigación realizarase unha análise laboral da situación da poboación inmigrante en Galicia. O esquema de traballo será o seguinte. Tras esta introdución, o segundo capítulo analiza as causas que explican os movementos migratorios. O terceiro céntrase en estudar as relacións entre as migracións e o mercado de traballo. O cuarto estuda a relación entre mercado de traballo e inmigración en Galicia dende unha óptica comparada. O quinto analiza o fenómeno da emigración de retorno na nosa Comunidade Autónoma. Finalmente recóllense un conxunto de conclusións.

## 2 Os factores explicativos dos movementos migratorios

Pódese sinalar un conxunto de variables como causas dos movementos migratorios. A inmigración esta condicionada a elementos sociais, culturais, políticos, económicos e laborais. Porén, na actualidade, o máis habitual é que as migracións interiores respondan a cuestións económicas, mentres que nas internacionais as razóns que máis pesan son tamén ás económicas e, en segundo lugar, políticas.

Así, dentro dos argumentos económicos pódense sinalar o crecemento económico desigual entre países/zonas, que incentiva o desprazamento de poboación. Outra razón son as diferenzas de riqueza entre países ou rexións. Como terceira causa estaría a posibilidade de atopar no país/rexión de acollida traballos con maior produtividade que na zona de orixe. Finalmente, poderíanse sinalar as elevadas taxas de desemprego dos países de orixe, que potencian os movementos migratorios cara a outros destinos con menores taxas de paro.

A intensidade das migracións é outra das variables que cómpre ter en conta, xa que se reduce coa idade, consecuencia directa da diminución dos rendementos económicos, a medida que o individuo vai cumprindo anos. Ademais, é preciso considerar a aparición de novos e maiores custos, por exemplo, deixar

1 O autor agradece a colaboración de Alejandro Domínguez Lamela, axudante de investigación do grupo GEN da Universidade de Vigo para a obtención da información estatística deste traballo. Aspectos relevantes desta investigación foron parcialmente presentados nun estudo previo por Vaquero (2005).

o actual traballo, aumento das obrigas familiares, etc. O mesmo sucede co nivel de estudos, xa que un menor nivel de educación e formación -polo xeral- supón unhas menores posibilidades de migración, ao reducirse as posibilidades de atopar un emprego.

Un empeoramento das condicións laborais nos países/zonas de orixe supón un aumento da probabilidade de migrar, xa que se espera que no destino se podan mellorar as expectativas laborais. A probabilidade de migrar aumentará se existe proximidade xeográfica, idiomática ou cultural. O mesmo se pode argumentar en relación coa lasitude ou rixidez da normativa en materia de migracións e as condicións de permanencia no país de destino.

## 3.Implicacións sobre o mercado de traballo da inmigración

Como se indicou, a compoñente laboral é un dos elementos que mellor explica o fenómeno migratorio dos últimos anos, xa que os movementos migratorios responden, na súa maior parte, a un intento por mellorar as condicións de vida da poboación que abandona o seu país de orixe.

Unha cuestión que sempre sae a discusión é o efecto neto da incorporación de inmigrantes ao mercado de traballo; en especial, como afectará a situación laboral dos nativos un aumento significativo da poboación inmigrante. A resposta a esta pregunta non é sinxela, xa que a priori non resulta posible determinar o efecto final desta nova man de obra sobre o mercado de traballo, ao depender claramente da súa natureza.

Así, dende o punto de vista teórico e supoñendo que o mercado de traballo é perfectamente competitivo, a incorporación de persoas inmigrantes implicaría un aumento da oferta de traballo, o que podería implicar un efecto substitución de man de obra nativa por estranxeira. Con todo, isto non resulta tan inmediato, xa que o factor traballo non é homoxéneo e, por tanto, resulta complicado observar un efecto de substitución rápido e completo ” (Canals, 2016). O máis normal é que as diferenzas educativas e de formación, o nivel de esixencia laboral, as barreiras idiomáticas e a lexislación en materia educativa reduzan a permeabilidade da oferta de traballo das persoas estranxeiras. Se a oferta de traballo inmigrante fose un factor complementario -no canto de substitutivo- o efecto neto sería moi distinto, xa que aumentaría a man de obra dos traballadores nativos, ademais dos seus salarios. Finalmente, se se tratase de factores independentes, a entrada de estranxeiros en idade laboral non xeraría ningún efecto sobre a situación laboral dos autóctonos, xa que serían "compartimentos estancos".

Así memo, os movementos migratorios funcionan como un factor de corrección das diferenzas entre a poboación, ao permitir mitigar o proceso de envellecemento demográfico[2]. Se o acceso ao mercado de traballo se realiza de forma adecuada, as persoas estranxeiras beneficiaranse polo proceso migratorio. Aínda supoñendo que os salarios satisfeitos sexan inferiores aos da poboación nativa -en caso de ocupar certas profesións con menor remuneración- e que o custo da vida no país de destino sexa maior, é de esperar que a capacidade económica dos estranxeiros sexa superior á que terían no país de destino. Finalmente, se as migracións reducen o peso do colectivo de persoas de maior idade, aumentará o número de cotizantes á Seguridade Social. Isto xerará maiores ingresos e un incremento da capacidade do gasto da economía. En resumo, os beneficios da inmigración para os países receptores en materia laboral son amplos.

As investigacións neste campo avalan os argumentos anteriores, e comprobouse a súa existencia en especial no que se refire a inmigración e crecemento económico. Nun traballo elaborado por Oliver (2006) sinalase que o impacto da poboación sobre o PIB en España foi positivo para o efecto dos movementos migratorios e a súa incidencia sobre a poboación activa. Se non se considerase a variable migratoria, o crecemento

2 Galicia é a segunda comunidade autónoma máis envellecida de toda España. Contabilízanse 218 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16 (208%). Por provincias, Ourense presenta o maior índice de envellecemento cun 310% (2022).

económico sería negativo (-1,17%), mentres que grazas ás cohortes de inmigrantes o crecemento foi do 2,6%. O estudo sinala que, de non considerar o compoñente migratorio, España sería o único país da UE15 que tería un crecemento negativo, fronte á media da UE, que sería do 0,75%.

A Oficina Económica do Presidente do Goberno (2006) chega a un resultado similar, de forma que o impacto económico da inmigración é claramente positivo, pero inferior ao estimado por Oliver (ao redor do 3% de media no crecemento da renda per capita). Así memo, obtéñense tres efectos da inmigración na economía española: impacto negativo sobre a produtividade; efecto positivo sobre a renda por habitante e impacto moi positivo para a mellora da relación entre activos e poboación total, polo aumento da man de obra non residente. En concreto, sinálase que en 2005 os estranxeiros xeraron 23.400 millóns de euros, dos que 15.885 millóns foron cara á Seguridade Social, 5.640 para o IRPF e o IVE. En 2005, a achega monetaria do colectivo de inmigrantes (6,6%) foi inferior a dous puntos ao seu peso no total da poboación, aínda que o gasto orixinado foi de tres puntos menos (5,4%) que o seu peso demográfico. Estes datos supuxeron -segundo a análise da Oficina Económica do Presidente do Goberno- unha contribución neta dos estranxeiros de case 5.000 millóns de euros que, no seu maior parte, procedían da diferenza entre o que se achegaba vía cotizacións sociais (sobre 8.000 millóns de euros) fronte ao que percibían de pensións (400 millóns de euros). Máis recentemente, o Banco de España (2024) estima que os traballadores nados no estranxeiro achega 2,3 puntos porcentuais ao incremento total do emprego rexistrado en 2023, unha achega maior á rexistrada nos Países Baixos ou Alemaña. En España a achega total ao emprego foi entre o 75 % e o 80 %.

Do mesmo xeito que os movementos migratorios xeran elementos positivos sobre o mercado de traballo, cabería preguntarse se se produciron[3] os teóricos efectos negativos (xeración dun mercado de traballo dual ou perda da competitividade, etc.). Nas investigacións parece que este tipo de efectos resultan de escasa intensidade en España. De feito, o importante aumento da poboación activa non supuxo efectos negativos nin sobre o emprego nin sobre os niveis salariais da poboación nativa, xa que a maior parte da inserción laboral das persoas inmigrantes na primeira década deste século foron en ocupacións con baixa cualificación ou sectores ou actividades onde non había nativos, ou ben que estes se desprazaron cara a outras profesións mellor retribuídas. Polo tanto, o que se produciu foi unha complementariedade entre ambos os colectivos (Carrasco et al., 2008 e CES, 2019). Nos últimos anos, coa mellora da formación da poboación inmigrante, é de esperar que se incremente a súa participación en profesións con maior valor engadido. En resumo, os estudos sinalan que os efectos negativos da inmigración sobre o mercado de traballo son moi escasos e desaparecen co tempo (Farré, 2015), o que permite sinalar a importante contribución da inmigración á economía española (Informe anual do Defensor do Pobo, 2019).

## 4 A situación do mercado laboral en Galicia e a inmigración

A chegada de poboación do estranxeiro nos últimos anos do século XX e principios do século XXI foi moi importante no conxunto de España, aínda que non tanto para Galicia. Na nosa comunidade, o máximo da serie de persoas residentes estranxeiras alcánzase en 2023 (139.306). Na Táboa 34 a partir da Estatística de Variacións Residenciais (EVR) do INE, compróbase a suba continuada da poboación estranxeira feminina residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI. En 2023, residían en Galicia 72.633 mulleres estranxeiras. A evolución da poboación estranxeira masculina residente en Galicia caracterízase polo mesmo patrón de comportamento. En 2023, o número de estranxeiros varóns foi de 66.673.

3 Entre outros estudos que sinalan os potenciais efectos negativos da inmigración sobre o mercado laboral pódense citar Friedberg e Hunt (1995), Gross (1999) e Coppel et al., (2011) a nivel internacional.

Táboa 34: Poboación estranxeira por sexo en Galicia (2001-2023)

| | 2001 | 2011 | 2015 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Homes | 15.658 | 52.153 | 44.318 | 52.461 | 54.962 | 57.617 | 66.673 |
| Mulleres | 17.400 | 50.987 | 42.929 | 56.147 | 59.064 | 61.557 | 72.633 |
| **Total** | **33.058** | **103.141** | **87.247** | **108.608** | **114.026** | **119.174** | **139.306** |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística

A desagregación por provincias e sexo da poboación estranxeira residente en Galicia en 1 de xaneiro de 2023 figura na Táboa 35. A concentración deste colectivo é elevada: as provincias da Coruña e Pontevedra acollen 100.064 persoas (un 71,8% do total galego). As provincias de Lugo e Ourense presentan cifras significativamente menores, indicando un menor atractivo para a poboación estranxeira. Cómpre sinalar tamén o equilibrio de xénero observado nas cifras, aínda que con lixeiras variacións entre provincias.

Táboa 35: Poboación estranxeira por provincias (2023)

| | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 25.942 | 29.194 | 55.136 |
| Lugo | 10.001 | 9.758 | 19.759 |
| Ourense | 9.317 | 10.166 | 19.483 |
| Pontevedra | 21.413 | 23.515 | 44.928 |
| **Total** | **66.673** | **72.633** | **139.306** |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística

Galicia contaba o 1 de xaneiro de 2024 con 2.705.877 persoas, o que reflicte unha lixeira ganancia de poboación (6.453 habitantes) respecto a 2023, pero este incremento débese ao aumento da poboación estranxeira que, a 1 de xaneiro de 2024 supuxo as 154.965 persoas (15.659 residentes máis que en 2023). Polo tanto, a ganancia responde ao aumento dos residentes non españois. Ademais, compróbase como este proceso migratorio está a favorecer o rexuvenecemento da poboación galega, xa que as persoas que veñen son máis novas que as que marchan[4].

Como foi sinalado, Galicia non é unha rexión que adoite recibir un número significativo de estranxeiros en relación a súa poboación nativa, xa que aqueles adoitan acudir a aqueles territorios onde se precisa un importante volume de man de obra, sobre todo no sector servizos, na construción e na agricultura. Con todo, aínda que non é unha das zonas con maior número de inmigrantes, nos últimos anos Galicia está recibindo un considerable volume de emigrantes retornados e tamén de inmigrantes.

A táboa 36 recolle a evolución dos movementos migratorios en Galicia para os últimos anos con datos dispoñibles a partir da EVR. Compróbase como dende 2011 -salvo algún caso puntual- a inmigración externa supera a externa. Polo tanto prodúcese unha ganancia neta de poboación debido aos movementos migratorios. Así memo a inmigración do estranxeiro supera notablemente as cifras de emigración do estranxeiro. Polo tanto, Galicia é, dende hai anos, un territorio que acolle máis persoas estranxeiras que as que chegan á nosa comunidade autónoma.

4 Segundo o IGE (2024), a idade media das persoas que chegaron a Galicia en 2022 foi de 35,8 anos (40,7 e 32,7 para españois e estranxeiros, respectivamente), mentres que a media de idade para os emigrantes foi de 37,9 anos.

Táboa 36. Movementos migratorios en Galicia (2011-2022)

| | Emigración Externa | A outra Comunidade Autónoma | Ao estranxeiro | Inmigración externa | Doutra Comunidade Autónoma | Do estranxeiro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 29.880 | 20.563 | 9.317 | 34.688 | 20.841 | 13.847 |
| 2015 | 30.707 | 19.993 | 10.714 | 29.933 | 17.839 | 12.094 |
| 2020 | 21.001 | 14.862 | 6.139 | 35.617 | 21.070 | 14.547 |
| 2021 | 34.043 | 18.191 | 15.852 | 46.879 | 21.332 | 25.547 |
| 2022 | 32.697 | 19.283 | 13.414 | 59.948 | 20.667 | 39.281 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística

A Táboa 37 realiza un exercicio comparativo do saldo migratorio de Galicia a partir da EVR, tanto en termos netos, como co resto de España e o estranxeiro. O saldo migratorio externo é a diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa. Así memo, xorden dous tipos de saldo migratorio externo: co resto de España -diferenza entre as altas procedentes das outras CC. AA e as baixas con destino nas mesmas- e co estranxeiro -diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino-. Se o saldo é positivo indicaría que as entradas de poboación superan ás saídas, e o contrario se fose negativo.

A partir da información presentada, o saldo migratorio externo e netamente positivo. Ou dito doutra forma, Galicia estase a converter nun país de destino para poboación de fóra de España. Unha das razóns que hai detrás destes resultados é que se trata dunha emigración de retornados.

Táboa 37. Saldo migratorio. Galicia (2011-2022)

| | Saldo migratorio externo | Co resto de España | Co estranxeiro |
|---|---|---|---|
| 2011 | 4.808 | 278 | 4.530 |
| 2015 | -774 | -2.154 | 1.380 |
| 2020 | 14.616 | 6.208 | 8.408 |
| 2021 | 12.836 | 3.141 | 9.695 |
| 2022 | 27.251 | 1.384 | 25.867 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística

O saldo migratorio é tan só unha primeira aproximación para comprender o papel que poden desenvolver as persoas inmigrantes a nivel económico e laboral. Para afondar neste estudio, a Táboa 38 permite relacionar o motivo de expedición do certificado de residencia ou tarxeta de residencia en relación á situación na que se atopan os estranxeiros, algo de indubidable importancia para coñecer as implicacións no mercado de traballo.

Aumenta o número de persoas estranxeiras con este permiso en Galicia, dende os 29.591 en 2015 aos 57.490 en 2023 (un incremento do 94%), fronte ao 38% da media nacional. E isto prodúcese especialmente nas provincias da Coruña e Ourense (120% e 130 %, respectivamente). Do total de persoas con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia o 89,2% en 2023 era por ter residencia temporal por motivos distintos aos laborais. Dentro destes últimos, a maior parte (6,8%) tiñan residencia temporal por un traballo por conta allea en 2023, un 3,6% por compatibilidade entre conta allea e propia e unicamente un 0,4% por un traballo por conta allea. Por tanto, o perfil dun traballador estranxeiro é o dun asalariado. Comparando estas cifras coas obtidas a nivel nacional, as porcentaxes de residentes temporais por traballo por conta allea e por compatibilidade conta allea e propia son algo menores (5,4% e 2,8%) respectivamente. Ademais,

a porcentaxe de persoas con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor por motivos distintos aos laborais é superior a nivel nacional (91,6%).

Táboa 38: Estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e motivo de expedición

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **TOTAL** | | | | | | |
| 2015 | 10.853 | 4.750 | 2.896 | 11.092 | 29.591 | 2.116.654 |
| 2020 | 14.746 | 5.671 | 4.071 | 12.496 | 36.984 | 2.301.207 |
| 2023 | 23.928 | 8.893 | 6.648 | 18.021 | 57.490 | 2.922.830 |
| **Residencia temporal. Traballo por conta allea** | | | | | | |
| 2015 | 1.026 | 327 | 325 | 933 | 2.611 | 167.954 |
| 2020 | 1.231 | 395 | 340 | 819 | 2.785 | 128.804 |
| 2023 | 1.464 | 875 | 545 | 1.049 | 3.933 | 156.659 |
| **Residencia temporal. Traballo por conta propia** | | | | | | |
| 2015 | 71 | 10 | 21 | 154 | 256 | 7.324 |
| 2020 | 109 | 14 | 20 | 88 | 231 | 6.801 |
| 2023 | 78 | 26 | 19 | 82 | 205 | 6.421 |
| **Residencia temporal. Compatibilidade conta allea e propia** | | | | | | |
| 2015 | 27 | 11 | 15 | 12 | 65 | 2.116 |
| 2020 | 10 | 3 | 8 | 15 | 36 | 1.486 |
| 2023 | 805 | 540 | 245 | 469 | 2.059 | 81.167 |
| **Resto de situación** | | | | | | |
| 2015 | 9.729 | 4.402 | 2.535 | 9.993 | 26.659 | 1.939.260 |
| 2020 | 13.396 | 5.259 | 3.703 | 11.574 | 33.932 | 2.164.116 |
| 2023 | 21.581 | 7.452 | 5.839 | 16.421 | 51.293 | 2.678.583 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (Varios anos)

A Táboa 39 permite realizar unha comparativa da taxa de actividade, ocupación e desemprego entre a poboación nativa e a estranxeira para 2023. Compróbase como a poboación estranxeira ten unha taxa de actividade más de 12 puntos por riba da poboación española a nivel nacional e máis de 14 puntos para Galicia. As taxa de ocupación, tanto para a media nacional como para Galicia son maiores para a poboación estranxeira, con máis de 6 e 8 puntos de diferenza, respectivamente. Porén, a taxa de desemprego é 7 puntos por riba para poboación estranxeira respecto a poboación nativa para o total nacional e case 8 puntos por riba para Galicia.

Táboa 39. Taxa de actividade, ocupación e desemprego. Poboación total, española e estranxeira (2023)

| | Total | Española | Estranxeira |
|---|---|---|---|
| **Taxa de actividade** | | | |
| Total nacional | 58,9 | 57,4 | 69,5 |
| Galicia | 53,2 | 52,3 | 66,7 |

| | Total | Española | Estranxeira |
|---|---|---|---|
| **Taxa de ocupación** | | | |
| Total nacional | 52,0 | 51,3 | 57,4 |
| Galicia | 48,3 | 47,9 | 55,7 |
| **Taxa de desemprego** | | | |
| Total nacional | 11,8 | 10,7 | 17,4 |
| Galicia | 9,2 | 8,6 | 16,4 |

Nota: datos para o último trimestre de 2023
Fonte: Enquisa de Poboación Activa, Instituto Nacional de Estatística

A Táboa 40 reflicte a situación en Galicia dos afiliados estranxeiros á Seguridade Social en función do réxime onde se cotiza. Compróbase como a maior parte en 2023 atópase no réxime xeral (41.870) representado o 71,5 %, seguido do réxime especial de autónomos (9.259) -15,8%- e réxime especial de traballadores do fogar (4.461)- 7,6%- O resto distribúense no réxime do mar (1.438) e o agrario (1.553), representando o 2,5 % e 2,4% do total de afiliados, respectivamente. Unhas porcentaxes bastante similares aos obtidos a nivel nacional.

Como sinala o Banco de España (2024) unha parte importante dos traballos realizados polas mulleres inmigrantes son tarefas relacionadas con coidado de fillos e persoas maiores, algo que xa se produciu antes da crise financeira (Cuadrado et al., 2007). Isto posibilitou unha redución da penalización salarial feminina asociada ao nacemento e coidado dos fillos (Castellanos, 2023) é unha maior demanda de man de obra feminina para atender a estas demandas.

Táboa 40: Afiliados estranxeiros á Seguridade Social. Total de afiliados segundo réxime

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **TOTAL** | | | | | | |
| 2015 | 10.270 | 4.408 | 3.931 | 9.955 | 28.564 | 1.606.352 |
| 2020 | 14.757 | 5.746 | 5.173 | 13.634 | 39.310 | 2.052.756 |
| 2023 | 23.674 | 8.482 | 7.594 | 18.831 | 58.581 | 2.645.755 |
| **Réxime Xeral** | | | | | | |
| 2015 | 6.228 | 2.355 | 2.582 | 6.337 | 17.502 | 93.7701 |
| 2020 | 9.645 | 3.403 | 3.576 | 9.239 | 25.863 | 129.0156 |
| 2023 | 17.005 | 5.507 | 5.728 | 13.630 | 41.870 | 181.5711 |
| **Réxime Especial de Traballadores Autónomos** | | | | | | |
| 2015 | 2.009 | 604 | 755 | 2.096 | 5.464 | 261.420 |
| 2020 | 2.950 | 839 | 968 | 2.784 | 7.541 | 364.696 |
| 2023 | 3.751 | 1.137 | 1.123 | 3.248 | 9.259 | 431.410 |
| **Réxime Especial Agrario** | | | | | | |
| 2015 | 268 | 624 | 68 | 104 | 1.064 | 202.527 |
| 2020 | 354 | 569 | 138 | 139 | 1.200 | 230.944 |
| 2023 | 524 | 697 | 127 | 205 | 1.553 | 225.912 |

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Réxime Especial do Mar** | | | | | | |
| 2015 | 300 | 394 | 0 | 348 | 1.042 | 2.976 |
| 2020 | 292 | 487 | 0 | 427 | 1.206 | 3.348 |
| 2023 | 384 | 547 | 0 | 507 | 1.438 | 3.984 |
| **Réxime Especial da Minería do Carbón** | | | | | | |
| 2015 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 242 |
| 2020 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 34 |
| 2023 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 18 |
| **Réxime do Fogar** | | | | | | |
| 2015 | 1.465 | 431 | 526 | 1.070 | 3.492 | 201.486 |
| 2020 | 1.516 | 448 | 491 | 1.045 | 3.500 | 163.578 |
| 2023 | 2.010 | 594 | 616 | 1.241 | 4.461 | 168.720 |

Nota: datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

Cabería preguntarse se é posible atopar diferenzas nos réximes de afiliación en función da procedencia dos estranxeiros, xa que as características persoais e profesionais poden resultar ser moi distintas. A Táboa 41 resume a situación dos afiliados estranxeiros procedentes da Unión Europea afiliados á Seguridade Social en función do réxime onde se cotiza, mentres que a Táboa 42 realiza o mesmo análise para aqueles estranxeiros non comunitarios afiliados á Seguridade Social.

En primeiro lugar, pódese comprobar como os afiliados estranxeiros procedentes dos países europeos (17.341 en 2023) son menores aos dos países fóra da UE (41.240), consecuencia directa da maior importancia do colectivo de estranxeiros non comunitarios en Galicia que de comunitarios. Ademais, destaca a forte presenza de traballadores afiliados no réxime especial de empregados do fogar para os non comunitarios (9,7%) fronte aos comunitarios (2,6%). Por outra banda, o peso maior do grupo dos afiliados no réxime xeral para os comunitarios (80,5%) 14 puntos máis que os non comunitarios (66,2%). Finalmente, a porcentaxe é maior no réxime de especial de autónomos para os estranxeiros comunitarios. Para o resto de réximes as diferenzas entre comunitarios e non comunitarios son pequenas na nosa Comunidade Autónoma.

Táboa 41. Afiliados estranxeiros á Seguridade Social procedentes de países da Unión Europea

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **TOTAL** | | | | | | |
| 2015 | 3.787 | 1.871 | 2.124 | 4.806 | 12.588 | 655.279 |
| 2020 | 4549 | 1994 | 2404 | 5593 | 14540 | 737.756 |
| 2023 | 5.709 | 2.221 | 2.766 | 6.645 | 17.341 | 853.188 |
| **Réxime Xeral** | | | | | | |
| 2015 | 2.703 | 1.050 | 1.559 | 3.531 | 8.843 | 414.096 |
| 2020 | 3.349 | 1.333 | 1.808 | 4.243 | 10.733 | 491.993 |
| 2023 | 4.342 | 1.519 | 2.167 | 5.144 | 13.172 | 601.196 |

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Réxime especial de autónomos** | | | | | | |
| 2015 | 768 | 285 | 354 | 996 | 2403 | 124.229 |
| 2020 | 906 | 315 | 413 | 1.085 | 2719 | 143.890 |
| 2023 | 1103 | 434 | 440 | 1.235 | 3212 | 171.782 |
| **Réxime Agrario** | | | | | | |
| 2015 | 103 | 355 | 52 | 61 | 571 | 65.395 |
| 2020 | 92 | 188 | 70 | 56 | 406 | 61.638 |
| 2023 | 64 | 128 | 55 | 62 | 309 | 47.637 |
| **Réxime do Mar** | | | | | | |
| 2015 | 53 | 70 | 0 | 78 | 201 | 882 |
| 2020 | 39 | 60 | 0 | 62 | 161 | 873 |
| 2023 | 47 | 64 | 0 | 78 | 189 | 1.073 |
| **Réxime do Carbón** | | | | | | |
| 2015 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 230 |
| 2020 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 31 |
| 2023 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 15 |
| **Réxime do Fogar** | | | | | | |
| 2015 | 160 | 111 | 159 | 140 | 570 | 50.447 |
| 2020 | 163 | 98 | 113 | 147 | 521 | 39.331 |
| 2023 | 153 | 76 | 104 | 126 | 459 | 31.485 |

Nota: datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

Táboa 42. Afiliados estranxeiros á Seguridade Social procedentes de países de fóra da Unión Europea.

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **TOTAL** | | | | | | |
| 2015 | 6.483 | 2.537 | 1.807 | 5.149 | 15.976 | 951.073 |
| 2020 | 10208 | 3752 | 2769 | 8041 | 24.770 | 1.315.000 |
| 2023 | 17965 | 6261 | 4828 | 12186 | 41.240 | 1.792.567 |
| **Réxime Xeral** | | | | | | |
| 2015 | 3.525 | 1.305 | 1.023 | 2.806 | 8.659 | 523.605 |
| 2020 | 6.296 | 2.070 | 1.768 | 4.996 | 15.130 | 798.163 |
| 2023 | 12.663 | 3.988 | 3.561 | 8.486 | 28.698 | 1.214.515 |
| **Réxime especial de autónomos** | | | | | | |
| 2015 | 1241 | 319 | 401 | 1.100 | 3.061 | 137.191 |
| 2020 | 2044 | 524 | 555 | 1.699 | 4.822 | 220.806 |
| 2023 | 2648 | 703 | 683 | 2.013 | 6.047 | 259.628 |

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Réxime agrario** | | | | | | |
| 2015 | 165 | 269 | 16 | 43 | 493 | 137.132 |
| 2020 | 262 | 381 | 68 | 83 | 794 | 169.306 |
| 2023 | 460 | 569 | 72 | 143 | 1244 | 178.275 |
| **Réxime do Mar** | | | | | | |
| 2015 | 247 | 324 | 0 | 270 | 841 | 2.094 |
| 2020 | 253 | 427 | 0 | 365 | 1045 | 2.475 |
| 2023 | 337 | 483 | 0 | 429 | 1249 | 2.911 |
| **Réxime do Carbón** | | | | | | |
| 2015 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 12 |
| 2020 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 |
| 2023 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 |
| **Réxime do Fogar** | | | | | | |
| 2015 | 1.305 | 320 | 367 | 930 | 2.922 | 151.039 |
| 2020 | 1.353 | 350 | 378 | 898 | 2.979 | 124.247 |
| 2023 | 1.857 | 518 | 512 | 1115 | 4.002 | 137.235 |

Nota: datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

A Táboa 43 permite unha primeira aproximación á distribución de traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en función do xénero. Compróbase como as mulleres son maioría (54 %) fronte aos homes (46 %) en 2023, aínda que con algunhas diferenzas entre provincias. Sen dubida, son elas as que teñen maiores oportunidades para traballar, especialmente en actividades relacionadas co coidados e atención as persoas, unha actividade moi feminizada, un resultado que se constata dende fai bastantes anos.

Táboa 43: Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social por sexo e provincia

| | Número | | | % por sexo | | % por provincia | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| **2015** | | | | | | | |
| A Coruña | 10.270 | 4.992 | 5.278 | 49% | 51% | 39% | 33% |
| Lugo | 4.408 | 1.752 | 2.656 | 40% | 60% | 14% | 17% |
| Ourense | 3.931 | 1.838 | 2.093 | 47% | 53% | 14% | 13% |
| Pontevedra | 9.955 | 4.188 | 5.767 | 42% | 58% | 33% | 37% |
| **Galicia** | **28.564** | **12.770** | **15.794** | **45%** | **55%** | **100%** | **100%** |
| **2020** | | | | | | | |
| A Coruña | 14.757 | 6.869 | 7.888 | 47% | 53% | 40% | 36% |
| Lugo | 5.746 | 2.323 | 3.423 | 40% | 60% | 13% | 16% |
| Ourense | 5.173 | 2.305 | 2.868 | 45% | 55% | 13% | 13% |

| | Número | | | % por sexo | | % por provincia | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Pontevedra | 13.634 | 5.776 | 7.858 | 42% | 58% | 33% | 36% |
| **Galicia** | **39.310** | **17.273** | **22.037** | **44%** | **56%** | **100%** | **100%** |
| **2023** | | | | | | | |
| A Coruña | 23.674 | 11.158 | 12.516 | 47% | 53% | 42% | 39% |
| Lugo | 8.482 | 3.642 | 4.840 | 43% | 57% | 14% | 15% |
| Ourense | 7.594 | 3.442 | 4.152 | 45% | 55% | 13% | 13% |
| Pontevedra | 18.831 | 8.536 | 10.295 | 45% | 55% | 32% | 32% |
| **Galicia** | **58.581** | **26.778** | **31.803** | **46%** | **54%** | **100%** | **100%** |

Nota: datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

A Táboa 44 recolle a distribución por xénero dos afiliados estranxeiros á Seguridade Social diferenciando en función da procedencia dos traballadores. Obsérvanse diferenzas en función das dúas variables anteriores. En 2023 a maior parte das afiliacións comunitarias son para o feminino (10.589) fronte aos homes (6.752). Esta situación que non se produce para o grupo dos non comunitarios, onde as cifras son practicamente as mesmas (20.026 e 21.214 para homes e mulleres, respectivamente). O anterior pode estar a indicar unha maior capacidade de inserción laboral das mulleres non comunitarias que comunitarias, en parte polo tipo de traballo que desempeñan, especialmente no sector do servizo doméstico e a actividade agrícola de tempada.

Táboa 44: Afiliados estranxeiros á Seguridade Social. Total de afiliados segundo procedencia e sexo

| | Número | | | % por sexo | | | % por provincia | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| **2015** | | | | | | | | | |
| A Coruña | 10.270 | 4.992 | 5.278 | 3.787 | 1.469 | 2.318 | 6.483 | 3.523 | 2.960 |
| Lugo | 4.408 | 1.752 | 2.656 | 1.871 | 654 | 1.217 | 2.537 | 1.098 | 1.439 |
| Ourense | 3.931 | 1.838 | 2.093 | 2.124 | 796 | 1.328 | 1.807 | 1.042 | 765 |
| Pontevedra | 9.955 | 4.188 | 5.767 | 4.806 | 1.566 | 3.240 | 5.149 | 2.622 | 2.527 |
| **Galicia** | **28.564** | **12.770** | **15.794** | **12.588** | **4.485** | **8.103** | **15.976** | **8.285** | **7.691** |
| **2020** | | | | | | | | | |
| A Coruña | 14.757 | 6.869 | 7.888 | 4.549 | 1.813 | 2.736 | 10.208 | 5.056 | 5.152 |
| Lugo | 5.746 | 2.323 | 3.423 | 1.994 | 691 | 1.303 | 3.752 | 1.632 | 2.120 |
| Ourense | 5.173 | 2.305 | 2.868 | 2.404 | 871 | 1.533 | 2.769 | 1.434 | 1.335 |
| Pontevedra | 13.634 | 5.776 | 7.858 | 5.593 | 1.869 | 3.724 | 8.041 | 3.907 | 4.134 |
| **Galicia** | **39.310** | **17.273** | **22.037** | **14.540** | **5.244** | **9.296** | **24.770** | **12.029** | **12.741** |

| | Número | | | % por sexo | | | % por provincia | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| **2023** | | | | | | | | | |
| A Coruña | 23.674 | 11.158 | 12.516 | 5.709 | 2.409 | 3.300 | 17.965 | 8.749 | 9.216 |
| Lugo | 8.482 | 3.642 | 4.840 | 2.221 | 845 | 1.376 | 6.261 | 2.797 | 3.464 |
| Ourense | 7.594 | 3.442 | 4.152 | 2.766 | 1.059 | 1.707 | 4.828 | 2.383 | 2.445 |
| Pontevedra | 18.831 | 8.536 | 10.295 | 6.645 | 2.439 | 4.206 | 12.186 | 6.097 | 6.089 |
| **Galicia** | **58.581** | **26.778** | **31.803** | **17.341** | **6.752** | **10.589** | **41.240** | **20.026** | **21.214** |

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

A Táboa 45 sinala a porcentaxe de persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral que son estranxeiras, comprobándose como se produciu un aumento dende o 3% en 2015 ao 6% en 2013. Aínda así, as porcentaxes para Galicia son notoriamente inferiores á media nacional, xa que nestes anos pasou do 9 % ao 13 %. Como quedou reflectido, e a pesar do incremento do número de inmigrantes nos últimos anos, Galicia non é un territorio elixido especialmente pola poboación non nativa para traballar. Sen dúbida sería necesario realizar un análise das causas deste resultado para que máis persoas inmigrantes elixan Galicia como destino laboral.

Táboa 45: Residentes estranxeiros. Traballadores afiliados

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Traballadores afiliados e en alta laboral: Estranxeiros** | | | | | | |
| 2015 | 10.270 | 4.408 | 3.931 | 9.955 | 28.564 | 1.606.352 |
| 2020 | 14.757 | 5.746 | 5.173 | 13.634 | 39.310 | 2.052.756 |
| 2023 | 23.674 | 8.482 | 7.594 | 18.831 | 58.581 | 2.645.755 |
| **Traballadores afiliados e en alta laboral: Estranxeiros sobre total** | | | | | | |
| 2015 | 3% | 4% | 4% | 3% | 3% | 9% |
| 2020 | 3% | 5% | 5% | 4% | 4% | 11% |
| 2023 | 5% | 7% | 7% | 5% | 6% | 13% |

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

A Gráfico 83 recolle a evolución dos traballadores estranxeiros afiliados á seguridade social en alta laboral para o conxunto do Estado e Galicia entre 2012 e 2023. A tendencia é moi parecida: importante descenso dende 2012 a 2014, para posteriormente recoller un aumento case sostido dende 2015 ata 2023, especialmente dende 2021, tras o parón da mobilidade como consecuencia da pandemia.

Gráfica 83: Evolución dos traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral (España vs. Galicia)




Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

A Gráfica 84 recolle a evolución dos traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral para as catro provincias galega entre 2012 e 2023, comprobándose o aumento durante os últimos anos, especialmente nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que son precisamente as que teñen un maior dinamismo económico.

Gráfico 84: Evolución dos traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral por provincias




Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

A Táboa 46 permite establecer unha análise acerca da incidencia da contratación das persoas estranxeiras en función do sector económico. A maior parte dos contratos a estranxeiros en Galicia danse no sector servizos (73,5% en 2023), seguidos da industria (11,7%), agricultura (8,0%) e construción (6,8%). Estes resultados contrastan cos obtidos respecto a media nacional: 60,2 % para o sector servizos e 24,4% para a agricultura. En relación á industria (8,4%) e construción (7,0%) as diferenzas son menores. En consecuencia parece comprobarse certa polarización en relación ao sector onde se realiza a actividade. A nivel provincial tamén se observan diferenzas.

Táboa 46: Contratos rexistrados a estranxeiros

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | | | | | | |
| 2015 | 16.977 | 7.629 | 4.572 | 15.889 | 45.067 | 3.011.099 |
| 2020 | 21.875 | 9.420 | 6.025 | 22.282 | 59.602 | 3.320.788 |
| 2023 | 37.343 | 12.912 | 9.528 | 25.968 | 85.751 | 3.579.862 |
| **Agricultura** | | | | | | |
| 2015 | 1.490 | 1.765 | 323 | 1.003 | 4.581 | 1.109.440 |
| 2020 | 1.959 | 2.507 | 661 | 1.339 | 6.466 | 1.262.766 |
| 2023 | 2.218 | 2.419 | 836 | 1.375 | 6.848 | 874.333 |
| **Industria** | | | | | | |
| 2015 | 1.048 | 360 | 540 | 1.773 | 3.721 | 145.474 |
| 2020 | 2.291 | 764 | 867 | 4.442 | 8.364 | 268.385 |
| 2023 | 3.815 | 933 | 1.598 | 3.721 | 10.067 | 301.052 |
| **Construción** | | | | | | |
| 2015 | 1.420 | 398 | 369 | 1.758 | 3.945 | 190.403 |
| 2020 | 1.929 | 430 | 318 | 1.280 | 3.957 | 236.709 |
| 2023 | 2.995 | 634 | 633 | 1.529 | 5.791 | 249.796 |
| **Servizos** | | | | | | |
| 2015 | 13.019 | 5.106 | 3.340 | 11.355 | 32.820 | 1.565.782 |
| 2020 | 15.696 | 5.719 | 4.179 | 15.221 | 40.815 | 1.552.928 |
| 2023 | 28.315 | 8.926 | 6.461 | 19.343 | 63.045 | 2.154.681 |

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

O número de contratos realizados a estranxeiros respecto ao total de contratos (Táboa 47) rexistra un significativo aumento entre 2015 (5%) e 2023 (12%), pero sen chegar ás porcentaxes obtidas a nivel nacional: 17% e 24 %, respectivamente. En 2015 realizáronse 45.067 contratos a estranxeiros, mentres que en 2023 a cifra ascendeu aos 85.751. A porcentaxe de incremento en Galicia (90%) supera ao obtido a nivel nacional (18,9%).

Táboa 47: Residentes estranxeiros. Contratos realizados (2015, 2020 e 2023)

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Traballadores afiliados e en alta laboral: Estranxeiros** | | | | | | |
| 2015 | 16.977 | 7.629 | 4.572 | 15.889 | 45.067 | 3.011.099 |
| 2020 | 21.875 | 9.420 | 6.025 | 22.282 | 59.602 | 3.320.788 |
| 2023 | 37.343 | 12.912 | 9.528 | 25.968 | 85.751 | 3.579.862 |
| **Traballadores afiliados e en alta laboral: Estranxeiros sobre total** | | | | | | |
| 2015 | 5% | 8% | 7% | 5% | 5% | 17% |
| 2020 | 8% | 13% | 10% | 7% | 8% | 22% |
| 2023 | 13% | 18% | 16% | 10% | 12% | 24% |

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

## 5 A emigración retornada

O país de onde procede o emigrante retornado condiciona claramente a situación económica do mesmo, xa que non é o mesmo volver cuns aforros, cos que se pode montar un negocio ou buscar con maior tranquilidade un emprego, que ter que volver por carecer de traballo ou por un empeoramento claro das condicións económicas. É preciso establecer unha diferenciación entre diversos tipos de retorno (Cerase, 1974; Durand, 2024). Así o retorno previsto, sería aqueles emigrantes que tiñan pensado volver tras alcanzar certo nivel de recursos. En segundo lugar estaría o retorno forzoso, consecuencia da volta non planificada debido ás malas condicións económicas e políticas do país de orixe. Finalmente estaría o retorno por inadaptación, menos común que os dous casos anteriores, que é aquel que se produciría por non ser capaz de adaptarse ao país de destino.

O proceso de regreso dos emigrantes dende Europa pode ser menos complicado que outros movementos migratorios. Isto é así, porque a maior capacidade de aforro destas persoas mentres estiveron emigradas, garántelle certo nivel de renda ou de prestacións sociais. Non sucede o mesmo coa emigración procedente dos países latinoamericanos, xa que o retorno se trata dunha circunstancia, polo xeral, excepcional, sobre todo nos países con peores condicións económicas.

Ademais, resulta posible cuantificar a probabilidade do retorno (Vaquero, 2005), xa que está dependerá dun conxunto de variables. O retorno presentará unha maior intensidade, canto maior sexa o grao de integración co lugar de orixe, que dependerá da frecuencia coa que o emigrante volve periodicamente á zona de procedencia e do nivel de contacto que se mantén con aqueles que se quedaron. Así memo, dependerá do interese en volver e das posibilidade de facelo.

O Gráfico 85 recolle a evolución entre 1992 e 2021 das persoas emigrantes retornadas, mostrando un comportamento cíclico coa economía. Polo tanto, en períodos de expansión económica, o fluxo de emigrantes retornados aumenta, mentres que en momentos de recesión se reduce. Así memo, segundo a Estatística de Migracións e cambios de residencia do INE, en 2022, se alcanzou unha cifra récord de retorno, cifrada en 7.957 galegos e galegas que deciden retornar a Galicia e establecerse aquí como lugar

de residencia. Na súa primeira fase 2018-2022 axudou a que mais de 28.000 persoas volveran a Galicia, delas case un 60% teñen menos de 45 anos. Na segunda fase deste programa, a Xunta de Galicia estima que poderán retornar arredor de 30.000 persoas (2023-2026)[5].

Gráfico 85: Evolución do retorno de emigrantes a Galicia




Fonte: Estatística de variacións residenciais. Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística

A Táboa 48 recolle a distribución por idades das persoas retornadas en Galicia comprobándose como só o 18,6 % da poboación que retorna a Galicia se atopa no tramo de 55 ou máis anos, o que permite sinalar como a maior parte están en idade para traballar. Este resultado contrasta co obtido en outros estudos previos (Vaquero, 2005), onde se sinalaba que predominaba o colectivo de 55 o más anos. A razón deste cambio, en boa medida, é consecuencia dos programas de retorno que ven aprobando a Xunta de Galicia. Así os resultados da segunda fase da Estratexia Retorna, permiten sinalar como entre 2018-2023, volveron a Galicia 28.000 residentes no exterior, case un 60% con formación media e superior e con menos de 45 anos.

Táboa 48: Idade das persoas retornadas a Galicia e provincia

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | | | | | |
| 2015 | 1.185 | 223 | 626 | 884 | 2.918 |
| 2020 | 5.997 | 1.784 | 1953 | 4.813 | 14.547 |
| 2022 | 7.191 | 1.846 | 2.506 | 5.246 | 16.789 |
| **Menos de 16 anos** | | | | | |
| 2015 | 177 | 25 | 54 | 104 | 360 |
| 2020 | 960 | 243 | 267 | 786 | 2.256 |
| 2022 | 1112 | 274 | 339 | 833 | 2.558 |
| **De 16 a 24 anos** | | | | | |
| 2015 | 78 | 14 | 55 | 67 | 214 |
| 2020 | 944 | 267 | 282 | 681 | 2.174 |
| 2022 | 1.177 | 342 | 421 | 805 | 2.745 |

5 Estratexia Retorna da Xunta de Galicia. https://emigracion.xunta.gal/es/estrategia-retorna-2023-2026, que ten coma obxectivo atraer galegos residentes no exterior-emigrantes e os seus descendentes-, ofrecendeo unha cobertura integral das súas necesidades básicas, facilitando a súa integración educativa e laboral.

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| **De 25 a 34 anos** | | | | | |
| 2015 | 120 | 18 | 41 | 118 | 297 |
| 2020 | 1.440 | 457 | 424 | 1116 | 3.437 |
| 2022 | 1.687 | 421 | 491 | 1104 | 3.703 |
| **De 35 a 44 anos** | | | | | |
| 2015 | 157 | 21 | 57 | 117 | 352 |
| 2020 | 1.114 | 368 | 342 | 934 | 2.758 |
| 2022 | 1.142 | 322 | 353 | 916 | 2.733 |
| **De 45 a 54 anos** | | | | | |
| 2015 | 150 | 31 | 72 | 117 | 370 |
| 2020 | 696 | 224 | 255 | 594 | 1.769 |
| 2022 | 785 | 224 | 290 | 626 | 1.925 |
| **De 55 a 64 anos** | | | | | |
| 2015 | 221 | 45 | 154 | 148 | 568 |
| 2020 | 481 | 137 | 176 | 403 | 1.197 |
| 2022 | 665 | 136 | 286 | 477 | 1.564 |
| **Más de 64 anos** | | | | | |
| 2015 | 282 | 69 | 193 | 213 | 757 |
| 2020 | 362 | 88 | 207 | 299 | 956 |
| 2022 | 623 | 127 | 326 | 485 | 1.561 |

Fonte: Estatística de variacións residenciais. Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística

# 6.Conclusións

A decisión de emigrar a outro país responde a varios motivos, sobre todo económicos, aínda que poden indicarse outros de natureza social, cultural e político. Cando se analiza os efectos da inmigración o primeiro que se adoita sinalar son os aspectos negativos que pode supoñer a entrada destas persoas. Porén, estas potenciais resultados, na práctica, resultan de baixa intensidade e, no caso de producirse, son durante moi pouco tempo. En consecuencia, predomina aqueles de natureza positiva, tal e como foron argumentados nesta investigación. Polo tanto cómpre poñer en valor esta realidade para defender a incorporación das persoas emigrantes cara a o mercado laboral.

Como foi reflectido neste estudo, unha das vantaxes da inmigración é que permite atenuar o problema demográfico, algo que en España e, especialmente, Galicia estamos a sufrir dende fai moitos anos. Os indicadores galegos de crecemento vexetativo resultan moi desfavorables. A nosa situación demográfica carrexa unha serie de problemas sobre o mercado de traballo. Así, unha redución das taxas de actividade e ocupación tradúcense nunha importante diminución da recadación vía impostos e cotizacións sociais. Paralelamente, debido ao progresivo incremento da lonxevidade, aumentan os gastos sociais. Así memo, cómpre engadir a necesidade de apoiar con máis recursos os programas de atención á dependencia, que veñen asociados no seu maior parte a cuestións relacionadas coa idade. Polo tanto, salvo que se considere o importante papel que poden desenvolver as persoas inmigrantes para equilibrar o noso déficit demográfico – e todas as implicacións económicas e sociais que isto xenera- Galicia non poderá corrixir os seus problemas.

Así memo, a natureza da emigración mudou. As persoas que chegan dende outros países non teñen en mente regresar a curto prazo aos seus lugares de orixe, algo que si se producía cando moitos galegos e galegas víronse obrigados a emigrar. A nova inmigración é moi distinta, xa que busca o reagrupamento familiar, ten maiores aspiracións sociais e un desexo por mellorar a súa situación económica e social. Sen dubida, todo isto deberá terse moi en conta dende a perspectiva laboral. Porén, a incorporación da poboación inmigrante en Galicia non acada as cifras doutras rexións. En consecuencia, é necesario abordar os motivos que frean a incorporación da poboación inmigrante cara a o mercado laboral en Galicia, para aproveitar todo o seu potencial.

Finalmente, e polo que respecta á poboación retornada, parece que se está a producir un cambio no seu perfil, que pode axudar a reconducir a delicada situación demográfica que está a vivir a nosa comunidade autónoma. A aposta da Xunta de Galicia por rescatar o talento que marchou fora, sen dúbida é un dos elementos que xustifican este cambio de tendencia.

## Referencias bibliográficas


- Canals, C. (2016). *El impacto económico de la inmigración*. https://www.caixabankresearch.com/es/economia-y-mercados/mercado-laboral-y-demografia/impacto-economico-inmigracion
- Carrasco, R., Jimeno, J.F. e Ortega, C. (2008)."Los efectos de la inmigración sobre las condiciones de los trabajadores nativos en el mercado de trabajo: evidencia para España", en Dolado, J.J e Vázquez, P. (eds.), *Ensayos sobre los efectos económicos de la inmigración en España, FEDEA*. https://documentos.fedea.net/pubs/ee/2008/01-2008.pdf
- Cerase, F.P. (1974): "Expectations and Reality. A case study of Return Migration from the United States to Southern Italy". *International Migration Review*, 8 (2), 245-262. https://www.jstor.org/stable/3002783

- Cuadrado, P., Gómez, A. L e Sastre, T. (2024). "Una caracterización de los flujos migratorios hacia España y otros países de la Unión Europea", *Boletín Económico, Banco de España* 2024/T3. https://www.bde.es/f/webbe/SES/Secciones/Publicaciones/InformesBoletinesRevistas/BoletinEconomico/24/T3/Fich/be2403-art06.pdf
- Castellanos, M. (2023). "Immigration, parenthood and child penalties". *Job Market Paper*. https://www.cerge-ei.cz/pdf/events/papers/MCastellanos_Imm_ChildPenalty.pdf
- Coppel, J., Dumont, J.C. e Visco, I. (2001). Trends in Inmigration and Economic Consequences. *OCDE, Working Paper*, 17-24. https://www.oecd-ilibrary.org/content/paper/553515678780
- Consejo Económico y Social (2019). *Informe La inmigración en España: efectos y oportunidades.* Madrid. CES. https://www.ces.es/documents/10180/5209150/Inf0219.pdf
- Cuadrado P., Lacuesta, A., Martínez, J. Mª e Pérez, E. (2007). "El futuro de la tasa de actividad española: un enfoque generacional". *Documentos de Trabajo,* 0732, Banco de España. https://www.bde.es/wbe/es/publicaciones/analisis-economico-investigacion/documentos-trabajo/futuro-tasa-actividad-espanola-enfoque-generacional.html
- Defensor del Pueblo (2019). *Informe anual 2019. Volumen II. La contribución de la inmigración a la economía española*. https://www.defensordelpueblo.es/wp-content/uploads/2020/05/II_Estudios_documentos_de_trabajo_2019.pdf
- Durand, J. (2004). "Ensayo teórico sobre la emigración de retorno. El principio del rendimiento decreciente". *Cuadernos Geográficos*, 35(2), 103–116. https://revistaseug.ugr.es/index.php/cuadgeo/article/view/1784
- Farré, L. (2015). De los efectos de la inmigración sobre el mercado de trabajo. *Blog nada es gratis.* FEDEA. https://nadaesgratis.es/lidia-farre/de-los-efectos-de-la-inmigracion-sobre-el-mercado-de-trabajo
- Fernández-Huertas, J. (2021). Inmigración y políticas migratorias en España. *Estudios sobre la Economía Española*- 2021/10, FEDEA. https://documentos.fedea.net/pubs/eee/eee2021-10.pdf
- Friedberg, R. M. e Hunt, J. (1995). "The impact of immigrants on host country wages, employment and growth". *Journal of Economic perspectives*, 9(2), 23-44. https://www.aeaweb.org/articles?id=10.1257/jep.9.2.23
- Gross, D. M. (1999). Three million foreigners, three million unemployed? Immigration and the French labor market. *International monetary fund*, 4-16. https://www.imf.org/external/pubs/ft/wp/1999/wp99124.pdf
- Instituto Nacional de Estatística (Varios anos). *Estatística de Variacións Residenciais*. https://ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177013&menu=ultiDatos&idp=1254734710990
- Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (Varios anos). https://www.inclusion.gob.es/
- Ministerio de Traballo e Economía Social (Varios anos). https://www.mites.gob.es/
- Oficina Económica del Presidente (2006). *Inmigración y economía española* (1996-2006). https://issuu.com/stoprumores/docs/oficinapresidente
- Oliver J. (2006). *España 2020: un mestizaje ineludible*. Instituto de Estudios Autonómicos. https://presidencia.gencat.cat/web/.content/ambits_actuacio/desenvolupament_autogovern/iea/publicacions/05_con-textos/CTX_arxius-i-vincles/ctx03.pdf
- Vaquero, A. (2005). "Repercusións económicas do proceso migratorio en Galicia", R*evista Galega de Emprego*, núm. 4, 81-123, Xunta de Galicia. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2140030
- Xunta de Galicia (2024). Estratexia Retorna da Xunta de Galicia. https://emigracion.xunta.gal/es/estrategia-retorna-2023-2026



# ÍNDICE DE GRÁFICAS E TÁBOAS

## PRESENTACIÓN


Gráfica 1. Taxa bruta de inmigración total. Provincias. Galicia. 2011-2022 ........ 17

Gráfica 2. Persoas estranxeiras afiliadas á Seguridade Social en alta laboral. Galicia. Xuño 2011- agosto 2024 ........ 17

Gráfica 3. Persoas afiliada á Seguridade Social en altal aboral. Galicia. Xuño 2011- agosto 2024 ........ 18

Gráfica 4. Inmigración de retorno ao concello de nacemento Galicia. Xuño 2011- agosto 2024 ........ 18

Táboa 1. Idade da inmigración externa (%) ........ 19

Gráfica 5. Idade media da emigración. Tramos de poboación. Galicia. Ano 2011-2022 ........ 19

Gráfica 6. Idade media da inmigración. Tramos de poboación. Galicia. 2011-2022 ........ 20

Gráfica 7. Porcentaxe de poboación estranxeira por grao de urbanización ........ 21

Gráfica 8. Procedencia da inmigración externa por grao de urbanización ........ 21

Gráfica 9. Saldos migratorios ZDP. Galicia. 2011-2022 ........ 22

Gráfica 10. Saldos migratorios ZIP. Galicia. 2011-2022 ........ 22

Gráfica 11. Saldos migratorios ZPP. Galicia. 2011-2022 ........ 23

Gráfica 12. Idade media migración ZDP. Galicia. 2011-2022 ........ 23

Gráfica 13. Idade media migración ZIP. Galicia. 2011-2022 ........ 24

Gráfica 14. Idade media migración ZPP. Galicia. 2011-2022 ........ 24

Gráfica 15. Taxa bruta de emigración interior. Provincias. Galicia. 2011-2022 ........ 25

Gráfica 16. Taxa bruta de emigración exterior. Provincias. Galicia. 2011-2022 ........ 25

Gráfica 17. Taxa bruta de emigración total. Provincias. Galicia. 2011-2022 ........ 26

Gráfica 18. Taxa bruta de inmigración interior. Provincias. Galicia. 2011-2022 ........ 26

Gráfica 19. Taxa bruta de inmigración exterior. Provincias. Galicia. 2011-2022 ........ 26

## ARTIGO I

## Informe sobre os movementos migratorios recentes en Galicia

Gráfica 20. Evolución dos fluxos de poboación a Galicia en función do lugar de nacemento ....35

Gráfica 21. Evolución dos fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro en función do sexo ....35

Gráfica 22. Fluxos de poboación procedente do estranxeiro en función dos principais países de nacemento ....36

Táboa 2. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por lugar de nacemento e nacionalidade ....36

Gráfica 23. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro con nacionalidade española por lugar de nacemento ....37

Táboa 3. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por nacionalidade ....38

Táboa 4. Porcentaxe de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por sexo e nacionalidade ....39

Gráfica 24. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por nacionalidade española/estranxeira ....40

Gráfica 25. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por sexo de persoas con nacionalidade estranxeira por principais países de nacionalidade ....40

Gráfica 26. Fluxos de inmigración a Galicia procedente do estranxeiro por sexo e grupos quinquenais de idade ....41

Gráfica 27. Porcentaxe de poboación nacida no estranxeiro e residente en Galicia por sexo e rexión de nacemento ....41

Gráfica 28. Pirámide de poboación nacida no estranxeira e residente en Galicia, 2003 e 2022 ....42

Gráfica 29. Poboación nacida no estranxeira e residente en Galicia, por sexo, ano e nacionalidade (española e estranxeira) ....43

Gráfica 30. Poboación de nacionalidade estranxeira, residente en Galicia, por sexo e rexión de nacionalidade, ano 2003, 2013 e 2022 ....43

Gráfica 31. Pirámide de poboación de nacionalidade estranxeira e residente en Galicia ....44

Gráfica 32. Pirámides de poboación nacida no estranxeiro e residente en Galicia por sexo, grupos quinquenais de idade para os principais países de nacemento ....45

Gráfica 33. Pirámides de poboación de nacionalidade estranxeira e residente en Galicia por sexo e grupos quinquenais de idade para os principais países de nacionalidade ....50

Gráfica 34. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por tipo de migración ....56

Táboa 5. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por tipo de migración e nacionalidade española (%)....56

Táboa 6. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por tipo de migración e nacionalidade estranxeira (%)....57

Gráfica 35. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por sexo....58

Gráfica 36. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por principal país de nacemento....58

Gráfica 37. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por nacionalidade española/estranxeira e sexo....59

Gráfica 38. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por país de destino....59

Gráfica 39. Fluxos de emigración dende Galicia ao estranxeiro por grupos de idade....60

Táboa 7. Porcentaxe de poboación inscrita nalgún municipio galego, residente no estranxeiro por sexo e rexión de residencia, por ano....60

Gráfica 40. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024....61

Gráfica 41. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total América....61

Gráfica 42. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total Europa....62

Gráfica 43. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total Oceanía....62

Gráfica 44. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total Asia....63

Gráfica 45. Poboación residente no estranxeiro, por sexo. 2015-2024. Total África....63

Gráfica 46. Poboación inscrita nalgún municipio galego, residente no estranxeiro, por sexo, grupos quinquenais de idade e país de residencia....64

Táboa 8. Porcentaxe de poboación inscrita en Galicia por lugar de nacemento por sexo, 2015, 2020 e 2024....69

Gráfica 47. Porcentaxe de poboación inscrita en Galicia, residente no estranxeiro, por sexo e CCAA de nacemento....70

Táboa 9. Poboación inscrita nalgún municipio galego, residente no estranxeiro, nacida no estranxeiro por sexo, ano e país de nacemento, (n e %)....71

Gráfica 48. Evolución dos fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España en función do lugar de nacemento....72

Táboa 10. Evolución dos fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España en función do sexo e do lugar de nacemento....73

Gráfica 49. Fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España por sexo de persoas nacidas noutros lugares de España por CCAA de nacemento función do lugar de nacemento....74

Táboa 11. Fluxos de inmigración a Galicia doutras partes de España por lugar de nacemento e nacionalidade....75

Gráfica 50. Fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España
por sexo e nacionalidade ........ 76

Gráfica 51. Fluxos de inmigración a Galicia procedente doutras partes de España
por sexo de persoas con nacionalidade estranxeira por principais países de nacemento ........ 76

Gráfica 52. Fluxos de inmigración a Galicia procedentes doutras partes de España
por grupos quinquenais de idade........ 77

Gráfica 53. Poboación nacida noutros lugares de España e residente en Galicia
por sexo e CCAA de nacemento ........ 77

Gráfica 54. Pirámide da poboación nacida noutros lugares de España e residente en Galicia
por sexo e grupos quinquenais de idade ........ 78

Gráfica 55. Porcentaxe de poboación nacida en Galicia e residente noutras CCAA
por sexo e CCAA de residencia........ 79

Gráfica 56. Pirámide de poboación nacida en Galicia e residente
noutras CCAA grupos quinquenais de idade........ 79

Gráfica 57. Fluxos de emigración dende Galicia a outras partes de España por CCAA de destino ........ 80

Gráfica 58. Fluxos de emigración dende Galicia a outras partes de España por grupos de idade ........ 81

Gráfica 59. Fluxos de emigración dende Galicia a outras partes de España por nacionalidade e sexo........ 81

Gráfica 60. Evolución do saldo migratorio interautonómico e exterior por sexo. 2008-2021 ........ 82

Gráfica 61. Saldo migratorio interautonómico por idade, ano 2008 e 2021 ........ 83

Gráfica 62. Saldo migratorio exterior por idade, ano 2008 e 2021 ........ 83

Gráfica 63. Saldo migratorio, a través da ecuación compensatoria
(tendo en conta a poboación, os nacementos e as defuncións), por ano........ 84

## ARTIGO II

## Tendencias recentes da emigración xuvenil nas áreas rurais galegas

Mapa 1. Clasificación dos concellos galegos segundo o grao de urbanización,
con indicación do trazado da Autoestrada do Atlántico (AP-9)........ 90

Gráfica 64. Evolución da poboación de Galicia segundo o grao de urbanización
do territorio (2000-2023)........ 93

Gráfica 65. Evolución das taxas de crecemento total, crecemento natural
e crecemento migratorio nas áreas non rurais (ZDP e ZIP) e
nas áreas rurais (ZPP) de Galicia (2000-2022) ........ 94

Táboa 12. Emigracións segundo o grao de urbanización e o tipo de
emigración no período 2000-2021 ........ 96

Gráfica 66. Taxa bruta de emigración segundo sexo, idade e tipo de emigración nas áreas rurais de Galicia nos anos 2002 e 2021 ........ 97

## ARTIGO III

## Elementos para unha análise da relación entre envellecemento demográfico e inmigración en Galicia

Gráfica 67. Evolución da poboación galega nos últimos 10 anos. ........ 110

Gráfica 68. Pirámide poboacional de Galicia, ano 2013 e 2023. ........ 111

Gráfica 69. Proporción de persoas maiores de certa idade, 2013, 2018 e 2023 ........ 112

Gráfica 70. Saldo vexetativo, saldo migratorio e crecemento da poboación. ........ 113

Gráfica 71. Saldo migratorio co estranxeiro por idade e sexo. ........ 114

Gráfica 72. Saldo migratorio interautonómico por idade e sexo. ........ 115

Gráfica 73. Pirámides de poboación de Galicia, poboación segundo o lugar de nacemento: estranxeiro e España. 2013, 2018 e 2023. ........ 116

Gráfica 74. Participación da inmigración na poboación ocupada en España e Galicia por sexo (%), 2002-2024 ........ 119

Táboa 13. Distribución da poboación por ocupación, nacionalidade e sexo en Galicia, 2023 ........ 119

Táboa 14. Número de núcleos familiares con criaturas de 0 a 12 anos segundo quen lle presta os coidados, anos 2012 e 2017 ........ 122

Táboa 15. Distribución dos coidados entre as persoas en situación de dependencia, anos 2007, 2011, 2017 e 2023 ........ 122

## ARTIGO IV

## A dimensión da fuga de capital humano en Galicia e como reverter este proceso

Gráfica 75. Migración neta interior na UE por nivel educativo para o período 2007-2017 (en miles de persoas) ........ 131

Táboa 16. Movementos migratorios en Galicia (2011-2022) ........ 133

Táboa 17. Saldo migratorio. Galicia (2011-2022) ........ 134

Táboa 18. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de saída (2015-2016 / 2018-2019) ........ 135

Táboa 19. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de saída (2019-2020 / 2021-2022) ........ 135

Táboa 20. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de entrada (2015-2016 / 2018-2019)...................... 136

Táboa 21. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo de saída (2019-2020 / 2021-2022)........................... 136

Táboa 22. Mobilidade de asalariados entre CCAA, fluxo neto para Galicia (2015-2016/2018-2019)............ 137

Táboa 23. Taxas de actividade en educación superior por CCAA,
para o grupo de idade de 25 a 34 anos (2009, 2014, 2019 e 2021)...................................................... 138

Táboa 24. Taxas de paro en educación superior por CCAA,
para o grupo de idade de 25 a 34 anos (2009, 2014, 2019 e 2021)...................................................... 139

Táboa 25. Salario medio mensual por CCAA (2009, 2014, 2019, 2021 e 2022) ................................................... 139

Táboa 26. Emigrantes e índice emigratorio da poboación autóctona
entre 25 e 34 anos por comunidade autónoma de nacemento para universitarios (2011) ......... 141

Táboa 27. Inmigrantes e índice de captación da poboación autóctona entre 25 e 34 anos
por comunidade autónoma de nacemento para universitarios (2011) ............................................. 142

Táboa 28. Balance interrexional e índice neto de captación da poboación autóctona
entre 25 e 34 anos por CCAA e nivel educativo (2011)............................................................................ 143

Táboa 29. Análise de sensibilidade do custo dos fluxos de universitarios en Galicia........................................ 144

Táboa 30. Análise de sensibilidade da perda de nacementos pola emigración.................................................. 145

## ARTIGO V

## A evolución da emigración galega ao exterior e políticas autonómicas de retorno

Gráfica 76. Saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas
nacidas en España e con nacionalidade española (2008-2021) ........................................................... 163

Gráfica 77. Saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro
de persoas nacidas en España e con nacionalidade española
por grandes grupos de idade (2008-2021) .................................................................................................. 164

Gráfica 78. Evolución das saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro
de persoas nacidas en España e con nacionalidade española por sexo (2008-2021)................... 165

Táboa 31. Saídas e entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas
en España e con nacionalidade española por provincia (2008-2021). .............................................. 166

Gráfica 79. Saídas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas
en España e con nacionalidade española por países principais (2008-2021). ................................ 167

Gráfica 80. Entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España
e con nacionalidade española por países principais (2008-2021)........................................................ 167

Gráfica 81. Entradas dende Galicia cara a algún país estranxeiro de persoas nacidas en España
e con nacionalidade española (2008-2021) por países principais.
nacionalidade española por países principais (2008-2021).................................................................... 168

Gráfica 82. Resumo de iniciativas para a emigración galega da Xunta de Galicia. 170

Táboa 32. Programas da Xunta de Galicia dirixidos á emigración galega por tipo de programa, beneficiarios/as, perfil das persoas beneficiarias e tipo de programa (2024). 172

Táboa 33. Programas da Xunta de Galicia dirixidos ao retorno por tipo de programa, beneficiarios, perfil das persoas beneficiarias e tipo de programa (2024). 173

## ARTIGO VI

## Inmigración e mercado laboral

Táboa 34. Poboación estranxeira por sexo en Galicia (2001-2023) 185

Táboa 35. Poboación estranxeira por provincias (2023) 185

Táboa 36. Movementos migratorios en Galicia (2011-2022) 186

Táboa 37. Saldo migratorio. Galicia (2011-2022) 186

Táboa 38. Estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e motivo de expedición 187

Táboa 39. Taxa de actividade, ocupación e desemprego. Poboación total, española e estranxeira (2023) 187

Táboa 40. Afiliados estranxeiros á Seguridade Social. Total de afiliados segundo réxime 188

Táboa 41. Afiliados estranxeiros á Seguridade Social procedentes de países da Unión Europea 189

Táboa 42. Afiliados estranxeiros á Seguridade Social procedentes de países de fóra da Unión Europea. 190

Táboa 43. Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social por sexo e provincia 191

Táboa 44. Afiliados estranxeiros á Seguridade Social. Total de afiliados segundo procedencia e sexo 192

Táboa 45. Residentes estranxeiros. Traballadores afiliados 193

Gráfica 83. Evolución dos traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral (España vs. Galicia) 194

Gráfica 84. Evolución dos traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral por provincias 194

Táboa 46. Contratos rexistrados a estranxeiros 195

Táboa 47. Residentes estranxeiros. Contratos realizados (2015, 2020 e 2023) 196

Gráfica 85. Evolución do retorno de emigrantes a Galicia 197

Táboa 48. Idade das persoas retornadas a Galicia e provincia 197



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE